



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Relacións Laborais

Curso Académico: 2023/2024

Unidade/Órgano	Data Entrega ou aprobación
Comisión de Calidade do Centro	30/05/2025
Informe Técnico conforme da SCVTI	19/09/2025
Xunta de Facultade	17/10/2025
Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno	26/11/2025

Índice

1. Introducción	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	9
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	9
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	22
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	54
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	98
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	107
Directriz 6. Información pública	116
3. Plan de Melloras do centro	119
4. Modificacións nos diferentes títulos	146
5. Listaxe de evidencias e indicadores	147

1. INTRODUCCIÓN

1.1 PRESENTACIÓN

En consonancia co proceso PE-02 de Revisión e Mellora do Sistema de Garantía de Calidade (en adiante, SGC), a Memoria de Calidade da Facultade de Relacións Laborais é o documento que recolle a análise da aplicación do SGC na Facultade. Este documento tamén reflicte o desenvolvemento e os resultados dos programas formativos oficiais adscritos a esta Facultade no curso académico 2023-2024.

1.2 O CENTRO

1.2.1 TÍTULOS OFICIAIS IMPARTIDOS NO CENTRO

Os títulos oficiais impartidos na Facultade no curso obxecto desta Memoria foron os seguintes:

1. **Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.** Código RUCT 2500975; Código USC G3021.
2. **Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral (MXDL).** Código RUCT 4312031; Código USC P304. Trátase dun máster interuniversitario que se imparte xunto coas universidades de Vigo (UVigo) e A Coruña (UDC) e é coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela.
3. **Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense (MPTOXF).** Código RUCT 4317014; Código USC P3421V01.
4. Tamén se imparte na Facultade o **Dobre Itinerario (DI) en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos.** É importante resaltar que este itinerario é comunmente denominado como Dobre Grao (DG), pero non é unha titulación por si mesma, senón que se trata dun programa de simultaneidade de graos, de xeito que, como establece a Instrución do 16 de decembro de 2019 da Secretaría Xeral de Universidades para a Oferta de Simultaneidade de Graos no SUG: “É necesario lembrar polo tanto que os programas de simultaneidade de graos (comunmente mal chamados 'dobres graos') (...) Trátase de dúas titulacións distintas que son cursadas á vez polo alumnado integrado no programa e que, ao superar a totalidade dos créditos comprendidos no mesmo, recibe dous títulos de grao diferentes.” Por este motivo, é importante lembrar que o alumnado matriculado no DG recibe unha formación idéntica ao alumnado de Grao, coas mesmas materias, horarios, aulas, profesores, sistemas de avaliación e contido, etc.

Os diversos servizos da USC (ATIC académica, CeTA e ACMP), que facilitan o desenvolvemento dos distintos procedementos e proporcionan información para o seguimento e mellora dos títulos, ao consideralo erroneamente un Dobre Grao, dificultan a análise dos datos e da información referida a este Dobre Itinerario. En repetidas ocasións comunicouse este problema aos distintos organismos implicados, estando aínda pendente dunha resolución satisfactoria. Deste xeito, aínda que este alumnado comparte estudos (con actas académicas conxuntas) e espazos co Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, non está incluído, por exemplo, na aula virtual de coordinación do Grao, polo que as mensaxes, avisos e demais contidos deben ser duplicados na “aula de coordinación do Dobre Grao”. Ademais, os resultados dos indicadores e informes proporcionados pola ACMP sobre o Grao, tampouco inclúen os do estudantado do Dobre Itinerario que estarían atribuídos á Facultade de Dereito por ser este o centro coordinador. O tratamento erróneo dos datos do Dobre Itinerario como un Dobre Grao, obríganos a analízalo de novo na Memoria correspondente ao curso 23-24 como se fose unha titulación diferenciada. Como veremos, en numerosas ocasións descoñecemos cal das dúas titulacións se está a avaliar cos distintos indicadores, ou se se trata dunha mestura das dúas.

1.2.2 COMUNIDADE ACADÉMICA DO CENTRO

En canto á comunidade académica, o número de estudantes matriculados en cada un destes títulos e o número de docentes que impartiu docencia nos mesmos, no curso de referencia, foi o seguinte:

Titulación	Estudantes (N)	Docentes (N)
Grao en RRL e RRHH	437 (máis 72 de DI)	56
MXDL	49	17
MPTOXF	37	15

Tamén se inclúe no cadro o Persoal Técnico de Xestión, de Administración e de Servizos (PTXAS, denominado anteriormente PAS) na Facultade de Relacións Laborais. É preciso resaltar o feito de que as dúas traballadoras de administración fan unha labor imprescindible para o bo funcionamento da actividade académica do centro en todo o que atinxe ás tres titulacións antes sinaladas, pero dúas persoas resultan manifestamente insuficientes para as máis de 500 persoas matriculadas nas mesmas.

Área	Persoal
Administración	2 (Secretaría de Decanato e Responsable de Xestión Académica) + 1 Responsable de Asuntos Económicos compartido coa Facultade de Ciencias Políticas
Conserxería	4 (co-adscritos á Facultade de Ciencias Políticas)
Biblioteca	A biblioteca da facultade é a Biblioteca Concepción Arenal, que é compartida entre o presente centro, a Facultade de Ciencias Políticas e a Facultade de Dereito.

1.3 SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DO CENTRO

1.3.1 ÓRGANOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Os órganos para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) clasifícanse en: (1) órganos unipersoais e (2) órganos colexiados. Os órganos unipersoais son os seguintes:

- Responsable de Calidade
- Coordinador/a de Calidade
- Coordinadores/as de Título
- Coordinadores/as de TFM
- Coordinador/a de TFG
- Coordinadores/as de prácticas en empresas para cada titulación

Pola súa parte, os órganos colexiados son os seguintes:

- Equipo decanal. Neste curso académico (2023-2024), o Reitor da Universidade acordou conceder un segundo vicedecanato á Facultade, co que o equipo decanal está formado na actualidade por un decano, dúas vicedecanas e un secretario.
- Comisión de Calidade do Centro (CCC).
- Comisións de Título (CT):
 1. *Comisión do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos*
 2. *Comisión Intercentros do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos* co obxectivo de establecer unha coordinación efectiva co centro adscrito da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo.
 3. *Comisión Académica Local do Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral*
 4. *Comisión Académica Interuniversitaria do Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral* para a coordinación cas Universidades de A Coruña e Vigo.
 5. *Comisión Académica do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense*
- Comisión de TFG.
- Comisión de Xénero.

Por riba deles, está a Xunta de Facultade, o órgano colexiado de goberno do Centro, responsable, entre outras funcións, da aprobación da Memoria de Calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A Figura 1 reflexa o fluxo de traballo e os procesos do SGC. Este caracterízase polo traballo cooperativo dos representantes de tódolos grupos de interese externos á institución (círculo exterior) e pertencentes a ela (círculo intermedio). As comisións representadas no círculo interno son as que, a través do seu desempeño e, no seu caso, dos respectivos Informes, alimentan á Comisión de Calidade (representada na figura central). Esta última cataliza a actividade dos elementos anteriormente referidos, elaborando e aprobando as propostas de modificación e mellora dos procesos e procedementos do SGC. O funcionamento da estrutura descrita na figura é a que garante (a través da continua planificación e avaliación desa mesma estrutura, do proceso e dos resultados) a consolidación dunha cultura de calidade xa asumida pola Facultade de Relacións Laborais.

No caso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, ademais das figuras descritas, existe a figura de Coordinador/a de Curso, cuxo propósito é garantir (1) a coordinación interna da actividade académica e docente de cada curso de Grao na Facultade de Relacións Laborais e (2) a coordinación da actividade académica e docente de cada curso coa Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo que, como centro adscrito, debe adherirse aos procedementos do centro académico responsable, isto é, da Facultade de Relacións Laborais de Santiago. Na actualidade exercen esta función 4 docentes da Facultade de Santiago, un por cada un dos catro cursos da titulación de Grao (1º, 2º, 3º e 4º).

1.3.2 DEPARTAMENTOS IMPLICADOS NA DOCENCIA DAS TITULACIÓNS IMPARTIDAS NO CENTRO

Un total de 13 departamentos e 17 áreas de coñecemento son os implicados na docencia das materias que compoñen os títulos que se imparten na Facultade de Relacións Laborais, concretamente:

1. Departamento de Ciencia Política e Socioloxía (Área de Socioloxía e Área de Psicología Organizacional e Xurídica-Forense)
2. Departamento de Dereito Común (Área de Dereito civil)
3. Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa (Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Área de Dereito Mercantil e Área de Dereito Financeiro e Tributario)
4. Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado (Área de Dereito Administrativo e Área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais)
5. Departamento de Economía Aplicada (Área de Economía Aplicada)
6. Departamento de Economía Financeira e Contabilidade (Área de Economía Financeira e Contabilidade)
7. Departamento de Electrónica e Computación (Área de Linguaxes e Sistemas Informáticos)
8. Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización (Área de Estatística e Investigación Operativa)
9. Departamento de Fundamentos da Análise Económica (Área de Fundamentos da Análise Económica)
10. Departamento de Historia (Área de Historia Contemporánea)
11. Departamento de Organización de Empresas e Comercialización (Área de Organización de Empresas)
12. Psicología Social, Básica e Metodoloxía (Área de Metodoloxía das Ciencias do Comportamento)
13. Departamento de Psicología Clínica e Psicobioloxía (Área de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicológico)

Ademais, en cumprimento co Real Decreto RD 822/2021 de 28 de setembro polo que se establece a Organización das Ensinanzas Universitarias e do Procedemento de Aseguramento da Calidade, as titulacións impartidas no centro quedaron adscritas aos seguintes ámbitos de coñecemento:

- *Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos*: Ámbito das Ciencias Sociais, Traballo Social, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Socioloxía, Ciencia Política e Relacións Internacionais.
- *Máster en Xestión e Dirección Laboral*: Ámbito das Ciencias Sociais, Traballo Social, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Socioloxía, Ciencia Política e Relacións Internacionais.
- *Máster en Psicología do Traballo e as Organizacións e Psicología Xurídico-Forense*: Ámbito de Ciencias do Comportamento e Psicología.

1.3.3 DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA DO SGC

Finalmente, respecto á documentación de referencia do SGC do Centro, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) avaliou positivamente o deseño do Sistema de Garantía Interna de Calidade aplicable a todas as ensinanzas oficiais impartidas no centro o 15 de

decembro de 2011. Ademais, avaliou positivamente e renovou a acreditación do título de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos o 12 de decembro de 2023. Pola súa banda, os títulos de Máster en Xestión e Dirección Laboral e de Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídico-Forense foron avaliados positivamente e a súa acreditación foi renovada o 15 de outubro de 2019 e o 5 de xuño de 2019, respectivamente. Polo tanto, no curso académico 24-25 procederase á renovación da acreditación de ambas titulacións de máster.

En consonancia cos regulamentos, instrucións e normas xerais da Universidade de Santiago, cabe referir a seguinte documentación interna propia da Facultade de Relacións Laborais:

- Regulamento de Réxime Interno
- Memoria de implantación do Dobre Itinerario (pendente de modificación)
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao
- Regulamento do Traballo Fin de Máster do MXDL e do MPTOXF
- Manual do SGC e Manual de Procesos do Centro
- Memorias verificadas dos títulos de Grao e Másters

De acordo co procedemento establecido (PE-02) para a elaboración desta Memoria, as Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade as súas análises do desenvolvemento e resultados do programa formativo durante o curso 2023-2024 (ao final deste documento inclúese o enlace aos AutoInformes de Seguimento do GrRL, e aos informes para renovación da acreditación do MXDL e do MPTOXF), así como o Plan de Melloras.

2 SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE E DOS SEUS RESULTADOS

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. POLÍTICA DE CALIDADE E PLAN ESTRATÉXICO DO CENTRO

Como se veu sinalando nas Memorias de Calidade referidas aos cursos académicos previos, no referido á periodicidade da revisión da Política de Calidade da Facultade de Relacións Laborais, a actualización máis recente é do 15 de xullo de 2019, data na que a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno (en adiante CCPdCG) aprobou os documentos que conforman o Sistema de Garantía de Calidade: Manual do SGC e Manual de Procesos do Centro.

Respecto do Plan Estratéxico do Centro (proceso PE-01, *Planificación estratéxica*), ditada a resolución reitoral de 7 de outubro de 2020, referida aos instrumentos de planificación estratéxica da USC de cara aos procesos relacionados cos SGC dos Centros, a Facultade de Relacións Laborais aprobou un Plan Estratéxico Ponte, segundo establece o apartado segundo da citada resolución. Así mesmo, prevese a elaboración do Plan Estratéxico do Centro definitivo para o curso académico 2024-25.

2. PLAN DE MELLORAS DO CENTRO

Nos seguintes apartados, procédese a describir o plan de melloras relativo a cada unha das titulacións impartidas no centro.

2.1 PLAN DE MELLORAS DO GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

A continuación descríbense as accións de mellora que foron incluídas na memoria do Grao e Dobre Grao do curso académico 2021-2022, que se seguen aplicando no curso 2023-24 ou cuxos resultados trala súa finalización se analizan no curso obxecto de análise:

2.1.1 GRL-AM1 (Santiago 2021-2022)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Realización de reunións e enquisas ao alumnado para coñecer os problemas e dificultades que atopan na realización do Grao

RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Equipo decanal

DATA INICIO: 01-01-2023

DATA FIN: 30-04-2023

Procesos clave relacionados

PC-03-APOIO A ESTUDANTES
PC-04-DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS

Indicadores de medición

- Taxa de abandono 1º curso
- Taxa de abandono RD 1393/2007

Meta a conseguir

Diminuír a taxa de abandono do estudiantado

Acción de mellora relacionada

GRL-AM1 (Santiago – 2021-2022)

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA
Valor dos indicadores

- *Taxa de abandono 1º curso:*
*Grao: Curso 2021-2022: 27.85% / Curso 2022-2023: 19.32%
*Dobre Grao: Curso 2021-2022: 70.83% / Curso 2022-2023: 26.09%
- *Taxa de abandono RD 1393/2007:*
*Grao: Curso 2021-2022: 30.0% / Curso 2022-2023: 11.84% anos
*Dobre Grao: Curso 2021-2022: 20% / Curso 2022-2023: 52.63%

Grao de consecución da meta

Grao de consecución elevado para o Grao e parcial para o Dobre Itinerario

2.1.2 GRL-AM2 (Santiago 2021-2022)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Suprimir o solapamento de contidos entre materias de Grao

RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinador/a de Grao

DATA INICIO: 15-03-2023

DATA FIN: 30-06-2023

Procesos clave relacionados

PC-04-DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS

Indicadores de medición

- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida

Meta a conseguir

Suprimir o solapamento de contidos entre materias impartidas no Grao

Acción de mellora relacionada

GRL-AM2 (Santiago – 2021-2022)

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA
Valor dos indicadores

- *Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:*
*Grao: Curso 2021-2022: 3.86% / Curso 2022-2023: 4.07% / Curso 2023-2024: 4.05%

Grao de consecución da meta

Alta. Os datos indican unha tendencia positiva na satisfacción do alumnado coa docencia trala implantación da acción de mellora.

2.1.3 GRL-AM3 (SANTIAGO 2021-2022)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Incrementar a porcentaxe de alumnado que defenden o TFG en cada convocatoria

RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Equipo decanal

DATA INICIO: setembro de 2023

DATA FIN: Parcialmente diferida ao curso académico 2024-2025 pola imposibilidade de levar a cabo unha das tarefas.

Procesos clave relacionados	PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS		
Indicadores de medición	- Taxas de avaliación e rendemento da materia TFG - Taxa de graduación	Meta a conseguir	- Incremento das taxas de avaliación e rendemento da materia TFG - Incremento da taxa de graduación
Acción de mellora relacionada	GRL-AM3 (Santiago – 2021-2022)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	- Taxa de avaliación: *TFG Grao: Curso 2021-2022: 50% / Curso 2022-2023: 51.97% / Curso 2023-2024: 58.97% / Curso 2024-25: pendente *TFG Diplomados: Curso 2021-2022: 18.75% / Curso 2022-2023: 40% / Curso 2023-2024: 33.33% /Curso 2024-25: pendente - Taxa de rendemento: * TFG Grao: Curso 2021-2022: 50% / Curso 2022-2023: 51.97% / Curso 2023-2024: 55.56% / Curso 2024-25: pendente *TFG Diplomados: Curso 2021-2022: 18.75% / Curso 2022-2023: 40% / Curso 2023-2024: 33.33% / Curso 2024-25: pendente - Taxa de graduación: *Grao: Curso 2021-2022: 42.5% / Curso 2022-2023: 60.53% / 2023-2024: 41.77 / Curso 2024-25: pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente		

Nos seguintes apartados descríbense as accións de mellora do Grao incluídas no Autoinforme de seguimento 2023-2024, algunhas delas xa se comezaron a aplicar no segundo semestre do actual curso académico e outras iniciaranse no vindeiro curso 2025-26:

2.1.4 GRL-AM1 (SANTIAGO 2023-2024)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Actualizar o Manual de Procedimentos do Centro			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Equipo Decanal e Comisión de Calidade do Centro			DATA INICIO: curso académico 2025-26 DATA FIN: curso académico 2025-26
Procesos clave relacionados	PC-04 DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS PS-06 INFORMACIÓN PÚBLICA		
Indicadores de medición	- Manual de Procedementos do Centro Actualizado - Aprobación do Manual polos órganos competentes	Meta a conseguir	Actualizar o Manual de Procedimentos do Centro
Acción de mellora relacionada	GRL-AM1 (Santiago – 2023-2024)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	- Contido do Manual de Procedementos do Centro: pendente		
Grao de consecución	Pendente de inicio		

da meta

2.1.5 GRL-AM2 (SANTIAGO 2023-2024)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Actualizar o Plan de Estudios do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (do ano 2011)

RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Equipo Decanal e Comisión do Título

DATA INICIO: curso académico 2024-25
DATA FIN: a implantar no curso 2026-27

Procesos clave relacionados
PC-04 DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS
PS-06 INFORMACIÓN PÚBLICA

Indicadores de medición
- Proposta do novo plan de estudos
- Aprobación do novo Plan de Estudios polos órganos competentes

Meta a conseguir

Actualizar o Plan de Estudios do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

Acción de mellora relacionada
GRL-AM2 (Santiago – 2023-2024)

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA

Valor dos indicadores
- Novo Plan de Estudio do Grao en RRLL e RRHH

Grao de consecución da meta
Pendente. Xa se deu inicio ao proceso de modificación substancial do título: xa se elaborou un novo plan de estudos que se encontra en trámite nos órganos competentes.

A continuación, descríbense as accións de mellora referidas á titulación de Grao de aplicación conxunta tanto na Facultade de Relacións Laborais de Santiago como no centro adscrito, a Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo, que foron incluídas no Informe de Renovación da Acreditación sobre o curso 2021-2022 e que se seguen a aplicar no curso 2023-2024:

2.1.6 GRL-AM1 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Fortalecemento dos mecanismos de coordinación entre a sede de Santiago, a Facultade de Relacións Laborais, e o centro adscrito, a Escola Universitaria de Lugo

RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decano/a da Facultade de Santiago e Directora da Escola Universitaria de Lugo

DATA INICIO: outubro de 2023
DATA FIN: decembro de 2025

Procesos clave relacionados
PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS

Indicadores de medición
-Taxas de avaliación, rendemento e éxito promedio para cada curso de Grao (1º, 2º, 3º, e 4º).

Meta a conseguir

Reducir as diferencias nas taxas de avaliación, rendemento e éxito un 10% entre a sede de Santiago e a de Lugo.

Acción de mellora relacionada
GRL-AM1 (Santiago e Lugo 2021-2022)

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA

Valor dos indicadores		2021-2022			2022-2023			2023-2024		
		S	L	Dif.	S	L	Dif.	S	L	Dif.
	T. Rdto 1º	53.33	70.29	16.96	68.37	76.09	7.72	64.93	83.44	18.51
	T. Rdto 2º	70.92	91.57	20.65	67.57	76.21	8.64	67.84	72.06	4.22

	T. Rdto 3º	79.48	86.07	6.59	77.88	88.78	10.90	85.36	84.00	1.36
	T. Rdto 4º	77.71	87.87	10.16	75.13	79.94	4.81	81.91	84.75	2.83
	T. Éx 1º	67.07	76.85	9.78	75.12	90.15	15.03	72.28	92.12	19.85
	T. Éx 2º	79.39	95.32	15.93	76.41	86.72	10.31	79.63	85.30	5.67
	T. Éx 3º	89.08	92.09	3.01	89.98	93.85	3.87	90.51	90.86	0.35
	T. Éx 4º	94.84	98.45	3.61	92.54	98.85	6.31	94.14	99.29	5.15
	T. Av 1º	79.58	90.75	11.17	90.47	84.40	6.07	89.45	90.50	1.04
	T. Av 2º	87.79	96.03	8.24	87.71	87.94	0.23	87.34	84.33	3.00
	T. Av 3º	88.95	93.35	4.40	86.20	94.22	8.02	94.14	92.57	1.57
	T. Av 4º	83.27	87.16	3.89	80.9	76.89	4.01	85.96	84.89	1.07
Grao de consecución da meta		Pendente finalización no curso 2024-25, pero os datos mostran unha tendencia moi positiva, reducíndose as diferenzas ata nun 85% en 1º, 3º e 4º curso.								

Nota. T. Rdto. = taxa de rendemento; T. Ex = taxa de éxito; T. Av = taxa de avaliación, Dif. = diferenza absoluta.

2.1.7 GRL-AM2 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Diminuír a taxa de abandono do estudantado mediante a creación dunha canle de comunicación co alumnado que permita detectar as intencións de abandono e tratar de solventalas na medida do posible			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decano/a da Facultade de Santiago e Directora da Escola Universitaria de Lugo		DATA INICIO: Curso 2023-2024 DATA FIN: Curso 2024-2025	
Procesos clave relacionados	PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS		
Indicadores de medición	- Taxa de abandono 1º curso - Taxa de abandono RD 1393/2007	Meta a conseguir	Diminuír a taxa de abandono do estudantado
Acción de mellora relacionada	GRL-AM2 (Santiago e Lugo 2021-2022)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	- Taxa de abandono 1º curso (Santiago): *Grao: Curso 2021-2022: 27.85% / Curso 2022-2023: 19.32% / Curso 2023-2024: 37.60% / Curso: 2024-25: pendente *Dobre Grao: Curso 2021-2022: 70.83% / Curso 2022-2023: 26.09% / Curso 2023-2024: 28.57% / Curso 2024-25: pendente - Taxa de abandono RD 1393/2007 (Santiago): *Grao: Curso 2021-2022: 30.0% / Curso 2022-2023: 11.84% / Curso 2023-2024: 31.65% / Curso 2024-25: pendente *Dobre Grao: Curso 2021-2022: 20% / Curso 2022-2023: 52.63% / Curso 2023-2024: 37.50% / Curso 2024-25: pendente - Taxa de abandono 1º curso (Lugo): *Grao: Curso 2021-2022: 8.33% / Curso 2022-2023: 21.05% / Curso 2023-24: 17.65% / Curso 2024-25: pendente - Taxa de abandono RD 1393/2007 (Lugo): *Grao: Curso 2021-2022: 20.83% / Curso 2022-2023: 25% / Curso 2023-2024: 8.33% / Curso 2024-25: pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente		

2.1.8 GRL-AM3 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Mellorar os mecanismos de control da calidade dos recursos materiais e servizos postos a disposición dos distintos grupos de interese (alumnado, PDI, PAS)			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decano da Facultade de Santiago e Directora da Escola Universitaria de Lugo		DATA INICIO: setembro de 2023 DATA FIN: curso 2024-2025	
Procesos clave relacionados	PS-02-XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS		
Indicadores de medición	Ítems relacionados coas instalacións e servizos das enquisas de satisfacción de: -Alumnado coa titulación -PDI coa titulación -PAS	Meta a conseguir	Mellorar os mecanismos de control de calidade dos recursos materiais e servizos cunha avaliación directa dos usuarios que permita extraer conclusións.
Acción de mellora relacionada	GRL-AM3 (Santiago e Lugo 2021-2022)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación <i>*Ítem “Satisfacción coas infraestruturas e os materiais dispoñibles”</i> Curso 21-22: 2.95 / Curso 22-23: 3.39 / Curso 23-24: 3.13 /Curso 2024-25: pendente Enquisas de satisfacción do PDI coa titulación <i>* Ítem “Satisfacción coas aulas e equipamentos”</i> Curso 21-22: 4.25 / Curso 22-23: 4.11 / Curso 23-24: 4.03 / Curso 2024-25: pendente Enquisas de satisfacción do PAS <i>* Ítem “Accesibilidade ao lugar de traballo”</i> Curso 21-22: 5 / Curso 22-23: 5 / Curso 23-24: 4.31 / Curso 2024-25: pendente <i>* Ítem “Seguridade do lugar de traballo”</i> Curso 21-22: 5 / Curso 22-23: 5 / Curso 23-24: 3.99 / Curso 2024-25: pendente <i>* Ítem “Satisfacción coas condicións (p. ex., mantemento, mobiliario)”</i> Curso 21-22: 4.5 / Curso 22-23: 4 / Curso 23-24: 3.88 / Curso 2024-25: pendente <i>* Ítem “Os recursos son axeitados (p. ex., equipamento)”</i> Curso 21-22: 4.5 / Curso 22-23: 5 / Curso 23-24: 4.11 / Curso 2024-25: pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente		

2.1.9 GRL-AM4 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Incrementar a taxa de resposta do alumnado ás enquisas de satisfacción coa docencia recibida			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decano da Facultade de Santiago e Directora da Escola Universitaria de Lugo		DATA INICIO: novembro de 2023 DATA FIN: maio de 2024	
Procesos clave relacionados	PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS		
Indicadores de medición	- Porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de avaliación da satisfacción coa docencia recibida.	Meta a conseguir	Alcanzar un 60% de taxa de participación do alumnado.

Acción de mellora relacionada	GRL-AM4 (Santiago e Lugo 2021-2022)
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA	
Valor dos indicadores	Taxa de participación do alumnado de Grao coa docencia recibida: <i>*Santiago:</i> Curso 2021-2022: 21.63% / Curso 2022-2023: 18.54% / Curso 2023-2024: 48.67% <i>*Lugo:</i> Curso 2021-2022: 20% / Curso 2022-2023: 10.43% / Curso 2023-2024: 64%
Grao de consecución da meta	Parcial. No caso de Lugo se alcanzouse o 60% de taxa de participación. Non obstante, os datos en ambas sedes indican unha tendencia a alza polo que se espera que a participación se manteña ou siga aumentando nos próximos cursos

A continuación, descríbense as accións de mellora do Grao incluídas no Autoinforme de seguimento 2023-2024 que se aplicarán de forma conxunta na sede de Santiago e na sede de Lugo que xa se comezaron a aplicar no segundo semestre do actual curso académico (curso 2024-2025):

2.1.10 GRL-AM5 (SANTIAGO E LUGO 2023-2024)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Realizar medidas correctivas nas áreas de mellora detectadas na enquisa de satisfacción coas instalacións, servizos e recursos dos centros.			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decano da Facultade de Santiago e Directora da Escola Universitaria de Lugo		DATA INICIO: abril de 2025 DATA FIN: curso académico 2027-28	
Procesos clave relacionados	PS-02-XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS		
Indicadores de medición	- Mellora das instalacións, recursos e servizos dispoñibles para o alumnado, PDI e PAS - Taxa de satisfacción con los recursos e servizos de los centros do alumnado, PDI e PAS	Meta a conseguir	Mellora das instalacións en base as suxerencias proporcionadas polo persoal PAS, PDI e alumando á enquisa sobre instalacións, servizos e recursos desenvolvida como parte da AM3 (Santiago-Lugo, 2021-2022).
Acción de mellora relacionada	GRL-AM3 (Santiago e Lugo 2021-2022)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación <i>*Ítem “Satisfacción coas infraestruturas e os materiais dispoñibles”</i> Curso 2023-24: 3.13 / Curso 2024-25: pendente Enquisas de satisfacción do PDI coa titulación <i>* Ítem “Satisfacción coas aulas e equipamentos”</i> Curso 2023-24: 4.03 / Curso 2024-25: pendente Enquisas de satisfacción do PAS <i>* Ítem “Satisfacción coas condicións (p. ex., mantemento, mobiliario)”</i> Curso 2023-24: 3.88 / Curso 2024-25: pendente <i>* Ítem “Os recursos son axeitados (p. ex., equipamento)”</i> Curso 2023-24: 4.11 / Curso 2024-25: pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente de finalización		

2.2 PLAN DE MELLORAS DO MÁSTER EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL

A continuación descríbense as accións de mellora do Máster en Xestión e Dirección incluídas no Autoinforme de

seguimento do curso 2022-2023, que se están aplicando actualmente:

2.2.1 MXDL-AM8 (INCLUÍDA NO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2022-2023)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Aumentar a porcentaxe de TFM que se defenden cada curso académico			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinación do MXDL (USC) e Coordinación de TFM (USC)			DATA INICIO: xuño 2024 DATA FIN: novembro 2025
Procesos clave relacionados	PC-05-ANÁLISE DOS RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS		
Indicadores de medición	-Taxa de rendemento da materia TFM -Taxa de avaliación da materia TFM -Taxa de graduación	Meta a conseguir	Incrementar a porcentaxe de TFM defendidos en cada curso académico co consecuente incremento das taxas de resultados da aprendizaxe da materia TFM.
Acción de mellora relacionada (código)	MXDL-AM9 (Informe de seguimento 2022-2023)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Taxa de rendemento TFM Curso 20-21: 53,85% / Curso 21-22: 36,59% / Curso 22-23: 32,56% / Curso 23-24: 43.75% Taxa de avaliación TFM Curso 20-21: 56.41% / Curso 21-22: 36.59% / Curso 22-23: 32.56% / Curso 23-24: 43.75% / Curso 24-25: Taxa de graduación do título Curso 20-21: 77.27% / Curso 21-22: 58.82% / Curso 22-23: 44% / Curso 23-24: 62.50% / Curso 24-25: pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente, pero obsérvase un incremento positivo do indicadores do grao de cumprimento do obxectivo e da acción de mellora.		

2.2.2 MXDL-AM9 (INCLUÍDA NO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2022-2023)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Obter información sobre os indicadores de maior relevancia da sede de Vigo			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Comisión Interuniversitaria do Título			DATA INICIO: maio 2024 DATA FIN: xullo 2025
Procesos clave relacionados	PS-03-XESTIÓN DOCUMENTAL PS-06-INFORMACIÓN PÚBLICA		
Indicadores de medición	Indicadores de: -Planificación e desenvolvemento das ensinanzas (p. ex., satisfacción dos diversos colectivos) -Resultados da aprendizaxe -Xestión de recursos humanos e materiais	Meta a conseguir	Obter información sobre indicadores específicos referidos á sede de Vigo.
Acción de mellora relacionada (código)	MXDL-AM10 (Informe de seguimento 2022-2023)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente		

Nos seguintes apartados descríbense as accións de mellora do MXDL incluídas no Informe para a Renovación da

Acreditación 2023-2024, algunhas delas xa se comezaron a aplicar no segundo semestre do actual curso académico e outras iniciaranse no vindeiro curso 2025-26:

2.2.3 MXDL-AM10 (2023-2024) (INCLUÍDA NO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2023-2024)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Aumentar as taxas de resposta do estudantado e dos egresados ás enquisas de satisfacción nas tres sedes			
RESPONBLE DO OBXECTIVO: Coordinación do MXDL (coordinadores do Máster nas 3 sedes)			DATA INICIO: abril 2025 DATA FIN: xullo 2026
Procesos clave relacionados	PC-04 DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS PS-06 INFORMACIÓN PÚBLICA		
Indicadores de medición	- Porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de avaliación da satisfacción coa docencia recibida - Porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de avaliación da satisfacción coa titulación - Porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de avaliación da satisfacción do alumnado egresado	Meta a conseguir	Aumentar a taxa de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción na sede de Santiago
Acción de mellora relacionada (código)	MXDL-AM10 (2023-2024)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	- Porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida: Curso 2023-2024: 17.65% / Curso 2024-25: pendente - Porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa titulación: Curso 2023-2024: 14.71% / Curso 2024-25: pendente - Porcentaxe de participación dos egresados nas enquisas de satisfacción: Curso 2023-2024: 15.38% / Curso 2024-25: pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente		

2.2.4 MXDL-AM11 (2023-2024) (INCLUÍDA NO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2023-2024)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Homoxeneizar os contidos das guías docentes das materias do módulo común nas tres sedes do MXDL			
RESPONBLE DO OBXECTIVO: Coordinación do MXDL (coordinadores das 3 sedes) e Comisión Interuniversitaria			DATA INICIO: abril 2025 DATA FIN: xullo 2025
Procesos clave relacionados	PC-04 DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS PS-06 INFORMACIÓN PÚBLICA		
Indicadores de medición	- Guías docentes materias módulo común	Meta a conseguir	Homoxeneizar os contidos e o grao de detalle das guías docentes das materias do módulo común nas tres sedes
Acción de mellora relacionada (código)	MXDL-AM11 (2023-2024)		

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA

Valor dos indicadores	- Contido das guías docentes das materias do módulo común: pendente
Grao de consecución da meta	Pendente

2.3 PLAN DE MELLORAS DO MÁSTER EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS E PSICOLOXÍA XURÍDICA-FORENSE

A continuación, descríbense as accións de mellora do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídico-Forense deseñadas no Autoinforme de seguimento do curso 2022-2023 que se seguen a aplicar neste momento:

2.3.1 MPTOXF-AM1 (2022-2023)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Necesidade de mellorar a transparencia da información respecto dos procesos de prácticas externas e do TFM do máster			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decanato do Centro e Coordinación do Máster			DATA INICIO: Setembro 2023 DATA FIN: Setembro 2025
Procesos clave relacionados	PC-04 DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS PS-06 INFORMACIÓN PÚBLICA		
Indicadores de medición	-Taxa de rendemento do TFM -Taxa de avaliación da materia TFM -Indicadores de satisfacción do alumnado coa titulación -Indicadores de satisfacción do alumnado e dos titores coas prácticas profesionais	Meta a conseguir	Mellorar os indicadores de rendemento do TFM e de satisfacción do alumnado e profesorado coa titulación e do alumnado e titores coas prácticas profesionais
Acción de mellora relacionada (código)	MPTOXF-AM1 (2022-2023)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Executada a elaboración dun protocolo de prácticas profesionais externas -Taxa de rendemento TFM Curso 22-23: 80.57% / Curso 23-24: 67.40% / Curso 24-25: pendente - Taxa de avaliación TFM Curso 22-23: 80.57% / Curso 23-24: 67.40% / Curso 24-25: pendente -Taxa de satisfacción do alumnado coas prácticas externas profesionais: Curso 2023-24: 3.91 / Curso 2024-25: pendente -Taxa de satisfacción dos titores académicos coas prácticas profesionais: -Curso 2023-24: 4.75 / Curso 2024-25: pendente -Taxa de satisfacción dos titores profesionais coas prácticas profesionais: Curso 2023-24: 4.12 / Curso 2024-25: pendente Regulamento de TFM: elaborado e aprobado polo Consello de Goberno da USC (o 25/04/2025)		
Grao de consecución da meta	Parcialmente executada. Xa se elaborou e aprobou o regulamento de TFM e actualmente xa está publicado na intranet do Centro.		

2.3.2 MPTOXF-AM2 (2022-2023)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Aumentar a taxa de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decanato do Centro e Coordinación do Máster			DATA INICIO: Novembro 2024 DATA FIN: Xuño 2025
Procesos clave relacionados	PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS		
Indicadores de medición	-Porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de avaliación da satisfacción coa docencia recibida	Meta a conseguir	Alcanzar un 60% de taxa de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción
Acción de mellora relacionada (código)	MPTOXF-AM2 (2022-2023)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	-Porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas coa docencia recibida: Curso 2022-23: 10.71% / Curso 2023-2024: 43.24% / Curso 2024-25: pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente		

Finalmente, describíense as accións de mellora do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídico-Forense incluídas no Informe para a Renovación da Acreditación 2023-2024, algunhas delas que xa se comezaron a aplicar no segundo semestre do actual curso académico e outras que iniciáranse no vindeiro curso 2025-26:

2.3.3 MPTOXF-AM1 (2023-2024) (INCLUÍDA NO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2023-2024)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Axuste das guías docentes ao disposto na MVT en relación coas competencias, actividades formativas e sistemas de avaliación das materias.			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decanato do Centro e Coordinación do Máster			DATA INICIO: Marzo 2025 DATA FIN: Xuño 2025
Procesos clave relacionados	PC-04 DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS PS-06 INFORMACIÓN PÚBLICA		
Indicadores de medición	- Guías docentes das materias	Meta a conseguir	Axuste das guías docentes ao disposto na MVT
Acción de mellora relacionada (código)	MPTOXF-AM1 (2023-2024)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	- Contido das guías docentes das materias: pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente		

2.3.4 MPTOXF-AM2 (2023-2024) (INCLUÍDA NO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2023-2024)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Creación un curso formativo de nivelación estatística para o alumnado non procedente de titulacións sen formación estatística

RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinación do Máster

DATA INICIO: Setembro 2025

DATA FIN: Xuño 2026

Procesos clave relacionados

PC-04 DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS
PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS

Indicadores de medición

-Indicadores de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e coa titulación

Meta a conseguir

Garantir a formación en análise de datos do alumnado de titulación sen formación estatística

Acción de mellora relacionada (código)

MPTOXF-AM2 (2023-2024)

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA
Valor dos indicadores
- Enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida

Curso 2023-24: 4.79 /Curso 2024-25: pendente

- Enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación

Curso 2023-24: 3.95 / Curso 2024-25: pendente

Grao de consecución da meta

Pendente

2.3.5 MPTOXF-AM3 (2023-2024) (INCLUÍDA NO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2023-2024)
OBXECTIVO A CONSEGUIR: Obter información sobre a inserción laboral dos egresados/as do máster e do seu grado de satisfacción

RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decanato do Centro e Coordinación do Máster

DATA INICIO: Setembro 2025

DATA FIN: Xuño 2026

Procesos clave relacionados

PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS

Indicadores de medición

-Indicadores de inserción laboral do alumnado egresado
-Indicadores de satisfacción do alumnado egresado coa titulación

Meta a conseguir

Obter información sobre a inserción laboral e satisfacción do alumnado egresado do máster

Acción de mellora relacionada (código)

MPTOXF-AM3 (2023-2024)

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA
Valor dos indicadores
- Enquisas de satisfacción do alumnado egresado coa titulación

Curso 2023-24: 3.95 / Curso 2024-25: pendente

- Inserción laboral:

Porcentaxe de egresados que conseguen traballo tras finalizar os estudos

Último dato ano 2019: 92.6% / Curso 2024-25: pendente

Porcentaxe de egresados con un traballo relacionado ca titulación

Último dato ano 2019: 46.5% / Curso 2024-25: pendente

Grao de consecución da meta

Pendente

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. ADECUACIÓN DE PROCEDEMENTOS

Neste apartado sintetízase a análise do desenvolvemento dos programas formativos da Facultade de Relacións Laborais durante o curso 2023-2024. O deseño, revisión e mellora dos programas formativos da Facultade de Relacións Laborais realizouse conforme ao previsto no Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC, vixente durante o período en análise. Os títulos activos deste Centro superaron con éxito a súa acreditación. Concretamente, o 12 de decembro de 2023 no caso do Grao, o 15 de outubro de 2019 no caso do MXDL e o 5 de xuño de 2019 no do MPTOXF. O resultado favorable destas avaliacións da ACSUG reflicten un desenvolvemento axeitado dos programas formativos. Así mesmo e, de acordo cos procedementos de revisión das titulacións ofertadas, ambas titulacións de máster, o MXDL e o MPTOXF, realizarán o proceso de renovación da acreditación no curso 2024-25.

De acordo co proceso PE-02, Revisión e Mellora do SGC da Facultade, as Comisións de Título (CT) analizan anualmente o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das Accións de Mellora (AM) a eles vinculadas, quedando recollido nas actas das respectivas reunións. A análise inclúe o seguimento do cumprimento das correspondentes Memorias Verificadas dos Títulos (MVT), os perfís de ingreso/egreso, o axuste dos programas docentes e os resultados de aprendizaxe. Os informes destes seguimentos trasládanse á Comisión de Calidade do Centro (CCC) que os revisa e analiza, aprobando as accións de mellora (AM) derivadas.

2. ANÁLISE DAS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS

O SGC establece o sistema co que se realizan os procesos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos e que analizaremos neste apartado: PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas.

A continuación, analizarase esta información por cada unha das titulacións activas neste Centro.

2.1 GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS E DI EN DEREITO E RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

2.1.1 Desenvolvemento do Plan de Estudos e Guías Docentes

Respecto á organización das actividades formativas, o instrumento que asegura a axeitada planificación é o Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGC) de cada centro, a través da continua revisión e mellora das guías docentes (facilmente accesibles na páxina web). Ditas guías operacionalizan o seguimento continuo das competencias desenvolvidas en cada materia, así como a avaliación do grao de adquisición das mesmas a través da definición do correspondente sistema de avaliación.

A docencia no caso do Grao e do Dobre Itinerario (DI) organizase seguindo un sistema adoptado con motivo da pandemia que, unha vez superada, decidiuse manter por resultar ser máis eficiente en termos organizativos. Así, as clases expositivas e interactivas alternanse semanalmente, de forma que cando o alumnado de 1º e 3º recibe a semana de clases expositivas, o de 2º e 4º recibe a semana de clases interactivas e ao revés. Ademais, na Facultade, a presencialidade convive na actualidade coa posibilidade de que as titorías se realicen a través da aplicación MS TEAMS, tanto para o alumnado presencial como para o alumnado con dispensa de asistencia.

Respecto ao tamaño dos grupos de alumnos e a súa adecuación ás actividades formativas, o indicador 32 (In32) reflicte o tamaño medio de alumnos por grupo de docencia interactiva. O tamaño dos mesmos mantense estable no Grao e no Dobre Itinerario con mínimas variacións entre cursos, tal e como se aprecia na táboa. Desta forma, no curso 2023-2024, os grupos interactivos roldaban os 26 estudantes no Grao e de 34 no DI.

In32-Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH [S]	29.72	26.91	29.38	27.72	25.55	26.33
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	34.47	33.95	34.42	34.33	33.68	34.21

Respecto á MVT, esta non sufriu ningunha modificación recente que afecte á planificación do ensino, de maneira que o plan de estudos desenvolveuse no curso 2023-2024 conforme ao previsto na mesma. Os módulos e materias ofertadas seguen sendo os mesmos e séguense aplicando os mesmos criterios de ensino e avaliación, os cales garanten, xunto coas actividades organizadas por ambos os centros, a correcta adquisición de competencias por parte do alumnado.

2.1.2 Coordinación da Titulación

Co obxectivo de garantir unha coordinación efectiva tanto horizontal como vertical na titulación de Grao e no Dobre Itinerario, desenvóléronse un conxunto de iniciativas específicas. Así, na Facultade, deseñáronse dúas accións de mellora (ver [GRL-AM1 \(Santiago - 2021-2022\)](#) e [GRL-AM2 \(Santiago - 2021-2022\)](#)) dirixidas a potenciar a coordinación efectiva do centro co alumnado. A primeira consistiu na realización de reunións cos representantes dos estudantes e cos delegados de curso dunha enquisa dirixida aos estudantes de todos os cursos co obxectivo de detectar posibles disfuncionalidades relacionadas coa xestión do título (p. ex., causas das taxas de abandono ou da escasa defensa de TFGs). Recibíronse un total de 115 respostas sobre aspectos relacionados co título, en xeral, e 35 respostas relacionadas con problemas vinculados á realización e defensa dos TFG. Un dos problemas detectados foi o grao de solapamento de contido entre materias específicas. Para a súa abordaxe, deseñouse a segunda acción de mellora, mediante a que se realizou unha minuciosa análise dos programas das materias de Grao co obxectivo de identificar os contidos que potencialmente se puidesen solapar. Unha vez identificados, o Decanato do centro e a Coordinación da Titulación reuníronse cos/as coordinadores/as das materias afectadas para a análise do problema e a modificación do contido afectado. A continuación, cando o período de modificación das programacións docentes se abriu de acordo con a Programación Académica Anual, procedéronse a introducir as modificacións acordadas nos programas das materias modificadas.

Do mesmo xeito, tras a última renovación da acreditación do título, concluída en outubro do ano 2023, e en base aos comentarios realizados polos avaliadores externos da ACSUG (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia), deseñouse a acción de mellora [GRL-AM2 \(Santiago e Lugo - 2021-2022\)](#) que, de maneira indirecta, fortalece e garante a coordinación vertical entre alumnado e dirección dos centros. Esta acción materializarase en tres tarefas específicas que consisten en: (1) durante o acto de apertura do curso académico, informarase ó alumnado (facendo fincapé no de primeiro curso) da existencia e funcións de figuras clave como a Coordinación de Curso, a Coordinación do Grao, o alumnado titor e os/as representantes estudiantís. Destacarase o seu papel como recursos de apoio e orientación aos que se pode acudir para expor dúbidas, así como dificultades académicas relacionadas coa continuidade e o éxito nos estudos; (2) a realización dunha enquisa anónima aos/as estudantes de Grao para identificar factores de risco de abandono (dúbidas vocacionais, problemas de conciliación, dificultades económicas etc.); e (3) unha vez

analizados os resultados da enquisa, en caso de detectarse problemas de índole académica que dende o centro se poidan solucionar, convocarase unha reunión presencial con algún/os membro/s do equipo directivo. A esta reunión poderá asistir o alumnado que manifestase dificultades no seguimento do Grao ou expresase intención de abandono, co obxectivo de analizar a situación e deseñar solucións específicas.

Por outra banda, mantense a iniciativa referida á calendarización dos picos de traballo que o alumnado debe asumir fóra do horario de clase. Para estes efectos, dende a Coordinación do Título solicítase ao profesorado de cada cuadrimestre información detallada sobre as actividades que o alumnado debe realizar fóra da aula acerca dos seguintes aspectos: nome da materia, curso en que se imparte, carácter cuadrimestral ou anual da materia, profesor/a responsable ou coordinador, número de tarefas, traballos, proxectos ou actividades a realizar polo alumnado fóra da aula, título descritivo de cada actividade, carácter individual ou colectivo da tarefa, tempo aproximado requirido para completar a tarefa, data de inicio e final da tarefa e fracción de estudantes afectado/as pola tarefa (todo o grupo, grupo de mañá, grupo de tarde). Unha vez elaboradas, as táboas son subidas ao campus virtual de coordinación de maneira que tanto o alumnado como o persoal PDI poden consultalas. A creación desta ferramenta cumpre dúas funcións adicionais á de facilitar ao alumnado a organización das súas obrigas. Por unha banda, permite á Coordinación do Título garantir a adecuación da distribución da carga de traballo por cursos e cuadrimestres, de maneira que, se se detectasen picos de traballo excesivamente elevados, estes poderían corrixirse. Por outro, permite aos docentes comprobar a carga de traballo dos seus alumnos de maneira semanal, o que tamén facilita a este colectivo unha xestión máis eficiente das actividades académicas programadas.

Outra forma de garantir a coordinación, tanto do profesorado-alumnado como do alumnado entre si, é a utilización da ferramenta do Campus Virtual como complemento do ensino nas materias impartidas na titulación. A utilización do Campus Virtual por parte dos docentes do título é excepcionalmente elevada. Así, o último informe solicitado ao servizo CeTA (Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe) indica que só hai dúas materias (materias optativas en ambos os casos) nas que o Campus Virtual non se utiliza. Isto supón que o 95.5% das materias do Grao empregan o Campus Virtual como ferramenta docente.

A Coordinación do Título saca o máximo proveito á utilización do Campus Virtual de Coordinación como ferramenta clave de comunicación co alumnado. O Campus Virtual de Coordinación pon a súa disposición foros de debate e discusión para comentar calquera aspecto referido ao título e o ensino. No curso 2023-2024 o contido publicado no Campus Virtual tratou sobre os seguintes aspectos:

- Presentación realizada ao comezo de curso na que se explica o funcionamento do título de Grao e Dobre Itinerario e da Facultade.
- Anuncio de talleres e xornadas de relevancia académica para o alumnado do Grao e do Dobre Itinerario.
- Convocatoria do programa Alumnos Titores.
- Convocatoria de premios ao alumnado organizados pola Facultade (Premio Elisabeth Suárez ao mellor expediente de Grao, Premio Joaquín Vidal Portabales ao mellor TFG, Premio Javier Marañón ao mellor estudante).
- Información relativa á organización do ensino, distribución de grupos e distribución horaria e temporal, entre outras cuestións de natureza académica.
- Recordatorios de interese (p. ex., período para cubrir as enquisas de satisfacción coa docencia).
- Documentación de interese (p. ex., estatuto do estudantado, normativa de asistencia, instrucións sobre dispensa de asistencia a clase).
- Calendarización dos traballos para realizar fóra da aula das distintas materias do Grao por curso (1º, 2º, 3º e 4º).
- Información de contacto dos representantes do alumnado.
- Información de contacto da coordinación do título e da coordinación de cada curso (1º, 2º, 3º e 4º).

Así mesmo, esta canle complementase co uso doutros recursos que permiten a coordinación co alumnado, como a páxina web pública do centro e do título e a intranet da Facultade, trípticos, carteis, imaxes nas pantallas da Facultade, comunicacións directas en clase ou realización de enquisas ao alumnado.

O título de Grao e o seu correspondente programa formativo mantense actualizado e en consonancia coa MVT. Nese sentido, unha das principais formas de asegurar o nivel de actualización do Grao no plano profesional é a colaboración co Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense. Este Colexio é o encargado de financiar o premio anual “Javier Marañón” á excelencia do alumnado na facultade de Santiago, outra das iniciativas desenvolvidas para fomentar o esforzo e o bo facer dos estudantes e para reforzar os valores e principios que deben caracterizar aos profesionais das

relacións laborais e os recursos humanos. Outra forma de garantir a calidade da formación proporcionada é a organización de actividades sobre saídas profesionais. Debido ao carácter multidisciplinar da titulación, profesionais de distintas ramas de actividade relacionadas co título, acoden ao centro para expoñer cuestións de relevancia para a futura incorporación laboral dos estudantes. Entre eles, pódense citarse a profesionais do sector xudicial, especialistas en prevención de riscos laborais, profesionais do sector dos recursos humanos ou investigadores e docentes en materia de relacións laborais e recursos humanos. A taxa de asistencia por parte do alumnado a este tipo de actividades foi no pasado e segue sendo na actualidade excelente. Algunhas das actividades ofertadas ao alumnado da facultade de Relacións Laborais foron:

- Xornada de saídas profesionais do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Facultade de Relacións Laborais)
- Taller de competencias clave e técnicas na comunicación interpersonal efectiva (Facultade de Relacións Laborais e CRESCIT CAPITAL HUMANO)
- Charla “A Estatística Pública no Ámbito Sociolaboral” (Facultade de Relacións Laborais e Instituto Galego de Estatística)
- Curso “Saúde Laboral e Condicións de Traballo” (Facultade de Relacións Laborais e Consello Galego de Relacións Laborais)
- Conferencia “Redefinición da xubilación: O emprego ponte como evolución da cultura do prol-retiro ao prol-traballo” (Facultade de Relacións Laborais)

Ademais, ofrécese publicidade específica de actividades que, aínda sendo organizadas por entidades distintas á Facultade, son de especial interese para o alumnado. Por exemplo, no curso 23-24, recomendouse ao alumnado asistir ás seguintes actividades:

- Curso básico de formación en competencias de información (dirixido ao alumnado de 1º e 2º curso) (Biblioteca Concepción Arenal)
- Curso avanzado de formación en competencias de información (dirixido ao alumnado de 3º e 4º curso) (Biblioteca Concepción Arenal)

2.1.2.1 Mecanismos de Coordinación Intercentros

A titulación de Grao en Relación Laborais e Recursos Humanos tamén se imparte de modo análogo no Campus de Lugo no centro adscrito da Escola de Relacións Laborais de Lugo. Polo tanto, ao tratarse dunha titulación impartida noutro Campus (Campus de Lugo) pero dependente da Coordinación de Santiago de Compostela é necesario manter e fortalecer os mecanismos de coordinación intercentros.

Co obxectivo de fortalecer a coordinación intercentros e de levar a cabo as recomendacións realizadas na última renovación da acreditación do título pola comisión de avaliadores da ACSUG, procedeuse ao deseño e aplicación dunha acción de mellora conxunta entre ambos os centros, a acción **GRL-AM1 (Santiago e Lugo - 2021-2022)**. Un dos aspectos sinalados polos avaliadores externos da ACSUG foi a necesidade de coordinar a docencia a nivel de materia, homoxeneizar o desenvolvemento das guías docentes e equiparar os niveis de esixencia entre ambas sedes, xa que “as taxas de rendemento son maiores en Lugo, con diferenzas moi significativas nalgúns materias, cando o perfil de ingreso parece menos óptimo que en Santiago”. Aínda que as programacións docentes, o contido impartido nas materias, o sistema de avaliación e demais aspectos básicos de desenvolvemento das materias de Grao é único e idéntico para todo o título (independentemente de se este impárase en dous centros), realizouse un conxunto de reunións dirixidas a homoxeneizar todos os aspectos da docencia que non aparecen reflectidos nas programacións docentes co obxectivo de minimizar as diferenzas de resultados académicos entre sedes. Empregando a figura de “Coordinadora de Curso”, unha vez finalizado o proceso de renovación da acreditación, as docentes encargadas da coordinación de cada curso do título (1º, 2º, 3º e 4º) convocaron aos/as coordinadores/as de todas as materias anuais e cuatrimestrais do segundo semestre de Lugo e Santiago a 4 reunións (unha por cada curso). As reunións levaron a cabo o 1 de marzo de 2024 para os cursos de 2º e 4º e o 8 de marzo de 2024 para os cursos de 1º e 3º. A coordinadora de cada curso guiou e estruturou as reunións para que os docentes de cada unha das materias de ambas sedes explicasen de forma pormenorizada e detallada o contido e o desenvolvemento das materias. O mesmo procedemento seguiuase a finais do segundo semestre, momento en que as coordinadoras de curso convocaron aos/as coordinadores/as das materias anuais e de primeiro semestre. As reunións dos cursos 2º e 4º leváronse a cabo o 25 de xuño de 2024 e de 1º e 3º o 27 de xuño de 2024. Os resultados derivados da realización destas reunións poderanse comprobar na análise das taxas de resultados do curso actual 2024-2025, que serán proporcionados no curso académico 2025-2026.

A Comisión Intercentros continúa realizando reunións periódicas para fomentar a coordinación académica. Por

exemplo, a inicios do curso académico 2024-2025 (12 de setembro de 2024), a Comisión reuniuse e o Decano da Facultade, en calidade de responsable do título, lembrou a necesidade de poñer en práctica o acordado nas 8 reunións de coordinación da docencia.

2.1.3 Perfil Real do Alumnado

2.1.3.1 Perfil Real do Alumnado de Ingreso

En relación ao perfil real do alumnado de ingreso, o número de prazas de novo ingreso ofertadas para cada curso académico (In01) axústase ao establecido na Memoria Verificada do Título (MVT). Esta cifra mantense estable en 90 prazas dende o ano 2016-2017 ata a actualidade no caso do Grao en RRL e RRHH impartido no campus de Santiago, e de 20 dende o curso 2016-2017 no do Dobre Itinerario en Dereito e RRL e RRHH. Na seguinte táboa, pódese observar a evolución de cada título de forma independente.

In01 - Prazas ofertadas	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	90	90	90	90	90	90
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	20	20	20	20	20	20
Total	110	110	110	110	110	110

O número de estudantes matriculados (In02) presenta variacións ao longo dos últimos cursos académicos (incluíndo o Dobre Itinerario). Con todo, a magnitude destas variacións non é excesivamente relevante. Así, no curso académico 2023-2024, na titulación de Grao en RRL e RRHH había 457 matriculados e o Dobre Itinerario tiña un total de 74 matriculados. Isto fai un total de 531 estudantes matriculados.

In02 - Matrícula Global	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	493	495	497	487	457	457
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	56	68	75	68	68	74
Total	549	563	572	555	525	531

O número total de estudantes que se matriculan nos plans por primeira vez (In03), do mesmo xeito que ocorre no anterior indicador, varía levemente en función do curso académico tanto no Grao como no Dobre Itinerario. Independentemente do curso analizado, os datos indican que no Grao en RRL e RRHH existe sobrematrícula en todos os cursos académicos analizados. No caso do Dobre Itinerario ocorre o mesmo dende o curso 2019-2020. Estes datos reflicten unha alta demanda do título.

In03-Matrícula de acceso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	113	111	120	113	107	93
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	20	24	24	21	21	23
Total	133	135	144	134	128	116

Os datos referidos á matrícula de novo ingreso por preinscripción (In04) reflicten unha tendencia ao dende o curso 2016-2017 ata o 2020-2021. A partir do curso 2021-2022 prodúcese unha moi reducida diminución no caso do Grao. En canto ao Dobre Itinerario os datos mantéñense estables cun lixeiro incremento no curso 2023-2024. Aínda que no caso do Grao existe unha lixeira diminución deste indicador, é importante lembrar que se ofertan 90 prazas de Grao e 20 de Dobre Itinerario e que os datos reportados indican que non só a matrícula se cumpre, senón que se excede.

In04 - Matrícula de novo ingreso por preinscripción	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	101	103	110	99	96	92
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	20	24	24	21	21	23
Total	121	127	134	120	117	115

A relación de estudantes preinscritos en primeira opción e os matriculados por primeira vez sobre prazas ofertadas (In10) ofrece uns datos especialmente favorables no caso do Dobre Itinerario, sendo a porcentaxe máis repetida o 100% dos alumnos dende o curso 2016-2017 e alcanzando un 120% no curso 2020-2021 e un 105% nos cursos 2022-2023 e 2023-2024. No Grao en RRL e RRHH, a cifra obtida para o curso 2023-2024 é moi similar á de cursos pasados, como a obtida no curso 2020-2021 ou 2021-2022.

In10 - Relación entre estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre prazas ofertadas	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	61.11	77.78	52.22	46.67	72.22	53.33
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	100	100	120	100	105	105

Os datos referidos á taxa de ocupación ou número de estudantes de novo ingreso por preinscrición entre as prazas ofertadas (In12) supera o 100% dende o curso 2016-2017 ata o 2023-2024 no caso do Grao e, dende o curso 2019-2020 ata o 2023-2024 no Dobre Itinerario.

In12-Taxa de ocupación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	112.22	114.44	122.22	110	106.66	102.22
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	100	120	120	105	105	115

Completando a información descrita nos indicadores 1, 2, 3, 4, 10 e 12, os datos proporcionados no informe da CIUG (Comisión Interuniversitaria de Galicia; Inf.CIUG_23-24) apoian a idea de que tanto o título de Grao como o de Dobre Itinerario son titulacións altamente demandadas. Así, no caso do Grao rexistráronse 424 solicitudes no curso 2023-2024 para ocupar as 90 prazas ofertadas polo centro. No caso do Dobre Itinerario rexistráronse 130 solicitudes para as 20 prazas ofertadas. Así mesmo, o informe proporciona información da sobrematrícula producida na titulación de Grao e no Dobre Itinerario, rexistrándose 92 e 23 matriculas en relación coas 90 e 20 prazas ofertadas, respectivamente.

A nota media de acceso por preinscrición (In06) sitúase nun notable alto no caso do Grao, cun 8.55 para o curso 2023-2024. Estas cifras son moi similares ás obtidas no curso 2022-2023. No caso do Dobre Itinerario sitúase en case 12 puntos, cun 11.76.

In06 - Nota media de acceso por preinscrición	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	7.72	7.75	8.45	9.30	8.93	8.55
D. I. en Dereito e RRL e RRHH	11.74	10.38	11.47	12.50	12	11.76

O informe proporcionado pola CIUG (Inf.CIUG_23-24) describe que, para o curso 2023-2024 a nota media de acceso para o Grao en RRL e RRHH foi de 8.602 no caso de alumnos procedentes bacharelato e de 8.403 no de alumnos procedentes de formación profesional. A nota de acceso para o Dobre Itinerario foi de 11.76, igual que o dato reportado polo indicador 6, xa que todo o alumnado procedía de bacharelato. A nota de corte xeral foi de 5.266 e 9.508 para o Grao e Dobre Itinerario, respectivamente.

No que respecta a as preferencias do alumnado, o informe indica que o título de Grao estivo entre as tres primeiras opcións de solicitude para o 53.2%, un dato moi similar ao de anos previos. Concretamente, un 15.6% selecciónao como primeira opción. En canto ao Dobre Itinerario, o 65.4% inclúeo entre o seu primeiras tres opcións de solicitude, dentro dos cales o 23.3% selecciónao como primeira opción, un dato, de novo, moi similar ao de anos previos.

No referido aos datos de matrícula, no Grao o 92.5% matricúlase nos tres primeiros prazos, superando o 78.7% do anterior informe; desta porcentaxe, o 55.9% matricúlase no primeiro prazo. Finalmente, no caso do Dobre Itinerario, practicamente a totalidade do alumnado matriculouse no primeiro prazo (91.3%).

En canto ao perfil do alumnado que accede ao título de Grao, o informe de CIUG (Inf.CIUG_23-24) reflicte que máis da metade dos matriculados son mulleres (53%). En canto ao perfil académico de acceso, no Grao a maioría dos solicitantes procedían de bacharelato ($N = 85$ de 92 matriculados) e unha minoría de formación profesional ($N = 7$ de 92). No caso do Dobre Itinerario, todas as solicitudes foron formalizadas por persoas procedentes de bacharelato.

En canto á orixe xeográfica, o alumnado de novo ingreso procede principalmente de España e, concretamente, da Comunidade Autónoma de Galicia. No Grao matriculáronse 90 persoas da citada comunidade e 2 persoas estranxeiras (procedentes da UE ou dun país con acordo). No caso do Dobre Itinerario, todos os matriculados procedían de Galicia menos unha persoa que proviña doutra comunidade autónoma. O informe sobre procedencia xeográfica da USC (Inf.16_23-24) indica que, do total de matriculados no Grao ($N = 437$), hai catro persoas que proceden doutras comunidades autónomas distintas de Galicia, concretamente dúas de Castela e León, unha de Asturias e unha de Madrid. Daquelles que proceden da comunidade de Galicia, a maior parte faino da provincia de Pontevedra, seguida da Coruña, Ourense e Lugo. Por último, no caso do Dobre Itinerario, a totalidade do alumnado procede de España ($N = 74$). Deles, 4 proceden doutras comunidades autónomas distintas de Galicia, en concreto de Asturias, Canarias, Castela e León e Madrid. Os demais proceden de Galicia, principalmente de Pontevedra, seguida de A Coruña, Lugo e Ourense.

Un aspecto positivo referido á composición do alumnado é a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (In08). Aínda que reducidos na súa magnitude, os datos reflicten un incremento do interese de persoas estranxeiras para acceder á titulación de Grao. Así, no curso académico 2023-2024, rexistrouse un 3.2% de estudantes estranxeiros sobre matriculados. No Dobre Itinerario, a cifra foi do 1.35%, moi similar á de anos previos.

In08-% de estudantes estranxeiros sobre matriculados	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRLl e RRHH	2.64	2.22	2.01	2.87	2.41	3.20
D.I. en Dereito e RRLl e RRHH	0	0	0	1.47	1.47	1.35

Pola súa banda, a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre o total de alumnos matriculados (In09-G) foi, no curso 2023-2024 e no Grao, do 0.92%, unha cifra lixeiramente superior á dos cursos académicos previos, o que supón un aspecto positivo da composición do alumnado de Grao. Destacan de maneira especialmente positiva os datos referidos á composición do alumnado que cursa o Dobre Itinerario. No curso 2023-2024, rexistrouse un 5.41% de estudantes doutras comunidades autónomas sobre o total de alumnos, a cifra máis elevada dende que se implantou o Dobre Itinerario. Este dato indica que o alumnado nacional de fóra de Galicia valora de maneira cada vez máis favorable a existencia do Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos.

In09-% de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRLl e RRHH	1.42	1.01	1.01	0.62	0.66	0.92
D.I. en Dereito e RRLl e RRHH	0	2.94	2.67	2.94	4.41	5.41

No referido ás cualificacións de acceso á titulación de Grao e de Dobre Itinerario, remitímonos á descrición realizada máis arriba, na que se reflicte como as notas de acceso por preinscrición tanto no caso do Grao como no do Dobre Itinerario evolucionan de maneira positiva.

En definitiva, conclúese que existe coherencia entre o perfil de ingreso real da titulación e o perfil de ingreso descrito na MVT. Neste sentido, e como se especificará máis detalladamente na Directriz 3 deste documento, o alumnado de Grao e Dobre Itinerario accede á titulación sen requisitos específicos previos en canto a coñecementos ou competencias adquiridas nos estudos que dan acceso a estas titulacións. Por este motivo, non existen complementos formativos específicos de nivelación a este respecto. Calquera competencia adicional susceptible de desenvolver por parte do noso alumnado para mellorar os seus resultados académicos ou o seu nivel de empregabilidade, adquirense e trabállanse cursando as materias da titulación e perfecciónanse, adicionalmente, a través dos cursos, xornadas e actividades organizadas polos centros.


2.1.3.2 Perfil Real do Alumnado de Egreso

En canto á relevancia do perfil dos egresados e a súa actualización a información da inserción laboral dos titulados no Grao obtívose do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU). Os datos máis recentes correspóndense á cohorte de egresados 2017-2018 e proceden dun total de 80 egresados do Grao de RRLl e RRHH. Esta información foi recompilada entre un e catro anos despois do momento de egreso. No Gráfico 1 reflíctense os datos desagregados por ano. Como se aprecia, a taxa de afiliación á Seguridade Social un ano despois de egresar era do 57.5%, incrementándose a 71.25% no segundo ano, a 74% no terceiro e ao 75% no cuarto ano despois de egresar.

Como se pode comprobar, os datos de afiliación son moi positivos, superando o valor media de referencia reportado


polo SIIU.

Gráfico 1. Tasa de afiliación - Cohorte 2017/2018



Pola súa banda, o perfil dos egresados integrados no mercado laboral correspóndese con traballadores por conta allea cun contrato indefinido, sendo a porcentaxe de egresados que deciden converterse en profesionais autónomos moito inferior. Así, en relación coa porcentaxe de egresados que contaban cun contrato de duración indefinida nos distintos anos de egreso, as porcentaxes referidas ao alumnado de Santiago evolucionan do modo reflectido no Gráfico 2. Seguindo unha tendencia ascendente, no primeiro ano de egreso un 37,5% contaba cun contrato de traballo indefinido, aumentando ata o 60% no segundo ano, manténdose esta cifra moi similar no terceiro ano de egreso (59,2%) e alcanzando o 75% no cuarto ano de egreso.

Gráfico 2. % contrato indefinido - cohorte 2017/2018



As porcentaxes de egresados autoempregados son de magnitude reducida e consistentes cos datos obtidos para os cursos académicos previos. Así, os empregados autónomos representaban na cohorte 2017-2018 o 6.52%, 3.51%, 3.23% e 5% no 1º, 2º, 3º e 4º ano de egreso, respectivamente. Estes datos son, mesmo, inferiores aos da cohorte anterior correspondente ao curso 2016-2017 (6.9%, 9.72%, 9.59% e 10.14% para o 1º, 2º, 3º e 4º ano de egreso).

Completando aos datos xa expostos, a CIUG elabora un informe sobre a inserción laboral dos titulados no sistema universitario galego. Os últimos datos dos que se dispón corresponden a mostras de titulados no Grao que estaban matriculados no curso académico 2014-2015 e que realizaron o depósito do título ao longo do ano 2015. Os resultados obtidos reflicten que, nese momento, unha elevada porcentaxe de estudantes atopábase traballando (88%). Estes datos superan a media obtida para o conxunto de enquisados de titulacións da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas da USC (83%).

Por outra banda, dos estudantes enquisados, o 88% xa buscara un emprego relacionado coa titulación dende a data de graduación. O tempo medio necesario para atopalo foi de 6.9 meses nos egresados do Grao. En canto ao lugar onde os egresados desempeñan os seus postos de traballo, a maior parte dos graduados fáino na Comunidade Autónoma de Galicia (un 89% dos graduados), mentres que un 11% traballaba noutra zona de España. Así mesmo, o tipo de contrato

que máis prevalece é o contrato de duración indefinida (un 42,86%).

Por outra banda, un 88% dos egresados do Grao indica que volvería cursar estudos universitarios e, deles e un 83% volvería cursar a mesma titulación. Por último, destas últimas porcentaxes, un 86% indica que volvería cursar a mesma titulación na mesma universidade (USC).

Aínda que non se dispón de datos referidos a cohortes de estudantes máis recentes, é moi probable que datos máis actualizados reflexen un perfil de egresados similar ao descrito nos parágrafos anteriores. Dadas as características do título en termos de saídas profesionais e das características sociodemográficas do alumnado, é moi probable que na actualidade os alumnos egresados se caractericen por atopar un emprego relacionado coa titulación nun prazo relativamente curto de tempo, en Galicia e por conta allea. Con todo, a aparición de novas titulacións de posgrao tanto de máster como de doutoramento supoñen, na actualidade, novas oportunidades das que os antigos estudantes non dispoñían. Debido á especialización do mercado laboral, é moi probable que a porcentaxe de estudantes que deciden seguir formándose despois de graduarse sexa máis elevado que as cifras atopadas hai anos. Aínda que o ideal sería poder mostrear aos alumnos egresados do título, esta labor faise imposible debido a motivos relacionados coa protección de datos de carácter persoal, que restrinxe o acceso ao contacto dos alumnos egresados.

En relación coa inserción laboral dos graduados neste título, de maneira bianual realízase na Facultade de Relacións Laborais as “Xornadas sobre as Saídas Profesionais do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos” dirixidas ao alumnado dos últimos cursos do Grao e do Dobre Itinerario. Nesta actividade, varios profesionais representando aos distintos ámbitos de traballo relacionados coa titulación (p. ex., representantes do colexio de Graduados Sociais na Coruña e Ourense, profesionais colexiados e en exercicio, directores de recursos humanos, docentes e investigadores) explican ao alumnado as posibilidades académicas e profesionais abertas ao perfil de alumno graduado no título. Nestas xornadas impartíronse sesións específicas relacionadas con:

1. A continuación de estudos (máster e doutoramento). Saídas profesionais relacionadas coa docencia e a investigación sobre as relacións laborais e os recursos humanos.
2. As saídas profesionais na administración pública.
3. As saídas profesionais no ámbito da xestión dos recursos humanos.
4. As saídas profesionais relacionadas co libre exercicio da profesión: asesoría, defensa e representación.
5. Sesións sobre as competencias máis demandadas na actualidade no mercado laboral.

Ademais, dende a Facultade faise un especial esforzo por trasladar ao alumnado información sobre potenciais ofertas de emprego ou de convenios que poidan facilitar a súa incorporación ao mercado laboral. Por exemplo, deuse difusión a ofertas de emprego na empresa Decathlon para alumnos xa graduados. Tamén a posibilidade de realizar prácticas extracurriculares financiadas a través do Convenio de Colaboración entre a USC e o Banco Santander dirixidas a alumnos de Grao e Dobre Itinerario.

Finalmente, cabe sinalar que unha elevada porcentaxe dos titores profesionais da prácticas de empresa contrataría ao alumnado da Titulación, outro indicador que describe a empregabilidade dos nosos estudantes. O informe 7 (Inf.7_23-24) indica que esta porcentaxe é do 72.22% e o 94.74%, case a totalidade dos titores profesionais, volvería ofertar esa praza de prácticas para ser ocupada polo alumnado do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

2.1.4 Aprendizaxe dos Titulados: Resultados e Rendemento

Os resultados de aprendizaxe e rendemento do Grao en RRL e RRHH e do Dobre Itinerario indican que, en conxunto, os niveis alcanzados en todos os indicadores son axeitados, non obstante, algún indicadores como a taxa de abandono son susceptibles de mellorar. A continuación, desglósanse os principais indicadores de resultados destas titulacións e as accións de mellora propostas para o seu fortalecemento e mellora.

A taxa de graduación reflectida no indicador 37 (In37) describe a relación porcentual que existe entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e o seu cohorte de ingreso. Os datos obtidos para o Grao e para o Dobre Itinerario aparecen na táboa inferior. Empezando polos resultados do Grao, esta taxa mantívose estable en torno ao 42% nos cursos 2019-2020, 2020-2021 e 2021-2022. No curso académico 2022-2023 esta taxa increméntase considerablemente ata un 60.53%, mentres que no curso obxecto de análise neste informe (2023-2024), a taxa sitúase nun 41.77%, é dicir, do mesmo xeito que en cursos pasados, ao redor do 42%. En todos os casos dende o curso 2019-2020, a magnitude excede a cifra recollida na Memoria de Verificación do Título, situada no 40%.

No caso do Dobre Itinerario, a primeira promoción que completou a titulación graduouse no curso 2021-2022 cunha taxa de graduación do 80% e atópase na actualidade, aproximadamente, no 44%.

In37 - Taxa de graduación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRLl e RRHH	34.41	43.24	41.38	42.50	60.53	41.77
D.I. en Dereito e RRLl e RRHH	-	-	-	80	47.37	43.75

Co obxectivo de mellorar os datos referidos á taxa de graduación, a Facultade de Santiago desenvolveu a acción de mellora GRL-AM2 (Santiago - 2020-2021, diferida para o curso 21-22) que promove a defensa do TFG á que se deu continuación coa acción de mellora GRL-AM3 (Santiago – 2021-2022) que ten por obxecto incrementar a porcentaxe de alumnado que defende o TFG en cada convocatoria.

Os datos sobre a duración media dos estudos aparecen reflectidos no indicador 38 (In38). Tal e como se desprende da súa análise (ver táboa inferior), a duración media dos estudos de Grao veu roldando os cinco anos. Espérase que a magnitude desta taxa diminúa nos próximos cursos académicos como consecuencia directa do incremento das defensas dos TFG motivada polas accións de mellora arriba citadas. No caso do Dobre Itinerario, a duración media dos estudos é de aproximadamente 6 anos, un dato estable nos cursos analizados.

In38 - Duración media estudos	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRLl e RRHH	5	5.55	5.16	4.68	5.09	5.64
D.I. en Dereito e RRLl e RRHH	-	-	6	6	6	6.25

A taxa de abandono durante o primeiro curso ou relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos dous cursos posteriores (X+1 e X+2) e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X aparece reflectida no indicador 40 (In40). Como se ve na táboa inferior, no Grao, a taxa de abandono máis reducida produciuse no curso académico máis afectado pola pandemia, o curso 2020-2021, cun 9.21%. No curso 2023-2024, a taxa de abandono foi do 37.36%.

In40 - Taxa abandono no 1º curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRLl e RRHH	17.24	17.50	9.21	27.85	19.32	37.36
D.I. en Dereito e RRLl e RRHH	31.58	31.25	57.89	70.83	26.09	28.57

Os datos da taxa de abandono calculada segundo o RD1393/2007 descritos polo indicador 41 (In41) aparecen reflectidos na táboa inferior. Esta taxa indica a relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título académico no ano anterior e que non se matricularon nin nese curso nin no anterior. Como se pode comprobar, para o caso do Grao a magnitude desta taxa variou en función dos cursos académicos. No curso 2023-2024 a porcentaxe foi do 31.65%, un dato similar ao dos cursos 2018-2019, 2019-2020 e 2021-2022. O dato obtido no caso do Dobre Itinerario foi para o curso 2023-2024 do 37.5%, mellorando considerablemente a cifra do curso precedente (52.63%).


In41-Taxa de abandono RD1393/2007	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRLl e RRHH	34.41	32.43	21.14	30	11.84	31.65
D.I. en Dereito e RRLl e RRHH	-	-	-	20	52.63	37.50

É importante destacar que dende o Centro desenvóléronse medidas para mellorar indicadores como a taxa de abandono durante o primeiro curso ou a taxa de abandono segundo o Real Decreto 1393/2007. Precisamente, cando o indicador 41 alcanzou unha das súas maiores magnitudes (no ano 2019), a Comisión da Titulación e a Comisión de Calidade do centro desenvolveron unha iniciativa dirixida a coñecer as causas que motivaban o abandono dos estudos. A estes efectos, creouse un cuestionario dirixido ao alumnado de Grao e de Dobre Itinerario.

Debido a que aplicación dunha enquisa específica ao colectivo de alumnos que abandonou a titulación non foi posible ao ser motivo de incumprimento da normativa sobre protección de datos de carácter individual, o cuestionario administrouse ao alumnado de Grao e de Dobre Itinerario e nel incluíronse preguntas sobre tres aspectos: (1) se a persoa enquisada coñecía a algún/a compañeiro/a que decidise abandonar o título; (2) en caso afirmativo, se se trataba dun/a estudante de Grao ou de Dobre Itinerario e (3) os principais motivos da decisión de abandono. A mostra enquisada estivo composta por 244 estudantes (214 de Grao e 30 de Dobre Itinerario). Deles, 88 casos estaban en primeiro curso,

70 en segundo, 38 en terceiro e 48 en cuarto. Os resultados obtidos foron os seguintes:

- Un 87% dos enquisados coñecía a alguén que tomara a decisión de abandonar o título.
- De entre as respostas afirmativas á primeira pregunta, un 76% dos que decidiron abandonar cursaban o Grao e un 24% o Dobre Itinerario.
- Os motivos de abandono dividíronse do seguinte modo:



Tal e como se reflicte no gráfico de sectores, a resposta máis repetida foi que a titulación non satisfacía as expectativas dos alumnos (39%), seguida da preferencia por cursar outra titulación, cun 26% das respostas. Ambas opcións suman o 65% dos casos. A terceira causa máis citada foi a obtención de resultados académicos por debaixo dos obxectivos marcados (18%). Ao analizar de forma específica a resposta “Preferencia por outros estudos”, comprobouse que a titulación máis demandada polo alumnado que abandona é o Grao de Dereito (47% dos casos). Este é un dos motivos que explica a elevada taxa de abandono por parte do alumnado de Dobre Itinerario. Esta resposta tamén se puido constatar nas conversacións mantidas directamente con docentes da Facultade de Relacións Laborais. Por detrás do Grao en Dereito, un 10% decide cursar estudos de formación profesional, un 9% Traballo Social, unha 4% Administración e Dirección de Empresas, un 4% decide opositar aos corpos de seguridade do estado, un 3% opta por estudar Maxisterio e un 23% seleccionou a resposta “outros motivos”.

Os resultados da enquisa evidencian que as taxas de abandono referidas ao Grao e ao Dobre Itinerario están parcialmente motivadas por causas sobre as que a Facultade non ten capacidade de actuación. Con todo, dende ambos os centros viñéronse realizando esforzos para corrixir esta situación. Así, no curso académico 2022-2023 procedeuse a crear e difundir material audiovisual profesional sobre o título e as súas saídas académicas para que o alumnado coñeza a titulación antes de decidir en que título matricularse (ver Acción de Mellora [GRL-AM1, Santiago – 2020-2021, diferida ao curso 2022-2023](#)).

Do mesmo xeito, no curso 2022-2023 realizáronse reunións cos representantes do alumnado e delegados de clase para coñecer potenciais casos de intencións de abandono e administrouse unha enquisa a todo o alumnado do título para coñecer os problemas e dificultades que se atopan á hora de cursar o Grao [Acción de Mellora [GRL-AM1 \(Santiago – 2021-2022\)](#)] e así proceder a súa solución. Mediante esta enquisa, detectouse un problema de solapamento entre varias materias de Grao ao que se deu solución mediante o deseño e aplicación dunha acción de mellora adicional, a Acción de Mellora [GRL-AM2 \(Santiago – 2021-2022\)](#). Como xa se explicou máis arriba, esta acción de mellora consistiu na análise exhaustiva dos programas de todas as materias de Grao e a identificación daqueles contidos que podían solaparse entre distintas materias. Unha vez identificados, o Decanato do centro e a Coordinación da Titulación reuníronse cos/as coordinadores/as das materias afectadas para a análise do problema e a modificación do contido afectado. A continuación, cando o período de modificación das programacións docentes se abriu de acordo con a Programación Académica Anual, procedeuse a introducir as modificacións acordadas nos programas das materias modificadas.

Por último, é importante destacar a creación da acción de mellora [GRL-AM2 \(Santiago - 2023-2024\)](#) que expón a necesidade de deseñar un novo Plan de Estudos para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. O plan actualmente vixente, aprobado no ano 2011, require unha revisión profunda á luz dos cambios experimentados pola

sociedade nos últimos anos, así como das novas esixencias académicas, profesionais, investigadoras e sociais. Esta actualización resulta imprescindible para garantir a pertinencia, calidade e proxección do título no contexto actual. Por este motivo, xa se deu inicio ao proceso de modificación substancial do título e elaborouse un novo Plan de Estudos que se atopa en trámite para poder ser implantado no curso académico 2026-2027.

Espérase que a concepción do novo título contribúa ao fortalecemento das taxas e indicadores de calidade e á mellora efectiva de aqueles outros puntos susceptibles de mellora como son algunhas das taxas descritas neste apartado; a taxa de graduación, a duración media dos estudos ou as taxas de abandono do alumnado.

Por último, deseñouse unha acción de mellora, de aplicación conxunta co centro adscrito de Lugo, a [GRL-AM2 \(Santiago e Lugo - 2021-2022\)](#) que ten por obxecto informar da existencia e as funcións das figuras de Coordinadores de Curso, Coordinador de Grao, o alumnado titor e os/as representantes estudiantís como recursos de apoio e orientación, realizar unha enquisa anónima aos/as estudantes para identificar factores de risco de abandono e a realización dunha reunión presencial entre o equipo directivo e o alumnado que manifestase dificultades no seguimento do grao ou expresase intención de abandono, co obxectivo de analizar a situación.

O indicador 51 (In51) reflicte os datos da taxa de idoneidade na graduación, entendida como a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e o seu cohorte de ingreso. Como se observa na táboa inferior, os datos referidos ao Grao flutúan entre os distintos cursos académicos, con porcentaxes que roldan o 20% nos cursos 2018-2019, 2020-2021 ou 2023-2024 e con porcentaxes superiores, alcanzando un 46.05% no curso 2021-2022. A taxa de idoneidade do Dobre Itinerario foi do 21.05 no curso 2023-24.

In51 - Taxa de idoneidade na graduación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	18.28	27.03	19.54	46.05	24.05	18.18
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	-	-	-	42.11	37.50	21.05

A taxa de eficiencia ou rendemento dos egresados expresa a relación porcentual entre o número de créditos que superou un estudante ao longo da titulación da que é egresado e o número total de créditos nos que se matriculou. O indicador 53 referido a esta taxa (In53) aparece desagregado na táboa inferior. Como se pode comprobar, os datos son moi positivos tanto no caso do Grao como no do Dobre Itinerario. No caso do Grao a táboa describe unha evolución relativamente constante, pasando o 80% que se establece na Memoria de Verificación do Título en todos os cursos analizados da serie. Concretamente, no curso 2023-2024 a taxa de eficiencia foi do 80.5%. No caso do Dobre Itinerario do a taxa foi do 90.73%, un dato moi semellante aos de cursos anteriores.

In53-Taxa de eficiencia (rdto. egresados)	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	86.37	80.65	80.50	87.37	84.35	80.50
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	-	-	94.86	94.92	94.21	90.73

2.1.5 Indicadores de Satisfacción, Necesidades e Expectativas, Queixas e Suxestións coa Titulación

2.1.5.1. Satisfacción de Alumnos e Profesores coa Titulación

Os informes 22 e 23 describen o grao de satisfacción dos estudantes e profesores coa titulación. No caso do Grao en RRL e RRHH o informe 22 (Inf.22_23-24) indica que, en promedio, o alumnado está satisfeito coa titulación, cunha puntuación global de 3.39, un dato moi similar ao obtido nos cursos académicos precedentes (3.16 no curso 2022-2023, 3.31 no 2021-2022 e 3.43 no 2020-2021). Os aspectos cos que o alumnado se atopa máis satisfeito son a utilidade do campus virtual (3.63), os trámites de matriculación (3.76), a atención prestada polo persoal de administración e servizos (3.80), os horarios (3.83), a información proporcionada e dispoñible sobre a titulación e os recursos educativos dispoñibles (3.40 en ambos os casos). Non houbo ningún aspecto avaliado nesta enquisa de satisfacción no que se obtivese unha puntuación inferior a 3.

A valoración global do alumnado do Dobre Itinerario é de 2.46, unha puntuación que supera lixeiramente a obtida no curso académico precedente (2.29). Os aspectos máis altamente valorados foron os recursos educativos dispoñibles (3.33), a utilidade do Campus Virtual (3.33) e as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro (3.22). Os aspectos que tiveron unha menor puntuación foron os horarios, a carga de traballo e o sistema de organización do itinerario.

Estes temas recibiron especial atención por parte da dirección das dúas Facultades involucradas: a Facultade de Relacións Laborais e a Facultade de Dereito. Cada ano, ambos os centros fan un esforzo particular na organización das materias, priorizando ao alumnado do Dobre Itinerario na confección dos horarios, que tamén son os do alumnado regular de Grao. O obxectivo é evitar solapamentos entre as materias que deben cursar e facilitar unha estrutura curricular o máis beneficiosa posible. Con todo, a característica distintiva do Dobre Itinerario é cursar dous títulos de maneira simultánea, sen existir a posibilidade de que este alumnado forme un grupo único con horarios exclusivos. Isto ocasiona que o alumnado teña que adaptarse ás restantes necesidades organizativas do Grao en RRLL e RRHH e o Grao en Dereito e teña a percepción de que, en comparación cos seus compañeiros de Grao, teñen uns horarios menos beneficiosos ou unha maior carga de traballo. Dende a Facultade de Relacións Laborais, mantivéronse reunións co alumnado do Dobre Itinerario para tratar directamente as súas inquedanzas con respecto a estes puntos específicos. Do mesmo xeito, esta cuestión foi tratada nunha reunión coa Vicerreitoría de Titulacións celebrada o 3 de febreiro de 2025 na que representantes dos centros nos que se imparten Dobres Itinerarios expuxeron as principais problemáticas existentes no desenvolvemento dos mesmos. O obxectivo desta reunión foi que a Vicerreitoría puidese coñecer as limitacións que presentan os Dobres Itinerarios tal e como están en expostos na actualidade e así poder realizar unha modificación eficiente do regulamento que regula o seu desenvolvemento e que data do ano 2015. Dende a Facultade de Relacións Laborais e a Facultade de Dereito, trasladáronse directamente todas as preocupacións do alumnado do Dobre Itinerario á Vicerreitoría.

O informe 23 (Inf.23_23-24) describe os resultados da satisfacción dos docentes coas titulacións, a satisfacción global co título é de 4 puntos, un dato moi positivo e moi semellante ao obtido en anos anteriores (3.90 no curso 2022-2023 e 4.16 no 2021-2022), o que suxire que en promedio atópanse altamente satisfeitos. De maneira específica, dos 19 aspectos avaliados, obtivéronse puntuacións superiores a 4 en 14 deles. Os profesores están especialmente satisfeitos coa atención prestada polo persoal da administración e servizos (4.41), coa utilidade do campus virtual (4.34), co calendario de exames, o equilibrio entre a docencia teórica e práctica e coa adecuación da formación en competencias profesionais dada ao alumnado (todos valorados cun 4.28), coa calidade docente do título (4.25) e cos recursos educativos dispoñibles (4.22). De todos os aspectos avaliados, o que recibiu a menor puntuación é o nivel de asistencia e implicación do alumnado con puntuación de 3.16 puntos en ambos os casos.

No caso do profesorado que imparte docencia no Dobre Itinerario, o grao de satisfacción xeral media foi de 3.85, un dato que reflicte unha elevada satisfacción e de magnitude moi parecida ao dato obtido nos cursos académicos previos (3.86 no curso 2022-2023, 4.08 no curso 2021-2022 e 3.86 no 2020-2021). Non se analizarán en maior profundidade as puntuacións dos distintos aspectos da enquisa de satisfacción debido á imposibilidade de diferenciar entre o profesorado do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e o do Grao en Dereito.

Por último, en relación a este punto, sábese que un dos factores que impacta de maneira significativa na satisfacción laboral é o recoñecemento do traballo ben feito. Así, no curso 2023-2024, o Decanato da Facultade de Relacións Laborais creou os Premios á Excelencia Académica que teñen como finalidade recoñecer e valorar a labor do profesorado, cuxa dedicación e esforzo contribúen de maneira decisiva ao fortalecemento da titulación e ao desenvolvemento do alumnado. Estes premios buscan visibilizar o bo facer docente e incentivar as boas prácticas educativas. Esta medida, aprobada pola Comisión Permanente da Facultade o 18 de marzo de 2024, establece que a adxudicación dos premios baséase nas valoracións do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia. Para optar a estes premios, o profesorado debe acreditar unha docencia mínima de 6 créditos no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, obter máis de 4 puntos nas enquisas das súas materias e ser avaliado durante, polo menos, dous cursos académicos consecutivos. Os premios son os seguintes:

- Premio á Excelencia Académica no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Profesor do ano)
- Premio á Excelencia Académica no Grao en materias de Psicoloxía, Socioloxía e Técnicas de Investigación Social
- Premio á Excelencia Académica no Grao en materias de Economía, Organización de Empresas e Informática Aplicada
- Premio á Excelencia Académica no Grao en materias de Disciplinas Xurídicas e da Historia das Relacións Laborais

2.1.5.2 Satisfacción dos Estudantes Egresados

Respecto á satisfacción dos estudantes egresados, o indicador 42 (Ind.42G_23-24) informa que os egresados do Grao están satisfeitos coa titulación, sendo a puntuación media para o curso 2023-2024 de 3.48 como se pode apreciar na seguinte táboa.

In42 - Satisfacción xeral dos egresados coa titulación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRLl e RRHH	2.90	-	3.39	3.32	3.89	3.48
D.I. en Dereito e RRLl e RRHH	-	-	3.39	3.32	-	-

O informe 9 (Inf.9_23-24) informa dos resultados de satisfacción dos estudantes que egresaron no primeiro e no segundo semestre do curso 2022-2023. Empezando polos estudantes egresados no primeiro semestre, o nivel de satisfacción media é positivo, cunha media de 3.89 puntos. Os aspectos mellor valorados foron a percepción de que o posto de traballo que ocupan no momento da avaliación está relacionado coa titulación (5), a formación teórica do título (4.67) e a utilidade da titulación para o mercado laboral (4.67). Os resultados referidos aos egresados no segundo semestre informan dunha media de 3.39 puntos, destacando a satisfacción coa formación teórica con 4.5 puntos e a percepción de que a USC é unha universidade de prestixio, cunha media de 4 puntos. No caso do alumnado egresado de Dobre Itinerario só existen datos acerca dos egresados no segundo semestre. A puntuación media de satisfacción foi de 3.4 e destacan sobre as demais as dimensións que tratan sobre a planificación, coordinación e organización (4.5) e a utilidade da titulación para o mercado laboral, a formación teórica, a capacidade de análise e o traballo en equipo, todas elas cunha media de 4 puntos.

2.1.5.3 Satisfacción do Persoal PAS

En relación a satisfacción do persoal PAS, o informe 21 (Inf.21_23-24) reporta os datos de satisfacción do persoal de administración e servizos. No centro de Santiago, participou o 100% dos empregados ($N = 2$). A puntuación do ítem “En xeral, sintome satisfeito co meu traballo” é de 5 puntos, o máximo posible, superando a puntuación media da USC de 4.04 puntos, o que indica un nivel excelente de satisfacción. A maioría dos ítems incluídos no cuestionario foron valorados coa máxima puntuación, é dicir, con 5 puntos. Os ítems que recibiron menos puntuación reportan unha media de 4.5; o que reflicta un moi bo nivel de satisfacción laboral na totalidade dos aspectos avaliados.

2.1.5.4 Queixas e Suxestións

O SGIC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora. Na páxina web da Facultade de Relacións Laborais existe un apartado específico de calidade onde se centraliza a información pública asociada a este sistema: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais/calidade>.

O SGIC permite deseñar os mecanismos necesarios para detectar as carencias da titulación e propoñer as correspondentes accións de mellora. Do mesmo xeito, os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e do profesorado desenvolvéronse no curso 2023-2024, como ven sendo habitual, conforme ao establecido.

Tamén no Centro se dispón dun sistema de queixas e reclamacións que se desenvolve segundo o establecido na normativa da USC. No curso 2023-2024, tramitáronse 2 recursos administrativos e 3 queixas e 1 suxestión correspondentes ao Grao e ao Dobre Itinerario, que integran, en total, ao redor de 550 alumnos (datos proporcionados na Memoria de actividades dá Oficina de Análise de Reclamacións). Nas seguintes táboas desagreganse as causas e resolucións dos recursos, queixas e suxestións presentadas no curso 2023-2024.

Queixas e suxerencias presentadas no curso académico 2023-2024	
GRAO EN RRLl E RRHH - SANTIAGO	
Información académica persoal (suxerencia arquivada)	1
Problemática cunha materia do Grao (queixas estimadas)	3
TOTAL	4
Estimadas	3
Desestimadas	1
DOBLE ITINERARIO EN DEREITO E RRLl E RRHH	
Problemática co Dobre Itinerario (queixa desestimada)	1

TOTAL 1
Arquivada 1

Recursos presentados no curso académico 2023-2024

GRAO EN RRLLE E RRHH - SANTIAGO

Anulación de matrícula	1
Devolución de prezos	1
TOTAL	2
Desestimados	2

Con respecto ás queixas e suxestións, no curso académico 2023-2024 rexistrouse 1 suxestión que foi arquivada e 3 queixas que foron estimadas. No caso destas últimas, o motivo foi a incapacidade temporal da docente da materia de Historia Social e das Relacións Laborais, a existencia de problemas internos da área de Historia Contemporánea e a imposibilidade desta de cubrir a docencia da materia, procedéndose á realización de varias iniciativas de actuación (p. ex., lista de espera, bolsa de emprego) que se dilataron no tempo e ocasionaron que a docencia da materia non se puidese impartir ao longo de varias semanas. Dende o Departamento de Historia pediuse desculpas reiteradas pola situación acontecida e agradecen en todo momento a labor e colaboración prestada polo Decanato da Facultade de Relacións Laborais. En canto ao estudantado de Dobre Itinerario rexistrouse unha queixa que foi arquivada.

É importante sinalar que, aínda que dous dos recursos administrativos que figuran na táboa superior foron presentados por parte do alumnado do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, estes non foron tramitados pola Facultade, senón directamente pola área académica da USC ao tratar sobre aspectos que non son vinculables ao centro. Os temas sobre os que versaban son a anulación de matrícula e a devolución de pagos realizados. Ambos os casos foron desestimados.

Co obxecto de mellorar o funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade e dos procesos vinculados ao mesmo, deseñouse unha acción de mellora específica, a acción de mellora **GRL-AM1 (Santiago 2023-2024)** consistente na revisión e actualización do Manual de Procesos do Centro, coa finalidade de mellorar a eficiencia e funcionamento dos distintos procedementos relacionados coa xestión da calidade, cuxa posta en práctica permitirán contar coa información precisa para a toma de decisións aplicadas e a mellora do título.

2.2 MÁSTER EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL

2.2.1 Desenvolvemento do Plan de Estudos e Guías Docentes

A MVT do MXDL non sufriu ningunha modificación recente que afecte á planificación do ensino, de maneira que o plan de estudos desenvolveuse no 2023-2024 conforme ao previsto na mesma. Os módulos e materias ofertadas seguen sendo os mesmos e séguense aplicando os mesmos criterios de ensino e avaliación, os cales garanten, xunto coas actividades organizadas por ambos os centros, a correcta adquisición de competencias por parte do alumnado. No curso 2023-2024, a docencia impartíuse sen ningún tipo de incidencia, seguindo o calendario e os horarios inicialmente aprobados polas respectivas Facultades.

O éxito do plan de estudos depende, en boa medida, do tamaño dos grupos, que debe ser compatible coa adquisición das competencias recollidas na MVT. Nas tres universidades existe un único grupo de docencia tanto expositiva como interactiva por materia, polo que, tendo en conta que, no curso 2023-2024, o número de alumnos de novo ingreso foi de 29 na USC, 31 na UDC e 23 na UVIGO, considérase que a existencia dun único grupo de docencia co tamaño descrito resulta axeitado para o correcto desenvolvemento das actividades formativas.

No caso da USC, cóntase con indicadores que achegan información adicional sobre o tamaño dos grupos, pero todos eles reflicten datos que se sitúan en torno ao número de estudantes de novo ingreso. En concreto, no curso 2023-2024, a media de alumnos por grupo de docencia interactiva (In32) foi de 29,38. Pola súa banda, a media de alumnos matriculados por grupo de teoría (expositivas) foi de 30 nas materias de formación básica e obrigatoria (In55) e de 28,67 nas materias optativas (In56).

2.2.2 Coordinación da Titulación

O máster en Xestión e Dirección Laboral conta con diversos mecanismos de coordinación docente que permiten analizar o desenvolvemento do plan de estudos e a adquisición de novas competencias por parte do alumnado. Así, cada unha das universidades integrantes do Máster conta cunha Comisión Académica local e a Coordinación Xeral do Máster é asumida pola Coordinación local da USC.

Nos últimos anos, e seguindo as recomendacións da Comisión de Avaliación do informe de renovación da acreditación e dos distintos informes de seguimento, desenvóléronse accións para mellorar tal coordinación. Así, optouse por descentralizar as funcións de coordinación das ‘Prácticas’ e do ‘Traballo Fin de Máster’, para garantir un mellor seguimento destas dúas materias de contido transversal e cuxa impartición involucra a un maior número de profesorado e titores, internos e externos.

Unha das principais formas de garantir a coordinación tanto profesorado-alumnado como dos alumnos entre si, é a utilización da ferramenta do Campus Virtual de Coordinación como complemento da ensinanza nas materias impartidas na titulación.

A Coordinación do MXDL na USC saca o máximo proveito á utilización do Campus Virtual de Coordinación como ferramenta central de comunicación co persoal PDI, PAS e alumnado. O Campus Virtual de Coordinación pon a disposición foros de debate e discusión para comentar calquera aspecto referido ao título e ao ensino. No curso 2023-2024, informouse a través desta canle de distintas cuestións, como, por exemplo, a aula na que se desenvolverían as clases, a celebración da Conferencia inaugural do Máster, a designación dos representantes do alumnado na Comisión académica do título ou, entre outras, información sobre xornadas que se levaron a cabo na Facultade de Relacións Laborais, como, por exemplo, un taller sobre competencias comunicativas.

Tratándose dun Máster interuniversitario, os mecanismos de coordinación entre as tres Universidades nas que se imparte o título resultan fundamentais. A estes efectos, a Comisión Académica Interuniversitaria do Máster en Xestión e Dirección Laboral, integrada polo Decano e pola Responsable da Unidade de Xestión Académica de Centro e Departamentos da Facultade de Relacións Laborais da USC, así como polos Coordinadores do Máster en cada unha das tres sedes, é a encargada, entre outras funcións, de coordinar o desenvolvemento do plan de estudos nas tres universidades.

A continuación, faise unha análise daqueles aspectos nos que se detectaron maiores dificultades de coordinación entre as tres sedes, así como das medidas que se puxeron en práctica para liquidalas.

En primeiro lugar, a Comisión de Avaliación do informe de seguimento do curso 2022-2023 recomenda seguir insistindo na utilidade de unificar os indicadores de satisfacción nas tres universidades. A este respecto, cabe sinalar que, nos últimos cursos académicos xa se implementaron diferentes accións para mellorar este aspecto. De feito, deseñouse un Plan de mellora PM3 para os cursos 2019-2020 e 2020-2021, que tiña como obxectivo a elaboración dunha listaxe de indicadores do Sistema de Garantía de Calidade que permita comparar os resultados nas tres sedes. Con todo, aínda que houbo avances importantes, non lograron alcanzarse todos os obxectivos fixados, xa que, tal e como recoñece a propia Comisión de Avaliación do informe de seguimento do curso 2022-2023, a unificación dos citados indicadores é algo que excede das competencias da Comisión Interuniversitaria. Con todo, no curso 2023-2024, deseñouse unha Acción de mellora **MXDL-AM9 (2022-2023)**, que se incluíu no informe para a renovación da acreditación 2023-2024, que se iniciou en maio de 2024 e que está previsto que finalice en xuño de 2025. O obxectivo desta acción de mellora consiste en obter información sobre os indicadores de maior relevancia da sede de Vigo. A responsable do obxectivo é a Comisión Interuniversitaria.

En segundo lugar, con respecto á coordinación entre as materias comúns das tres universidades, a Comisión de Avaliación do informe de seguimento do curso 2022-2023 tamén recomenda, conforme ao sinalado no último informe de acreditación, seguir traballando para homoxeneizar as guías docentes das tres sedes. Sobre este aspecto xa se realizou unha Acción de mellora **MXDL-AM1 (Plan de Melloras da Renovación da Acreditación 2019)**, cuxo obxectivo consistía en incrementar a coordinación entre as tres sedes da titulación no referente ás competencias e sistemas de avaliación das materias comúns. Para iso, pretendíase revisar a memoria e as guías docentes e chegar a acordos sobre prácticas comúns. Dita acción de mellora desenvolveuse ao longo dos cursos 2020-2021 e 2021-2022. Os traballos para unificar os programas das materias comúns, sen vulnerar a liberdade de cátedra, definindo os contidos xerais de cada materia dentro dos cales o docente organizará as súas leccións ou temas como considere, presentaron especiais dificultades, por iso é polo que a ACSUG considerou que os esforzos realizados non foron suficientes e recomendou seguir traballando niso, xa que o grao de consecución do obxectivo exposto foi parcial. En particular, a homoxeneización vese condicionada polo funcionamento autónomo de cada universidade en canto a organización en materia académica, porque os tempos de aprobación das programacións docentes e de asignación de profesores non coinciden e porque existe unha necesidade de consenso que puiden chocar coa liberdade de cátedra. En todo caso, para unificar os contidos das materias que se imparten no módulo común nas tres universidades e asegurar que respondan

ao especificado na MVT, deseñouse a Acción de mellora **MXDL-AM11 (2023-2024)**.

2.2.3 Perfil Real do Alumnado

2.2.3.1 Perfil Real do Alumnado de Ingreso

O número de prazas ofertadas de novo ingreso (In01) en cada curso académico nas tres Universidades nas que se imparte o Máster en Xestión e Dirección Laboral axústase ao establecido na Memoria Verificada do Título (MVT) e mantívose estable, en 30 prazas en cada sede, dende o curso 2019-2020, o que suma un total de 90 prazas.

In01 - Prazas ofertadas	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Media do MXDL	90	90	90	90	90
MXDL - Sede de Santiago de Compostela	30	30	30	30	30

A matrícula global no MXDL (In02) non experimentou variacións importantes ao longo dos últimos cursos. Veuse consolidando unha tendencia á alza nas tres sedes, motivada, principalmente, como se verá despois, polo número de estudantes que non defenden o Traballo de Fin de Máster (TFM) no curso académico no que se matriculan por primeira vez. En concreto, no itinerario impartido en Santiago, a matrícula global no curso 2023-24 aumentou lixeiramente respecto ao curso 2022-2023, ascendendo de 44 a 49 alumnos matriculados.

In02 – Matrícula Global	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MXDL - Sede Santiago de Compostela	46	42	41	44	49

Respecto ao número de estudantes que se matriculan por primeira vez neste título, en ningún momento a cifra descendeu dos 60 alumnos de novo ingreso no Máster nos últimos anos. So do mesmo xeito que ocorre coa matrícula global, varía levemente en función do curso académico. Na sede de Santiago, apréciase unha tendencia ao aumento nos últimos anos. Tras unha lixeira baixada no curso 2020-2021, seguramente motivada polos efectos derivados da pandemia provocada polo COVID-19, sempre se superaron os 20 estudantes de novo ingreso. En concreto, dende o curso 2021-2022, o número de novos matriculados veu aumentado, ata alcanzar, no curso 2023-2024, os 29 matriculados. Trátase da cifra máis elevada do últimos cinco cursos académicos.

In03 - Matrícula de acceso	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Media do MXDL	72	76	74	63	83
MXDL - Sede de Santiago de Compostela	22	17	25	24	29

Os datos referidos á taxa de ocupación (In12M), foron moi elevados e aumentaron respecto ao curso 22-23. Na sede de Santiago a taxa de ocupación situouse no 96,67%, e só quedou sen cubrir 1 das 30 prazas de novo ingreso ofertadas.

In12 - Taxa de ocupación	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MXDL - Sede Santiago de Compostela	73.33	56.67	83.33	80	96.67

Seguindo co indicador (In06), a nota media de acceso por preinscripción mantívose, de maneira estable, por encima de 6 na sede de Santiago nos últimos cinco cursos académicos e no curso 23-24 superouse 7 o que pon de manifesto que o Máster atrae, sobre todo, a alumnado que obtivo unha cualificación de Notable na titulación que lle dá acceso á titulación de posgraduado. Este é un dato sumamente positivo xa que indica un bo nivel académico no alumnado que decide matricularse no itinerario da sede de Santiago.

In06 - Nota media de acceso por preinscripción	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MXDL - Sede Santiago de Compostela	6.88	7.09	7.20	7.36	7.36

Centrándonos no perfil de ingreso do alumnado que accede ao título de MXDL, o perfil de ingreso recomendado (ou as titulación preferentes), tal é como se especifica na MVT, son os Graduados en Relacións Laborais e Recursos Humanos, Graduados Sociais, Diplomados en Relacións Laborais e Licenciados en Ciencias do Traballo. No que respecta ao acceso ao Máster, ao non existir condicións ou probas de acceso especiais, tampouco un procedemento de adaptación, os graduados, diplomados ou licenciados ingresan seguindo o proceso ordinario de admisión. Isto provoca que, aínda que o alumnado proceda basicamente da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, tamén curse o título alumnado procedente doutras ramas afíns tales como Empresa, Economía, Políticas ou Socioloxía e está pensado, igualmente, para ser accesible a titulados nacionais como estranxeiros.

Na seguinte táboa reflíctese a titulación de procedencia dos estudantes de novo ingreso na sede de Santiago para o curso académico 2023-24:

I2 – Titulación de procedencia estudantes novo ingreso

Sede de Santiago

Ciencia Política e da Administración	4
Dereito	3
Pedagogía	1
Relacións Laborais e RRHH	15
Socioloxía	3
Traballo Social/Educación Social	1
Resolución reitoral de equivalencia	2

Tal e como pode apreciarse, na sede de Santiago, a titulación de procedencia da maior parte dos estudantes de novo ingreso correspóndese coas que se consideran titulacións preferentes. En concreto, 15 dos 29 alumnos eran Graduados en Relacións Laborais e Recursos Humanos. A segunda titulación máis frecuente foi o Grao en Ciencia Política e da Administración (4), o Grao en Dereito (3) e o Grao en Socioloxía (3), titulacións que pertencen ao ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas e, que, por tanto, considérase que proporcionan as competencias necesarias ao alumnado para profundizar, durante o Máster, no estudo da Xestión e Dirección Laboral. Por último, do mesmo xeito que en cursos anteriores, dous dos alumnos procedían doutras titulacións como o Grao en Pedagogía (1) e do Grao en Traballo Social (1), nos que tamén é posible apreciar conexións coa especialización obtida no Máster.

Tal e como pode apreciarse, a variedade de titulacións previas, aínda que todas elas enmarcadas, en maior ou menor medida, dentro de áreas afíns, correspóndese coa natureza multidisciplinar do MXDL. Isto fai que exista unha gran diversidade na aula, o que, sen dúbida, achega diferentes perspectivas e unha complementariedade de enfoques na análise da Xestión e Dirección Laboral.

En canto á orixe xeográfica do alumnado de novo ingreso no curso 2023-2024, o alumnado de novo ingreso procede principalmente de España e, concretamente, da Comunidade Autónoma de Galicia. A continuación, nas seguintes táboas, preséntase a información sobre a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados na sede de Santiago (In08), de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre os matriculados (In09) e sobre os matriculados no Máster que son titulados da propia universidade (In13).

Na sede de Santiago, o informe sobre procedencia xeográfica do alumnado (Inf.16_23-24) indica que, do total de matriculados no Máster (49), 4 eran estranxeiros, o que representa un 8,16% do total. Non obstante, no In08, a porcentaxe que aparecía era do 10,2%, o que indicaría que eran 5 en lugar de 4 os estudantes estranxeiros. Na medida en que o dato máis actualizado é o que figura no Inf.16_23-24, recalcúlouse a porcentaxe. En concreto, 2 deses 4 alumnos estranxeiros eran estudantes de novo ingreso e procedían de Colombia. Os outros dous alumnos, que tiñan pendente o TFM e algunha outra materia, eran de Chile e Perú.

Este dato reflicte, no caso do itinerario de Santiago que, despois dun incremento importante nos cursos 2019-2020 e 2020-2021, a porcentaxe de alumnos estranxeiros respecto do total de matriculados permaneceu estable dende o curso 2021-2022, o que pon de manifesto que o título suscita interese máis aló das fronteiras españolas e, sen dúbida, é un aspecto positivo. En concreto, e tendo en conta as facilidades en relación co idioma, o Máster neste itinerario atrae, especialmente, a alumnado procedente de América Latina.

In08 - % de estudantes estranxeiros sobre matriculados

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
--	---------	---------	---------	---------	---------

MXDL - Sede Santiago de Compostela	19.57	19.05	7.32	9.09	8.16
------------------------------------	-------	-------	------	------	------

En canto á procedencia dos estudantes nacionais, na USC, o informe 16 (Inf.16_23-24) pon de manifesto que, 40 dos 45 estudantes nacionais proceden de Galicia. Os 5 estudantes de fóra da Comunidade autónoma galega proveñen de Asturias, o que representa un 10,2% do total. Neste sentido, a capacidade do MXDL para atraer a alumnado procedente de fóra de Galicia foi aumentando dende o curso 2019-2020 ata o 2021-2022, cando alcanzou unha porcentaxe máis elevada (19,51%). Dende entón, o número de estudantes doutras zonas de España mantívose estable en torno ao 10%, o que, sen dúbida, é algo positivo e pon de manifesto que o título resulta atractivo e tamén é valorado favorablemente noutras comunidades autónomas.

In09 - % de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre matriculados	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MXDL - Sede Santiago de Compostela	8.70	9.52	19.51	13.64	10.20

Polo que se refire á porcentaxe de matriculados que proceden da propia Universidade, no caso do itinerario de Santiago (In13), a maioría dos matriculados no Máster, en concreto, o 65,31%, son titulados da USC, e esta cifra mantívose estable dende o curso 2019-2020. Poñendo en relación este dato co da titulación de procedencia dos estudantes de novo ingreso, ao que xa se fixo referencia, a maior parte dos titulados proveñen o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (15). Isto pon de manifesto que os egresados do Grao teñen interese en completar os seus estudos e seguir formándose na mesma Facultade. O resto dos titulados cursaron o Grao en Ciencia Política e da Administración (4), Dereito (1), Pedagogía (1) e Traballo Social (1).

In13 - % de matriculados que son titulados da propia universidade	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MXDL - Sede Santiago de Compostela	63.04	52.38	60.98	65.91	65.31

2.2.3.2 Perfil Real do Alumnado de Egreso

No que respecta o perfil do alumando egresado do MXDL para a sede de Santiago, a información da inserción laboral dos titulados no Máster obtívose do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU) da Secretaría Xeral de Universidades (Inf. EIL.ACSUG_23_24). Non obstante, os datos dispoñibles máis recentes correspóndense á cohorte de egresados 13-14, nos que se facilita información dun total de 14 dos 18 egresados nese curso académico. Os datos son moi positivos e reflectían a seguinte situación:

1. No momento da recollida dos datos, o 64.3% dos egresados estaba a traballar. De entre os egresados que non traballaban, o 14.3% sinalaba que, aínda que non traballaba no momento no que contestou á enquisa, si o facía tras finalizar o Máster. O 7.1% respondeu que estaba a buscar emprego e o 14.3% sinalou que non estaba a buscar emprego.
2. O tempo transcorrido en meses dende que terminou o Máster ata que atopou o seu primeiro emprego foi de 4.8 meses, distribuído como segue: un 18.2% atopou emprego en menos dun mes, un 27.3% tardou entre 1 e 3 meses en atopar emprego; un 9.1% tardou entre 3 a 6 meses en atopar emprego; o 9.1% tardou de 6 a 12 meses en atopar emprego, e o 9.1% tardou máis de 12 meses en atopar emprego.
3. Un 27.3% dos egresados continuou no posto de traballo que tiña antes de realizar o Máster, utilizándoo como vehículo para recibir unha formación continua necesaria para a actualización dos seus coñecementos.
4. O tempo medio (en meses) que traballaron dende que acabaron o Máster foi de 21.82 meses, coa seguinte distribución: ningún dos enquisados traballou menos de 6 meses, o 9.1% traballaron entre 6 meses e 1 ano, o 45.5% traballou de 1 a 2 anos e, tamén, o 45.5% prestou servizos de 2 a 3 anos.
5. O tempo medio traballado nun posto de traballo relacionado co Máster dende a finalización do mesmo alcanzou os 8.82 meses, que se distribúe do seguinte modo: 54.5% traballo durante menos de 6 meses, o 9.1% fíxoo de 6 meses a 1 ano. O mesmo porcentaxe traballou de 1 a 2 anos. Por último, o 27.3% prestou servizos de 2 a 3 anos.

Aínda que non se dispón de datos referidos a cohortes de estudantes máis recentes, é moi probable que datos máis actualizados reflexan un perfil de egresados similar ao descrito nos parágrafos anteriores. Dadas as características do título en termos de saídas profesionais e das características sociodemográficas do alumnado, é moi probable que, na actualidade, os alumnos egresados se caractericen por atopar un emprego relacionado coa titulación nun prazo

relativamente curto de tempo.

Por último, cabe sinalar que unha elevada porcentaxe dos titores profesionais das prácticas en empresa contrataría ao alumnado desta Titulación, outro indicador que describe a empregabilidade dos egresados. Especificamente, o Informe 7 (Inf.07_23-24) indica que o 71.43% mostráronse interesados en contratar ao estudante.

2.2.4 Aprendizaxe dos Titulados: Resultados e Rendemento

No Máster, en xeral, os niveis alcanzados en todos os indicadores son satisfactorios. As competencias, xerais e específicas, que os estudantes adquiren durante os estudos axústanse ao establecido no Real Decreto 1393/2007 (derogado polo Real Decreto 861/2010) e aos descritores do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior. A continuación, ofrécese unha visión conxunta e comparativa das principais taxas de rendemento respecto ao título e ao itinerario que se imparte na Facultade de Relación Laborais.

A taxa de graduación reflexada no indicador 37 (In37) describe a relación porcentual que existe entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e o seu cohorte de ingreso. Na MVT estimábase que fose maior do 82%. Como se pode ver na táboa, na sede de Santiago experimentou un incremento importante, de case 20 puntos porcentuais, con respecto ao curso anterior, pasando do 44% ao 62,5%. Trátase da porcentaxe máis alta dende o curso 2020-2021, no que se alcanzou a porcentaxe máis elevada (77,27%). Tras un descenso da taxa de graduación nos cursos 2021-2022 e 2022-2023 (seguramente debido ás consecuencias da pandemia da Covid-19) a porcentaxe aumentou significativamente no curso obxecto de análise, ata alcanzar o 62,5%. Así mesmo, a taxa media total supera o 50%.

In37 - Taxa de graduación	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2022-23
Media do MXDL	70.30	78.59	62.94	60.45	51.60
Sede de Santiago de Compostela	65.38	77.27	58.82	44	62.50

Os datos sobre a duración media dos estudos aparecen reflectidos no indicador 38 (In38). Tal e como se desprende dos datos recollidos na táboa inferior, nos últimos cinco cursos académicos sempre se mantivo por debaixo dos 2 anos tanto na sede de Santiago como na de Coruña e Vigo, o que se considera un dato positivo.

Especificamente, para a sede de Santiago, aínda que aumentou lixeiramente de 1.14 a 1.67 anos, a duración media deste itinerario do Máster é moi similar á da área (1,45) e á da USC (1,5) (MedUSC_23-24). Así mesmo, cabe destacar que o dato do curso 2023-2024 é o segundo máis baixo dos últimos cinco cursos académicos. Para seguir mellorando este dato, e conseguir que a citada duración se aproxime o máximo posible a 1 ano, espérase que poidan resultar beneficiosos os efectos derivados da acción de mellora **MXDL-AM8 (2022-2023)**, relativa ao TFM.

In38 - Duración media estudos	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Media do MXDL	1.6	1.45	1.37	1.4	1.6
Sede de Santiago de Compostela	1.8	1.86	1.93	1.14	1.67

Os datos da taxa de abandono, calculada segundo o RD1393/2007, descritos polo indicador 41 (In41) aparecen reflectidos na táboa inferior. Esta taxa indica a relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título académico no ano anterior e que non se matricularon nin nese curso nin no anterior. Na MVT, prevíase que a taxa de abandono estivese por debaixo do 18%.

No que respecta ao itinerario da USC, a citada porcentaxe incrementouse no curso 2023-2024, ata alcanzar o 12,5%, polo que se sitúa, lixeiramente, por encima da media da área (8.61%) e da USC (8.50%) (MedUSC_23-24). Con todo, considérase que a taxa de abandono para a sede de Santiago é aceptable, pois é inferior ao límite establecido para o título, cumprindo o requirimento dentro da MVT.

In41 - Taxa de abandono RD1393/2007	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Media do MXDL	5.20	5.58	6.58	12.40	17.76

Sede de Santiago de Compostela	7.69	4.55	11.76	8	12.50
--------------------------------	------	------	-------	---	-------

Por último, a taxa de eficiencia ou rendemento dos egresados expresa a relación porcentual entre o número de créditos que superou un estudante ao longo da titulación da que é egresado e o número total de créditos nos que se matriculou. O indicador 53 referido a esta taxa (In53M) aparece desagregado na táboa inferior e como se pode observar os datos son moi positivos na USC, alcanzando unha porcentaxe de eficiencia do 92.89%, manténdose bastante estable nos últimos anos académicos rondando ou sendo superior ao 90% en todos os casos.

In53 - Taxa de eficiencia (rdto. egresados)	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Media do MXDL	96.6	97.72	97.88	96.88	93.85
Sede de Santiago de Compostela	89.08	90.65	88.85	98.56	92.89

En todo caso, e a pesar de que os datos son satisfactorios en conxunto, dende a coordinación do MXDL, e en consonancia co indicado pola comisión de avaliación, enténdese que unha das causas que afectan a estes datos é a baixa taxa de defensa do TFM e que provoca que se arrastre a finalización dos estudos e, por conseguinte afecta a indicadores como a taxa de graduación ou a duración dos estudos. Nese sentido, coa finalidade de mellorar os indicadores de resultados vinculados á materia TFM, deseñouse a acción de mellora **MXDL-AM8 (2022-2023)**, para aumentar o número de TFM que se defenden en cada curso académico. De feito, na sede de Santiago, pode entenderse que o aumento das taxas de rendemento e avaliación do TFM no curso 2023-2024 traducíuse nun incremento da taxa de graduación. Non obstante, é necesario seguir mellorando este dato.

En resumo, a principal conclusión extraída dos datos descritos neste apartado é que os principais indicadores de demanda do título e de resultados son satisfactorios e que, para corrixir as deficiencias detectadas en aspectos específicos, como aumentar a taxa graduación ou a duración media dos estudos, estanse a desenvolver accións de mellora, **MXDL-AM8 (2022-2023)**, coas que se espera mellorar os resultados obtidos no próximo curso académico.

2.2.5 Indicadores de Satisfacción, Necesidades e Expectativas, Queixas e Suxestións coa Titulación

2.2.5.1. Satisfacción de Alumnos e Profesores coa Titulación

A continuación, resúmense os resultados dos informes 22 e 23 que amosan o grao de satisfacción do alumnado e profesorado coa titulación de MXDL da sede de Santiago. En xeral, os indicadores de satisfacción e rendemento foron favorables. Non obstante, o feito de que a que as enquisas se realizan vía internet pode ter certo efecto sobre a baixa participación polo que, nese sentido, propónse a acción de mellora **MXDL-AM10 (2023-2024)** coa finalidade de incrementar a taxa de participación destes colectivo.

No caso do alumnado, a valoración media da satisfacción coa titulación no curso 2023-24, calculada a partir dos datos recolleitos no informe 22 (Inf.22_23-24), foi de 3.9 (sobre 5) o que suxire que, en conxunto, o alumnado está satisfeito co título. Especificamente, os aspectos cos que o alumnado se atopa máis satisfeito son: 1) os trámites de matriculación; 2) a atención prestada polo persoal de administración e servizos; e 3) o campus virtual. Os aspectos valorados coa puntuación máis baixa (3 puntos) son os relativos ao TFM, tema sobre o que xa se introduciron accións de mellora. No obstante, en tódolos casos a valoración foi de 3 ou máis o que indica que, a pesar de ser o punto con menor satisfacción, esta sitúase igualmente na media da escala. En todo caso, é importante resaltar que estes datos deben ser tratados con cautela, xa que, no curso 2023-2024, a taxa de participación na enquisa foi do 14.71%, o que supón unha participación baixa, aínda que volve producirse (por segundo ano consecutivo) un lixeiro incremento de participación respecto ao curso pasado, no que se situou no 12,50%. Neste sentido e coa finalidade de incrementar a taxa de resposta do alumando nas enquisas de satisfacción deseñouse a acción de mellora **MXDL-AM10 (2023-2024)**. Cabe resaltar que esta acción de mellora aplicárase nas tres sedes da titulación coa finalidade de mellorar os datos de participación nos tres itinerarios.

Respecto aos resultados do informe 23 (Inf.23_23-24) sobre a satisfacción dos docentes coa titulación do MXDL, o nivel medio de satisfacción, foi aceptable e situouse en 3.98 puntos, este dato reflexa a elevada satisfacción do cadro docente coa titulación na sede de Santiago. Os profesores están especialmente satisfeitos con: 1) a utilidade do campus virtual (4.71); 2) a información sobre a titulación (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos etc. (4.43); e 3) os recursos educativos dispoñibles (4.29). Pola outra banda, o aspecto coa puntuación máis baixa (3.57) refírese á

percepción da satisfacción do alumnado coa titulación. Neste colectivo, a taxa de participación foi do 41.18%, o que representa un importante incremento respecto ao curso 2022-2023, no que se situou no 25%. É dicir, mellorou substancialmente a porcentaxe de participación respecto do curso académico pasado, un dato que tamén se valora moi positivamente.

2.2.5.2 Satisfacción dos Estudantes Egresados

Con respecto á satisfacción do alumnado egresado do MXDL no itinerario de Santiago, aínda que non existe, para o curso 2023-2024, un indicador específico que mida a satisfacción dos egresados, o Informe 9 (Inf.09_2ºS_23-24), elaborado no curso académico 2023-2024, recolle información xeral sobre os egresados que egresaron no 2º semestre do curso 2022-2023. Especificamente, ese informe recolle que a valoración media obtida foi de 3.46 (nun rango de valoración das preguntas de 1 a 5) o que indica un elevado nivel de satisfacción neste colectivo. Cabe destacar a alta puntuación que os egresados outorgan á formación teórica recibida nos estudos de Máster, que alcanza o 4.5, puntuación que se atopa por encima da global, que é de 3.49. Así mesmo, puntúan cun 4 (sobre 5) aos docentes do Máster, puntuación tamén superior á media global, e ao traballo en equipo que desenvolveron. Os egresados outorgan 3 puntos tanto á relación existente entre o traballo que estaban a realizar no momento da recollida dos datos e á utilidade da titulación para o mercado laboral. En todo caso, unha vez máis, estes datos deben ser analizados con cautela, pois a taxa de resposta foi moi baixa, xa que só 2 do total de 13 persoas convidadas a cubrir a enquisa o fixeron, o que supón unha taxa de participación do 15.38%. A acción de mellora **MXDL-AM10 (2023-2024)** pretende mellorar tamén a taxa de resposta nas enquisas de satisfacción nos egresados da titulación.

2.2.5.3 Satisfacción do Persoal PAS

O informe 21 (INF.21_23-24) reporta os datos de satisfacción do persoal PAS para a sede de Santiago de Compostela. Na enquisa participaron o 100% das empregadas (N = 2) e a valoración media, calculada a partir dos datos do informe, é de 4.9 sobre 5. En concreto, a valoración media do ítem “En xeral, síntome satisfeito co meu traballo” é de 5 (superior á media da USC: 4.04), o que indica que as traballadoras están altamente satisfeitas. A maior parte dos ítems específicos do cuestionario valoráronse coa máxima puntuación de 5. Só tres deles recibiron unha puntuación inferior, pero, igualmente, moi alta de 4.5. Trátase dos aspectos relacionados coa coordinación con outras unidades da universidade, a motivación no traballo e as condicións de traballo (salario, horarios e organización).

2.2.5.4 Queixas e Suxestións

Respecto ás queixas e reclamacións, ao igual que nos cursos pasados, non se presentou ningún recurso desta natureza vinculado ao MXDL na Facultade de Relacións Laborais (sede de Santiago), o que indica que o alumnado non amosou este ano desconformidade co desenvolvemento nin coa xestión dos procesos administrativos desta titulación no centro de referencia.

2.3 MÁSTER EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS E PSICOLOXÍA XURÍDICA-FORENSE

2.3.1 Desenvolvemento do Plan de Estudos e Guías Docentes

Como xa se indicou noutras seccións desta memoria, o instrumento que asegura a axeitada planificación e organización do ensino e as actividades formativas é o Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) de cada centro, a través da continua revisión e mellora das guías docentes. Ditas guías operacionalizan o seguimento continuo das competencias desenvolvidas en cada materia, así como a avaliación do grao de adquisición das mesmas a través da definición do correspondente sistema de avaliación. De acordo con este sistema, as guías docentes son revisadas todos os anos e actualizadas polo profesorado do MPTOXF. Publicítanse na web da USC e son facilmente accesibles para todos os grupos de interese.

En liñas xerais, a oferta e impartición dos módulos e materias é a prevista na MVT. A MVT non sufriu ningunha modificación recente que afecte á planificación do ensino, de maneira que o desenvolvemento das actividades académicas, a aplicación das metodoloxías docentes, os sistemas de avaliación e cualificación correspóndense co establecido na MVT e permiten a consecución das competencias descritas. Con todo, tras os comentarios recollidos no informe provisional de seguimento emitido pola AGSUG, respecto do informe de seguimento do Máster 2022-2023, púidose detectar que, para certas materias, a información recollida nas guías docentes publicadas non se corresponde

totalmente co establecido na MVT (por exemplo, sistema de avaliación, actividades formativas). Neste sentido, cabe sinalar que os profesores das diversas materias onde se detectaron estas discrepancias informaron que se debe a actualizacións dos programas, pero que en esencia non afecta o fondo dos contidos das materias reflexados na MVT, e por extensión, tampouco afecta á adquisición de competencias alí descritas. A pesar de todo iso, e seguindo as recomendacións dos avaliadores, actualmente dende a coordinación do MPTOXF estase a levar a cabo unha revisión exhaustiva dos programas e guías docentes das materias e contactouse co profesorado das materias afectadas para que o próximo curso haxa un axuste total entre as guías docentes publicadas na web da USC e a información recollida na MVT en canto ás competencias, actividades formativas e os sistemas de avaliación de cada materia. Para dar cumprimento a esta recomendación estableceuse unha nova acción de mellora [véxase a acción de mellora [MPTOXF-AM1 \(2023-24\)](#)].

En relación co tamaño dos grupos de estudantes e a súa adecuación ás actividades formativas, o indicador 55 (In55) reflicte a media de estudantes matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas). Como se pode observar na seguinte táboa, nos últimos cursos académicos, o tamaño dos grupos veuse incrementando lixeiramente (aínda que con mínimas variacións), sempre en consonancia co número de prazas ofertadas para ese curso académico. Así, no curso 2021-2022 a media de alumnos por grupo de expositivas era de 24, no curso 2022-2023 de 25 estudantes e no curso 2023-2024 de 27.25 estudantes.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In55 – Media estudantes matriculados en materias FB e OB por grupo teoría (expositivas)	23.75	31.0	24.0	25.0	27.25

Pola súa banda, o indicador 56 (In56) sintetiza a media de estudantes matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas). Este indicador mostra lixeiras fluctuacións ao longo dos cursos académicos, aínda que o tamaño oscila entre 8 estudantes (no menor dos casos) e 13 (no maior dos casos). Cabe resaltar que a diferenza que se observa entre o indicador 56 e 55 por curso académico é debido a que nas materias optativas téndense a matricular en cada especialidade en torno a metade dos estudantes totais que se matriculan no MPTOXF. Os datos para o indicador 56 pódense observar na seguinte táboa:

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In56 – Media estudantes matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas)	8.2	13.7	10.2	8.7	11.2

Ambos indicadores suxiren tamaños de grupos de docencia reducidos que permiten un ensino máis personalizado e próximo que facilita a aprendizaxe do alumnado, como así o reflicten os resultados de aprendizaxe que se describen no correspondente criterio deste informe (véxase punto 2.3.4 desta directriz), permitindo dinamizar a docencia e interacción entre o alumnado e o profesorado.

En resumo, a oferta e impartición dos módulos e materias é a prevista na MVT. A MVT non sufriu ningunha modificación recente que afecte á planificación do ensino, de maneira que o desenvolvemento das actividades académicas, a aplicación das metodoloxías docentes, os sistemas de avaliación e cualificación correspóndense co establecido na MVT e permiten a consecución das competencias descritas. Con todo, propónse igualmente a acción de mellora [MPTOXF-AM1 \(2023-24\)](#) seguindo as recomendacións dos avaliadores para o autoinforme de seguimento 2022-2023.

2.3.2 Coordinación da Titulación

O máster recolle diversas figuras dentro do rol de coordinadores que fan máis fácil a coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos e entre as dúas especialidades que oferta a titulación. Entre elas, destacamos: (1) o Coordinador/a do Plan de Acción Titorial (PAT); (2) o Coordinador/a da Especialidade; e (3) o representante dos estudantes.

O PAT do título conta cun coordinador xeral e un coordinador por especialidade (véxase a Figura 1). A interlocución destes coordinadores co coordinador do máster fai máis fácil a detección precoz de incidencias que afectan a todo o

título, dado que a acción tutorial, ademais de levar a cabo accións colectivas, asume os aspectos académicos, profesionais e persoais dos estudantes de forma individualizada. Os principais obxectivos do PAT son os seguintes:

- Incrementar a satisfacción do alumnado e asegurar que alcance o nivel de coñecemento acorde a súas expectativas e preferencias.
- Incrementar as destrezas do alumnado para optimizar o seu rendemento académico.
- Programar actividades que lle permitan ao alumnado adquirir competencias transversais.
- Potenciar o desenvolvemento de actividades curriculares alternativas adaptadas ás preferencias e necesidades do alumnado e que complementen a súa formación.
- Atender as circunstancias persoais do estudante en canto á súa influencia no rendemento académico.

Dende o PAT levan a cabo actividades xerais que están dirixidas a todos os estudantes do máster e outras máis específicas para cada especialidade. As accións xerais son responsabilidade do coordinador xeral do PAT e entre elas destacan: dar difusión e publicidade do máster, asesorar para a formalización da matrícula, acollida e benvida dos estudantes tanto grupal coma individualmente (entrevistas), orientación e tutorías aos estudantes con algún tipo de necesidade específica ou que sexan doutros países ou comunidades, identificar as necesidades do grupo e planificar a atención ás mesmas, distribuír os estudantes por especialidades e coordinar e planificar a atención ós mesmos, organizar actividades xerais que complementen a formación (p. ex., competencias transversais, preparación do currículo, presentación a entrevistas de traballo e procura de emprego), orientación sobre posibilidades de mobilidade e intercambio de estudantes, información sobre bolsas de traballo e prácticas en empresas, orientación en xeral sobre o TFM, orientación e sensibilización dos estudantes na participación de congresos científicos, seminarios, xornadas ou cursos de formación complementaria. As accións específicas dentro de cada especialidade son responsabilidade dos coordinadores de especialidade do PAT e entre elas destacan: dar orientación, axudar a incrementar o rendemento académico e a orientarse para unha mellor inserción profesional, dentro dun marco de confidencialidade e respecto da súa autonomía. Igualmente, oriéntase aos estudantes que estean interesados na carreira científica. Neste sentido, o máster conta cun acceso directo ao Programa de Doutoramento en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario e ao Programa de Doutoramento Interuniversitario de Relacións Laborais e Recursos Humanos (especialidade en Psicoloxía do Traballo, as Organizacións e as Relacións Laborais), coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela e coa participación das Universidades da Coruña, Oviedo e Zaragoza.




Figura 1. Estrutura xeral do PAT.

Pola súa parte, o coordinador/a da especialidade é un profesor/a de cada especialidade que asume a labor de coordinar e planificar os aspectos académicos vinculados á esta. Do mesmo modo, cada especialidade conta cun representante do estudantado que forma parte da CAM. Estes representantes son elixidos por votación entre todo o alumnado ao principio de cada curso. A representación do alumnado na CAM tamén se considera un mecanismo áxil de análise da coordinación intra e inter-materias.

No seu conxunto, estes roles de coordinación conforman os mecanismos de coordinación horizontal e vertical das diferentes materias de cada especialidade, evitando así duplicidades ou lagoas nos contidos.

2.3.3 Perfil Real do Alumnado

2.3.3.1 Perfil Real do Alumnado de Ingreso

O número de prazas de novo ingreso ofertadas para os diferentes cursos académicos en que se impartiu o Máster axustouse sempre ao establecido na Memoria de Verificación do Título (MVT), ofertándose polo menos 25 prazas de novo ingreso (véxase o indicador In01). Con todo, a Comisión Académica do Máster (en diante a CAM), aprobou solicitar para o curso académico 2022/2023 un número superior de prazas de novo ingreso (pasouse de 25 a 27). Esta solicitude presentouse na Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, onde se decidiu aprobar esa petición. Deste xeito, nos dous últimos cursos académicos o número de prazas de novo ingreso ofertadas foi superior ao recolleito na MVT. Na seguinte táboa pódese observar a evolución dos datos (véxase a evidencia 3, E3_23-24).

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In01 - Prazas ofertadas	25	25	25	27	27

A decisión de ampliar o número de prazas ofertadas nos últimos cursos académicos respondía a varias cuestións: (1) sempre se cubriron todas as prazas ofertadas (In12, que se explicará despois); (2) para anticipar a posible baixa dalgún estudante (deixando prazas ofertadas sen cubrir), e (3) especialmente pola alta demanda que este Máster mantén ao longo dos diferentes cursos académicos.

Neste sentido cabe resaltar que o mellor indicador da relevancia que mantén este título de Máster é o número de solicitudes de novo ingreso que cada ano recibe o título. A CAM valora positivamente a alta demanda que esta titulación presenta. Os datos da Evidencia 3 (E3_23-24) indican que a demanda se incrementa ao longo dos anos, sendo o curso académico 2023-2024 o que presenta un maior cociente entre o número de solicitudes polo número de prazas vacantes. Así, por exemplo, para o curso 2019-2020 e 2020-2021, o número de solicitudes (79 e 80, respectivamente) triplicou o número de prazas ofertadas (25 prazas por cada curso académico). Neste mesmo sentido, no curso 2021-2022, o número de solicitudes (132) foi de 5.28 veces superior ás prazas ofertadas (25). Pola súa banda, no curso 2022-2023, o número de solicitudes (166) foi de 6.14 veces superior ás prazas ofertadas (27). Finalmente, para o curso 2023-2024, o número de solicitudes incrementouse aínda máis, alcanzando as 176 solicitudes, e sendo estas 6.52 veces superior á oferta de prazas (27). Por tanto, en media, nas cinco últimas edicións do Máster recibíronse unhas 127 solicitudes, 5 por cada praza ofertada. Estes datos xustifican ampliar o número de prazas ofertadas, ademais de ser bos indicadores de que esta titulación é altamente demandada polos estudantes, podendo afirmarse que é un dos títulos de Máster impartidos na USC que presenta un maior cociente de solicitudes por praza ofertada.

Pola súa banda, o número de estudantes matriculados (In02) apenas presenta variacións nos últimos cursos académicos. Así, no curso académico 2023-2024, matriculáronse 37 estudantes (In02), dos cales 28 foron de novo ingreso (In04). Nótese aquí que o maior número de matriculados que continúan os seus estudos (respecto do número de prazas ofertadas) está directamente relacionado con que o alumnado pode cursar as dúas especialidades en dous anos, tendo que superar unicamente os créditos optativos e o Traballo de Fin de Máster (TFM) correspondentes a cada especialidade.

No informe de seguimento do curso académico 2019-2020, propúxose promover a obtención de ambas especialidades como unha acción de mellora. Como resultado, o número de estudantes matriculados nos cursos académicos 2020-2021, 2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024 incrementouse substancialmente (véxase a desagregación dos datos na seguinte táboa). Os datos mostran o gran interese do alumnado por obter as dúas especialidades.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In02 – Matrícula Global	24	37	38	32	37

O número total de estudantes que se matriculan por primeira vez no Máster (In03) mostra moi pouca variación nos últimos cursos académicos. Cabe sinalar, en primeiro lugar, que as prazas ofertadas cóbrense na súa totalidade ao longo dos diferentes cursos académicos, reflectindo así a alta demanda do título xa mencionada. Con todo, debe mencionarse que nos cursos 2019-2020 e 2021-2022 unha praza non foi cuberta pola baixa dun estudante por causas de forza maior.

Finalmente, os datos de matrícula de novo ingreso por preinscripción (In04) indican a mesma tendencia de alta demanda do título que os datos correspondentes ás matrículas de acceso, podendo observarse moi pouca variación nos últimos cursos académicos. Con todo, pode apreciarse un incremento substancial das matrículas no curso 2020-2021, isto foi

debido a que a CAM solicitou á Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional un incremento do número de prazas en 6 máis, pasando de 25 a 31 (véxase a Evidencia 3, E3_23-24).

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In03 – Matrícula de Acceso	24	31	24	25	28

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In04 – Matrícula de Novo Ingreso por Prescripción	24	31	24	25	28

En relación coa taxa de ocupación (indicador 12, In12), os datos indican que dende o curso 2019-2020 cubríronse todas as prazas ofertadas establecidas pola MVA (é dicir, 25 prazas; isto supón unha taxa de ocupación do 92.59%). Unha taxa de ocupación do 100% obteríase sempre que se cubrisen as 25 prazas ordinarias máis as 2 prazas adicionais que a Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional aprobou para o curso 2022-2023 para cubrir baixas potenciais entre o alumnado xa matriculado. Así, como se pode observar, para o curso 2023-2024, a taxa de ocupación foi do 103.7%, o que indica que non só cubríronse as 27 prazas, senón que se cubriu unha praza adicional (28 en total). Noutros cursos académicos tamén se pode observar como a taxa de ocupación excede do 100% (véxase o curso académico 2020-2021). En tendencia xeral, esta mantense por encima do 92.59% en todos os cursos académicos.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In12 – Taxa de Ocupación	96	124	96	92.59	103.7

En relación coa nota media de acceso por preinscripción (indicador 6, In06), os datos indican que se veu mantendo máis ou menos estable ao longo dos diferentes cursos académicos. Así, para o curso académico 2019-2020 a nota media de acceso foi de 7.77, mentres que para o curso 2023-2024 foi de 7.8. Consecuentemente, en ningún dos cursos académicos analizados, os estudantes de novo ingreso presentaban unha puntuación inferior a 6.00 (In07). Estes datos no seu conxunto son moi positivos porque nos indican que, de partida, o alumnado do Máster tradicionalmente ingresa cunha nota media do expediente media-alta (todas iguais ou superiores a 6).

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In06 – Nota media de acceso por preinscripción	7.77	7.67	7.70	7.92	7.8

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In07 – % Estudantes que acceden á titulación con puntuación = ou > 6	100	100	100	100	-

En relación co perfil de ingreso do alumnado que cursou este Máster, este sempre se axustou ao recollido na MVT. A MVT recolle explicitamente que as titulacións de admisión ao Máster son: licenciados, graduados, titulados en psicoloxía, relacións laborais e recursos humanos, xestión e dirección laboral, ciencias do traballo, socioloxía, ciencias políticas e da administración, administración de empresas, psicopedagogía e criminoloxía. Con todo, a MVT tamén indica que terán preferencia de acceso os titulados en psicoloxía e relacións laborais e recursos humanos. Ademais, indica que os criterios de admisión fixados pola CAM inclúen a baremación do expediente académico (60%), o coñecemento de idiomas estranxeiros (5%), experiencia profesional (15%), experiencia investigadora (15%) e outros datos que poidan ser relevantes a xuízo da CAM (5%).

Neste sentido, o informe I2 (Inf.I2_23-24) mostra o número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia ($N = 28$) e indica que, para o curso académico 2023-2024, a maior parte do alumnado de novo ingreso matriculado no Máster procedían da titulación de psicoloxía ($N = 21$), onde 12 estudantes cursaran os seus estudos na Universidade de Santiago de Compostela, mentres que os restantes 9 estudantes procedían de universidades de diversos puntos de España (Universidade de Córdoba, Universidade de Extremadura, Universidade Complutense de Madrid, Universidade de Granada, Universidade de Salamanca, Universidade de Zaragoza, Universidade Jaume I de Castelló e Universitat

Rovira I Virgili). Así mesmo, 1 estudante procedía da titulación de Relacións Laborais e Recursos Humanos e 3 de Criminoloxía. Finalmente, 3 estudantes accederon ao MPTOXF por resolución reitoral de equivalencia, é dicir, tratábase de alumnado estranxeiro que accederon a través da convocatoria anticipada de Máster para estudantes de fóra do EEES para o curso 2023-2024.

En relación coa orixe xeográfica, o informe 16 (Inf.16_23-24) indica que do total de estudantes matriculados no curso 2023-2024 ($N = 37$), o 94.5% ($N = 35$) procedían de España, sendo a comunidade autónoma de Galicia a de maior representación, con 23 estudantes matriculados. A porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (In09) para o curso 2023-2024 foi de 32.43%, descendendo lixeiramente respecto dos tres cursos anteriores. De modo máis específico, matriculáronse no Máster 3 persoas de Andalucía, 2 persoas de Castela e León, 2 de Cataluña, 1 de Madrid, 1 do País Vasco, 1 de Aragón, 1 de Asturias e 1 de Extremadura. Estes datos demostran o interese que este Máster esperta en estudantes de diferentes rexións de España, sendo capaz de atraer a alumnado xeograficamente moi diverso.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In09 – % Estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	25.00	43.24	55.26	34.38	32.43

Este Máster tamén atrae alumnado estranxeiro. O informe 16 (Inf.16_23-24) indica que do total de estudantes matriculados no curso 2023-2024 ($N = 37$), o 5.5% ($N = 2$) eran estranxeiros. O informe sinala que ambos os estudantes procedían de América do Sur, sendo 1 de Colombia e 1 de México. Neste mesmo sentido, o indicador 8 (In08) mostra que a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados para o curso 2023-2024 foi de 10.81, incrementándose respecto dos dous cursos académicos anteriores. Do mesmo xeito, o indicador 18 (In18), que reflicte a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados, mostra que para o curso 2023-2024, o 2.7% dos estudantes matriculados procedían dun programa Erasmus, sendo o único ano en que este Máster recibía alumnado procedente dalgún programa europeo de mobilidade. Concretamente, o informe 03 (Inf.03_23-24) recolle que este estudante procedía da Universidade Egas Moniz de Portugal.

No seu conxunto, estes datos suxiren un crecemento no interese que estudantes estranxeiros mostran por cursar este Máster. As accións de difusión de información pública levadas a cabo en coordinación coa Oficina USC Internacional poderían estar a contribuír a unha maior visibilidade deste Máster fóra da comunidade e do país e, por conseguinte, contribuíndo ao incremento de estudantes estranxeiros que mostran o seu interese polo Máster.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In08 – % Estudantes estranxeiros sobre matriculados	12.50	16.22	00.00	6.25	10.81

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In18 – % Estudantes recibidos pola USC de programas mobilidade sobre total de matriculados	0.0	0.0	0.0	0.0	2.7

Finalmente, o indicador 13 (In13) sinala a porcentaxe de matriculados que son titulados da USC. Do total de matriculados no curso 2023-2024 ($N = 37$), o 51.35% ($N = 19$) eran estudantes egresados da USC. Esta porcentaxe reduciuse respecto do curso 2022-2023, pero é máis alto que para os cursos anteriores (2021-2022 e 2020-2021). En tendencia xeral, este dato indícanos que seguen sendo maioría os estudantes titulados na USC que se matriculan neste Máster. Sendo un terzo dos estudantes matriculados procedentes doutras rexións nacionais e do estranxeiro.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In13 – % de matriculados que son titulados da USC	62.50	40.54	31.58	56.25	51.35

2.3.3.2 Perfil Real do Alumnado de Egreso

En relación co perfil de egreso, e como xa se comentaba en informes previos, este Máster non conta con datos actualizados de inserción laboral. Con todo, a Universidade de Santiago de Compostela dispón dos datos do Estudo de Inserción Laboral do SIIU (Fonte: Variables e Indicadores de Seguridade Social. Análise Transversal. SIIU, Ministerio de Educación), que corresponde á cohorte de egresados no curso 2013-2014 (análise ata o 2018). Os datos aquí recolleitos

indican que a taxa de afiliación dos egresados de Máster chega a un 42% un ano despois de finalizar o título (sendo o 76.20% no grupo de universitarios). Polo mesmo, estes datos mostran que case a metade do alumnado de Máster acaba afiliándose á seguridade social dentro do ano seguinte a finalizar a titulación. Isto mostra niveis satisfactorios de inserción laboral.

Doutra banda, tamén se conta coa información que proporciona o Informe dos Máster no Sistema Universitario de Galicia, publicado no ano 2019 (pendente de que se publique o Informe do 2024). Entre a mostra deste informe recóllese este Máster e indícase que un 46.5% dos titulados afirman que o seu traballo actual está bastante ou moi relacionado co Máster que cursaron. O 92.6% afirman traballar dende a finalización do Máster, dos cales o 61.1% empezou a traballar nun novo emprego e o 38.9% restante continuou no emprego que tiña antes de finalizar a titulación. O informe tamén recolle que o 46% dos enquisados valora o Máster como bastante ou moi útil tendo en conta a súa traxectoria profesional e o 77.1% sinala que o volvería a cursar se tivese que tomar novamente a decisión. Do mesmo xeito, o informe reflicte que soamente o 11.2% dos enquisados que traballa faio por conta propia e que o 88.8% restante traballa por conta allea. Especificamente, o 36.9% que traballa faio na Administración Pública ou en empresas públicas, mentres que o 32.2% traballa en empresas privadas con máis de 50 empregados. Finalmente, este informe sinala que o motivo principal que leva aos titulados para cursar este Máster é para complementar a formación académica e para adquirir unha maior especialización no mercado laboral (64.3%). O segundo motivo máis aceptado (25.4%) foi o de complementar a formación académica co obxectivo de poder realizar estudos de doutoramento e dedicarse á investigación. Estas dúas motivacións apóianse principalmente, na dobre orientación do título, profesionalizante e investigador.

Por último, é importante sinalar que este Máster ten a súa orixe noutro Máster previo, extinguido no curso 2018-2019, e que estaba composto por tres especialidades: a especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, a especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense e a especialidade de Intervención Comunitaria. Os datos de egresados aquí expostos inclúen esta última especialidade que xa non se oferta neste Máster e non se dispón de máis indicadores nin evidencias para valorar o perfil dos egresados.

En calquera caso, a ACSUG, que se encarga de realizar estudos sobre a inserción laboral dos egresados/as de máster, non desenvolveu novos estudos dende entón, polo que non se dispón de máis indicadores nin evidencias sobre a inserción laboral dos egresados/as do MPTOXF. Este aspecto foi un dos recollidos e comentados polos revisores do informe de seguimento do curso 2022-2023. Nas alegacións enviadas sobre o devandito informe xa se explicaba que dende a coordinación do Máster pode resultar difícil recompilar información sobre a satisfacción dos egresados debido a incompatibilidades co disposto na normativa de protección de datos. O alumnado egreso tende a ser alumnado que xa non pertence á USC e, para poder realizar enquisas a este colectivo resulta necesario solicitar datos de carácter persoal para o que se require a correspondente autorización da USC. En todo caso, dende a coordinación do MPTOXF decidiuse implementar unha acción de mellora neste sentido, para conseguir recompilar máis información sobre os egresados, non só en canto á inserción laboral do colectivo, senón tamén sobre o seu grao de satisfacción cos diferentes servizos da USC e información pública dispoñible, e co obxectivo, tamén, de conseguir unha maior taxa de resposta ás enquisas realizadas [véxase [MPTOXF-AM3 \(2023-2024\)](#)].

2.3.4 Aprendizaxe dos Titulados: Resultados e Rendemento

Os resultados de aprendizaxe e rendemento do MPTOXF reflicten que, en conxunto, os niveis alcanzados en todos os indicadores son satisfactorios. A continuación, desglosáanse os principais indicadores de resultados deste título.

A taxa de graduación reflexada no indicador 37 (In37) describe a relación porcentual que existe entre os estudantes que finalizaron os estudos neste Máster no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e o seu cohorte de ingreso.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In37 – Taxa de Graduación	-	91.3	96.77	91.67	80.00

Como se pode observar, en tendencia xeral máis do 90% do alumnado finaliza os seus estudos no primeiro e/ou segundo ano de Máster. Con todo, no curso académico 2023-2024 este dato descendeu ao 80%. Posiblemente, este dato sexa debido a ese grupo de estudantes que se matricularon na segunda especialidade e por motivos persoais e profesionais acabaron abandonando os estudos do Máster. A pesar diso, é un dato moi positivo xa que indica que o 80% dos estudantes matriculados no curso 2023-2024 finalizaron os seus estudos dentro dese ano académico.

Ademais, o Informe 15 (Inf.15_23-24) mostra a distribución das cualificacións por materias do Plan de Estudos, diferenciando entre as materias obrigatorias e as materias optativas de ambas especialidades para o curso 2023-2024.

Como se pode observar na seguinte táboa, en todas as materias a maior proporción de alumnado atópase entre as cualificacións de sobresaínte ou notable, sendo menor a proporción de estudantes que non se presentan á avaliación da materia, suspenden ou obteñen cualificacións só de aprobado. No caso do TFM, (véxase tamén a Evidencia 24 e 25; E24_23-24, E25_23-24) os datos mostran de novo que as cualificacións de notable e sobresaínte é onde hai maior proporción de alumnado. Nese sentido, tamén se pode observar que unha porcentaxe pequena de estudantado de ambas especialidades (33% na especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e 21% na especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense) matricúlase no TFM, pero non se presenta finalmente á avaliación deste traballo. Por último, no caso das prácticas en empresa, obsérvase de novo que a maior parte do alumnado alcanza unha cualificación de sobresaínte ou notable. No seu conxunto, estes datos mostran os bos resultados alcanzados polo alumnado do Máster no curso 2023-2024.

Materias Obrigatorias			
Comportamento Organizacional e RR.HH	Psicoloxía criminal e penitenciaria	Métodos construtivos de resolución de conflitos	Métodos de meta-análise e outras técnicas
Matrícula Honra: 3.7%	Matrícula Honra: 0%	Matrícula Honra: 3.57%	Matrícula Honra: 3.70%
Sobresaínte: 14.81%	Sobresaínte: 37.04%	Sobresaínte: 53.57%	Sobresaínte: 18.52%
Notable: 48.15%	Notable: 55.56%	Notable: 39.29%	Notable: 40.74%
Aprobado: 29.63%	Aprobado: 3.7%	Aprobado: 0%	Aprobado: 33.33%
Suspenso: 3.7%	Suspenso: 0%	Suspenso: 3.57%	Suspenso: 0%
Non presentado: 0%	Non presentado: 3.7%	Non presentado: 0%	Non presentado: 3.70%
TFM_Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	TFM_Psicoloxía Xurídica-Forense		
Matrícula Honra: 5.56%	Matrícula Honra: 0%		
Sobresaínte: 22.22%	Sobresaínte: 26.32%		
Notable: 33.33%	Notable: 42.11%		
Aprobado: 0%	Aprobado: 5.26%		
Suspenso: 0%	Suspenso: 0%		
Non presentado: 33.33%	Non presentado: 21.05%		
Renuncia: 5.56%	Renuncia: 5.26%		
Materias_Especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións			
Auditoría de RR.HH, RR.LL	Selección e avaliación de RR.HH	Formación e desenvolvemento de RR.HH e diversidade	Avaliación de riscos psicosociais
Matrícula Honra: 0%	Matrícula Honra: 0%	Matrícula Honra: 0%	Matrícula Honra: 0%
Sobresaínte: 100%	Sobresaínte: 5.88%	Sobresaínte: 15.38%	Sobresaínte: 22.22%
Notable: 0%	Notable: 58.82%	Notable: 61.54%	Notable: 66.67%
Aprobado: 0%	Aprobado: 17.65%	Aprobado: 7.69%	Aprobado: 0%
Suspenso: 0%	Suspenso: 0%	Suspenso: 0%	Suspenso: 0%
Non presentado: 0%	Non presentado: 17.65%	Non presentado: 15.38%	Non presentado: 11.11%
Análise e avaliación de postos	Prácticas externas: Psicoloxía do Traballo		
Matrícula Honra: 0%	Matrícula Honra: 0%		
Sobresaínte: 58.33%	Sobresaínte: 70.59%		
Notable: 25%	Notable: 11.76%		
Aprobado: 0%	Aprobado: 0%		
Suspenso: 0%	Suspenso: 0%		
Non presentado: 0%	Non presentado: 17.65%		
Materias_Especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense			

Intervención en Psc. Xurídica-Forense	Psc. Xurídico-forense del menor y la familia	Psc. Xurídico-forense no ámbito penal	Psc. xurídico-forense nos los ámbitos civil e social
Matrícula Honra: 0%	Matrícula Honra: 0%	Matrícula Honra: 0%	Matrícula Honra: 0%
Sobresaínte: 100%	Sobresaínte: 29.41%	Sobresaínte: 41.18%	Sobresaínte: 41.18%
Notable: 0%	Notable: 64.71%	Notable: 52.94%	Notable: 52.94%
Aprobado: 0%	Aprobado: 5.88%	Aprobado: 0%	Aprobado: 0%
Suspense: 0%	Suspense: 0%	Suspense: 5.88%	Suspense: 5.88%
Non presentado: 0%	Non presentado: 0%	Non presentado: 0%	Non presentado: 0%

Prácticas externas: Psi. Xurídica-Forense

Matrícula Honor: 0%
Sobresaínte: 82.35%
Notable: 11.76%
Aprobado: 0%
Suspense: 5.88%
Non presentado: 0%

Materias optativas comúns a ambas especialidades

Metodoloxía avanzada en investigación social

Matrícula Honra: 0%
Sobresaínte: 100%
Notable: 0%
Aprobado: 0%
Suspense: 0%
Non presentado: 0%

Os datos sobre a duración media dos estudos aparecen reflectidos no indicador 38 (In38). Tal e como se desprende da súa análise (ver táboa inferior), a duración media dos estudos do MPTOXF descendeu no curso académico 2023-2024, sendo de 1.05, é dicir, de practicamente 1 ano. No peor dos casos (curso 2022-2023) a duración media chegou a ser de 1.21 anos, é dicir, 1 ano e case 3 meses, polo mesmo estes datos suxiren que o alumnado finaliza o Máster practicamente dentro do ano de duración do título, o que é un dato moi positivo. Ademais, o Inf.Med.USC_23-24 mostra que a duración media do Máster é moi inferior á media da área (1.45) e á media da USC (1.50).

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In38 – Duración media dos estudos	1.0	1.07	1.19	1.21	1.05

A taxa de abandono calculada segundo o RD 1393/2007 aparece reflectida no indicador 41 (In41). Como se pode observar na seguinte táboa, esta taxa foi aumentando nos diferentes anos académicos, chegando no 2023-2024 ao 16%. Aínda así, este dato non é moi elevado, mostrando unha baixa taxa de abandono. Do mesmo xeito, o Informe 20 (Inf.20_23-24) suxire unicamente a dous estudantes como potenciais abandonos por estar matriculados en contidos (materias) non superados nin recoñecidos no primeiro semestre de docencia.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In41 – Taxa de abandono	-	0.0	3.23	8.33	16.0

Pola súa banda, a taxa de eficiencia ou rendemento dos egresados expresa a relación porcentual entre o número de créditos que superou un estudante ao longo da titulación da que é egresado e o número total de créditos nos que se matriculou. O indicador 53, referido a esta taxa (In53), aparece desagregado na táboa inferior. Como se pode comprobar, os datos indican en tendencia xeral unha taxa de eficiencia moi alta, superior a 90 en todos os anos académicos. No ano académico 2023-2024 a taxa de eficiencia ou rendemento dos egresados foi de 99.13, case o 100%. Neste ano obtívose a maior porcentaxe

desta serie dende o ano 2019-2020.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In53 – Taxa de eficiencia dos egresados	100	98.82	96.09	96.46	99.13

Do mesmo xeito, a taxa de éxito dos egresados, que se expresa no indicador 50 (In50), mostra a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación da que é egresado e o número total de créditos que superou. Os datos mostran que para o curso 2023-2024 o alumnado egreso superou o 100% dos créditos totais aos que se presentou. Este indicador mantívose alto, moi próximo ou igual ao 100% en todos os cursos académicos nos que se impartiu este Máster. Os datos pódense ver na seguinte táboa.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In50 – Taxa de éxito dos egresados	100	100	98.71	99.59	100

Para resumir, os indicadores de resultados mostran que máis do 90% do alumnado finaliza os estudos de máster no primeiro/segundo ano cursado (isto en parte está condicionado pola realización das dúas especialidades nos dous anos) e os datos acerca das cualificacións obtidas mostran que o maior porcentaxe de alumnado obtén cualificacións de notable e sobresaínte en todas as materias con independencia da especialidade cursada (incluso no caso do TFM). Polo tanto, estes datos suxiren, no seu conxunto, uns resultados moi positivos do rendemento do alumnado no MPTOXF.

2.3.5 Indicadores de Satisfacción, Necesidades e Expectativas, Queixas e Suxestións coa Titulación

2.3.5.1. Satisfacción de Alumnos e Profesores coa Titulación

Os informes 22 (Inf.22_23-24) e 23 (Inf.23_23-24) describen o grao de satisfacción dos estudantes e profesores coa titulación, respectivamente. En relación co alumnado, o informe 22 (Inf.22_23-24) mostra que de media atópase bastante satisfeitos coa titulación do MPTOXF (puntuación de 3.95 sobre 5) no curso 2023-2024. Salvo para o curso 2022-2023 onde os indicadores mostran unha baixa satisfacción do alumnado coa titulación, no resto dos cursos académicos o alumnado parece mostrar un nivel de satisfacción alto, similar ao do ano 2023-2024. Para o curso 2023-2024, os estudantes mostran unha maior satisfacción con aspectos tales como os trámites de matriculación (4.57), o calendario de exames e probas (4.57), o uso do campus virtual (4.43) e a atención prestada polo persoal de administración e servizos (4.43). Con todo, parecen reflectir unha menor satisfacción con aspectos tales como a organización da titulación (3.00), a oferta de prácticas (3.29) e a orientación profesional e laboral recibida polo centro (3.29). A pesar diso, cabe sinalar que, aínda que son os aspectos peor valorados, todos eles son valorados no punto medio da escala ou por encima del. O alumnado non valorou ningún aspecto relacionado coa titulación por debaixo do punto medio da escala (3).

En relación co profesorado, o informe 23 (Inf.23_23-24) indica que, en promedio, o profesorado está moi satisfeito coa titulación do Máster (puntuación de 4.79 sobre 5) no curso 2023-2024. Ademais, no resto dos cursos académicos o profesorado parece mostrar un nivel de satisfacción igualmente alto que no ano 2023-2024. Así, no ano académico 2020-2021 o profesorado mostrou unha satisfacción de 4.92, no ano 2021-2022 de 4.30 e no ano 2022-2023 de 4.85. Voltando ao curso 2023-2024, o Informe 23 mostra que o profesorado ten maior satisfacción con aspectos tales como os horarios de clase (5.00), a carga de traballo (5.00), o calendario de exames (5.00) e a asistencia do alumnado a clase (5.00). Con todo, parecen reflectir unha menor satisfacción con aspectos tales como a implicación do estudantado coa titulación (4.22). A pesar diso, esta puntuación continúa sendo bastante alta.

2.3.5.2 Satisfacción dos Estudantes Egresados

O indicador 42 (In42) describe o grao de satisfacción dos estudantes egresados coa titulación. Como se pode observar na seguinte táboa, os datos mostran que a satisfacción dos estudantes egresados coa titulación descendeu substancialmente no curso académico 2023-2024 respecto do resto de cursos académicos. Así, no curso 2023-2024 a satisfacción dos egresados coa titulación foi de 2.85, no curso 2022-2023 de 4.45, no curso 2021-2022 de 3.55 e no curso 2020-2021 foi de 3.26.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In42 – Satisfacción dos estudantes egresados coa titulación	-	3.26	3.55	4.45	2.85

O informe 9 (Inf.9_22-23) reporta o grao de satisfacción xeral dos egresados do MPTOXF no curso 2022-2023 (elaborado no curso 2023-2024). Os datos mostran que, de media, os egresados indican unha satisfacción coa titulación de 3.00 puntos sobre 5.00. Este dato, aínda que lixeiramente inferior, está bastante próximo á media global da USC (3.22) o que suxire que a satisfacción media dos egresados deste Máster está en liña coa satisfacción media dos egresados doutras titulacións. Cabe resaltar que algúns dos aspectos nos que se mostraron máis satisfeitos os egresados foron coa formación teórica recibida no Máster (4.00), a capacidade de análise (4.00), o grao de utilidade do Máster para o mercado laboral (3.67) e os docentes (3.67), mostrando en todos estes casos puntuacións medias superiores ás da media global da USC, o que debe sinalarse como algo positivo.

En calquera caso, a taxa de participación dos egresados nesta enquisa non foi moi representativa (13.04%). Co obxectivo de incrementar a taxa de participación dos egresados nas enquisas de satisfacción e obter máis información do perfil de egresado e da súa satisfacción coa titulación, como se suxire no informe da AGSUG, implementouse a acción de mellora **MPTOXF-AM2 (2022-23)**, encamiñada a mellorar a cantidade e calidade da información dos egresados.

Por último, respecto dos indicadores 23 (In23) e 33 (In33), os cales reportan datos sobre o grao de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible e os servizos, respectivamente, non se dispoñen datos para este Máster durante o curso académico 2023-2024. Espérase que, coa implementación da acción de mellora **MPTOXF-AM3 (2023-24)**, tamén se poidan recompilar máis datos destes dous indicadores nos próximos cursos académicos, ademais de ampliar a información acerca da satisfacción xeral dos egresados coa titulación.

2.3.5.3 Satisfacción do Persoal PAS

O persoal PAS é compartido por todas titulacións examinadas nesta memoria de calidade (ver Directriz 4, punto 2). Polo tanto, a valoración realizada polo mesmo para a titulacións de Grao, Dobre Itinerario e do MXDL aplícase tamén para o MPTOXF. Os datos sobre a satisfacción do persoal de administración e servizos (PAS) recóllese no informe 21 (Inf.21_23-24).

Polo tanto, como xa se indicou nos apartados análogos das outras titulacións examinadas, as valoracións emitidas polo PAS indican que as traballadoras están altamente satisfeitas con todos os aspectos preguntados, xa que todos son valorados con puntuacións de 4.5 ou 5.00, moi superiores á media global da USC.

2.3.5.4 Queixas e Suxestións

Respecto ás queixas e reclamacións, no relativo a este título no curso 2022-2023, a Facultade resolveu un recurso administrativo correspondentes ao MPTOXF (datos proporcionados na Memoria de actividades da Oficina de Análise de Reclamacións). No recurso o alumno solicitaba a anulación da matrícula dunha materia optativa do segundo semestre alegando matricularse por erro. A resolución estimou esa solicitude e procedeuse á anulación da devandita matrícula.

No curso 2023-2024, o centro non recibiu ningún recurso administrativo nin tampouco ningunha queixa/suxestión correspondente a este Máster.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.INTRODUCCIÓN: GARANTÍA DE APRENDIZAXE E NORMATIVAS

A Facultade de Relacións Laborais desenvolve os seus programas formativos no marco da organización xeral da USC e da normativa vixente. A maiores, a Universidade dispón de directrices para a xestión académica que regulan os aspectos máis esenciais do proceso formativo. Algunhas delas son xerais, mentres que outras conforman marcos regulamentarios susceptibles de adaptación para cada Centro ou Título. A principal normativa, que se apunta de seguido, pode consultarse no enderezo web: <https://www.usc.gal/es/institucional/goberno/area/normativa>

- Resolución do 20 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ditan instrucións para a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e máster nas universidades do SUG.
- Resolución do 13 de decembro de 2022 pola que se ordea a publicación do Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade (aprobada en Consello de Goberno [CG] de 28/10/2022, DOG 22 de decembro).
- Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC (CG 15/06/2011 e 25/05/2012; Consello Social 05/06/2012)
Resolución do 3 de decembro de 2014 pola que se acorda a publicación da modificación da normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster (Consello Social de 3/11/2014).
- Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos (CG 14/03/2008)
- Procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster (RR 15/04/2011)
Acreditación do nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira (acordo de CG de 28/05/2019)
Acordo do CG sobre recoñecemento de créditos nos estudos de Grao ao abeiro do art. 12.8 do RD 1393/2007 (CG 05/07/2016, modificado por CG 12/05/2017)
- Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións (aprobada en CG 15/06/2011)
Modificación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións (aprobada por acordo de CG 30/04/2025)

- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster (acordo CG 10/03/2016)
- Regulamento de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral (CG 23/03/2011)
- Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES (CG 25/03/2010)
- Modificación do Regulamento de asistencia a clase nas ensinanzas oficiais de grao e máster da USC (aprobada por acordo de CG o 25/11/2024 e que producirá plenos efectos a partir do curso académico 2025-2026)
- Regulamento de prácticas académicas externas (CG 29/07/2015)
- Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes da USC (CG 26/10/2012), modificado para as titulacións dobres ou programas de simultaneidade académica por acordo do CG de 18/07/2019.
- Normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio (CG 03/03/2017), modificado en CG de 24/05/2018.
- Convocatoria de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES (CG 24/09/2013)
- Modificación do punto segundo da Convocatoria de Fin Carreira para as titulacións adaptadas ao EEES (CG 08/10/2015)
- Regulamento sobre dobres titulacións e simultaneidade de ensinanzas oficiais na USC (CG 27/03/2015)

Entre a normativa propia da Facultade de Relacións Laborais directamente relacionada coa organización dos procesos de ensino/aprendizaxe e que desenvolve ou concreta as normas xerais da USC no seu ámbito de competencia atópanse:

- Regulamento de réxime interno da Facultade de Relacións Laborais (CG 8/05/2015)
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao da Titulación de Relacións Laborais e Recurso s Humanos da USC (CG 31/01/2017)
- Regulamento do Traballo Fin de Máster do Máster Interuniversitario en Dirección e Xestión Laboral da Universidade de Santiago de Compostela (CG 31/01/2017)
- Regulamento de Elaboración e Defensa dos Traballos Fin de Máster da Titulación de Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídico-Forense da Facultade de Relacións Laborais (CG 25/04/2025)
- Memoria para a implantación do Programa integrado de Grao en Dereito e Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da USC (Xuntas de Facultade de ambos centros de 10/04/2014) [Actualmente en fase de modificación].

Este marco normativo regula os procedementos e condicións formais para o acceso, progresión e terminación dos programas formativos.

Os procesos do SGC da Facultade de Relacións Laborais máis directamente relacionados coa garantía de aprendizaxe son os cinco procesos chave que o configuran:

1. **PC-01. Análise do perfil de ingreso e captación** sobre a definición e revisión do perfil de ingreso e do plan de captación do alumnado en cada unha das titulacións que oferta o centro e sobre o desenvolvemento de accións de captación acordadas co perfil definido e coa oferta de prazas de cada titulación.
2. **PC-02. Planificación das ensinanzas** sobre a garantía de que as ensinanzas oficiais se planifican de acordo ao establecido nas memorias de verificación das titulacións impartidas no centro, tendo en conta a dispoñibilidade de medios docentes (recursos humanos e materiais).
3. **PC-03. Apoio aos estudantes** sobre o establecemento do procedemento de acollida, orientación e tutela, por parte do centro, do alumnado na súa incorporación á universidade e durante todo o período de estudos, coa finalidade de favorecer a aprendizaxe, o seu desenvolvemento e a orientación laboral.
4. **PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas** sobre a garantía de que as ensinanzas oficiais que se imparten no centro se desenvolven de acordo á planificación anual, asegurando a súa calidade e favorecendo a aprendizaxe do alumnado.
5. **PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas** sobre o establecemento de como o centro realiza a análise dos resultados dos programas formativos que se imparten nel e como se emprega esta información, para a mellora das titulacións e para a consecución da súa política e obxectivos.

2. ADECUACIÓN DOS PROCEDEMENTOS: ANÁLISE DE EVIDENCIAS

As Comisións de Título, en primeira instancia, e a Comisión de Calidade do Centro, en segunda, analizan anualmente o desenvolvemento destes procesos e dos indicadores que dan conta dos resultados e da satisfacción asociados ao ensino, aprendizaxe e avaliación. A continuación, preséntanse as principais conclusións derivadas da análise dos indicadores e informes correspondentes a ditos aspectos para cada un dos títulos do Centro para o curso académico 2023-24.

2.1 GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS E DI EN DEREITO E RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

2.1.1 Admisión e Captación do Alumnado

Tal e como se especifica na MVT, non existe ningunha formación específica previa para o ingreso no título. Precisamente, isto constitúe un dos atractivos e fortalezas do Grao, sendo posible que estudantes das distintas modalidades e ramas de bacharelato e de formación profesional poidan acceder aos estudos. Con todo, a formación previa que maior similitude garda co contido do Grao e do Dobre Itinerario é o perfil de Ciencias Sociais. Por este motivo, nos primeiros anos da titulación fortalécese a formación básica para as diferentes traxectorias, por exemplo, coa materia de Técnicas de Investigación Social ou Economía para aqueles estudantes que proceden dun perfil relacionado coas humanidades ou coas materias de Empresa e Organizacións e Historia Social e das Relacións Laborais para aqueles que proceden da rama de ciencias e tecnoloxía. O mesmo é aplicable aos estudantes que acceden ao Título dende cursos de formación profesional.

Unha particularidade é a referida ao acceso de maiores de 40 anos mediante a validación da experiencia profesional. Nese caso teranse en conta os perfís profesionais idóneos e os resultados dunha entrevista de carácter persoal, tal e como se reflicte na MVT. Con todo, no curso académico 2023-2024 non houbo ningunha matrícula de persoas pertencentes a este colectivo nin no Grao, nin no Dobre Itinerario.

No referido ao curso de adaptación, máis coñecido como “Curso Ponte”, ten un carácter totalmente residual. De forma específica, no caso da Facultade de Santiago, dende o curso académico 2023-2024 xa non se permite a matrícula de alumnado novo. Só aqueles alumnos que estivesen previamente matriculados no mesmo teñen dereito a matricularse nas materias pendentes durante o curso académico 2023-2024 e 2024-2025 co obxectivo de terminar os seus estudos. Actualmente, somos a única titulación que segue ofertando prazas deste curso na Comunidade Autónoma de Galicia e, no curso académico 2025-2026, desaparecerá completamente por entender que o seu obxectivo foi cumprido. Isto non supón ningunha limitación para aquelas persoas que no futuro desexen equiparar os seus estudos de Graduado/a Social ou de Diplomado/a en RRLl aos de Graduado/a en Relacións Laborais e Recursos Humanos. En tal caso, procederíase ao correspondente recoñecemento de créditos e á matriculación destes alumnos no TFG e nas materias restantes que sexan necesarias para obtención do título.

No que respecta a captación de novos estudantes, é importante sinalar que o título conta cunha elevada demanda na Facultade de Santiago (a pesar de impartirse en cinco centros do sistema universitario galego), superando o número de estudantes que se matriculan no plan por primeira vez ao número de prazas ofertadas, de maneira ininterrompida, nos últimos anos. Por exemplo, no curso académico 2022-2023, o centro ofertou 90 prazas e rexistráronse 107 estudantes que se matricularon no plan por primeira vez e no curso 2023-24, rexistráronse 93 matrículas. Aínda que os datos cuantitativos describen un escenario favorable, dende o centro véñense desenvolvendo iniciativas que teñen por obxecto seguir mantendo os niveis de interese descritos, ao mesmo tempo que se trata de reducir as taxas de abandono rexistradas. Así, no curso académico 2022-2023 elaborouse unha iniciativa consistente na creación de material audiovisual enfocado a proporcionar información sobre o título de Grao e sobre as súas saídas académicas e profesionais. A elaboración deste vídeo foi incluído nunha acción de mellora específica (**Acción de Mellora GRL-AM1 Santiago – 2020-2021 Diferida**) e está dispoñible na páxina web do centro e en youtube [Vídeo Facultad Relaciones Laborales USC - YouTube](#).

Así mesmo, no marco do programa “A Ponte”, dende o centro desenvólense varias actividades de promoción e orientación da universidade e da titulación dirixidas ao colectivo de estudantes de ensino medio. O obxectivo deste programa é dar a coñecer os estudos de Grao e ofrecer información sobre o contexto investigador, social, cultural e espacial da USC. A execución deste programa materializouse no curso 2023-2024 en varias actividades específicas. Por unha banda, levouse a cabo o acompañamento do alumnado de educación secundaria nos encontros programados no centro. Estes encontros consistiron nunha visita guiada polas instalacións da Facultade e na realización dunha reunión na que o alumnado recibiu información sobre distintos aspectos dos estudos de Grao en RRLl e RRHH, por exemplo, sobre os obxectivos do título, as súas saídas profesionais, a súa estrutura, número de prazas, etc. Así mesmo, programouse a realización de encontros en liña entre profesorado do centro e calquera alumno de ensino medio que desexase informarse sobre o título ou recibir unha orientación máis personalizada. Estes encontros serven tamén para dar resposta ás posibles dúbidas e inquietudes relacionadas co estudo desta titulación na USC.

2.1.2 Orientación Académica e Profesional e Formación en Competencias Transversais

2.1.2.1 Servizos de Orientación Académica e Profesional

A Facultade de Relacións Laborais fai un especial esforzo para manter a calidade dos servizos de acollida, orientación académica e profesional dirixidos ao alumnado de Grao, de Dobre Itinerario e ao profesorado. No que respecta á orientación académica, tanto o persoal PDI como PAS trata de proporcionar a mellor información e apoio ás dúbidas e necesidades do alumnado. Isto vese reflectido nos resultados proporcionados polo informe 22 sobre satisfacción do alumnado coa titulación (Inf.22_23-24). Entre as cuestións analizadas, reflíctese o nivel de satisfacción cos seguintes aspectos: (1) a información dispoñible sobre a titulación; (2) a atención recibida polo persoal PAS e; (3) a orientación laboral e profesional recibida no centro. En todos os casos, as puntuacións obtidas indican un nivel de satisfacción axeitado por parte dos alumnos do Grao, alcanzado uns resultados de 3.40, 3.80 e 3.17, respectivamente.

Así mesmo, no informe 23 de satisfacción do profesorado coa titulación (Inf.23_23-24) valóranse as seguintes cuestións: (1) o nivel de adecuación da información proporcionada acerca da titulación en termos de aspectos organizativos e de xestión, sobre o plan de estudos ou sobre competencias e (2) a atención prestada polo persoal PAS. As puntuacións obtidas para estes dous ítems foron de 4.19 e 4.41, respectivamente, o que describe un elevado nivel de satisfacción.

En canto aos servizos de orientación e acollida do alumnado, os membros do Decanato e outro persoal PDI da Facultade de Santiago reciben presencialmente cada curso académico tanto ao novo alumnado como ao alumnado que continúa os seus estudos. Ao longo da xornada de presentación, impártese unha charla orientadora na que se aborda unha ampla variedade de cuestións referidas á vida académica na Facultade e na Universidade. A estrutura desta xornada de benvida organízase nos seguintes bloques:

BLOQUE 1. Presentación de figuras e colectivos de interese

- Decanato e a súa composición
- Coordinación do título e dos distintos cursos (1º, 2º, 3º e 4º)
- Persoal PAS do centro
- Representantes do alumnado e a figura do delegado de clase
- Alumnado titor

BLOQUE 2. Características do título

- Estrutura do título (créditos ECT, materias de formación básica, obrigatoria e optativa, docencia expositiva e interactiva, horarios, quendas de clase, distribución do alumnado por grupos, calendario académico)
- Carácter multidisciplinar da titulación e descrición das saídas profesionais desta, así como as opcións de continuación de estudos, facendo fincapé nos títulos de Máster Universitario que se imparten no centro e no Programa de Doutoramento en Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Órganos colexiados (xunta de facultade, comisión permanente, comisión do título, de calidade, de TFG e de xénero)
- Xestións máis comúns (dispensa, recoñecemento de créditos e cambio de grupo)

BLOQUE 3. Instalacións e servizos (bloque especialmente dirixido ao alumnado de 1º):

- Descrición das instalacións e dos servizos do centro e da universidade
- Normas de conduta e convivencia

BLOQUE 4. Canles de comunicación

- Web do centro / Intranet da Facultade
- Campus virtual das materias e campus virtual da coordinación do título
- Correo electrónico oficial da universidade
- Secretaría virtual

BLOQUE 5. Principais xestións administrativas (forma, prazos, requisitos)

- Solicitud de cambio de grupo
- Solicitud de dispensa de asistencia a clase
- Solicitud de recoñecemento de créditos
- Programas de mobilidade
- TFG (dirixido principalmente ao alumnado de 3º e 4º)
- Prácticas en empresa (dirixido principalmente ao alumnado de 3º e 4º)

Outro recurso co que conta o Centro é a figura do “Alumno Titor”, unha posición que se desempeña voluntariamente (especialmente entre o alumnado de 2º, 3º e de 4º curso de Grao) e que se convoca anualmente baixo o “Programa de Titores” da USC. O estudantado titor é un ou unha estudante matriculado nunha titulación de Grao do centro, de 2º curso ou seguintes, que orienta e apoia o novo estudantado que se incorpora ao centro, tratando de favorecer a súa

integración. Concretamente, o programa de titores desenvólvese ao longo de dous cursos académicos. Na primeira etapa fórmase ao estudantado para que coñeza o funcionamento da USC e as técnicas para poder orientar aos estudantes de novo ingreso. Na segunda etapa estes estudantes dan acollida ao estudantado de 1º curso e colaboran co programa A Ponte nas visitas aos centros de ensino medio e na recepción de estudantes na USC. Tamén colaboran dando acollida aos estudantes estranxeiros (de Erasmus e outros programas de intercambio). Para exercer estas funcións, deséñase un horario e ponse á súa disposición un espazo no centro cando a actividade o requira. Entre as funcións que realizan destacan:

- Participar na recepción do alumnado de novo ingreso.
- Participar nas actividades de información sobre a oferta de servizos da universidade e sobre a organización e funcionamento da Facultade.
- Colaborar nas actividades que organiza o programa “A Ponte” dirixidas ao alumnado de educación secundaria como, por exemplo, colaborar na súa recepción cando se desprazan aos distintos centros da USC.

Ademais, no mencionado programa “A Ponte” da USC, desenvólvense varias actividades de promoción e orientación dirixidas ao alumnado do ensino medio co obxectivo de dar a coñecer os estudos de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e ofrecer información sobre o contexto investigador, social, cultural e espacial da USC. Como xa se indicou no punto anterior, a execución deste programa materializouse no curso 23-24, por un lado, no acompañamento do alumnado de educación secundaria na visita guiada polas instalacións da Facultade (nestas visitas guiadas tamén se involucra aos representantes dos estudantes de Grao) e, por outro lado, na realización de encontros en liña entre profesorado do centro e calquera alumno de ensino medio que desexase informarse sobre o título ou recibir unha orientación máis personalizada.

2.1.2.2 Complementos de Formación

Como se indicou anteriormente, a MVT non esixe ningunha formación específica previa para o ingreso na titulación e do mesmo xeito a titulación non conta con complementos formativos específicos. Por ese motivo, nos primeiros anos da titulación fortalécese a formación básica para as diferentes traxectorias, por exemplo, coa materia de Técnicas de Investigación Social ou Economía para aqueles estudantes que proceden dun perfil relacionado coas humanidades ou coas materias de Empresa e Organizacións e Historia Social e das Relacións Laborais para aqueles que proceden a rama de ciencias e tecnoloxía. O mesmo é aplicable aos estudantes que acceden ao Título dende cursos de formación profesional.

Nos obstante, un dos recursos de apoio cos que conta o Título é co Apoio Titorial Extraordinario, unha iniciativa pensada para aquelas persoas cuxa situación particular require de axuda adicional á hora de superar materias que para eles presentan especiais dificultades. No apoio tutorial extraordinario fíxase unha metodoloxía de aprendizaxe que se establece entre o profesor-tutor e o alumno. O profesor-tutor define as pautas que o estudante debe seguir no desenvolvemento da aprendizaxe e que lle proporcionarán os elementos suficientes para poder avaliar a súa progresión, mantendo, en todo caso, as garantías e transparencia necesarias. O apoio tutorial extraordinario pode solicitarse para realizarse ao longo do curso e o/a alumno/a para poderá presentarse ás oportunidades comúns de exame, quedando excluída a convocatoria extraordinaria de fin de carreira. No curso académico 2023-2024 a Facultade de Relacións Laborais contou con 1 alumna titora.

2.1.3 Prácticas Profesionais Externas

2.1.3.1 Coordinación de Prácticas Profesionais Externas

As prácticas externas en empresas constitúen unha oportunidade única para o alumnado de Grao e Dobre Itinerario, pola ampla variedade de posibilidades en termos de empresas e institucións ofertadas e pola adquisición de competencias relevantes a efectos da súa futura incorporación ao mercado laboral. Para a xestión específica das mesmas cóntase coa figura dun Coordinador de Prácticas.

No Centro cóntase con convenios asinados con organizacións que reflicten fielmente a variedade de saídas profesionais dos titulados no Grao en RRL e RRHH e no Dobre Itinerario. En ambos os casos, a listaxe de organizacións é moi variada. Por exemplo, hai convenios en vigor con asociacións sen ánimo de lucro, consultorías de recursos humanos, consultorías laborais, entidades públicas como concellos ou a administración autonómica, empresas de traballo temporal, entidades bancarias, sindicatos, despachos de avogados ou mutuas. Así mesmo, as sedes e oficinas destas entidades atópanse distribuídas entre as catro provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. De entre elas, A Coruña é a provincia na que máis entidades se sitúan, por cuestións de proximidade coa Facultade. Ademais, existen outros centros de traballo en distintas comunidades autónomas onde se asinaron convenios con entidades particulares a

petición do alumnado (prácticas profesionais propiciadas). Actualmente, a Facultade de Santiago conta con 137 convenios en vigor. Os convenios renóvanse cada 4 anos e a listaxe de empresas actualízase de maneira anual.

Para solicitar a realización de prácticas, o alumnado conta con dúas alternativas: (1) escoller unha entidade das ofertadas polos centros ou (2) propoñer outras organizacións (prácticas propiciadas). En ambos casos, o procedemento e os sistemas de coordinación co alumnado e cos profesionais é o mesmo. O plan formativo asociado ás prácticas profesionais proposto consta das seguintes tarefas e funcións:

- Asesoramento a clientes no ámbito laboral, fiscal e da Seguridade Social.
- Asistencia a actos de conciliación e xuízos no xulgado do social.
- Elaboración de contratos, elaboración de nóminas, cálculos de liquidacións, tramitación de despidos etc.
- Xestión de altas e baixas na Seguridade Social, cotizacións e pensións.
- Realización de trámites ante o TGSS, INSS, SEPE e Mutuas.
- Tarefas de contabilidade e facturación.
- Xestión e liquidación de taxas e impostos.
- Labores administrativas, arquivo e atención ao cliente.
- Participación en procesos de selección, programas de formación, deseño de sistemas de compensación e outras tarefas relacionadas coa xestión de recursos humanos.
- Labores administrativas, arquivo e atención ao cliente.
- Tarefas de contabilidade e facturación.
- Xestión de seguros: tramitación de sinistros, información e relación co asegurado.
- Tarefas relacionadas coa materia de Prevención de Riscos Laborais.

Na Facultade de Santiago, no curso académico 2021-2022, revisouse e actualizou o procedemento de coordinación e xestión das prácticas externas. Así, modificáronse e actualizáronse os seguintes documentos:

1. Menú de tarefas estándar a realizar nas prácticas profesionais en función do tipo de entidade receptora de alumnos, diferenciando entre: (a) tarefas de asesoría laboral, (b) tarefas relacionadas coa xestión de organizacións e dos recursos humanos, (c) tarefas económico-fiscais, mercantís e administrativas e (d) tarefas interdisciplinares.
2. Estrutura e contido do documento de memoria de prácticas a cubrir polo alumnado unha vez finalizadas as prácticas.
3. Sistema de avaliación por parte dos titores académicos.

Ademais, actualizouse o proceso interno de xestión das prácticas en empresa co obxectivo de homoxeneizar os prazos e o procedemento entre o alumnado e os titores académicos, de forma que:

- Unha vez publicadas as listas definitivas de asignación de centro, o alumnado deberá poñerse en contacto co seu titor académico nun prazo máximo de 10 días hábiles para reunirse de maneira presencial.
- Nesta reunión, o titor académico informará sobre os seguintes aspectos: funcionamento e xestión das prácticas profesionais, sistema de avaliación, obrigas e dereitos do estudante e documentación necesaria. Ademais, o titor académico debe suxerir a elaboración dun rexistro diario das tarefas para realizar co obxectivo de facilitar a redacción da memoria final de prácticas.
- Co obxectivo de garantir unha boa coordinación entre o titor académico e o alumnado en prácticas, o estudante terá a obriga de contactar periodicamente ao seu titor mediante correo electrónico ou reunión presencial ou telemática na que se comentará o transcurso das prácticas, as funcións e tarefas que realiza e a existencia de posibles incidencias. O alumno deberá comunicarse un mínimo de 3 veces co seu titor académico durante o período de prácticas.
- O alumno dispón de 10 días, ampliables a 15 en caso de motivo xustificado (p. ex. localización xeográfica do centro de traballo) para acudir á entidade, reunirse co seu titor profesional e cubrir e asinar a documentación necesaria (anexos de prácticas).
- A continuación, o alumno volverá reunirse co titor académico para que este proceda a revisar o contido da documentación (datas de realización de prácticas, horario, tarefas a realizar), proceda á súa firma e se tramite na facultade.

Toda a documentación de xestión administrativa das prácticas, así como as convocatorias, listaxes, formato de memoria e demais información relevante atópase dispoñible para todo o alumnado na intranet da Facultade nun cartafol dedicado exclusivamente ás prácticas de Grao. A intranet constitúe un apartado de acceso restrinxido ás persoas vinculadas ao Grao (persoal PDI, PAS e alumnado).

Unha vez finalizadas as prácticas, o alumnado debe elaborar unha memoria na que reflicta, entre outros aspectos, unha descrición detallada das tarefas e funcións realizadas durante o período de prácticas, as competencias melloradas e adquiridas, desafíos atopados e unha valoración destas.

As prácticas en empresa desenvólvense, xeralmente, sen ningún tipo de incidencia e cunha taxa de éxito moi elevada. As cifras específicas de oferta e de asignación das prácticas profesionais para o curso académico 2023-2024 e 2022-2023 aparecen nas táboas inferiores (Evidencia 20).

Curso académico 2022-2023	
OFERTA DE PRÁCTICAS (Evidencia 20)	
<i>Ofertadas polo centro</i>	35 solicitudes para 90 prazas en 47 organizacións
<i>Propiciadas polo alumnado</i>	15
OFERTA TOTAL	105
ASIGNACIÓN DE PRÁCTICAS (Indicador complexo 11)	
<i>Asignacións prácticas ofertadas por el centro</i>	30
<i>Asignacións ás prácticas propiciadas</i>	15
ASIGNACIONES TOTAL	45
Curso académico 2023-2024	
OFERTA DE PRÁCTICAS (Evidencia 20)	
<i>Ofertadas polo centro</i>	32 solicitudes para 79 prazas en 51 organizacións
<i>Propiciadas polo alumnado</i>	9
OFERTA TOTAL	88
ASIGNACIÓN DE PRÁCTICAS (Indicador complexo 11)	
<i>Asignacións prácticas ofertadas polo centro</i>	32
<i>Asignacións ás prácticas propiciadas</i>	9
ASIGNACIONES TOTAL	41

No curso académico 2022-2023, a Facultade de Relacións Laborais ofertou 90 prazas de prácticas profesionais en 47 organizacións distintas e 35 estudantes presentaron a súa solicitude para a realización destas. Ademais, rexistráronse 15 solicitudes de prazas para a realización de prácticas propiciadas. O total resultou ser 105 prazas de prácticas. Tal e como reflicte no indicador complexo 11 (I11), finalmente asignáronse 30 prazas en entidades ofertadas polo centro (1 empresa causou baixa da listaxe e 5 estudantes renunciaron) e 15 prazas en entidades propiciadas. En total, no curso 2022-2023 houbo 45 prácticas asignadas.

No curso académico 2023-2024, o centro ofertou 79 prazas de prácticas en 51 organizacións, o que proporciona unha oferta total de 88 prazas. O número de solicitudes foi de 32. A asignación final foi de 32 prazas de prácticas ofertadas polo centro (das cales se produciron 3 renuncias) e de 9 prazas de prácticas propiciadas polo alumnado, o que suma un total de 41 asignacións.

Á marxe dos datos reflectidos nas táboas superiores, no curso académico 2022-2023, 6 estudantes realizaron prácticas extracurriculares (4 alumnos/as de Grao e 2 alumnos/as de Dobre Itinerario). No curso académico 2023-2024, 1 alumno de Dobre Itinerario realizou prácticas extracurriculares. Precisamente, este alumno foi galardoado co premio do Consello Social ao estudante mellor valorado nas prácticas xestionadas por este órgano. Link á noticia: <https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/kevin-oliveira-practicas-extracurriculares-foron-enriquecedoras-mina-formacion>.

2.1.3.2 Satisfacción coas Prácticas Profesionais Externas

En canto á satisfacción do alumnado que realizou prácticas en empresa no curso 2023-2024, o indicador 19 (In19) sinala que no caso do Grao o nivel de satisfacción do alumnado é moi alto, superando mesmo lixeiramente a puntuación media do curso previo (4.39 no 2023-2024 e 4.25 no 2022-2023). No caso do Dobre Itinerario non se conta con ningún dato de ningún curso académico.

In19-Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	4.33	-	4.33	3.44	4.25	4.39
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	-	-	-	-	-	-

O informe 6 (Inf.6_23-24) describe a satisfacción do alumnado con aspectos específicos das prácticas externas. Os aspectos mellor valorados foron o papel que xogan as prácticas como primeiro contacto co mercado laboral, a duración das prácticas e as instalacións e medios das empresas, con puntuacións de 5, 4.83 e 4.83, respectivamente.

A boa xestión das prácticas externas vese así mesmo reflectida nos datos de satisfacción dos titores académicos e titores profesionais (In20 e In21, respectivamente). En ambos casos, a participación das persoas enquisadas é maior que no caso do alumnado. En primeiro lugar, os titores profesionais sinalan unha moi elevada satisfacción coa titorización das prácticas, cunha puntuación media de 4,25, unha cualificación moi similar ás obtidas nos últimos cursos. No caso do Dobre Itinerario, non se dispón de información.

O informe 7 (Inf.7_23-24) indica que, cun 54.29% de taxa de participación, os titores profesionais das prácticas de Grao están altamente satisfeitos cos distintos aspectos relacionados coas prácticas externas. As puntuacións media son iguais ou superiores a 4 na práctica totalidade das dimensións avaliadas. Os aspectos mellor valorados foron a consideración das prácticas como un bo contacto co mercado laboral e o nivel de desempeño do alumnado, puntuados, respectivamente, cun 4.89 e un 4.47. É importante destacar que un 72.22% dos enquisados contrataría ao estudante e que un 94.74% volvería ofertar as prácticas profesionais.

In20-Satisfacción titores profesionais coas prácticas externas	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	4.27	-	4.44	4.54	4.38	4.25
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	-	-	-	-	-	-

En canto á satisfacción dos titores académicos no Grao, os datos volven reflectir unha moi elevada satisfacción coas prácticas externas, alcanzando unha puntuación media de 4.73. Finalmente, no caso do Dobre Itinerario, o último dato obtido é o referido ao curso 2021-2022, cunha puntuación media de 4.5.

In21 - Satisfacción titores académicos coas prácticas externas	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	-	-	4.5	5.0	-	4.73
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	-	-	3.50	4.50	-	-


Completando esta información, o informe 8 (Inf.8_23-24) indica que os titores académicos do Grao atópanse altamente satisfeitos con todos os aspectos relacionados coas prácticas externas, sendo as puntuacións en todos os ítems da enquisa superiores a 4; dende a satisfacción coa coordinación de prácticas, ata a adecuación das competencias adquiridas polos estudantes. O mesmo ocorre no caso do Dobre Itinerario.

2.1.4 Programas de Mobilidade

O informe sobre a procedencia e destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade (Inf.3_23-24) sinala que no Grao houbo 10 persoas que participaron en programas de mobilidade saínte. A metade destes estudantes participou no programa SICUE ($N = 3$) e a outra metade no programa ERASMUS e no programa de convenios bilaterais con outras universidades ($N = 3$ e $N = 2$, respectivamente). Os estudantes que viaxaron ao estranxeiro para continuar cos seus estudos escolleron Polonia (Erasmus), Arxentina e Chile (Convenios Bilaterais) como países de destino. Desta información despréndese que o programa predilecto polos estudantes de Grao é o programa SICUE, potencialmente explicado polo menor custo económico que require realizar a mobilidade a nivel nacional e polo idioma.


Os datos de mobilidade saínte describen un lixeiro incremento de solicitudes en comparación co ano académico anterior (ver gráfico inferior). A mobilidade Erasmus mantense relativamente estable en comparación cos anos anteriores, sendo Polonia o país máis solicitado. A diferenza do curso 2022-2023, no 2023-2024 si houbo mobilidade saínte baixo convenios bilaterais, concretamente a Arxentina e a Chile.

Mobilidade Saínte Grao Santiago de Compostela




En canto á mobilidade entrante, os datos indican un lixeiro incremento no curso 2023-2024 con respecto ao curso previo. En total, 7 persoas escolleron continuar os seus estudos de Grao. Deles, tres fixérono baixo programas de convenios bilaterais (2 estudantes procedentes de México e 1 de Argentina) e catro fixérono baixo o programa SICUE. As universidades de procedencia foron a de Estremadura, a de Granada, a de Murcia e a de Salamanca.

Mobilidade entrante no Grao Santiago de Compostela



No relativo á mobilidade saínte do alumnado de Dobre Itinerario, no curso 2023-2024 houbo unha persoa que se acolleu ao programa SICUE. Aínda que a magnitude das cifras é moi reducida, debe considerarse que o número de matriculados no Dobre Itinerario é moi inferior ao de Grao.

Mobilidade Saínte Dobre Itinerario



No referido á mobilidade entrante, rexistráronse 2 estudantes acollidos ao programa SICUE, o que supón un lixeiro incremento con respecto aos datos do curso académico anterior, no que non houbo ningún alumno de mobilidade entrante.

O indicador (In15G) sobre a satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade saínte indica unha puntuación media de 3.4, un dato moi similar ao do curso previo (3.78). Por outra banda, o informe 4 sobre satisfacción dos alumnos saíntes cos programas de mobilidade (Inf.4_23-24) indica que, aínda que a taxa de participación é moi baixa (10%), existe unha alta satisfacción do estudantado con aspectos específicos dos programas de saída, como son as infraestruturas, a calidade do profesorado, as posibilidades de recoñecemento das materias cursadas ou a atención, recepción e acollida por parte da universidade de destino, todos eles puntuados cun 5. A experiencia global é, así mesmo, valorada moi positivamente, cunha puntuación de 4.

É importante considerar que tanto no título de Grao como o Dobre Itinerario impártese un contido altamente relacionado co sistema xurídico autonómico e estatal, cuxa aplicabilidade noutros territorios é distinta e que pode ser un condicionante para os alumnos doutros países que desexan realizar intercambios. Ademais, non existe en Europa ningunha titulación universitaria que sexa equivalente á de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, aspecto que pode supoñer unha limitación no mesmo sentido.

2.1.5 Avaliación e Resultados do Aprendizaxe

As actividades formativas, as competencias asignadas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación empregados nas respectivas materias (detallados nas guías docentes) adecúanse ao descrito na MVT e son revisados sistematicamente antes da súa aprobación.

Nos seguintes apartados describíense pormenorizadamente os resultados de aprendizaxe (taxa de rendemento, taxa de éxito e taxa de avaliación) do alumnado de Grao. Aínda que as táboas de indicadores inclúen información referida ao Dobre Itinerario, esta non será comentada debido a que este colectivo cursa materias tanto do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos como de Dereito, motivo polo cal as cifras non se refiren exclusivamente ao título aquí analizado. Con todo, cabe resaltar que os resultados de aprendizaxe referidos a este colectivo son excepcionalmente positivos en todos os casos.

Como xa se comentou máis arriba, no proceso de renovación de acreditación do título de Grao, os avaliadores da ACSUG destacan un conxunto de aspectos de obrigado cumprimento. Entre eles atópase a realización dun informe anual de seguimento conxunto para as sedes de Santiago e Lugo no que se avalíen e analicen as diferenzas existentes nas taxas de resultados. Esta necesidade traducíuse na acción de mellora antes explicada **GRL-AM1 (Santiago e Lugo – 2021-2022)**. Unha das metas establecidas para esta acción é a redución en, polo menos, un 10% das diferenzas existentes entre as sedes.

Nas táboas que se presentan a continuación, analizaranse as tres taxas citadas para os cursos académicos 2022-2023 e 2023-2024 para o Grao en RRL e RRHH, así como as taxas por materias, por curso (1º, 2º, 3º e 4º) e, en xeral, para toda a titulación. Espérase que os resultados derivados desta mellora se poidan comprobar na súa totalidade unha vez obtéñanse os datos referidos ao curso académico 2024-2025.

2.1.5.1 Taxa de Rendemento

A taxa de rendemento (In34) ou a relación en termos de porcentaxe entre o número de créditos ordinarios superados e o número de créditos ordinarios nos que se matricularon mantense estable en torno ao 70% nos cursos académicos dende o curso 2020-2021. En concreto, a taxa de rendemento para o 2023-2024 foi do 71.32%.

IN34 - Taxa de Rendemento	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	68.48	81.52	72.22	66.46	69.28	71.32
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	84.61	89.84	80.24	76.84	88.30	90.24

A continuación, describíense os resultados da taxa de rendemento en función do curso (1º, 2º, 3º e 4º) no ano académico 2023-2024. Na táboa inferior pódese comprobar que a taxa de rendemento media no primeiro curso é do 64.93%, unha porcentaxe que pode ser parcialmente explicada pola variedade de posibilidades en canto á formación previa do alumnado de primeiro curso (distintas ramas de bacharelato ou FP). Esta porcentaxe incrementase a medida avanza os cursos da titulación, alcanzando un valor medio de 67.84% en segundo, de 85.36% en terceiro e de 81.91% en cuarto. Existe unha diferenza positiva de case 17 puntos porcentuais entre a taxa de rendemento de primeiro e a de cuarto curso, o que supón un aspecto positivo e coherente. Os datos obtidos para os distintos cursos no ano académico 2022-2023 son moi similares aos do curso 2023-2024. A taxa de rendemento media de 1º e de 2º mantívose practicamente igual nos dous cursos académicos, mentres que os resultados de 3º e 4º incrementáronse lixeiramente no curso 2023-2024.

INFORME 18 TAXA DE RENDEMENTO

Taxa de rendemento 1º	2022-2023	2023-2024
Socioloxía do Traballo	60.69	66.39
Psicoloxía do Traballo	77.67	70.41
Historia Social das RRL	73.5	90.57
Introdución ao Dereito	33.57	38.51
Empresa e Organizacións	86.73	87.5
Dereito Societario	50.61	45.14
Planificación e Dereito Organizativo	76.58	63.89
Dereito do Traballo I	78.52	47
Dereito Administrativo I	77.48	75
Taxa de rendemento media 1º	68.37	64.93
Taxa de rendemento 2º	2022-2023	2023-2024
Economía	36.62	40.26
Técnicas de Investigación Social	65.56	71.56
Informática Aplicada	88.41	91.67
Dereito do Traballo II	70.89	71.93
Comportamento Organizacional	69.23	64.55
Dereito Administrativo II	82.95	85.71
Dereito Sindical	46.6	42.96
Dirección e Xestión de RRHH	60	55
Organización do Traballo	88.31	86.9
Taxa de rendemento media 2º	67.62	67.84
Taxa de rendemento 3º	2022-2023	2023-2024
Dereito da Seguridade Social I	83.7	91.43
Deseño de Procesos de Traballo	91.36	87.69
Facenda Pública	54.65	70.1
Selección, avaliación y desenvolvemento de persoal	89.69	83.56
Dereito da Seguridade Social II	46.58	91.91
Dereito Tributario	90	88.06
Técnicas de Apoio á Dirección	67.5	66.29
Dereito Concursal e Cambiario	97.01	98
Contabilidade Financeira	83.33	83.33
Dereito de Contratos e Responsabilidade Civil	81.82	65.52
Historia das RRL en Europa s. XX	94.44	95
Institucións e Política Social de la UE	76.92	83.33
Facenda Autonómica y Local	50	100
Psicoloxía de Grupos e Equipos de Traballo	96.55	100
Dereito Procesual Laboral	71.43	76.19
Taxa de rendemento media 3º	78.3	85.36
Taxa de rendemento 4º	2022-2023	2023-2024
Prácticas Dereito do Traballo e SS	66.33	86.46
Economía Laboral	65.71	69.07
Prevención de Riscos Laborais II	90.14	91.89
Planificación e Valoración de Plantillas	84.62	92.5

TFG	52.38	55.56
TFG – Curso Ponte	40	33.33
Dirección de Operac., Programación e Control do Traballo	69.23	76.92
Réxime Xurídico do Emprego Público	92.86	100
Contabilidade: Interpretación e Análise da Info. Contable	60	100
Avaliación dos Riscos Psicosociais e Saúde Ocupacional	91,3	77,27
Economía do Terceiro Sector	100	90
Política de Persoal na Empresa Internacionalizada	60.71	64.71
Prácticas en empresa	100	97.56
Prevención de Riscos Laborais I	93.42	93.42
Prácticas Extracurriculares	100	-
Programa de titores	-	100
Taxa de rendemento media 4º	78.60	81.91

A táboa que se presenta a continuación reflexa a taxa de rendemento do alumnado de Dobre Itinerario nas materias que deben cursar do Grao en RRLl e RRHH. Como se pode observar, os datos alcanzan unha magnitude moi positiva, cun resultado de case o 90% tanto no curso académico 2022-2023 coma no curso 2023-2024.

Taxa de rendemento das materias de Dobre Itinerario	22-23	23-24
Socioloxía do Traballo	100	100
Psicoloxía do Traballo	80.95	82.61
Historia Social das RRLl	85.71	91.67
Planificación e Dereito Organizativo	76.19	79.17
Dereito do Traballo I	83.33	58.33
Economía	100	93.75
Técnicas de Investigación Social	100	93.33
Dereito do Traballo II	100	100
Comportamento Organizacional	85.71	92.86
Dereito Sindical	71.43	87.50
Dirección e Xestión de RRHH	100	100
Organización do Traballo	100	100
Dereito da Seguridade Social I	83.33	100
Deseño de Procesos de Traballo	100	83.33
Selección, avaliación e desenvolvemento de persoal	100	100
Dereito da Seguridade Social II	50	100
Dereito Concursal e Cambiario	-	-
Historia das RRLl na Europa do s. XX	-	-
Psicoloxía dos Grupos e Equipos de Traballo	-	-
Dereito Procesual Laboral	85.71	100
Prácticas de Dereito do Traballo e da SS	66.67	100
Economía Laboral	100	85.71
Prevención de Riscos Laborais II	100	100
Planificación e Valoración de Plantillas	100	100
TFG	87.50	66.67
Réxime Xurídico do Emprego Público	-	100

Prácticas en empresa	-	-
Prevenção de Riscos Laborais I	85.71	100
Taxa de rendemento media das materias de Dobre Itinerario	88.79	89.79

2.1.5.2 Taxa de Éxito

En canto á taxa de éxito ou relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron, os datos reportados no indicador 35 (In35) sinalan que no Grao o resultado obtido para o curso 2023-2024 é do 79.67%, un dato moi similar aos resultados de cursos académicos anteriores.

In35 - Taxa de éxito	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	78.55	89.37	81.56	78.88	79.84	79.67
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	91.23	93.77	87.87	89.79	88.30	90.24

Na seguinte táboa reflíctense os resultados obtidos para o curso 2023-2024 da taxa de éxito en función do curso analizado (1º, 2º, 3º e 4º). Os datos reflicten un incremento constante da súa magnitude dende o primeiro curso ata o cuarto curso de maneira ininterrompida. Esta tendencia reflicte a evolución natural e desexable de toda titulación, pasando dun 72.28% en primeiro, a un 79.63% en segundo, a un 90.51% en terceiro e, finalmente, a un 94.14% en cuarto.

INFORME 17 TAXA DE ÉXITO

Taxa de éxito 1º	2022-2023	2023-2024
Socioloxía do Traballo	72.13	76.42
Psicoloxía do Traballo	78.43	73.4
Historia Social das RRL	74.78	100
Introdución ao Dereito	38.71	42.76
Empresa e Organizacións	90.43	90.59
Dereito Societario	63.36	55.08
Planificación e Dereito Organizativo	85	74.19
Dereito do Traballo I	85.48	52.81
Dereito Administrativo I	87.76	85.23
Taxa de éxito media 1º	75.12	72.28
Taxa de éxito 2º	2022-2023	2023-2024
Economía	52	52.54
Técnicas de Investigación Social	80.82	88.64
Informática Aplicada	98.39	100
Dereito do Traballo II	77.78	76.64
Comportamento Organizacional	77.42	73,2
Dereito Administrativo II	87.95	91.3
Dereito Sindical	52.17	94.12
Dirección e Xestión de RRHH	64	85.71
Organización do Traballo	97.14	54.55
Taxa de éxito media 2º	76.41	79.63
Taxa de éxito 3º	2022-2023	2023-2024
Dereito da Seguridade Social I	88.51	95.52

Deseño de Procesos de Traballo	94.87	93.44
Facenda Pública	78.33	73.12
Selección, avaliación e desenvolvemento de persoal	92.55	85.92
Dereito da Seguridade Social II	62.96	96.9
Dereito Tributario	94.74	92.19
Técnicas de Apoio á Dirección	77.14	70.24
Dereito Concursal e Cambiario	100	98
Contabilidade Financeira	100	90.91
Dereito de Contratos e Responsabilidade Civil	90	86.36
Historia das RRLI na Europa do s. XX	100	100
Institucións e Política Social da UE	88.24	90.91
Facenda Autonómica e Local	100	100
Psicoloxía dos Grupos e Equipos de Traballo	100	100
Dereito Procesual Laboral	82.35	84.21
Taxa de éxito promedio de 3º	89.98	90.51
Taxa de éxito 4º	2022-2023	2023-2024
Prácticas de Dereito do Traballo e da SS	76.47	90.22
Economía Laboral	75	72.83
Prevención de Riscos Laborais II	95.52	94.44
Planificación e Valoración de Plantillas	89.19	93.67
TFG	100	94.2
TFG - Curso Ponte	100	100
Dirección de Operac., Programación e Control do Traballo	81.82	90.91
Réxime Xurídico do Emprego Público	100	100
Contabilidade: Interpretación e Análise da Info. Contable	100	100
Avaliación dos Riscos Psicosociais e Saúde Ocupacional	100	89.47
Economía del Tercero Sector	100	100
Política de Persoal na Empresa Internacionalizada	100	100
Prácticas en empresa	100	97.56
Prevención de Riscos Laborais I	95.95	94.67
Prácticas Extracurriculares	-	-
Programa de titores	-	-
Taxa de éxito promedio de 4º	93.85	94.14

No caso do Dobre Itinerario, a taxa de éxito nas materias que este alumnado debe cursar do Grao en RRLI e RRHH acada un valor para o curso 2023-2024 lixeiramente superior ao do curso 2022-2023, alcanzando o 96.64%. Estes datos permiten afirmar que a taxa de éxito é excelente.

Taxa de éxito das materias de Dobre Itinerario	22-23	23-24
Socioloxía do Traballo	100	100
Psicoloxía do Traballo	85	90.48
Historia Social das RRLI	90	100
Planificación e Dereito Organizativo	94.12	100
Dereito do Traballo I	95.24	63.64

Economía	100	100
Técnicas de Investigación Social	100	93.33
Dereito do Traballo II	100	100
Comportamento Organizacional	92.31	92.86
Dereito Sindical	83.33	93.33
Dirección e Xestión de RRHH	100	100
Organización do Traballo	100	100
Dereito da Seguridade Social I	83.33	100
Deseño de Procesos de Traballo	100	100
Selección, avaliación e desenvolvemento de persoal	100	100
Dereito da Seguridade Social II	50	100
Dereito Concursal e Cambiario	-	-
Historia das RRLI na Europa do s. XX	-	-
Psicoloxía dos Grupos e Equipos de Traballo	-	-
Dereito Procesual Laboral	85.71	100
Prácticas de Dereito do Traballo e da SS	100	100
Economía Laboral	100	85.71
Prevenición de Riscos Laborais II	100	100
Planificación e Valoración de Plantillas	100	100
TFG	100	100
Réxime Xurídico do Emprego Público	-	100
Prácticas en empresa	-	-
Prevenición de Riscos Laborais I	100	100
Taxa de éxito media das materias de Dobre Itinerario	93.87	96.64

2.1.5.3 Taxa de Avaliación

A taxa de avaliación refírese á relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados. O indicador 36 (In36) reflicte uns datos que seguen unha tendencia moi parecida á obtida na taxa de rendemento e na taxa de éxito. Como se aprecia na táboa, prodúcese un incremento ininterrompido da taxa de avaliación dende o curso 2021-2022, alcanzando para o curso 2023-2024 un 89.52%.

In36 -Taxa de avaliación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRLI e RRHH	87.18	91.22	88.54	84.25	86.78	89.52
D.I. en Dereito e RRLI e RRHH	92.75	95.82	91.32	85.58	91.42	89.91

Na seguinte táboa reflíctense os resultados da taxa de avaliación obtidos para o curso académico 2023-2024 e o seu precedente en función do curso (1º, 2º, 3º e 4º). Especificamente, a taxa de avaliación en 1º é dun 89.45% e mantense practicamente estable en 2º (87.34%). É en 3º cando alcanza o seu máximo cun 94.14%, un dato moi positivo. Con todo, en 4º redúcese ao 85.96%, unha cifra motivada pola porcentaxe de defensa do TFG, especialmente por parte do alumnado de Curso Ponte. Espérase a este respecto comprobar a eficacia da [Acción de Mellora GRL-AM3 \(Santiago 2021-2022\)](#) (datos previstos para o curso 2025-2026 sobre o curso 2024-2025), a taxa de avaliación de 4º curso se vexa incrementada como resultado das iniciativas dirixidas ao incremento da defensa dos TFG. Esta acción descríbese máis pormenorizadamente ao final deste apartado.

INFORME 19 TAXA DE AVALIACIÓN

Taxa de avaliación 1º	2022-2023	2023-2024
-----------------------	-----------	-----------

Socioloxía do Traballo	84.14	86.89
Psicoloxía del Traballo	99.03	95.92
Historia Social das RRLL	98.29	90.57
Introdución ao Dereito	86.71	90.06
Empresa e Organizacións	95.92	96.59
Dereito Societario	79.88	81.94
Planificación e Dereito Organizativo	90.09	86.11
Dereito do Traballo I	91.85	89
Dereito Administrativo I	88.29	88
Taxa de avaliación promedio de 1º	90.47	89.45
Taxa de avaliación 2º	2022-2023	2023-2024
Economía	70.42	76.62
Técnicas de Investigación Social	81.11	80.73
Informática Aplicada	89.86	91.67
Dereito do Traballo II	91.14	93.36
Comportamento Organizacional	89.42	88.18
Dereito Administrativo II	94.32	93.88
Dereito Sindical	89.32	81.48
Dirección e Xestión de RRHH	93.75	92
Organización do Traballo	90.91	88.1
Taxa de avaliación promedio de 2º	87.81	87.34
Taxa de avaliación 3º	2022-2023	2023-2024
Dereito da Seguridade Social I	94.57	95.71
Deseño de Procesos de Traballo	96.3	93.85
Facenda Pública	69.77	95.88
Selección, avaliación e desenvolvemento de persoal	96.91	97.26
Dereito da Seguridade Social II	73.97	94.85
Dereito Tributario	95	95.52
Técnicas de Apoio á Dirección	87.5	94.38
Dereito Concursal e Cambiario	97.01	100
Contabilidade Financeira	83.33	91.67
Dereito de Contratos e Responsabilidade Civil	90.91	75.86
Historia das RRLL na Europa do s. XX	94.44	95
Institucións e Política Social da UE	87.18	91.67
Facenda Autonómica e Local	50	100
Psicoloxía dos Grupos e Equipos de Traballo	96.55	100
Dereito Procesual Laboral	86.73	90.48
Taxa de avaliación promedio de 3º	86.68	94.14
Taxa de avaliación 4º	2022-2023	2023-2024
Prácticas de Dereito do Traballo e da SS	86.73	95.83
Economía Laboral	87.62	94.85
Prevención de Riscos Laborais II	94.37	97.3
Planificación e Valoración de Plantillas	94.87	98.75
TFG	52.38	58.97
TFG - Curso Ponte	40	33.33
Dirección de Operac., Programación e Control Traballo	84.62	84.62

Réxime Xurídico do Emprego Público	92.86	100
Contabilidade: Interpretación e Análise de Info. Contable	60	100
Avaliación Riscos Psicosociais e Saúde Ocupacional	91.3	86.36
Economía do Terceiro Sector	100	90
Política de Persoal na Empresa Internacionalizada	60.71	64.71
Prácticas en empresa	100	100
Prevención de Riscos Laborais I	97.37	98.68
Prácticas Extracurriculares	-	-
Programa de titores	-	-
Taxa de avaliación promedio de 4º	81.63	85.96

Por último, a taxa de avaliación das materias do Grao en RRLL e RRHH que debe cursar o alumnado de Dobre Itinerario mantén, ao igual que ocorre coas taxas de rendemento e éxito, unha magnitude extraordinaria, superando o 90% nos dous cursos académicos analizados.

Taxa de avaliación das materias de Dobre Itinerario	22-23	23-24
Socioloxía do Traballo	100	100
Psicoloxía do Traballo	95.24	91.30
Historia Social das RRLL	95.24	91.67
Planificación e Dereito Organizativo	80.95	79.17
Dereito do Traballo I	87.50	91.67
Economía	100	93.75
Técnicas de Investigación Social	100	100
Dereito do Traballo II	100	100
Comportamento Organizacional	92.86	100
Dereito Sindical	85.71	93.75
Dirección e Xestión de RRHH	100	100
Organización do Traballo	100	100
Dereito da Seguridade Social I	100	100
Deseño de Procesos de Traballo	100	83.33
Selección, avaliación e desenvolvemento de persoal	100	100
Dereito da Seguridade Social II	100	100
Dereito Concursal e Cambiario	-	-
Historia das RRLL na Europa do s. XX	-	-
Psicoloxía dos Grupos e Equipos de Traballo	-	-
Dereito Procesual Laboral	100	100
Prácticas de Dereito do Traballo e da SS	66.67	100
Economía Laboral	100	100
Prevención de Riscos Laborais II	100	100
Planificación e Valoración de Plantillas	100	100
TFG	87.50	66.67
Réxime Xurídico do Emprego Público	-	100
Prácticas en empresa	-	-
Prevención de Riscos Laborais I	85.71	100
Taxa de avaliación media das materias de Dobre Itinerario	94.67	95.47

Completando os datos dos apartados anteriores, a continuación, resúmense os datos de matrícula e defensa dos Traballos de Fin de Grao nos cursos académicos 2022-2023 e 2023-2024:

Curso académico 2022-2023	
GRAO EN RRLLE Y RRHH	
<i>Alumnado de Grao matriculado no TFG</i>	127 (62 novos e 65 repetidores)
<i>Alumnado de Curso Ponte matriculado no TFG</i>	10 (3 novos e 10 repetidores)
Total matrículas TFG	137
Total TFG defendidos	71 (72 solicitudes pero 1 no presentado)
DOBRE ITINERARIO EN DEREITO E RRLLE Y RRHH	
<i>Alumnado de Dobre Itinerario matriculado no TFG</i>	9 (8 novos e 1 repetidor)
Total TFG defendidos	8
Curso académico 2023-2024	
GRAO EN RRLLE Y RRHH	
<i>Alumnado de Grao matriculado no TFG</i>	117 (63 novos e 54 repetidores)
<i>Alumnado de Curso Ponte matriculado no TFG</i>	3 repetidores (non hai novas solicitudes por non ofertarse prazas de novo ingreso)
Total matrículas TFG	120
Total TFG defendidos	69
DOBRE ITINERARIO EN DEREITO E RRLLE Y RRHH	
<i>Alumnado de Dobre Itinerario matriculado no TFG</i>	6 (5 novos e 1 repetidor)
Total TFG defendidos	4

Os datos reflicten unha melloría no número de traballos fin de Grao defendidos en comparación co número de matrículas se se comparan os cursos 2022-2023 e 2023-2024. Así, no primeiro caso (curso 2022-2023) o 51.82% das persoas que se matricularon no TFG defendérono. No curso académico seguinte, o 2023-2024, esta porcentaxe alcanzou o 58%. A evolución desta porcentaxe é favorable e posiblemente se derive das accións de mellora levadas a cabo no centro. Por exemplo, no marco da acción [GRL-AM2 \(Santiago 2020-2021, diferida ao 2021-2022\)](#) realizáronse sesións informativas sobre o TFG, publicouse documentación específica sobre os distintos aspectos referidos á realización do TFG (calendarios, guía de elaboración, cronograma recomendado). Fíxose un especial esforzo promovendo os cursos de formación ofertados pola Biblioteca Concepción Arenal sobre competencias de información, cuxo curso de nivel avanzado versa case na súa totalidade sobre a elaboración do TFG e realizouse un taller sobre competencias clave e técnicas de comunicación interpersoal. Ademais, modificouse o regulamento de TFG co obxectivo de melloralo e actualizalo.

Do mesmo xeito, a acción [GRL-AM3 \(Santiago 2021-2022\)](#) que se realizou no curso académico 2023-2024 e no curso 2024-2025 incluíu actividades encamiñadas a mellorar a taxa de graduación e as taxas de resultados do TFG. Así, realizáronse sesións informativas para o alumnado de 3º e 4º sobre o sistema de elección e sobre recomendacións e pautas para a elaboración do TFG. Do mesmo xeito, en outubro de 2023, realizouse un curso de habilidades comunicativas e en novembro de 2024 realizouse un Taller de Realización do TFG. Espérase que os resultados definitivos desta acción de mellora se vexan reflexados nos datos proporcionados no curso 2025-2026 sobre o curso 2024-2025.

2.1.6 Satisfacción do alumnado coa Aprendizaxe

Neste apartado examínanse os resultados dos indicadores 46, 48 e 47 sobre a satisfacción do alumnado e o profesorado coa docencia no Grao en RRLLE e RRHH e Dobre Itinerario.

2.1.6.1 Satisfacción do Alumnado coa Docencia

O indicador 46 (In46) reflicte unha elevada puntuación en termos de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. De forma concreta, no Grao a puntuación media mantense practicamente constante dende o primeiro curso académico analizado (2018-2019) nunha puntuación que roza os 4 puntos (4.05 para o curso en avaliación, 4.07 para o curso anterior). No caso do Dobre Itinerario as puntuacións foron moi positivas tamén nos últimos cursos académicos.

Concretamente, a puntuación obtida para o curso 2023-2024 foi de 4.03.

In46 - Satisfacción alumnado coa docencia recibida	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grado en RRL e RRHH	3.92	3.65	3.97	3.86	4.07	4.05
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	3.74	3.77	4.06	4.44	-	4.02

Estes datos complétanse coa información reflectida no informe 13 sobre a satisfacción do alumnado coa docencia recibida (Inf13_23-24) no que se desagregan as puntuacións para aspectos específicos sobre a súa experiencia. De forma concreta, os aspectos mellor valorados polo alumnado son: (a) os docentes explican a programación da materia e os criterios de avaliación (4.29), (b) cumprese co programa de traballo previsto (4.38), (c) os contidos desenvólvense conforme ao cronograma temporal da materia (4.22); (d) os docentes teñen unha actitude receptiva que facilita a comunicación (4.10) e (e) a axuda recibida nas titorías (4.02). Os aspectos coas puntuacións máis reducidas pero que en ningún caso poden considerarse malas puntuacións, senón todo o contrario, xa que roldan o 4, foron: (a) a capacidade dos docentes para propoñer actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma e (b) a capacidade dos docentes para facer ver a relevancia da materia e o interese que ten a materia para a formación. Ambos ítems obtiveron unha puntuación media de 3.86 polo alumnado do Grao.

No caso do Dobre Itinerario, os aspectos mellor valorados polos estudantes foron: (a) a explicación da programación da materia e dos criterios de avaliación (4.33); (b) o cumprimento co programa e o plan de traballo previstos (4.31); (c) a organización das clases e a claridade das explicacións (4.00); (d) a posibilidade de coñecer con suficiente antelación os criterios de corrección de exames e traballos (4.12); (e) o desenvolvemento dos contidos de acordo ao cronograma da materia (4.05); (f) a capacidade de resolución das dúbidas por parte do docente (4.28); e (g) a actitude por parte dos docentes (4.15). Ningún dos restantes aspectos foi avaliado con puntuacións inferiores a 3.82, o que reflicte a elevada satisfacción do alumnado do Dobre Itinerario.

Un aspecto especialmente positivo é o incremento das taxas de participación do alumnado na realización das enquisas de satisfacción coa docencia (In48). A porcentaxe de resposta a estas enquisas foi decrecendo nos cursos académicos previos ata alcanzar no curso 2022-2023 os datos máis reducidos da serie de cursos analizados (un 18.54%). Co propósito de mellorar as porcentaxes e de incentivar a realización das enquisas por parte do estudiantado, no curso 2023-2024 implementouse unha acción de mellora que se describe ao final do informe (ver acción de mellora [GRL-AM4 \(Santiago e Lugo - 2021-2022\)](#)) mediante a que se solicitou aos docentes de cada curso a cesión duns minutos nunha das súas clases para que os alumnos cubrisen dende a aula as enquisas de satisfacción coa docencia. Nesta acción, o papel dos delegados de cada curso, representantes dos estudantes e alumnos titores é esencial á hora de informar o alumnado da importancia de participar nas enquisas institucionais. O resultado desta acción foi un incremento substancial da participación do alumnado, alcanzando o 48.67% no caso do alumnado do Grao e o 75% no caso do alumnado do Dobre Itinerario.

In48-Taxa resposta enquisa de satisfacción alumnado coa docencia	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao RRL e RRHH	25.11	39.78	23.64	21.63	18.54	48.67
D.I.en Dereito e RRL e RRHH	60.09	61.90	56.00	60.94	-	75.00

2.1.6.2 Satisfacción do Profesorado coa Docencia

No que respecta á satisfacción do profesora coa docencia, o indicador 47 (In47) informa duns resultados moi positivos. En todos os casos, a satisfacción total para o curso 2023-2024 supera os 4 puntos. En concreto, a puntuación media dos docentes de Santiago foi de 4.10, un dato consistente co resultado de cursos previos. No caso do Dobre Itinerario, a puntuación media foi de 4.15.

In478 - Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	4.15	3.97	4.06	4.18	4.10	4.10
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	4.20	4.04	4.01	4.21	-	4.15

O informe 14 (Inf.14_23-24) desagrega as puntuacións da satisfacción dos docentes con aspectos específicos. Nese sentido, os docentes están altamente satisfeitos con todos os ítems expostos, especialmente con: (a) a organización das clases (4.41); (b) a información proporcionada ao alumnado sobre os criterios de avaliación da materia (4.73); (c) a súa

capacidade para mostrarse accesible nas clases e nas titorías co alumnado (4.79) e (d) a adecuación do trato que proporciona ao alumnado (4.72). Os restantes aspectos foron tamén avaliados de forma moi positiva. Así, a cualificación máis reducida no caso do profesorado do Grao foi de 3.34 para o ítem “o alumnado participa crítica e activamente no desenvolvemento das clases”. En ningún caso se trata de malas puntuacións se non, todo o contrario, de valoracións que reflicten a alta satisfacción do profesorado do Grao.

Os profesores que imparten docencia aos alumnos do Dobre Itinerario son os mesmos docentes que imparten clase no Grao, xa que como se veu aclarando ao longo deste informe, os alumnos do Dobre Itinerario comparten clase cos alumnos de Grao, polo que os datos de satisfacción son os mesmos que os descritos máis arriba.

2.2 MÁSTER EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL

2.2.1 Admisión e Captación do Alumnado

En relación co perfil de ingreso no Máster, tal e como se especifica na MVT, a Xestión e Dirección laboral pode ser analizada dende diferentes perspectivas (xurídica, técnica, psicolóxica, sociolóxica e económica, entre outras), polo que a natureza claramente multidisciplinar da formación ofrecida no Máster implica que existe unha ampla variedade de titulacións de acceso (Graos, Licenciaturas, Diplomaturas) en ámbitos procedentes das ramas de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas que dean acceso ao mesmo. En todo caso, como xa se indicou, o perfil de ingreso recomendado ou as titulacións preferentes para acceder ao Máster son o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, a Diplomatura en Relacións Laborais, a Diplomatura en Graduado Social e o Grao en Ciencias do Traballo. Non obstante, pese á diversa formación do alumnado matriculado no Máster, non existen condicións ou probas de acceso especiais. Tampouco un proceso de adaptación que os graduados, diplomados ou licenciados deben realizar para poder ser admitidos. O único criterio de admisión refírese aos alumnos procedentes de países de lingua diferente ao galego, portugués ou español, que deberán acreditar o nivel de lingua galega (Celga II) ou española (B1) seguindo o acordo do Consello de Goberno da USC de 30 de xullo de 2018. De non ter algún dos certificados de idioma esixidos, a USC realizaralle unha proba de nivel e, de non superala, deberán asistir a un curso intensivo de galego o español no primeiro semestre ata acadar o nivel requirido.

Sen embargo, a pesar de non existir requisitos específicos de admisión (a excepción do idioma), o perfil real do alumnado de ingreso ou matriculado neste Máster sempre se axustou ao indicado na MVT. Así, como xa se fixo referencia anteriormente, na sede de Santiago, a titulación de procedencia da maior parte dos estudantes de novo ingreso correspóndese coas que se consideran titulacións preferentes. En concreto, na USC 15 dos 29 alumnos eran Graduados en Relacións Laborais e Recursos Humanos. A segunda titulación máis frecuente foi o Grao en Ciencia Política e da Administración (4), seguida do Grao en Dereito (3) e o Grao en Socioloxía (3), titulacións que pertencen ao ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas e, que, por tanto, considérase que proporcionan as competencias necesarias ao alumnado para o estudo da Xestión e Dirección Laboral.

En canto ao orixe xeográfico do alumnado de novo ingreso para o curso 2023-2024, este procede principalmente da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo (do total de matriculados) só o 8.16% de procedencia estranxeira (In08; N = 4). En concreto, dous alumnos procedían de Colombia e os outros dous alumnos, que tiñan pendente o TFM e algunha outra materia, eran de Chile e Perú. Cabe indicar que, na sede de Santiago, a porcentaxe de alumnos estranxeiros respecto do total de matriculados permanece estable dende o curso 2021-2022, o que, sen dúbida, pon de manifesto que o título suscita interese máis aló das fronteiras españolas, especialmente atraendo a alumnado procedente de América Latina.

En relación cos procesos de captación de novo alumnado, dende a coordinación do máster téñense desenvolvido no pasado accións de mellora que tiñan como obxecto incrementar o número de estudantes de novo ingreso. Concretamente, o Plan de Mellora PM5, executado no curso académico 2020-2021 cun resultado exitoso, consistiu na realización de campañas de difusión, baseadas na edición de trípticos, anuncios nas redes sociais, difusión do título en feiras nacionais e internacionais de estudos de postgrao, en xornadas de orientación de mestrados que se organizan nalgúns facultades e mediante o contacto con representantes de universidades estranxeiras (especialmente latinoamericanas). Esta acción de mellora tamén estivo encamiñada a garantir un perfil de ingreso adecuado.

En definitiva, de todo o exposto, cabe concluír que existe coherencia entre o perfil de ingreso real da titulación e o perfil de ingreso descrito na MVT e que o título suscita interese fóra de Galicia, tanto no estranxeiro como noutros territorios de España.

2.2.2 Orientación Académica e Profesional e Formación en Competencias Transversais

2.2.2.1 Servizos de Orientación Académica e Profesional

A orientación académica e profesional é ofrecida aos/as estudantes polos servizos xerais da USC, como a Oficina de Información Universitaria e a área de Orientación Laboral do Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego. A información relativa a cuestións de índole académica, flúe a través de diferentes canles de difusión: o perfil de estudantes da web da USC, o sitio web da Facultade de Relacións Laborais e o propio da titulación. O intercambio de información tamén se realiza a través de correos electrónicos, mensaxes notificadas a través do Campus Virtual do Máster e do campus virtual de cada unha das materias que o integran, do taboleiro de anuncios específico do Máster, das pantallas de información do centro ou directamente mediante a convocatoria de reunións cos estudantes.

Polo que se refire aos programas de acollida e apoio ao alumnado de novo ingreso, a comisión do título organiza, o día que se inicia o curso, unha reunión de recepción onde se proporciona información sobre a organización docente, recursos, horarios, características xerais das materias e outras cuestións de interese para o alumnado. Ademais, pódese consultar toda a información relevante para o desenvolvemento do curso na Guía do Máster, tamén publicada na páxina web.

Dende a coordinación do Máster infórmase ao longo do curso, das convocatorias de bolsas, período de cambio de matrícula das materias optativas, prazos de publicación e revisión de cualificacións, períodos de cobertura de enquisas de satisfacción, etc. A orientación profesional, garántese a través dos diferentes ciclos de conferencias organizados pola Facultade. Ademais, a coordinación do Máster convida a profesionais a impartir charlas sobre distintos ámbitos de actuación de interese para o alumnado, a información máis xeral sobre bolsas e ofertas de emprego é facilitada co recurso ás redes sociais, facebook da Facultade e LinkedIn.

2.2.2.2 Complementos de Formación

Como xa se indicou no perfil de ingreso, a MVT non establece requisito formativos específicos nin a necesidade de que os estudantes que acceden a este Máster teñan que cursar complementos formativos específicos dalgún tipo. Non obstante, dende a coordinación do título búscase a actualización constante dos contidos da titulación.

Unha das principais formas de asegurar o nivel de actualización do Título é a colaboración con distintas entidades e institucións e a participación como docentes de persoal externo, todos eles profesionais de prestixio, grazas á colaboración e achega económica, dende a primeira edición do Máster, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, coa cal se renova anualmente o Convenio de colaboración que o permite. Tal e como se reflicte no citado convenio, o título trata de cubrir un campo de gran interese estratéxico nas relacións laborais e serve para dar resposta á demanda dos actuais titulados universitarios e ás súas expectativas de formación nunha área de actividade punteira no desenvolvemento da Comunidade Autónoma Galega.

Durante o curso 2023-2024, o financiamento procedente da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración permitiu levar a cabo distintas actividades formativas nas 3 universidades. Debido á súa temática específica, algunhas delas organizáronse no marco dunha materia concreta. Concretamente na sede de Santiago, na materia ‘Dereito do Traballo e crise de empresa’, o 18 de outubro de 2023, impartiu unha charla sobre as relacións laborais en situación de concurso, Don Luis Fernando De Castro Mejuto, Presidente da Sala do social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Así mesmo, no marco da materia ‘Xestión da prevención de riscos laborais’, o 30 de novembro de 2023, celebrouse un seminario titulado “O papel da ISSGA na prevención de riscos laborais”, que contou coa intervención da Xerente do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, Dona Adela Quinzá-Torroja García, e da súa Subdirectora, Dona María Encarnación Sousa Rodríguez. Así mesmo, no ámbito da materia ‘Xestión Laboral e da Seguridade Social’, os días 12 e 19 de abril de 2024, levaronse a cabo dous talleres de Seguridade Social impartidos pola avogada especialista en Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Dona Rita Giráldez Méndez.

En cambio, outras actividades tiveron como destinatarios a todo o alumnado matriculado no Máster. Así, por exemplo, no centro de Santiago de Compostela, o día 25 de setembro de 2023, organizouse unha Conferencia inaugural sobre “Dixitalización e Dereito do Traballo”, na que participaron a Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Murcia, Dona Francisca Ferrando García, cun relatorio sobre “Aplicación da intelixencia artificial e os dereitos fundamentais no ámbito laboral”, e o Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Córdoba, Don Francisco Alemán Páez, cun relatorio titulado “Poder directivo dixital e traballo deslocalizado: dialécticas materiais e descomposicións regulatorias”.

Ademais das actividades organizadas no marco do convenio de colaboración coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, tamén realizaron outras actividades de interese formativo. Por exemplo, na sede de Santiago, o día 14 de

xuño de 2024 celebrouse o Acto de clausura do Máster en Xestión e Dirección Laboral, no que a Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Dona Emma Rodríguez Rodríguez, impartiu a lección maxistral titulada “Da conciliación á corresponsabilidade: a Directiva (UE) 2019/1158 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de xuño de 2019 relativa á conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores”. Así mesmo, convidouse ao alumnado deste itinerario a asistir a outras actividades que se consideraban de interese, como, por exemplo, ao “Taller de competencias clave e técnicas na comunicación interpersoal efectiva”, celebrado os días 17 e 24 de novembro de 2024, ou aos cursos sobre formación en competencias da información organizados pola Biblioteca Concepción Arenal.

No plano científico, cabe destacar que o Máster en Xestión e Dirección Laboral dá acceso ao Programa de Doutoramento Interuniversitario en Relacións Laborais e Recursos Humanos, coordinado pola USC e impartido conxuntamente coas Universidades da Coruña, Oviedo e Zaragoza, que se implantou no ano 2022. Esta iniciativa representa unha nova saída profesional para os titulados no Máster no ámbito da investigación, que se suma ao tradicional do exercicio da profesión en empresas privadas ou en administracións públicas.

No plano académico, a natureza do título é esencialmente multidisciplinar, o que se reflicte en distintos aspectos. A perspectiva multidisciplinar coa cal se enfoca ao plan refléxase no módulo obrigatorio do título composto por materias onde se aborda o marco xurídico elemental no que se inscriben as decisións para adoptar en cada organización (‘Seguridade Social Complementaria’; ‘Dereito do Traballo e crise da empresa’; ‘Xestión da prevención de riscos laborais’; ‘Xestión tributaria’ e ‘Aspectos xurídicos-laborais en materia de igualdade’). A estas materias súmase unha acerca dos ‘Aspectos macroeconómicos e territoriais do mercado de traballo’, cuxo dominio é imprescindible para a toma de decisións, non só xuridicamente indiscutibles, senón tamén economicamente oportunas; e outra dedicada á ‘Análise Contable’, fundamental para a xestión interna destas organizacións. Preténdese así dotar ao alumnado das ferramentas necesarias para a adquisición das competencias específicas orientadas á xestión da pequena e mediana empresa, sen esquecer a das Administracións públicas tamén pequenas e medianas, como é o caso das Deputacións provinciais e dos Concellos.

Outra das formas de garantir que o título responda aos requisitos e necesidades da profesión que van exercer os egresados, e que actúa como ponte entre a universidade e o mercado laboral, é a través das prácticas obrigatorias que o alumnado ten que realizar en empresas e institucións. De forma análoga ao carácter multidisciplinar do título, as entidades ofertadas son moi diversas. Por exemplo, colabórase mediante o convenio correspondente con sindicatos, asesorías xurídicas, administracións públicas, empresas de traballo temporal, mutuas e unha ampla variedade de empresas do sector privado pertencentes aos distintos sectores económicos nas que os estudantes desenvolven as súas competencias nos departamentos ou áreas de persoal, contabilidade, asesoría, financeiras ou da administración, entre outras.

Por último, outro aspecto que reflicte o interese no título por parte da sociedade é o aumento na demanda de solicitudes de recoñecemento de créditos nas tres Universidades durante os cursos académicos 2022-2023 e 2023-2024. En ambos os cursos, houbo un total de 13 solicitudes, das cales se aceptaron 12 en cada curso. Especificamente no caso do itinerario de Santiago, mentres que no curso 2022-2023 se recibiron 3 solicitudes, no curso 2023-2024 consta unha única solicitude.

Por unha banda, na maioría dos casos solicitábase o recoñecemento da materia ‘Prácticas externas’ por experiencia laboral relacionada co Máster, e a maioría das solicitudes foron informadas favorablemente pola Comisión Académica de cada unha das Universidades e aprobadas pola Comisión Interuniversitaria do MXDL, por entender que se acreditou correctamente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa aplicable. Por outra banda, nun número menor de supostos pedíase o recoñecemento doutras materias por estudos previos de Grao ou Máster. Neste caso, admitiuse, por exemplo, o recoñecemento da ‘Xestión da prevención de riscos laborais’, por cursarse o Máster Oficial en Prevención de Riscos Laborais, pero non doutras materias, por non ser equiparables aos contidos e as competencias das materias do Máster coas cursadas con anterioridade.

En resumo, os datos expostos poñen de manifesto a aparición dun novo perfil de alumno, que xa conta con experiencia profesional, e que elixe este Máster como vía para actualizar as súas competencias, mellorar a súa empregabilidade e favorecer a súa promoción profesional, nunha óptica de aprendizaxe ao longo da vida, o que reflexa a axeitada orientación e formación académica e profesional desta titulación.

2.2.3 Prácticas Profesionais Externas

2.2.3.1 Coordinación de Practicas Profesionais Externas

En canto ás prácticas profesionais externas realizadas polo alumnado do MXDL, é importante sinalar que na memoria de verificación indicábase que a distribución da carga de 6 créditos das prácticas consistía en 120 horas de prácticas presenciais na empresa/institución, 25 horas de traballo e estudo do alumno eran para a elaboración da memoria final

de prácticas e 5 horas estaban destinadas á asistencia a titorías personalizadas. Tendo en conta o manifestado polo alumnado, a Comisión Interuniversitaria do Máster acordou que, dende o curso académico 2015-2016, respectando os 6 créditos, se dedicaran as 150 horas das que consta a materia a horas efectivas presenciais de prácticas na empresa ou entidade. Pola súa parte e, co obxecto de dinamizar a xestión das prácticas, creouse a figura de Coordinador de Prácticas, cuxas funcións se completan coas das propias comisións académicas do Máster en cada unha das tres universidades, coa Comisión Interuniversitaria e coas comisións de calidade dos respectivos centros.

Nas tres universidades cóntase con convenios asinados con organizacións que reflicten fielmente a variedade de saídas profesionais do Máster en Xestión e Dirección Laboral. A listaxe de organizacións é moi variado nas tres sedes. Por exemplo, hai convenios en vigor con asociacións sen ánimo de lucro, consultorías de recursos humanos, consultorías laborais, entidades públicas como concellos ou a administración autonómica, empresas de traballo temporal, sindicatos, despachos de avogados ou mutuas. As sedes e oficinas destas entidades atópanse distribuídas entre as catro provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Ademais, existen outros centros de traballo en distintas comunidades autónomas como Asturias ou as Illas Canarias, lugares onde se asinaron convenios con entidades particulares a pedimento do alumnado. Durante os cursos 2019-2020 e 2020-2021 levou a cabo unha Acción de mellora **MXDL-AM2 (Plan de Melloras da Renovación da Acreditación 2019)**, cuxo obxectivo consistía en realizar un filtrado dos convenios establecidos coas organizacións ou empresas, coa finalidade de eliminar aquelas que non respondan os obxectivos das prácticas. Tras realizar unha análise dos informes periódicos que os estudantes deben entregar, así como das memorias nas que o alumnado describe as tarefas desenvolvidas nas empresas ou institucións, elaborouse unha listaxe de entidades non axeitadas para a realización das prácticas externas. O grao de consecución dos obxectivos expostos foi elevado, e iso reflíctese, como se verá, no aumento no grao de satisfacción do alumnado coas prácticas nos últimos cursos académicos. A pesar de que a acción de mellora finalizou, esta labor de filtrado dos convenios seguiu realizándose nos cursos académicos sucesivos.

Así mesmo, cabe destacar que, coa finalidade de levar a cabo conxuntamente a formación práctica externa do alumnado no campo propio de calquera dos másteres interuniversitarios do Sistema Universitario de Galicia (SUG), como é o caso deste Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral, o 23 de novembro de 2023, no *Consello de Goberno* da USC, aprobouse un modelo de convenio para a realización de prácticas académicas externas do alumnado de todos os másteres interuniversitarios do SUG.

No que respecta de maneira exclusiva á sede de Santiago de Compostela, dende o curso 2022-2023 viñéronse introducindo cambios na xestión das prácticas, que continuaron no curso 2023-2024. Así, cabe destacar os seguintes:

- Realización de reunións periódicas co alumnado, nas que se lles vai informando, de maneira detallada, de todos os pasos necesarios para a realización das prácticas. No curso 2023-2024, estas reunións intensificáronse debido ás novas esixencias derivadas da inclusión no réxime da Seguridade Social, como, por exemplo, a necesidade de que o alumnado proporcionase o seu NUSS á universidade.
- Seguimento individualizado das tarefas concretas que vai desenvolvendo o alumnado durante a realización das prácticas: pediuse ao alumnado que, durante a realización das prácticas, se poña en contacto periódico (1 vez á semana ou cada 10 días) coa Coordinadora académica das prácticas, a efectos de que a vaian informando das tarefas que están a desenvolver, para poder actuar no caso de que se detecte que as funcións que realizan non contribúen á adquisición das competencias propias do Máster. Desta maneira, poderíase poñer unha solución de maneira anticipada, xa sexa paralizándoa a realización desas prácticas ou solicitando aos títolos de empresa que modifiquen as tarefas, sen esperar á finalización das mesmas.
- Limitación do número de alumnos en prácticas que acolle cada empresa: se una mesma empresa ofrece varias prazas, non sempre se ofertan todas elas ao alumnado. Ademais, o calendario organízase de tal maneira que non coincidan dous alumnos do Máster no mesmo momento, para que a atención que lles poida proporcionar a empresa sexa de maior calidade.
- Control sobre as tarefas que se propón que realice o alumnado en prácticas antes de asinar novos convenios: a Coordinadora de prácticas externas encárgase de revisar, antes da firma de novos convenios, as tarefas que as empresas propoñen atribuír ao alumnado. Este labor de revisión permitiu detectar, durante o curso 2022-2023, que as tarefas que unha empresa en concreto pretendía que desenvolvese o alumnado non se correspondían en absoluto cos contidos e competencias propios do Máster. Por tanto, tras poñelo en coñecemento da Coordinadora do Máster, decidiuse non asinar o convenio de colaboración coa citada empresa e non ofertar esas prácticas ao alumnado.
- Creación dun campus virtual específico para as prácticas externas: a creación deste espazo permitiu axilizar as comunicacións xerais que a Coordinadora de prácticas ten que transmitir ao alumnado. Así mesmo, tamén serviu

para que o alumnado teña á súa disposición, nun único lugar, toda a documentación necesaria para a realización das prácticas (anexos, modelos etc.). Dende o curso 2023-2024, o alumnado tamén ten que entregar a memoria de prácticas a través do campus virtual.

- Creación dun novo modelo de memoria de prácticas, para garantir que todo o alumnado inclúa a mesma información.
- Revisión do impreso de valoración do titor externo.
- Modificación do procedemento para solicitar as prácticas ofertadas polo centro: dende o curso 2023-2024, a solicitude de asignación realízase a través dun formulario en liña.

Actualmente, na sede de Santiago existen un total de 137 convenios en vigor con empresas e outras organizacións nas que o alumnado do Máster pode realizar as súas prácticas profesionais externas en entidades e empresas. No procedemento para solicitar a realización de prácticas na sede de Santiago, o alumnado conta con dúas alternativas: 1) escoller unha entidade das ofertadas polo centro ou 2) propoñer outras organizacións (prácticas propiciadas). En ambos os casos, o procedemento e os sistemas de coordinación co alumnado e profesionais é o mesmo. Con esta dobre vía preténdese asegurar a máxima flexibilidade posible ao alumnado á hora de elixir o destino que consideren máis axeitado, en función das súas expectativas formativas e tamén da súa dispoñibilidade, a miúdo condicionada polas súas circunstancias laborais e familiares.

No curso 2023-2024, a oferta de prácticas realizada polo centro superou, como é habitual, a demanda do estudantado. Así, o centro ofertou un total de 33 prazas en 24 organizacións diferentes e houbo 29 solicitudes por parte do alumnado. Pola súa banda, houbo un total de 5 solicitudes de prácticas propiciadas polo estudantado. En canto á asignación, o número de práctica asignadas reduciuse a 26, xa que 3 estudantes rexeitaron a solicitude de asignación das prácticas ofertadas polo centro porque as propiciaron, polo que, en total, se asignaron 31 prazas de prácticas, o que representa un aumento respecto ao curso anterior, no que se asignaron 17 prazas. O número de estudantes que realizaron prácticas no curso 2023-2024 (31) é superior ao dos estudantes de novo ingreso (29), porque se matricularon nesta materia dous alumnos que iniciaron os seus estudos no Máster no curso 2022-2023, pero que decidiran non matricularse nas prácticas por motivos persoais.

Curso académico 2023-2024 – Máster en Xestión e Dirección Laboral

OFERTA DE PRÁCTICAS

Ofertadas polo centro	29 solicitudes para 33 prazas
Propiciadas polo alumnado	5
TOTAL	34

ASIGNACIÓN DE PRÁCTICAS

Asignacións prácticas ofertadas polo centro	26
Asignacións prácticas propiciadas polo alumnado	5
TOTAL	31

Finalmente, tal e como figura no informe 15 (Inf_15_23-24), todos os alumnos superaron a materia ‘Prácticas externas’, obtendo unhas moi boas cualificacións, o 53.13% obtivo un sobresaínte e o 43.75% un notable. Mentres que un alumno obtivo o recoñecemento da materia.

2.2.3.2 Satisfacción coas Prácticas Profesionais Externas

En canto á satisfacción coas prácticas profesionais externas, no itinerario de Santiago cabe destacar que, no curso 2023-2024, os niveis de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas experimentaron unha mellora relevante respecto ao curso anterior, pasando de 3.33 a 4.16 (In19), nunha escala de 1 a 5. Cabe entender que o aumento da satisfacción deriva da implementación da Acción de mellora MXDL-AM2 (Plan de Melloras da Renovación da Acreditación 2019). A taxa de participación na enquisa foi do 25.80%. Coa finalidade de aumentar o número respostas, o 5 de setembro de 2024 enviouse unha mensaxe a través do Campus virtual de Coordinación das prácticas para solicitar a participación do alumnado na enquisa.

In19 - Satisfacción estudantes coas prácticas externas	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2022-23
MXDL - Sede Santiago de Compostela	-	2.67	-	3.33	4.16

Tal e como figura no Informe 6 (Inf.06_23-24) un dos aspectos mellor valorados en ambos os cursos foi a información previa recibida do procedemento das prácticas (requisitos, prazas ofertadas, horarios etc.), obtendo unha puntuación de 4.63 no curso 2023-2024. Así mesmo, destaca o elevado grao de satisfacción do alumnado coa información, a orientación e a atención prestada pola titora académica da Universidade, que alcanzou a máxima puntuación no curso 2022-2023 e foi de 4.88 no 2023-2024. A valoración do resto dos ítems tamén foi alta e experimentou unha subida respecto ao curso anterior. Algunhas desas subidas foron significativas, como, por exemplo, o cumprimento das expectativas dos estudantes (do 2.5 ao 4), ou a adecuación entre as actividades desenvolvidas durante as prácticas e a formación recibida no título (do 3.50 ao 4.13). O aspecto coa puntuación máis baixa, aínda que igualmente satisfactoria, é a duración das prácticas (3.63).

A boa xestión das prácticas externas vese, así mesmo, reflectida nos datos de satisfacción dos titores académicos e titores profesionais no itinerario de Santiago. Concretamente, a valoración media dos titores profesionais foi de 4.38 (In20). No que respecta a participación, o Informe 7 (Inf.07_23-24) indica que a taxa de participación na enquisa foi do 4.47% e, aínda que no curso 2023-2024 experimentou unha lixeira baixada respecto ao 2022-2023, trátase, igualmente, dunha puntuación moi elevada. Ademais, cabe destacar que todas as persoas que responderon á enquisa mostráronse interesadas en volver a ofertar unha praza de prácticas e o 71.43% sinalou que contrataría ao estudante. Pola súa banda, en relación cos titores académicos, destaca a elevada puntuación obtida no curso 2023-2024 (4.88), primeiro curso no que se conta con datos deste indicador (Inf.08.23-24).

In20 - Satisfacción titores profesionais coas prácticas externas	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MXDL - Sede Santiago de Compostela	4	4.75	4.80	4.65	4.38

2.2.4 Programas de Mobilidade

O alumnado matriculado no Máster en Xestión e Dirección Laboral non ten a posibilidade de participar en programas de mobilidade saínte. A explicación atópase en que a súa duración, un ano, imposibilita a mobilidade dende os niveis de organización académica e de organización docente. Cabe ter en conta que os alumnos que deciden acollerse a algún programa de mobilidade deberían xestionalo no curso anterior, pero probablemente descoñecerían a posibilidade de cursar ou non este Máster. Ademais, no segundo semestre asumen a carga específica de realizar o TFM e as prácticas, actividade que deben realizar sempre na universidade onde se matricularon.

Agora ben, a mobilidade entrante si que está permitida, polo que é posible recibir estudantes procedentes doutras universidades no marco de distintos programas de mobilidade. Así, na sede de Santiago, o In18 achega información sobre a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados. O citado indicador sinala que nos cursos 2022-2023 e 2023-2024 non se recibiu ningún estudante no marco dos citados programas. Con todo, no curso 2021-2022, a devandita porcentaxe alcanzou o 4.88%.

Finalmente, cabe sinalar que tamén existe a posibilidade de que se produza unha mobilidade dentro do título entre as tres universidades participantes no Máster interuniversitario. Así, o alumnado pode optar por realizar a especialidade nunha universidade diferente daquela na que se matriculou. En todo caso, o TFM e as prácticas terá que levalas a cabo na universidade de orixe. Con carácter xeral, nos últimos anos, a mobilidade produciuse, en particular, entre a sede da Universidade de Santiago (USC) e a sede da Universidade de A Coruña (UDC). Así, no curso 2023-2024, un dos estudantes matriculados na USC realizou a especialidade de recursos humanos na UDC. Mentres que, no curso 2022-2023 foron 2 os estudantes da USC acoillidos pola UDC e no curso 2021-2022 alcanzáronse os 4 estudantes que realizaron esta itinerancia.

2.2.5 Avaliación e Resultados do Aprendizaxe

As actividades formativas, as competencias asignadas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación empregados nas respectivas materias (detallados nas guías docentes) adecúanse ao descrito na MVT e son revisados sistematicamente antes da súa aprobación, existindo unha retroalimentación constante co profesorado das materias.

Nos seguintes apartados descríbense, pormenorizadamente, os resultados de aprendizaxe (taxa de rendemento, taxa de éxito e taxa de avaliación) no itinerario do MXDL impartido no centro (Sede de Santiago de Compostela).

2.2.5.1 Taxa de Rendemento

A taxa de rendemento (In34), é dicir, a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios superados polos estudantes nun determinado curso académico e o número total de créditos ordinarios nos que se matricularon, estimábase que fose maior do 90% na MVT do Máster.

Se atendemos á media total da taxa de rendemento das tres sedes do MXDL, esta experimentou un incremento importante respecto ao curso 2022-2023 e sitúase no 89.3%, é dicir, moi próxima a alcanzar a porcentaxe fixada na MVT. Unha posible explicación desta melloría, é a subida na taxa de rendemento do TFM, xa que este indicador, probablemente, foi o que provocou o descenso na taxa de rendemento xeral no curso académico 2022-2023

Atendendo especificamente aos datos da sede de Santiago, no curso 2023-2024 a taxa de rendemento aumentou significativamente respecto ao curso anterior (curso no que se obtivo a porcentaxe máis baixa no últimos cinco cursos académicos do 79.08%) e situouse no 88.33%, moi preto do estimado na MVT e en liña coa media da área (90.59%) e da USC (89.31%; MedUSC_23-24). Estes datos sinalan unha mellora moi positiva neste indicador e o sitúa moi próximo o recomendado pola MVT.

In34 - Taxa de Rendemento	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Media do MXDL	92.90	89.20	84.90	76.96	89.30
MXDL - Sede de Santiago de Compostela	89.78	82.39	86.64	79.08	88.33

A continuación, descríbense os resultados da taxa de rendemento das distintas materias do plan de estudos no curso 2023-2024 para a sede de Santiago, clasificando os resultados en función do módulo (obligatorio e especialidade) e, analizando, de maneira separada, as Prácticas externas e o TFM (Inf18_23-24).

Tal e como se pode apreciar na táboa, no curso 2023-2024, en practicamente todas as materias do módulo obligatorio na sede de Santiago, a taxa de rendemento superou (en liña co previsto na MVT) o 90%, situándose a media nas materias do módulo obligatorio no 94.60%, é dicir, amplamente por encima do establecido en MVT. Así, cabe concluír que a taxa de rendemento das materias do módulo obligatorio adecúase aos obxectivos do programa formativo e non expón ningún problema.

Módulo obligatorio (Sede de Santiago)	
Taxa de rendemento %	%
Seguridade Social Complementaria	100
Dereito do Traballo e crise de empresa	93.55
Xestión da prevención de riscos laborais	93.33
Aspectos macroeconómicos e territoriais do mercado de traballo	90
Xestión Tributaria	96.55
Análise Contable	100
Aspectos xurídicos-laborais en materia de igualdade	87.10
<i>Taxa de rendemento promedio</i>	<i>94.60</i>

No caso da especialidade do Máster impartida na sede de Santiago, tal e como se aprecia na táboa, en todas as materias a taxa de rendemento supera o 90% estipulado na MVT, polo que cabe concluír que se alcanzan, sen problema, os obxectivos do título. Así mesmo, a taxa de rendemento media das materias desta especialidade supera o 90% e sitúase moi próxima ao 100%.

Especialidade en Xestión Sociolaboral (Sede de Santiago)	
Taxa de rendemento	%
Auditoría Sociolaboral	100
Xestión Laboral e da Seguridade Social	93.10
Seguridade Social Comunitaria	96.55
Réxime fiscal das relacións laborais	96.55
Empresas, traballadores e Dereito tributario transnacional	96.43
Políticas sociolaborais	100
<i>Taxa de rendemento promedio</i>	<i>97.10</i>

Resulta igualmente positiva a taxa de rendemento alcanzada nas 'Prácticas externas' na sede de Santiago, sendo a citada taxa do 100%. Maiores problemas reflexa a taxa de rendemento do TFM no curso 2023-2024, aínda que a porcentaxe segue sendo baixa para o itinerario de Santiago, esta aumentou significativamente, ata alcanzar o 43.75%, o que supón

un incremento de 11 puntos respecto ao curso 2022-2023, no que se situou no 32,56%. Espérase que estes datos melloren debido a implementación da acción de mellora **MXDL-AM8 (2022-2023)**, que se describirá máis pormenorizadamente ao final deste subapartado.

Prácticas externas e TFM		
Taxa de rendemento %	Sede de Santiago	Taxa promedio
Prácticas externas	100	82.11
TFM	43.75	46

2.2.5.2 Taxa de Éxito

A taxa de éxito, que é a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron, reflicten que, no curso 2023-2024, foi moi elevada para as tres sedes do MXDL e está preto de acadar o 100%. Concretamente, na sede de Santiago produciuse unha lixeira subida con respecto ao curso 2022-2023 e sitúase no 97.22%. Polo tanto é un dato moi positivo que se sitúa en liña coa media da área (98.65%) e da USC (98.68%; MedUSC_23-24).

In35 - Taxa de Éxito	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Media do MXDL	98.90	98.80	91.85	88.36	98.54
MXDL - Sede de Santiago de Compostela	99.12	97.66	99.57	95.89	97.22

A continuación, describense os resultados da taxa de éxito das distintas materias do plan de estudos no curso 2023-2024 nas tres universidades, clasificando os resultados en función do módulo (obligatorio e especialidade) e, analizando, de maneira separada, as Prácticas externas e o TFM (Inf17_23-24).

A seguinte táboa reflicte que a taxa de éxito dun número importante de materias do módulo obligatorio superou o 90% e, incluso, en dúas delas alcanzou o 100%. En consecuencia, a taxa de éxito media do módulo obligatorio é superior ao 95% tanto no itinerario da USC, polo que cabe concluír que se trata de datos máis que satisfactorios.

Módulo obligatorio	
Taxa de éxito %	Sede de Santiago
Seguridade Social Complementaria	100
Dereito do Traballo e crise de empresa	96.67
Xestión da prevención de riscos laborais	96.55
Aspectos macroeconómicos e territoriais do mercado de traballo	93.10
Xestión Tributaria	96.55
Análise Contable	100
Aspectos xurídicos-laborais en materia de igualdade	90
Taxa de rendemento promedio	96.12

As porcentaxes da taxa de éxito son igualmente moi positivos nas materias das especialidades da sede do MXDL de Santiago, sendo igualmente moi elevada e situándose no 97.10%. Ademais, como se pode observar supérase, en todas as materias a porcentaxe de éxito do 90%.

Especialidade en Xestión Sociolaboral (Sede de Santiago)	
Taxa de éxito (%)	%
Auditoría Sociolaboral	100
Xestión Laboral e da Seguridade Social	93.1
Seguridade Social Comunitaria	96.55
Réxime fiscal das relacións laborais	96.55
Empresas, traballadores e Dereito tributario transnacional	96.43
Políticas sociolaborais	100
Taxa de rendemento promedio	97.1

A taxa de éxito das 'Prácticas externas' é do 100% na sede de Santiago. Tal e como xa se sinalou noutros apartados deste informe, todos os alumnos que se matricularon e realizaron as prácticas superáronas con éxito e, ademais, obtiveron moi boas cualificacións.

Finalmente, resulta especialmente chamativo que, a diferenza do que ocorre coa taxa de rendemento, a taxa de éxito do

TFM alcanza o 100%, o que indica que non se rexistrou ningún suspenso. Este dato pon de relevo que a principal dificultade asociada ao TFM non radica na súa defensa, senón no seu proceso de elaboración ao longo do curso académico. Unha vez que o alumnado logra presentar o seu traballo, supera a materia sen maiores dificultades. O alumnado que superou o TFM no curso 2023-24 fíxoo con bos resultados. De feito, tal e como indica o informe 15 (Inf_15_23-24), do total 21 alumnos que defenderon o seu traballo, houbo 14 'Notables', 1 'Sobresáinte' e 5 'Aprobados'. Así mesmo, un dos alumnos conseguiu a 'Matrícula de honra'.

Prácticas externas e TFM		
Taxa de éxito %	Sede de Santiago	Taxa promedio
Prácticas externas	100	100
TFM	100	100

Por último, de maneira adicional, a sede de Santiago tamén ofrece información sobre a taxa de éxito dos egresados. Así, o indicador 50 (In50) mide a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación da que egresou e o número total de créditos aos que se presentou. No curso 2023-2024, do mesmo xeito que ocorreu nos anteriores, o resultado foi moi bo e alcanzou o 99.52%.

2.2.5.3 Taxa de Avaliación

A taxa de avaliación refírese á relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados. No itinerario de Santiago, para o curso 2023-24, a taxa de avaliación aumentou significativamente respecto ao curso anterior (no que se obtivo a porcentaxe máis baixa no últimos cinco cursos académicos). Aínda que, dende o curso 2020-2021, a citada porcentaxe estivera por debaixo do 90%, no curso 2023-2024 volveu superar devandito límite, aliñándose coa media da área (91.83%) e da USC (90.51%; MedUSC_23-24). Os datos acadados neste indicador son, por tanto, moi positivos tanto para a sede de Santiago como para o promedio da titulación de MXDL.

In36 - Taxa de Avaliación	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Media do MXDL	94.90	92.28	93	82.35	90.85
Sede de Santiago de Compostela	90.58	84.36	87.01	82.47	86.05

A continuación, descríbense os resultados da taxa de avaliación das distintas materias do plan de estudos no curso 2023-2024 nas tres universidades, clasificando os resultados en función do módulo (obligatorio e especialidades) e, analizando, de maneira separada as Prácticas externas e o TFM (Inf19_23-24).

Tal e como se pode observar na seguinte táboa, os datos sobre a taxa de avaliación nas materias do módulo obligatorio son moi positivas para a sede de Santiago. Así mesmo, tal e como reflicte o informe 15 (Inf15_23-24), en tres das materias presentáronse todos os alumnos matriculados e nas restantes só houbo un 'Non presentado', o que determina que a taxa de avaliación media do módulo obligatorio se sitúe moi preto do 100%.

Módulo obligatorio	
Taxa de avaliación (%)	Sede de Santiago
Seguridade Social Complementaria	100
Dereito do Traballo e crise de empresa	96.67
Xestión da prevención de riscos laborais	96.77
Aspectos macroeconómicos e territoriais do mercado de traballo	96.77
Xestión Tributaria	100
Análise Contable	100
Aspectos xurídicos-laborais en materia de igualdade	96.77
Taxa de avaliación promedio	98.14

En relación coas especialidades, cabe destacar que, na impartida na sede de Santiago, no curso 2023-2024, a taxa de avaliación media foi do 100%, o que significa que non houbo ningún 'Non presentado'. Este dato reflicte que todos o alumnado se presentou as avaliacións das diferentes materias, sendo, ademais, o único dos itinerarios que compoñen o MXDL no que isto acontece.

Especialidade en Xestión Sociolaboral (Sede de Santiago)	
Taxa de avaliación (%)	%

Auditoría Sociolaboral	100
Xestión Laboral e da Seguridade Social	100
Seguridade Social Comunitaria	100
Réxime fiscal das relacións laborais	100
Empresas, traballadores e Dereito tributario transnacional	100
Políticas sociolaborais	100
<i>Taxa de avaliación promedio</i>	<i>100</i>

Por último, respecto a taxa de avaliación das prácticas externas considérase moi positiva para o itinerario de Santiago chegando ao 96.88%. A diferenza do resto das materias, e en liña co observado na taxa de rendemento, a taxa de avaliación do TFM mantense baixa, aínda que experimentou unha mellora significativa respecto ao curso 2022-2023. Dos 48 estudantes matriculados no TFM no curso 2023-2024, unicamente 21 o defenderon, o que equivale a unha taxa de avaliación do 43.75%. Dos 27 restantes, 6 renunciaron á matrícula e 21 non se presentaron. No curso anterior (2022-2023), só 14 dos 43 matriculados defenderan o seu traballo, cunha taxa de avaliación aínda máis baixa do 32.56%. Isto indica que aínda que o indicar e mellorable, a evolución no criterio é positiva.

Prácticas externas e TFM		
Taxa de avaliación (%)	Sede de Santiago	Taxa promedio
Prácticas externas	96.88	81
TFM	43.75	46

Por tanto, tras analizar os diferentes resultados relativos aos indicadores de avaliación e resultados de aprendizaxe, cabe resaltar que se produciu unha mellora nas taxas de rendemento e avaliación respecto ao curso 2022-2023 no promedio da titulación e, especificamente, no itinerario impartido na sede de Santiago de Compostela. Así mesmo, a taxa de éxito segue alcanzando, como nos últimos cursos, resultados moi positivos en todas as materias na sede de Santiago.

Non obstante, o aspecto que máis veu preocupando nos últimos cursos académicos, e en particular no itinerario de Santiago, é a baixa taxa de rendemento e avaliación do TFM, derivada da súa falta de defensa no tempo estimado para un curso académico, pois esta contribúe a reducir as porcentaxes xerais das taxas de rendemento e avaliación. Nese sentido, nos últimos anos estanse levando a cabo diferentes accións de mellora para tratar de mellorar este indicador. Por exemplo a acción de mellora **MXDL-AM7 (Plan de Melloras do Informe de Renovación da Acreditación 2019)**, que se desenvolveu durante o curso 2021-2022 e que tiña como obxectivo realizar unha enquisa ao alumnado para analizar as causas da baixa taxa de defensa dos TFM. Medida que a Comisión de Avaliación do informe de seguimento do curso 2022-2023 considerou moi positivos os esforzos realizados, especialmente na USC, por identificar as causas do menor rendemento no TFM e por tomar medidas para eliminalos, pero aínda así sinalou que era necesario seguir insistindo na implementación de medidas que permitan aumentar a taxa de avaliación do TFM no propio curso académico e, con iso, aumentar as taxas de rendemento.

Deste xeito, deseñouse a acción de mellora **MXDL-AM8 (2022-2023)**, a implementar nos cursos 2023-24 e 2024-25 na sede de Santiago, cuxo obxectivo era aumentar a porcentaxe de TFM que se defenden cada curso académico. Como medidas específicas xa desenvolvidas dentro desta acción cabe destacar a realización dunha enquisa ao alumnado para coñecer a súa percepción sobre diferentes aspectos relacionados co desenvolvemento e planificación persoal do TFM; outra enquisa realizada ao profesorado que titoriza traballos nesta titulación para dar a coñecer a súa opinión sobre as causas do baixo porcentaxe de defensa dos TFM; a presentación ao inicio do curso das liñas de traballo que se poden desenvolver con cada titor no TFM (medida que o propio alumnado requiriu a través das enquisas) para facilitar a elección e aclarar as posibles expectativas sobre as temáticas nas que podían realizar o traballo; e a impartición do curso “*Elaboración de Trabajos Fin de Máster*” orientado á adquisición das competencias necesarias para dominar a metodoloxía requirida nas diversas disciplinas que abarca o MXDL.

Por último, cabe sinalar que está previsto que a acción de mellora **MXDL-AM8 (2022-2023)** finalice en xullo de 2025, polo que se atopa en curso no momento de redactar o presente informe e espérase que os seus resultados sexan visibles no curso 2025-2026. En todo caso, é importante reiterar que, no curso 2023-2024, xa se apreciou unha mellora significativa na taxa de rendemento e avaliación do TFM respecto ao curso 2022-2023. Tal e como pode apreciarse na táboa, o aumento das taxas de rendemento e de avaliación do TFM na sede de Santiago responde a un aumento significativo no número de TFM defendidos (de 14 a 21).

Sede de Santiago	2022-23	2023-24
Alumnado matriculado no TFM	43 (23 novos e 20 repetidores)	48 (30 novos e 18 repetidores)

Total TFM defendidos

14

21

Especificamente, no curso 2022-2023, 12 dos 14 alumnos que defenderon o TFM matricularonse nese mesmo curso académico. Por tanto, 12 de 23 novos matriculados no devandito curso defenderon o seu traballo, o que representa unha porcentaxe aproximada do 50%. Con todo, só 2 dos 20 alumnos repetidores, é dicir, aqueles que xa se matricularon na materia en cursos precedentes (con independencia de que renunciasen á matrícula ou non se matricularon) defenderon a súa TFM. Este dato poñía de manifesto que, se non defenden o traballo no curso académico correspondente, o alumnado experimenta maiores dificultades para presentalo o ano seguinte.

No curso 2023-2024, 13 dos 21 TFM defendidos foron de estudantes matriculados na materia nese mesmo curso académico. Por tanto, 13 dos 30 novos matriculados defenderon o seu traballo, o que supón unha porcentaxe lixeiramente inferior respecto ao curso 2022-2023 (43.33%). Con todo, 8 dos 18 repetidores que se matricularon defenderon o TFM no curso 2023-2024, o que representa un importante aumento respecto ao curso precedente. Así mesmo, resulta particularmente importante destacar que algúns destes alumnos renunciaron á matrícula no TFM ou non se presentaron ata en dúas ocasións.

En base a estes datos, cabe concluír que a acción de mellora xa empezou a producir resultados no curso académico da súa implantación. Así, é de esperar que, nos próximos cursos académicos, as citadas porcentaxes sigan aumentando ata situarse en liña co que ocorre no resto das materias.

2.2.6 Satisfacción do alumnado coa Aprendizaxe

2.2.6.1 Satisfacción do Alumnado coa Docencia

A continuación, resúmense os resultados que amosan o grao de satisfacción do alumnado coa docencia do MXDL da sede de Santiago. Os datos reportados no indicador 46 (In46) sinalan unha moi elevada puntuación para o curso 2023-2024, cunha media de 4.33 (sobre 5 puntos). Dita satisfacción veu aumentando, de maneira progresiva, dende o curso 2021-2022 (o último afectado polas restricións impostas pola pandemia provocada pola COVID-19) e volve situarse en niveis similares aos do curso 2019-2020.

In46 - Satisfacción alumnado coa docencia recibida	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MXDL - Sede Santiago de Compostela	4.49	3.95	3.37	4.05	4.33

Estes datos complementáanse coa información recollida no informe 13 sobre a satisfacción do alumnado coa docencia recibida (Inf.13_23-24), no que se desagregan as puntuacións específicas para cada unha das dimensións analizadas. De forma concreta, aínda que todos eles sitúanse por encima do 4, os aspectos mellor valorados polo alumnado son: 1) a explicación da programación da materia e dos criterios de avaliación (4.58); 2) o cumprimento co programa e o plan de traballo previstos (4.64); e 3) a resolución das dúbidas por parte do docente (4.49). A puntuación máis baixa (4.02) refírese aos recursos didácticos empregados para reforzar a comprensión da materia.

Con todo, os datos sobre a satisfacción do alumnado coa docencia recibida deben ser analizados con cautela, debido á baixa taxa de resposta obtida no curso 2023-2024. Aínda que a porcentaxe de resposta aumentara de maneira moi significativa no curso 2022-2023, pasando do 10,34% no curso 2021-2022 ao 87,5%, esta cifra volveu a descender ata o 17,65% para o curso 2023-2024.

A este respecto, a Comisión de Avaliación do informe de seguimento do curso 2022-2023 apuntaba que seguía sendo fundamental incrementar as taxas de resposta nas enquisas de satisfacción, especialmente por parte de estudantes na sede de Santiago, polo que dado que, no curso 2023-2024, as taxas de resposta á enquisa de satisfacción coa docencia recibida por parte do alumnado foron baixas, é necesario seguir insistindo na necesidade de que o alumnado responda á enquisa de satisfacción. En consecuencia, considérase necesario repetir a acción de mellora **MXDL-AM4 (Plan de Melloras da Renovación da Acreditación 2019)** desenvolvida entre setembro de 2021 e xuño de 2022, para aumentar a participación dos estudantes nas citadas enquisas, e por iso deseñouse a acción de mellora **MXDL-AM10 (Informe para a renovación da acreditación 2023-2024)**.

2.2.6.2 Satisfacción do Profesorado coa Docencia

En relación coa satisfacción do corpo docente coa docencia da titulación no itinerario de Santiago, o indicador 47 (In47)

tamén informa duns resultados moi positivos en canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida no curso 2023-2024, superando (do mesmo xeito que nos cursos académicos precedentes) os 4 puntos, e situándose no 4.26; o que supón un incremento respecto ao curso 2022-2023 (4.06).

In47 - Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MXDL - Sede de Santiago de Compostela	4.03	4.24	4.30	4.06	4.26

O informe 14 (Inf.14_23-24) desagrega as puntuacións de satisfacción por facetas avaliadas e pon de manifesto que o profesorado se atopa particularmente satisfeito, outorgándolle a máxima puntuación (de 5 puntos) con: 1) a información que proporciona ao alumnado sobre os criterios de avaliación da materia; 2) a accesibilidade ao alumnado nas clases e nas titorías; e 3) o mantemento dun trato correcto co alumnado. Cabe apreciar que, á súa vez, estes aspectos son os que foron mellor valorados polo alumnado. O aspecto peor valorado polo profesorado, cunha puntuación de 3, refírese ao nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) para enfrontarse aos contidos da materia. En canto á participación do profesorado na enquisa sobre satisfacción coa docencia impartida no curso 2023-2024, esta foi do 29.41%, o que supón unha redución respecto ao curso precedente, no que fora do 50%.

2.3. MÁSTER EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS E PSICOLOXÍA XURÍDICA-FORENSE

2.3.1 Admisión e Captación do Alumnado

A MVT indica que o MPTOXF está principalmente dirixido a Graduados en Psicoloxía e a Graduados en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Ademais, indica que se trata dun Máster que non só ten en conta os criterios xerais de acceso establecidos por la USC (<https://www.usc.gal/gl/admision/master>), senón que, ademais, conta con criterios específicos de acceso. Os criterios específicos resúmense a continuación:

- Expediente académico (60%)
- Experiencia profesional (15%)
- Experiencia investigadora (15%)
- Coñecemento de inglés (5%)
- Outros méritos (5%)

Os membros da CAM reúnen cada curso académico, seguindo os prazos establecidos pola USC, para levar a cabo o proceso de selección do alumnado. Estes criterios están obxectivados, para entender cada un dos apartados, e as notas promedio do expediente académico multiplícanse por un coeficiente en función do grao de preferencia que a MVT lle da a cada unha das titulacións de procedencia. Os coeficientes multiplicadores son:

- Grao/licenciatura en Psicoloxía e en Relacións Laborais e Recursos Humanos: **x3**
- Grao/licenciatura en Ciencias Empresariais, Educación Social, Traballo Social, Administración e Dirección de Empresas, Ciencias do Traballo, Xestión e Administración Pública, Ciencias Políticas e da Administración, Criminoloxía, Dereito, Investigación e Técnicas de Mercado, Pedagogía, Psicopedagogía e Socioloxía: **x2**
- Outras titulacións de licenciatura ou grao enmarcadas no campo das Ciencias Sociais e Xurídicas e Ciencias da Saúde: **x1**

Neste sentido, o perfil real do alumnado ingreso ou matriculado neste Máster sempre se axustou ao recollido na MVT. Así, como xa se fixo referencia anteriormente, o informe I2 (Inf.I2_23-24) mostra o número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia ($N = 28$) e indica que, para o curso académico 2023-2024, a maior parte do alumnado de novo ingreso matriculado no Máster procedía da titulación de psicoloxía ($N = 21$), onde 12 cursaron os seus estudos na Universidade de Santiago, mentres que os restantes 9 alumnos procedían de universidades de diversos puntos de España (Universidade de Córdoba, Universidade de Extremadura, Universidade Complutense de Madrid, Universidade de Granada, Universidade de Salamanca, Universidade de Zaragoza, Universidade Jaume I de Castelló e Universitat Rovira I Virgili). O restante alumnado procedía das titulacións de Relacións Laborais e Recursos Humanos ($N = 1$) e de Criminoloxía ($N = 3$).

Do mesmo xeito, para conseguir captar alumnado de fóra de Galicia e do estranxeiro, neste Máster lévanse a cabo accións de difusión de información pública, en coordinación coa oficina USC Internacional, para impulsar a divulgación do título. Así, por exemplo, todos os anos se celebran uns webinaros informativos sobre o acceso aos máster universitarios oficiais a través de convocatoria anticipada, dirixida ao alumnado extracomunitario.

Así, en relación coa orixe xeográfica, o informe 16 (Inf.16_23-24) indica que do total de estudantes matriculados no curso 2023-2024 ($N = 37$), o 94.5% ($N = 35$) procedía de España, sendo a comunidade autónoma de Galicia a de maior representación, con 23 estudantes matriculados. A porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (In09) para o curso 2023-2024 foi de 32.43%, descendendo lixeiramente respecto dos tres cursos anteriores. De modo máis específico, matricularonse no máster 3 persoas de Andalucía, 2 persoas de Castela e León, 2 de Cataluña, 1 de Madrid, 1 do País Vasco, 1 de Aragón, 1 de Asturias e 1 de Extremadura. Estes datos demostran o interese que este Máster esperta en alumnado de diferentes rexións de España, sendo capaz de atraer a alumnado xeograficamente moi diverso.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In09 – % Estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	25.00	43.24	55.26	34.38	32.43

O MPTOXF tamén atrae alumnado estranxeiro. O informe 16 (Inf.16_23-24) indica que do total de estudantes matriculados no curso 2023-2024 ($N = 37$), o 5.5% ($N = 2$) eran estranxeiros. O informe sinala que ambos os estudantes procedían de América do Sur, sendo 1 de Colombia e 1 de México. Neste mesmo sentido, o indicador 8 (In08) mostra que a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados para o curso 2023-2024 foi de 10.81%, incrementándose substancialmente respecto dos dous cursos académicos anteriores. Do mesmo xeito, o indicador 18 (In18), que reflicte a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados, mostra que para o curso 2023-2024, o 2.7% dos estudantes matriculados procedían dun programa Erasmus, sendo o único ano en que este Máster recibía alumnado procedente dalgún programa europeo de mobilidade. Neste sentido, o informe 03 (Inf.03_23-24) recolle que este alumno procedía da Universidade Egas Moniz de Portugal.

No seu conxunto, estes datos suxiren un crecemento no interese que estudantes estranxeiros mostran por cursar este Máster. As accións de difusión de información pública levadas a cabo en coordinación coa Oficina USC Internacional poderían estar a contribuír a unha maior visibilidade deste Máster fóra da comunidade e do país e, por conseguinte, contribuíndo ao incremento de estudantes estranxeiros que mostran o seu interese polo Máster.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In08 – % Estudantes estranxeiros sobre matriculados	12.50	16.22	00.00	6.25	10.81

Finalmente, o indicador 13 (In13) sinala a porcentaxe de matriculados no MPTOXF que son titulados da USC. Do total de matriculados no curso 2023-2024 ($N = 37$), o 51.35% ($N = 19$) eran estudantes egresados da USC. Este porcentaxe reduciuse respecto do curso 2022-2023, pero é máis alto que para os cursos anteriores (2021-2022 e 2020-2021). En tendencia xeral, este dato indícanos que seguen sendo maioritarios os alumnos/as titulados na USC que se interesan e se matriculan neste Máster. Sendo un terzo dos estudantes matriculados procedentes doutras rexións nacionais e do estranxeiro.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In13 – % de matriculados que son titulados da USC	62.50	40.54	31.58	56.25	51.35

2.3.2 Orientación Académica e Complementos de Formación

2.3.2.1 Servizos de Orientación Académica e Profesional

O Máster fai un especial esforzo para manter a calidade dos servizos de acollida, orientación académica e profesional dirixidos ao alumnado. No que respecta á orientación académica, tanto o persoal PDI como PAS trata de proporcionar a mellor información e apoio ás dúbidas e necesidades do alumnado. Isto vese reflectido nos resultados proporcionados polo informe 22 sobre satisfacción do alumnado coa titulación (Inf.22_23-24). Entre as cuestións analizadas, reflíctese o nivel de satisfacción cos seguintes aspectos: (1) información dispoñible sobre a titulación, (2) atención recibida polo persoal PAS e (3) orientación laboral e profesional recibida no centro. No curso 2023-2024, en todos os casos, as puntuacións obtidas indican un nivel de satisfacción alto por parte dos estudantes do Máster, alcanzado uns resultados de 4.14, 4.43 e 3.29, respectivamente, para os tres ítems.

De forma específica, ademais, o Máster conta co PAT que, como xa se comentou máis arriba, ofrece diversos servizos aos estudantes do Máster de orientación académica (como, por exemplo, selección de materias, orientación e tutorías aos estudantes con algún tipo de necesidade específica ou que sexan doutros países ou comunidades, problemas de aprendizaxe, orientación en xeral sobre o TFM); de orientación profesional (como, por exemplo, información sobre bolsas de traballo e prácticas en empresas, procura de emprego, desenvolvemento de currículos); e, finalmente, de atención xeral aos estudantes do Máster (documentación, informes académicos, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validación, recoñecemento, orientación sobre posibilidades de mobilidade e intercambio de estudantes.). Neste mesmo sentido, a figura de Coordinador/a de Máster tamén ten, entre as súas funcións, desempeñar un labor de asesoramento, brindando orientación aos estudantes do Máster sobre cuestións académicas tales como a selección de materias, procedementos académicos como a matrícula, prácticas en empresa, TFM, oportunidades académicas, etc.

Ademais, ao comezo de cada curso académico, a coordinación do MPTOXF xunto co Decanato do centro recibe presencialmente ao novo alumnado do Máster. Ao longo da xornada de presentación, impártese unha charla orientativa na que se aborda unha ampla variedade de cuestións referidas á vida académica na Facultade e na universidade. Especificamente, fálase das seguintes cuestións:

-BLOQUE 1. Presentación de colectivos de interese:

1. Equipo directivo do centro
2. Coordinación do título e das prácticas en empresa
3. Persoal PAS do centro

-BLOQUE 2. Características do título:

1. Estrutura do título (créditos ECTS, carácter das materias, TFG, estrutura da docencia, horarios, calendario académico)
2. Saídas profesionais da titulación
3. Xestións máis comúns (recoñecemento de créditos, queixas, solicitude de prácticas e de TFM)

-BLOQUE 3. Canles de comunicación:

1. Web do centro
2. Web propia do Máster
3. Campus virtual das materias e campus virtual das prácticas
4. Secretaría virtual do alumnado
5. Microsoft TEAMS

Do mesmo xeito, outros servizos propios da USC contribúen de maneira activa á acollida e asesoramento académico e profesional do alumnado do Máster. No ámbito académico, está a área de Xestión de Servizos Académicos localizada no mesmo campus que a Facultade de Relacións Laborais e cuxos servizos se poden consultar mediante a páxina web da USC [Gestión de servicios académicos | Universidade de Santiago de Compostela](#) encárgase de poñer ao dispor do alumnado toda a información que necesite en relación cos procesos de admisión, preinscrición, matrícula e modificación de matrícula, ademais doutros procesos académicos de interese para o alumnado como o recoñecemento de créditos, certificación de estudos, realización de prácticas en empresa ou programas existentes de acción tutorial que ofrece a propia universidade (por exemplo, programa de titores ou programa tutorial extraordinario). Moitos destes servizos están informatizados a través da secretaría virtual do estudantado, o que lles permite tramitar estes servizos as 24 horas do día dende calquera lugar. A USC ten operativa, ademais, unha sede electrónica que facilita a relación administrativa dos e das estudantes coa institución por vía exclusivamente dixital, posibilitando a realización de distintos trámites e consultas de nivel xeral (taboleiro electrónico, ferramenta de e-sinatura, rexistro dixital, servizo dixital de notificacións e consulta de expedientes, entre outros). No ámbito profesional, a USC conta cunha Área de Orientación Laboral e Emprego situada no mesmo edificio que a área de Xestión de Servizos Académicos, que tamén pon ao dispor dos estudantes unha enorme cantidade de información e recursos na súa web, [Orientación laboral y empleo | Universidade de Santiago de Compostela](#), destaca a información sobre prácticas profesionais, bolsas de emprego, a existencia dun servizo de entrevistas individuais de orientación laboral (nas que se facilita información sobre o mercado laboral), bolsas de práctica, ferramentas para a procura de emprego, a existencia dun módulo de orientación laboral para a empregabilidade ou o Proxecto Mentoring, que ten como obxectivo iniciar ao estudantado universitario e a titulados e tituladas recentes nun programa de apoio individual para a toma de decisións e a planificación do o seu futuro profesional.

En resumo, o Centro tamén pon a disposición do alumnado unha serie de servizos máis personalizados tales como de orientación académica (por exemplo, asesoramento do PDI e PAS, o PAT), orientación profesional (por exemplo, asesoramento do PAT), atención ao estudante en xeral (por exemplo, a través de consultas co Coordinador/a de o

Máster) e programas de acollida e apoio aos estudantes (por exemplo, a área de Xestión de Servizos Académicos). Os datos das enquisas de satisfacción mostran que o estudantado está satisfeito con todos estes servizos prestados polo centro e a Universidade.

2.3.2.2 Complementos de Formación

A MVT non establece a necesidade de que os estudantes que acceden a este Máster teñan que cursar complementos formativos específicos dalgún tipo. A formación que traen das súas titulacións de orixe é suficiente para que os estudantes sexan capaces de entender e seguir os contidos impartidos no Máster sen maior problema. Con todo, cabe destacar aquí o traballo desenvolvido dende o PAT (explicado brevemente máis arriba), ofrecendo actividades formativas (seminarios formativos) que contribúen a nivelar, adquirir ou afianzar certas competencias formativas e informativas de relevancia. Por exemplo, como acción xeral, aos estudantes de ambas especialidades, ofrecéuselles participar no seminario sobre *Búsqueda Avanzada en Bases de Datos Científicas*, impartido cada curso polos técnicos da Biblioteca Concepción Arenal, que pode resultarlles de interese para o desenvolvemento do TFM ou para desenvolver a súa carreira investigadora (se é cara aí cara a onde pretender seguir coa súa carreira académica/profesional). Do mesmo xeito, ofrecéuselles participar no *Taller de Competencias Clave e Técnicas na Comunicación Interpersoal Efectiva*, impartido na propia Facultade de Relacións Laborais, clave para o desenvolvemento futuro das funcións de calquera psicólogo do traballo e as organizacións e dos psicólogos xurídico-forenses.

A pesar de todo o exposto anteriormente e co obxectivo de seguir a recomendación dos avaliadores recollida na resposta definitiva ao informe de seguimento do curso 2022-2023 sobre a necesidade de ofertar complementos formativos ou seminarios de introdución á análise de datos, dado que (1) unha das materias obrigatorias do Máster é *Métodos de Meta-análise e outras Técnicas de Investigación Aplicada* e (2) os criterios de acceso ao Máster permiten que titulacións con menos formación en análise de datos (tales como Dereito) poidan acceder ao Máster, propónse unha acción de mellora coa finalidade de garantir a formación previa en análise de datos do alumnado que proceda de titulacións con menos formación en estatística. Concretamente, a acción de mellora contempla a realización dun seminario (ou curso formativo) de nivelación estatística para cubrir as posibles carencias formativas en análise de datos do alumnado [véxase MPTOXF-AM2 (2023-2024)].

2.3.3 Prácticas Profesionais Externas

2.3.3.1 Coordinación de Prácticas Profesionais Externas

As prácticas externas constitúen unha oportunidade única para o alumnado deste Máster ao poder complementar a súa formación teórica e poder aplicar eses coñecementos no campo de traballo para o que os profesionaliza a titulación. Para coordinar as prácticas do Máster, o título conta co rol de coordinador de prácticas externas. Do mesmo xeito, a titulación deste Máster conta cunha materia de prácticas externas optativas para cada especialidade, Psicoloxía do Traballo e as organizacións e de Psicoloxía Xurídico-Forense; por este motivo, a CAM valora moi positivamente a creación da figura de coordinador de prácticas para cada especialidade que conta co coñecemento e a experiencia necesaria para levar a cabo a interlocución cos titores profesionais. Finalmente, o alumnado do Máster tamén conta coa posibilidade de realizar prácticas extracurriculares a través do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela. Neste caso, o Máster conta cun coordinador de prácticas que se encarga da xestión destas prácticas extracurriculares.

En relación coas prácticas curriculares e con independencia da especialidade, o Máster conta cunha listaxe de institucións onde o alumnado pode desenvolver as prácticas. Actualmente, existen convenios de prácticas asinados con todas esas institucións. Así, por exemplo, hai convenios en vigor con asociacións e fundacións sen ánimo de lucro, centros penais e centros de menores, consultorías de recursos humanos, entidades públicas como concellos ou a administración autonómica e empresas de traballo temporal, entre outras. As sedes e oficinas destas entidades atópanse distribuídas entre as catro provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Con todo, tamén temos asinado convenios con institucións que se atopan situadas noutras comunidades autónomas, como Cádiz ou Zaragoza, por petición do alumnado. En todos os casos, os convenios renóvanse cada 4 anos e a listaxe de empresas actualízase anualmente. Actualmente, dispoñemos de 59 convenios asinados con diversas organizacións que están en vigor (51 para a especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e 8 para a especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense). Pode verse a listaxe de convenios asinados coas empresas e vixentes actualmente para as dúas especialidades na Evidencia 20 (E20-23-24). No caso dos convenios asinados para a especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense, debe mencionarse que algúns destes convenios son con Consellerías, Secretarías e mesmo con Consorcios da Xunta, de modo que cada un destes convenios autorízanos para asinar anexos de prácticas con múltiples institucións. Por exemplo, o convenio asinado co Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar permítenos pechar prácticas co Equipo de Inclusión

Social, O Centro Penal da Lama ou o Centro Penal de Teixeira, entre outros. Á súa vez, cada institución pode ter centros situados en diferentes localidades e cada centro ofertar máis dunha praza de prácticas, o que no seu conxunto permiten contar cunha oferta de prácticas suficiente para cubrir as demandas en cada curso escolar.

No curso 2023-2024, para a realización de prácticas, o alumnado contou con dúas alternativas: (1) escoller unha entidade das ofertadas polo centro ou (2) propoñer prácticas noutras organizacións (prácticas propiciadas). En ambos casos, o procedemento e os sistemas de coordinación co alumnado e profesionais é o mesmo. Ademais, o *Real Decreto-Lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións*, veu engadir unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda no texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, na que se regula a inclusión no sistema da Seguridade Social de estudantes que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación. Esta obrigaón entrou en vigor dende o 1 de xaneiro de 2024. Deste xeito, no curso 2023-2024 introduciuse a necesidade de dar de alta e cotizar polo alumnado que está en prácticas en empresa. Neste mesmo sentido, a *Resolución Reitoral do 12 de setembro de 2023 pola que se establece ou réxime de inclusión na Seguridade Social e cotización do alumnado da Universidade de Santiago de Compostela* recollía no seu apartado primeiro que será a Universidade a que asuma as obrigaóns derivadas da inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares non remuneradas (excepto no caso das prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares remuneradas que lle corresponderá á empresa/institución onde se realicen as prácticas). Consecuentemente, implementáronse novos procedementos e prazos que era necesario respectar a fin de dar cumprimento a esta obriga. Por exemplo:

1. Pedíuse ao alumnado que solicitasen o seu número de afiliación á seguridade social (NUSS) antes de levar a cabo a asignación de prácticas.
2. Esixíuse aos estudantes que notificasen o NUSS á USC a través da súa secretaría virtual antes de levar a cabo a asignación de prácticas.
3. Esixíuse aos estudantes que entregasen os anexos de incorporación ás prácticas cunha antelación mínima de 1 mes ao comezo de prácticas para poder dalos de alta na seguridade social.

Toda a documentación de xestión administrativa das prácticas, así como as resolucións das prácticas, o modelo do anexo de prácticas, o modelo do convenio de prácticas e demais información relevante atópase dispoñible para todo o alumnado na intranet da Facultade nun cartafol dedicado exclusivamente ás prácticas do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense. Ademais, este cartafol divídese á súa vez en dúas subcarpetas, unha por cada especialidade. A intranet constitúe un apartado de acceso restrinxido ás persoas vinculadas ao Máster (persoal PDI, PAS e alumnado). Ademais, unha vez matriculados na materia de prácticas externas, o alumnado ten acceso ao campus virtual da materia onde se fan as comunicacións relacionadas coa xestión das prácticas e cólgase toda a información sobre a memoria de prácticas que deben entregar cando finalicen o período de prácticas en empresa. Finalmente, o alumnado entrega esta memoria final a través do campus virtual.

As prácticas en empresa desenvólvense para ambas especialidades xeralmente sen ningún tipo de incidencia e cunha taxa de éxito moi elevada. O procedemento de asignación de empresas consiste en asignar as empresas por estrita orde da nota media de acceso ao Máster, de modo que o alumnado matriculado en prácticas co mellor expediente académico é o primeiro en escoller a empresa que máis lle interese da listaxe de empresas ofertadas polo centro, o segundo co mellor nota é o segundo en escoller e así sucesivamente ata que todos os estudantes teñen empresa asignada.

No caso da Especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, no curso académico 2023-2024, o número de matriculados incrementouse notablemente, chegando a ser 17 estudantes, mentres que para o curso 2022-23 se matricularon 8 estudantes nas prácticas en empresa. Tal e como se recolle na Evidencia 20 (E20-23-24), o centro ofertou 17 prazas en 14 organizacións distintas, que se asignaron segundo as preferencias do alumnado. Con todo, 3 persoas desa listaxe finalmente renunciaron ás prácticas e outras dúas alumnas decidiron propiciar prácticas pola súa conta. Polo tanto, ao final, no curso 2023-2024 houbo 14 prácticas asignadas na especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, das cales 12 foron asignadas polo centro e 2 propiciadas polo alumnado (véxase o indicador complexo I11).

Curso académico 2022-2023
Especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións
OFERTA DE PRÁCTICAS (Evidencia 20)

Ofertadas polo centro	18
Propiciadas polo alumnado	1

OFERTA TOTAL 19
ASIGNACIÓN DE PRÁCTICAS (Indicador complexo I11)

Asignacións prácticas ofertadas polo centro 7

Asignación prácticas propiciadas 1

ASIGNACIÓN TOTAL 8
Curso académico 2023-2024
OFERTA DE PRÁCTICAS (Evidencia 20)

Ofertadas polo centro 17

Propiciadas polo alumnado 2

OFERTA TOTAL 19
ASIGNACIÓN DE PRÁCTICAS (Indicador complexo I11)

Asignacións prácticas ofertadas polo centro 12

Asignacións prácticas propiciadas 2

ASIGNACIÓN TOTAL 14

No caso da especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense, no curso académico 2023-2024 o número de matriculados mantívose en 17 estudantes, só un menos que no curso 2022-2023. Neste curso iniciouse un cambio na tendencia de empresas/institucións a ofertar nesta especialidade. Tal e como se recolle na Evidencia 20 (E20_23-24), o centro ofertou 23 prazas en 20 organizacións distintas, que se asignaron segundo as preferencias do alumnado. Por tanto, ao final do curso 2023-2024 houbo 17 prácticas asignadas na especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense, das cales 1 foi propiciada, 3 asignáronse á Unidade de Psicoloxía Xurídica-Forense e 13 en institucións públicas ou privadas (véxase o indicador complexo I11).

Curso académico 2022-2023
Especialidad de Psicología Jurídica-Forense
OFERTA DE PRÁCTICAS (Evidencia 20)

Ofertadas polo centro 18

Propiciadas polo alumnado 0

OFERTA TOTAL 18
ASIGNACIÓN DE PRÁCTICAS (Indicador complexo I11)

Asignacións prácticas ofertadas polo centro 17 (1 institución + 16 na Unidade PXF USC)

Asignacións prácticas propiciadas 0

ASIGNACIÓN TOTAL 18
Curso académico 2023-2024
OFERTA DE PRÁCTICAS (Evidencia 20)

Ofertadas polo centro 23

Propiciadas polo alumnado 1

OFERTA TOTAL 24
ASIGNACIÓN DE PRÁCTICAS (Indicador complexo I11)

Asignacións prácticas ofertadas polo centro 16 (13 institucións + 3 na Unidade PXF USC)

Asignacións prácticas propiciadas 1

ASIGNACIÓN TOTAL 17

Coa finalidade de conseguir unha maior transparencia da información respecto dos procesos de Prácticas externas no MPTOXF e conseguir unha maior coordinación na xestión das prácticas de máster de ambas especialidades, incluíuse no informe de seguimento do curso 2022-2023 unha acción de mellora consistente na elaboración dun protocolo de prácticas externas [véxase MPTOXF-AM1 (2022-2023)]. Este protocolo desenvolveuse e implementouse parcialmente no curso académico 2023-2024 para a especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e terminouse de

implantar no curso académico 2024-2025 para ambas especialidades, de modo que no próximo informe de seguimento (curso 2024-2025) detallaranse os cambios que se levaron a cabo e os primeiros resultados obtidos tras completar a súa implantación na titulación. A evidencia da súa implementación pódese observar no apartado de Accións de mellora ao final deste informe e no cartafol de evidencias de accións de mellora do MPTOXF.

2.3.3.2 Satisfacción coas Prácticas Profesionais Externas

En canto á satisfacción dos estudantes que realizaron prácticas no ano 2023-2024, o indicador 19 (In19) mostra un grao alto de satisfacción do alumnado, sendo este indicador igual a 3.91. O alto nivel de satisfacción mantense ao longo dos diferentes cursos académicos, sendo para o ano 2022-2023 de 4.44, para o 2021-2022 de 4.56 e para o curso 2020-2021 de 4.41.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In19 – Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas	-	4.41	4.56	4.44	3.91

O informe 6 (Inf.6_23-24) indica que os aspectos das prácticas externas mellor valorados polos estudantes son a atención recibida por parte do titor profesional e do persoal da empresa, as actividades desempeñadas na empresa, o papel que xogan as prácticas como primeiro contacto co mercado laboral e as instalacións e os medios materiais cos que conta a empresa/institución.

A boa xestión das prácticas externas vese así mesmo reflectida nos datos de satisfacción dos titores académicos e titores profesionais (In20 e In21, respectivamente). No caso dos titores profesionais, a participación das persoas enquisadas é maior que no caso dos titores académicos, pero en ambos casos os datos para o curso 2023-2024 indican unha alta satisfacción coas prácticas externas. Especificamente, os titores profesionais sinalan unha elevada satisfacción coa titorización das prácticas, cunha puntuación media de 4.12. O informe 7 (Inf.7_23-24) indica que, cun 41,67% de taxa de participación, os titores profesionais están altamente satisfeitos cos distintos aspectos relacionados coas prácticas externas. As puntuacións medias son superiores a 3.6 en todas as dimensións avaliadas para o curso 2023-2024. É importante destacar que un 70% dos enquisados contrataría aos estudantes recibidos en prácticas e que o 70% volvería ofertar esa praza de prácticas.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In20 – Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas	-	4.33	5.00	4.31	4.12

En canto á satisfacción dos titores académicos, os datos para o curso académico 2023-2024 tamén reflecten unha elevada satisfacción coas prácticas externas, alcanzando unha puntuación media de 4.75. O mesmo ocorre para o curso 2022-2023, onde se reflicte un grao de satisfacción de 4.81. Non se dispón de información sobre a satisfacción dos titores académicos para o resto dos cursos académicos. O Informe 8 (Inf.8_23-24) indica que os titores académicos atópanse altamente satisfeitos con todos os aspectos relacionados coas prácticas externas, sendo as puntuacións de 4.5 ou de 5 en todos os ítems da enquisa, desde a satisfacción coa coordinación de prácticas ata a adecuación das competencias adquiridas polos estudantes.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In21 – Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas	-	-	-	4.81	4.75

Finalmente, ningún estudante do curso académico 2023-2024 realizou prácticas extracurriculares a través do Máster. Con todo, no curso 2022-2023, dous alumnos da especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense completaron a súa formación con esta modalidade de prácticas, que se realizan a través do Consello Social da USC.

En resumo, o MPTOXF conta con mecanismos de coordinación de prácticas externas a través dos roles de coordinador de prácticas xeral e de coordinador de prácticas para cada unha das especialidades e que, no seu conxunto, garanten a

axeitada xestión da oferta en prácticas. Isto reflíctese nos bos datos acadados nos indicadores de satisfacción aquí resumidos.

2.3.4 Programas de Mobilidade

O MPTOXF é un título con duración anual, de forma que se cursa nun único ano académico. Deste xeito, non se contempla a participación do seu alumnado en programas de mobilidade. Para que a mobilidade fose operativa, no caso de másters de 60 créditos, o intercambio tería que restrinxirse a un semestre. En relación con isto, a CAM debateu sobre esta posibilidade para aqueles casos en que o alumnado cursase ambas especialidades en dous cursos consecutivos, podendo iniciar accións de mobilidade no segundo ano, coincidente con ese período en que non teñen docencia (setembro a decembro).

Neste sentido, e tal e como xa se recolleu en autoinformes de seguimento previos, cabe resaltar que, aínda que non haxa mobilidade saínte do alumnado do Máster, débese ter en conta o perfil do alumnado que accede ao Máster. Este Máster ten unha alta demanda de estudantes de fóra de Galicia e mesmo estranxeiros (véxanse os indicadores In08, In09, In18 explicados máis arriba). En tendencia xeral, pódese observar como en cada curso académico máis estudantes de fóra de Galicia se interesan polo MPTOXF, posiblemente debido a esa elevada especialización da formación que se imparte. Así, por exemplo, para o curso 2023-2024, o 37.8% dos matriculados eran de fóra de Galicia (dos cales, o 87.5% eran nacionais e uns 12.5% estranxeiros). As anteriores edicións, presentaron datos nesta mesma liña. Para o curso 2022-2023, o 34.38% eran estudantes de fóra de Galicia e o 6.25% eran estranxeiros. No curso 2021-2022, houbo un 55.26% de estudantes de fóra de Galicia e no curso 2020-2021, o 43.24% eran estudantes nacionais e o 16.22% eran estranxeiros.

Finalmente, en relación coa mobilidade entrante, no curso 2023-2024 foi o primeiro ano que recibimos un alumno no Máster procedente dun programa de mobilidade. En previas edicións non se contou con ningún caso (véxase o indicador 18, In18, descrito máis arriba). Os datos mostraron que o 2.7% dos estudantes matriculados procedían dun programa Erasmus. Neste sentido, o informe 03 (Inf.03_23-24) recolle que este alumno procedía da Universidade Egas Moniz de Portugal.

Polo tanto, aínda que non haxa mobilidade saínte do alumnado do MPTOXF, débese ter en conta o perfil diverso do alumnado que accede ao Máster. Este Máster ten unha alta demanda de estudantes de fóra de Galicia e mesmo estranxeiros; destacando que o curso académico 2023-24 foi o primeiro en que a titulación recibiu a estudantes entrantes a través dun programa de mobilidade

2.3.5 Avaliación e Resultados da Aprendizaxe

O sistema de avaliación da aprendizaxe de cada unha das materias no MPTOXF recóllese nos programas das materias/guias docentes. Igualmente. Para garantir o axeitado desenvolvemento das actividades formativas e o cumprimento das metodoloxías de aprendizaxe e dos sistemas de avaliación, a CAM verifica periodicamente a adecuación á MVT, ben como as actualizacións resultantes do seguimento.

O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos. Nos seguintes subapartados descríbense máis detalladamente os resultados do aprendizaxe acadados para o curso académico 2023-2024 para esta titulación.

2.3.5.1 Taxa de Rendemento

Como se pode observar na seguinte táboa o alumnado deste Máster (véxase o indicador In34) mostra unha taxa alta de rendemento no curso 2023-2024, sendo esta de 87.23 puntos. Este dato indica que, do total de créditos matriculados, os estudantes superan en media o 87.23% dos créditos totais. Cabe sinalar que, aínda que esta taxa é alta, diminuíu lixeiramente respecto dos cursos académicos previos (2019-2020 foi de 98.32, no 2020-2021 foi de 96.77, no 2021-2022 foi de 92.38 e no curso 2022-2023 foi de 94.64). Con todo, este dato mostra un indicador alto que proba un adecuado rendemento do alumnado no MPTOXF.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In34 – Taxa de Rendemento	98.32	96.77	92.38	94.64	87.23

Se examinamos a taxa de rendemento en función das materias do Plan de Estudos para o curso 2023-2024 (Inf.18_23-24), os datos proporcionan moita máis información. A táboa presenta estes datos divididos en catro bloques, as materias

obrigatorias, as materias optativas da especialidade de psicoloxía do traballo e as organizacións, as materias optativas da especialidade de psicoloxía xurídica-forense e, finalmente, as materias optativas comúns a ambas especialidades e as prácticas extracurriculares. Aínda que neste último caso, para o curso 2023-2024 non hai datos, xa que o alumnado non fixo prácticas extracurriculares nese curso académico.

TAXA DE RENDEMENTO DAS MATERIAS DO PLAN DE ESTUDOS (Inf.18_23-24)

Materias Obrigatorias

%

Comportamento Organizacional e Recursos Humanos	96.30
Psicoloxía Criminal e Penitenciaria	96.30
Métodos construtivos de resolución de conflitos	96.43
Métodos de meta-análise e outras técnicas de investigación aplicada	96.30
Traballo Fin de Máster_Especialidade Psicoloxía do Traballo	61.11
Traballo Fin de Máster_Especialidade Psicoloxía Xurídica-forense	73.68
<i>Taxa de rendemento promedio das materias obrigatorias</i>	<i>86.70</i>

Materias Optativas_Especialidade Psicoloxía do Traballo (EPTO)

%

Auditoría de RR.HH, relaciones laborales e modelos de excelencia	100
Selección e avaliación de RR.HH	82.35
Formación e desenvolvemento de RR.HH e xestión da diversidade	84.62
Avaliación de riscos psicosociais e saúde ocupacional	88.89
Análise e avaliación de postos	83.33
Prácticas externas de psicoloxía do traballo, RR.HH e RR.LL	82.35
<i>Taxa de rendemento promedio das materias optativas_EPTO</i>	<i>86.92</i>

Materias Optativas_Especialidade Psicoloxía Xurídica-forense (EPXF)

%

Intervención en psicoloxía xurídica e forense	100
Psicoloxía xurídica e forense do menor e da familia	100
Psicoloxía xurídica e forense no ámbito penal	94.12
Psicoloxía xurídica e forense nos ámbitos civil e social	94.12
Prácticas externas xurídico-forenses	94.12
<i>Taxa de rendemento promedio das materias optativas_EPXF</i>	<i>96.47</i>

Materias Optativas comúns a ambas especialidades

%

Metodoloxía avanzada en investigación social	100
Prácticas extracurriculares	-

Como se pode observar, a taxa de rendemento media do alumnado d MPTOXF é do 86.70% nas materias obrigatorias, incluíndo o TFM de ambas especialidades. Na mesma liña atópase a taxa de rendemento media para o caso das materias optativas da especialidade de psicoloxía do traballo e as organizacións, a cal é do 86.92%. No caso das materias optativas da especialidade de psicoloxía xurídica-forense, esta taxa incrementouse lixeiramente pasando a ser o 96.47%. No seu conxunto, os datos mostran unhas taxas de rendemento moi positivas con valores próximos ou por encima do 90%.

2.3.5.2 Taxa de Éxito

En canto á taxa de éxito ou relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron, os datos reportados no indicador 35 (In35) sinalan que no MPTOXF para o curso académico 2023-2024 a taxa de éxito foi do 98.29%, lixeiramente inferior aos cursos académicos anteriores, pero cunha diferenza porcentual moi pequena (no peor dos casos un 1.71% menos). Estes datos indican que o alumnado supera o 98.29% dos créditos totais aos que se presentan. O que mostra unha taxa de éxito superior á taxa de rendemento. Ademais, o Inf.Med.USC_23-24 mostra que este valor está en liña cos valores promedio da área e da USC.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In35 – Taxa de Éxito	100	100	99.64	99.62	98.29

A seguinte táboa recolle a taxa de éxito en función das materias do Plan de Estudo para o curso 2023-2024 (Inf.17_23-24) e desagregadas en función da especialidade cursada na titulación:

TAXA DE ÉXITO DAS MATERIAS DO PLAN DE ESTUDOS (Inf.17_23-24)	
Materias Obligatorias	%
Comportamento Organizacional e Recursos Humanos	96.30
Psicoloxía Criminal e Penitenciaria	100
Métodos construtivos de resolución de conflitos	96.43
Métodos de meta-análise e outras técnicas de investigación aplicada	100
Traballo Fin de Máster_Especialidade Psicoloxía do Traballo	100
Traballo Fin de Máster_Especialidade Psicoloxía Xurídica-Forense	100
<i>Taxa de éxito promedio das materias obligatorias</i>	<i>98.79</i>
Materias Optativas_Especialidade Psicoloxía do Traballo (EPTO)	%
Auditoría de RR.HH, relacións laborais e modelos de excelencia	100
Selección e avaliación de RR.HH	100
Formación e desenvolvemento de RR.HH e xestión da diversidade	100
Avaliación de riscos psicosociais e saúde ocupacional	100
Análise e avaliación de postos	100
Prácticas externas de psicoloxía del traballo, RR.HH e RR.LL	100
<i>Taxa de éxito promedio das materias optativas_EPTO</i>	<i>100</i>
Materias Optativas_Especialidade Psicoloxía Xurídica-Forense (EPXF)	%
Intervención en psicoloxía xurídica e forense	100
Psicoloxía xurídica e forense do menor e da familia	100
Psicoloxía xurídica e forense no ámbito penal	94.12
Psicoloxía xurídica e forense nos ámbitos civil e social	94.12
Prácticas externas xurídico-forenses	94.12
<i>Taxa de éxito promedio das materias optativas_EPXF</i>	<i>96.47</i>
Materias Optativas comúns a ambas especialidades	%
Metodoloxía avanzada en investigación social	100
Prácticas extracurriculares	-

Como se pode observar, os datos mostran unha taxa de éxito media do alumnado do MPTOXF do 98.79% nas materias obrigatorias incluíndo o TFM de ambas especialidades. Na mesma liña se atopa a taxa de éxito media para o caso das materias optativas da especialidade de psicoloxía do traballo e as organizacións, a cal é do 100%. No caso das materias

optativas da especialidade de psicoloxía xurídica-forense, esta taxa reduciuse lixeiramente pasando a ser o 96.47%. Non obstante, no seu conxunto, os datos mostran unhas taxas de éxito moi positivas con valores sempre próximos ao 100%.

2.3.5.3 Taxa de Avaliación

A taxa de avaliación, indicador 36 (In36), reflicte uns datos que seguen unha tendencia moi parecida á obtida na taxa de rendemento e na taxa de éxito. Como se aprecia na táboa, para o curso académico 2023-2024 a taxa de avaliación foi do 88.75%, lixeiramente inferior aos cursos académicos anteriores, pero cunha diferenza porcentual pequena. Este dato indica que o alumnado do MPTOXF avalíase ou se presenta ao 88.75% dos créditos totais nos que se matricula este alumnado.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In36 – Taxa de Avaliación	98.32	96.77	92.71	95.0	88.75

Examinando a taxa de avaliación en función das materias do Plan de Estudo para o curso 2023-2024 (véxase o Inf.19_23-24), e desagregada en función das dúas especialidades que conforman a titulación, os datos que se observan son os seguintes:

TAXA DE AVALIACIÓN DAS MATERIAS DO PLAN DE ESTUDOS (Inf.19_23-24)

Materias Obrigatorias

%

Comportamento Organizacional e Recursos Humanos	100
Psicoloxía Criminal e Penitenciaria	96.30
Métodos construtivos de resolución de conflitos	100
Métodos de meta-análise e outras técnicas de investigación aplicada	96.30
Traballo Fin de Máster_Especialidade Psicoloxía do Traballo	61.11
Traballo Fin de Máster_Especialidade Psicoloxía Xurídica-Forense	73.68
<i>Taxa de avaliación promedio das materias obrigatorias</i>	<i>87.90</i>

Materias Optativas_Especialidade Psicoloxía do Traballo (EPTO)

%

Auditoría de RR.HH, relacións laborais e modelos de excelencia	100
Selección e avaliación de RR.HH	82.35
Formación e desenvolvemento de RR.HH e xestión da diversidade	84.62
Avaliación de riscos psicosociais e saúde ocupacional	88.98
Análise e avaliación de postos	83.33
Prácticas externas de psicoloxía do traballo	82.35
<i>Taxa de avaliación promedio das materias optativas_EPTO</i>	<i>86.94</i>

Materias Optativas_Especialidade Psicoloxía Xurídica-Forense (EPXF)

%

Intervención en psicoloxía xurídica e forense	100
Psicoloxía xurídica e forense do menor e da familia	100
Psicoloxía xurídica e forense no ámbito penal	100
Psicoloxía xurídica e forense nos ámbitos civil e social	100
Prácticas externas xurídico-forense	100
<i>Taxa de avaliación promedio das materias optativas_EPXF</i>	<i>100</i>

Materias Optativas comúns a ambas especialidades

%

Metodoloxía avanzada en investigación social	100
Prácticas extracurriculares	-

De acordo coa táboa, a taxa de avaliación media do alumnado do Máster foi do 87.90% nas materias obrigatorias

incluíndo o TFM de ambas especialidades. Na mesma liña se atopa a taxa de avaliación media para o caso das materias optativas da especialidade de psicoloxía do traballo e as organizacións, a cal é do 86.94%. No caso das materias optativas da especialidade de psicoloxía xurídica-forense, esta taxa incrementouse ata chegar a ser do 100%. No seu conxunto, os datos mostran unhas taxas de avaliación moi positivas con valores altos, suxerindo que o alumnado se avalía de practicamente o 90% dos créditos da titulación.

Tomando os datos que reportan a taxa de rendemento, de éxito e de avaliación no seu conxunto, pódese observar que o alumnado en xeral, supera e avalíase de practicamente a totalidade dos créditos do MPTOXF. Posiblemente, estas taxas non chegan a ser do 100% en todos os casos debido (1) á pequena taxa de abandono do Máster, que aínda que é de carácter residual, existe e debe ser comentada (véxase o indicador 41 no apartado da Directriz 2: Aprendizaxe dos Titulados) e (2) á presentación e defensa dos TFM, que como se pode observar nas táboas, a porcentaxe de rendemento e avaliación indican que non todos os estudantes do Máster se avaliaron destes créditos; aínda que aqueles que si deciden avaliarse superan os créditos de TFM. En calquera caso, as taxas de rendemento e avaliación de TFM son taxas altas que suxiren que unha porcentaxe moi elevada de estudantes presentan e defenden os seus TFMs no mesmo curso académico ou no posterior. Así o confirma o indicador 38 (In38) sobre a duración media do título, que para o curso 2023-2024 foi de 1.05, practicamente 1 ano (coméntase este indicador con máis detemento no apartado da Directriz 2: Aprendizaxe dos Titulados).

A seguinte táboa mostra os datos de matrícula e defensa dos Traballos de Fin de Máster (TFM) para o curso académico 2022-2023 e 2023-2024. No curso 2022-2023 defendéronse 26 TFM dos 32 estudantes que estaban matriculados na titulación. Isto indica que máis do 80% do alumnado defendeu e superou o seu traballo. Pola súa banda, no curso 2023-2024, defendéronse 24 dos 37 matriculados, isto indica unha porcentaxe lixeiramente inferior de estudantes que defenderon e superaron o TFM neste curso (sobre un 68%). Posiblemente este dato viuse minguado polo feito de que alumnado deste curso académico ($N = 3$) se matriculou no segundo ano para facer a outra especialidade (Psicoloxía do Traballo e as Organizacións) e finalmente non continuaron os estudos por atopar traballo. Ademais, de que unha alumna estranxeira abandonou os estudos tamén por ter que volver ao seu país por problemas de carácter persoal.

Curso académico 2022-2023

MATRÍCULA

Especialidade de Psicoloxía del Traballo e as Organizacións	13 (10 novos e 3 cursos anteriores)
Especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense	19 (18 novos e 1 cursos anteriores)

DEFENSA

Especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	10
Especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense	16

Total matrículas TFM	32
Total TFM defendidos	26

Curso académico 2023-2024

MATRÍCULA

Especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	18 (17 novos e 1 cursos anteriores)
Especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense	19 (16 novos e 3 cursos anteriores)

DEFENSA

Especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	11
Especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense	14

Total matrículas TFM	37
Total TFM defendidos	25

Finalmente, a seguinte táboa recolle os datos dos TFM para o curso 2023-2024 e 2022-2023 distribuídos en función das calificacións finais alcanzadas polo alumnado en cada unha das especialidades, tal e como se recollen na Evidencia 24 (E24_23-24) e no informe 15 (Inf.15_23-24).

Especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	2022-2023	2023-2024
Matrícula de Honra	0	1
Sobresaínte	5	4

Notable	3	6
Aprobado	2	0
Suspenso	0	0
Non presentado	3	7
Renuncia	-	1
Especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense	2022-2023	2023-2024
Matrícula de Honra	1	0
Sobresaínte	10	5
Notable	5	8
Aprobado	0	1
Suspenso	0	0
Non presentado	3	5
Renuncia	-	1

Para resumir, a taxa de rendemento, a taxa de éxito e a taxa de avaliación mostran datos moi positivos, o que suxire que o estudiantado do Máster tende a superar en torno ao 90% dos créditos en que se matricularon e os que se presentaron. Ademais, estes datos tenden a manterse para todas as materias, con independencia de se estas son obrigatorias ou optativas e de que especialidade en cuestión. As taxas de éxito, rendemento e avaliación do TFM tamén son moi positivas e altas (en torno ao 70%) para ambas especialidades o que indica os bos resultados de aprendizaxe alcanzados para o desenvolvemento do traballo fin de Máster.

2.3.6 Satisfacción do alumnado coa Aprendizaxe

2.3.6.1 Satisfacción do Alumnado coa Docencia

O indicador 46 (In46) reporta os datos acerca da satisfacción dos estudantes coa docencia recibida. Como se pode observar na seguinte táboa, os datos mostran que, en termos xerais, o alumnado do MPTOXF está moi satisfeito coa docencia que recibe na titulación. Os valores de satisfacción oscilan entre 4 e case 5 nos diferentes anos académicos. Así, por exemplo, no curso 2019-2020 mostraron un grao de satisfacción de 4.6 puntos sobre 5, no curso 2020-2021 de 4.55, no curso 2021-2022 de 3.92, no curso 2022-2023 de 3.4 e finalmente no curso 2023-2024 de 4.79. Como se pode observar, neste último ano 2023-2024 é cando o alumnado mostrou ter unha maior satisfacción coa docencia recibida.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In46 – Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	4.6	4.55	3.92	3.4	4.79

O informe 13 (Inf.13_23-24) sobre as enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida mostra que o alumnado reportou en media valores superiores a 4.5 en todos os aspectos valorados na enquisa (explicación da programación, coñecemento dos criterios de avaliación, cumprimento o plan de traballo previsto, organización das clases, etc.). Isto suxire a alta satisfacción do alumnado coa docencia recibida no máster.

Ademais, cabe sinalar que no curso 2023-2024 respondeu as enquisas de satisfacción o 43.24% do alumnado do Máster, unha porcentaxe moi superior ao dos tres cursos académicos previos (no 2022-2023 participou só o 10.71%, no curso 2021-2022 o 36.36%, no 2020-2021 o 34.29%). Aínda que se debe seguir promovendo a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción para incrementar esta porcentaxe, o certo é que xa se poden ver os efectos da acción de mellora proposta no informe de seguimento do curso académico 2022-2023 [véxase a acción de mellora **MPTOXF-AM2 (2022-23)**]. Aínda así, seguirase implementando esta acción de mellora para conseguir un maior incremento na porcentaxe de participación do alumnado. Os datos sobre a taxa de resposta do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia exprésanse a través do indicador 48 (In48) e pódense observar na seguinte táboa:

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In48– Taxa de participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida	48	34.29	36.36	10.71	43.24

2.3.6.2 Satisfacción do Profesorado coa Docencia

Pola súa banda, o grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida exprésase a través do indicador 47 (In47). Os datos correspondentes a este indicador pódense ver na seguinte táboa:

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In47 – Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	5	4.75	4.69	4.82	4.73

Como se pode observar, o profesorado que imparte docencia no MPTOXF mostra altos niveis de satisfacción coa docencia impartida ao longo dos distintos cursos académicos. Así, no 2019-2020 reportaron unha satisfacción de 5 puntos sobre 5, no curso académico 2020-2021 de 4.75, no curso 2021-2022 de 4.69, no curso 2022-2023 de 4.82 e finalmente, no curso 2023-2024 de 4.73.

O informe 14 (Inf.14_23-24) sobre as enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida mostra que o profesorado reportou en media valores iguais ou superiores a 4.4 en todos os aspectos valorados na enquisa (participación activa do alumnado, satisfacción co traballo realizado polo alumnado, material e servizo de apoio á docencia, formación recibida, trato correcto co alumnado etc.)/. etc.). Isto suxire a alta satisfacción do profesorado coa docencia impartida no Máster.

Neste sentido tamén cabe resaltar a alta taxa de participación do profesorado do Máster nas enquisas de satisfacción. O Inf.14_23-24 mostra que o 71.43% do profesorado deste Máster participou nas enquisas de satisfacción no curso 2023-2024, o que manifesta a robustez dos datos previamente descritos. A porcentaxe de participación tende a ser máis ou menos estable ao longo dos cursos académicos (por exemplo, no 2021-2022 foi do 71.43% e no 2022-2023 do 60%).

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. GARANTÍA E MELLORA DA CALIDADE DO PERSOAL ACADÉMICO

A continuación detállase a información referida ás características do persoal académico da Facultade de Relacións Laborais. Para unha análise máis pormenorizada da suficiencia e adecuación deste colectivo, analízase a información por cada unha das tres titulacións que se imparten no centro.

1.1 GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS E DI EN DEREITO E RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

1.1.1 Tipoloxía, Suficiencia e Adecuación do Persoal Académico

O informe E15 sobre o profesorado do título (E15_23-24) indica que o persoal PDI da Facultade de Santiago que impartiu docencia no curso 2023-2024 no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e no Dobre Itinerario está formado por 56 docentes. O número e porcentaxe de profesores/as que forman parte de cada unha das distintas categorías aparece reflectido na táboa inferior:

Categorías de profesorado	Nº Profesores	%
Predctoral Ministerio	5	8.93
Prof. Asociado/a de Universidade LOU	6	10.71
Prof. Catedrático/a de Universidade	3	5.36
Prof. Colaborador/a	1	1.79

Prof. Axudante Doutor LOU	12	21.43
Prof. Contratado/a Doutor	7	12.50
Prof. Interino/a de Substitución	6	10.71
Prof. Laboral Asimilado a TEU	2	3.57
Prof. Titular de EU	2	3.57
Prof. Titular de Universidade	12	21.43
TOTAL	56	100

Como se pode observar, as dúas categorías máis numerosas son a de Profesor/a Axudante Doutor LOU e a de Profesor/a Titular de Universidade, en ambos casos formadas por 12 persoas cada unha e que representan no seu conxunto aproximadamente o 43% do corpo docente do Grao. O profesorado que imparte docencia no título de Grao pertence a 11 departamentos e a 15 áreas de coñecemento. O departamento máis representado é o de Dereito Público Especial e da Empresa ($N = 13$), concretamente a área de coñecemento de Dereito do Traballo e da Seguridade Social ($N = 10$), seguido do departamento de Ciencia Política e Socioloxía ($N = 11$), concretamente a área de Psicoloxía Organizacional e Xurídico-Forense ($N = 9$).

Pola súa banda, os indicadores 25 e 26 (In25 e In26) permiten analizar aspectos máis específicos referidos á composición do corpo docente dos profesores de Grao e do Dobre Itinerario. As seguintes táboas describen, respectivamente, a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total e a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total. No caso dos datos referidos ao Dobre Itinerario, estes inclúen información referida aos docentes do Grao en Dereito.

O indicador 25 apunta que, no curso académico 2023-2024, a porcentaxe de persoal docente que contaba co título de doutor era do 73.21%. Esta cifra é a máis alta de todas na serie de datos e supera, por primeira vez, o 70% na historia do título. Esta porcentaxe, do mesmo xeito que outros indicadores relacionados, pode resultar inferior en comparación aos doutros centros polo motivo arriba explicado, xa que gran parte do profesorado da antiga Escola Universitaria goza de categorías profesionais asimiladas nas súas condicións a outros docentes universitarios sen o requisito de ser doutor/a. É o caso dos Profesores/as Titulares de Escola Universitaria e dos Profesores/as Laborais Asimilados/as a Titular de Escola Universitaria. Con todo, o número de docentes incluídos nestas categorías é cada vez máis exíguo.

In25 - % de PDI doutor sobre PDI total	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	68.25	67.86	63.93	66.07	64.52	73.21
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	79.13	83.61	78.46	81.67	77.42	80.31

Por último, o indicador 26 (In26) reflicte a porcentaxe de persoal PDI funcionario sobre o PDI total. O dato obtido para o curso 2023-2024 foi do 35.71%, unha porcentaxe que segue a tendencia de anos anteriores con mínimas variacións.

In26-% PDI funcionario sobre PDI total	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	44.44	41.07	31.15	37.5	32.26	35.71
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	55.65	59.02	50.77	56.67	53.23	55.91

1.1.2 Participación do Persoal Académico en Programas de Formación e Mobilidade

Co obxectivo de incentivar as actividades formativas dirixidas ao persoal PDI da Facultade de Santiago, o decanato do centro facilita a posibilidade de que este colectivo propoña actividades de formación. Dende esta iniciativa levouse a cabo o curso de “Introdución á Estatística con R” dunha duración de 20 horas. Tamén se celebrou no centro, como parte das actividades de innovación docente, o curso “Riscos e Desafíos no Exercicio da Función Docente” de 8 horas de duración. Ambos cursos tiveron unha moi boa acollida por parte do profesorado.

En canto á formación do persoal docente e investigador, o informe I6-I7 (Inf.I6-I7_23-24) indica que, no curso 2023-2024, o 30.65% do persoal docente e investigador con docencia no Grao participou nalgún curso de formación. Esta porcentaxe supera en magnitude as porcentaxes rexistradas nos cursos académicos previos (18.06% no curso 22-23 e 23.44% no curso 2021-2022), o que apunta a un incremento do interese do persoal PDI en mellorar e adquirir novas competencias relacionadas coa súa profesión.

Finalmente, e aínda que referidos a datos globais de toda a universidade, o informe 10 (Inf.10_23-24) indica que a puntuación media na enquisa sobre a satisfacción do persoal PDI coas actividades formativas desenvolvidas no curso 2023-2024 é de 4.58 (nunha escala de 1 ao 5), moi similar á obtida no curso académico previo (4.65), describindo un nivel de satisfacción moi elevado coa formación recibida.

Por último, en canto á mobilidade do persoal docente e investigador, o informe I10 (Inf.I10_23-24) reflicte que no curso académico 2023-2024, o 10.71% do persoal PDI que imparte docencia no Grao participou en programas de mobilidade, un dato de novo superior aos obtidos nos cursos académicos previos (1.49% no curso académico 2022-2023 e un 6.9% no curso 2021-2022).

1.1.3 Actividade Investigadora do Persoal Académico

Os 56 docentes do título de Grao acumulan un total de 124 tramos de experiencia docente (quinquenios) e 49 tramos de experiencia investigadora (sexenios). É importante ter en conta que o pasado da Facultade de Relacións Laborais como Escola Universitaria e as características do corpo docente daquel entón facía que este estivese composto, na súa maior parte, por profesionais que complementaban o exercicio das súas profesións coa docencia na Escola. É por iso que os datos referidos aos tramos de investigación ou sexenios poden ser inferiores se se compara cos doutras titulacións. Con todo, na actualidade a situación está a reverterse ao contar con persoal non só docente, senón tamén investigador nas distintas áreas vinculadas á titulación de Grao e ao Dobre Itinerario.

Así mesmo, o indicador 24 (In24) amosa a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total. Como pode observarse, no curso académico 2023-2024 a porcentaxe de PDI que impartiu docencia no Grao contaba con tramos de experiencia investigadora recoñecida (sexenios) era do 77.78%, un dato moi similar ao obtido no curso académico previo. A evolución desta porcentaxe segue unha tendencia á alza dende o curso académico 2019-2020.

In24-% PDI con sexenios sobre PDI total	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en RRL e RRHH	73.81	64.86	65.71	68.97	78.57	77.78
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	85.39	85.42	84.78	90.70	92.41	94.12

1.1.4 Detección de Necesidades de Persoal Académico

A dotación docente é suficiente para cubrir a docencia do Grao e Dobre Itinerario. Ademais, os datos reflicten una alta satisfacción tanto do alumnado como do cadro docente coa titulación e coa. Polo que estes datos poñen de manifesto a axeitada dotación e organización docente de ambas titulacións.

Por último, no que respecta aos indicadores de satisfacción e das necesidades do persoal académico relativas ao entorno de traballo, os resultados da enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación indican unha satisfacción alta (4.24 sobre 5 puntos) nos aspectos referidos ao entorno de traballo, concretamente, á atención prestada polo persoal de administración e servizos. Tamén valoran positivamente a coordinación entre docentes na organización do título (3.80) e as vías existentes para participar nas melloras da calidade (4.04). Datos que mostran unha alta satisfacción co contorno de traballo no profesorado do Grao e Dobre Itinerario que se mantén estable ou, inclusive aumenta respecto ao curso anterior.

1.2 MÁSTER EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL

1.2.1 Tipoloxía, Suficiencia e Adecuación do Persoal Académico

Na sede de Santiago, o persoal PDI que impartiu docencia no Máster no curso 2023-2024 estivo formado por 17 docentes, polo que se considera que é suficiente para desenvolver as funcións que lle corresponden e atender aos estudantes. A composición, en función da categoría, reflíctese na seguinte táboa (E15_2ª ed_23-24).

Categorías de profesorado	Nº profesores	%
Prof. Asociado/a de Universidade LOU	2	11.76
Prof. Catedrático/a de Universidade	2	11.76
Prof. Axudante Doutor	3	17.65
Prof. Contratado/a Doutor	1	5.88

Prof. Interino/a	1	5.88
Prof. Titular de EU	1	5.88
Prof. Titular de Universidade	7	41.18
TOTAL	17	100

Como se pode observar, a categoría máis numerosa estivo formada por Profesores Titulares de Universidade (un 41.18%), que impartiron un total de 115 horas (o 34,23% da docencia do Máster). O segundo grupo máis numeroso foi o dos Axudantes Doutores (17,65%) que se encargou dun total 39 horas (11.61%). Este último dato explícase debido á incorporación de novo persoal ao persoal da USC. Con todo, tal e como se explicará a continuación, os Axudantes Doutores contan cunha competencia tanto docente como investigadora máis que suficiente para impartir docencia no Máster. A terceira categoría máis representada foi a de Catedráticos de Universidade (11.76%) que, a pesar de ser só 2, asumiron 59 horas de docencia (o 17.56%), polo que se garante que o alumnado reciba unha docencia do máis alto nivel. Por último, a porcentaxe de Asociados foi igual ao dos Catedráticos, o que permite ao alumnado obter unha visión máis práctica dos contidos do MXDL.

Os profesores que impartiron docencia no Máster pertencen a 4 Departamentos e a 6 áreas de coñecemento. O departamento máis representado, cun maior número de docentes, é o de Dereito Público Especial e da Empresa, cun total de 12 profesores, en concreto, 7 da área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social e 5 da área de Dereito Financeiro e Tributario. Así mesmo, imparten docencia no Máster profesores do Departamento de Ciencia Política e Socioloxía (2 da área de Ciencia Política e da Administración e 1 da área de Psicoloxía Organizacional e Xurídico-Forense). O equipo docente complétase cun profesor do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade e con outro do Departamento de Fundamentos de Análise Económica.

A continuación, recóllese información máis detallada sobre a composición do equipo docente que serve para poñer de manifesto que conta cunha cualificación e cunha experiencia docente e investigadora moi axeitada para impartir docencia no MXDL. En concreto, nas seguintes táboas descríbese a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (In25) e a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (In26) .

In25 - % de PDI doutor sobre PDI total	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MXDL - Sede de Santiago de Compostela	69.23	61.11	78.95	68.75	75

In26 - % PDI funcionario sobre PDI total	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MXDL - Sede de Santiago de Compostela	53.85	38.89	57.89	43.75	60

En relación co indicador 25 (In25), o 75% do equipo docente deste itinerario estaba en posesión do título de doutor. Dato que ascendeu lixeiramente sobre o curso anterior (68.75%) e situándose moito máis próximo á media área (81.84%) e da USC (90.78%; Inf.Med.USC_23-24).

Finalmente, respecto á porcentaxe de PDI funcionario (In26), este dato ascende do 43.75% (curso 2022-2023) ata o 60% para o curso 2023-2024. Con todo, esta porcentaxe tamén é máis alta que a porcentaxe media da área (32.57%) e da USC (47.29%; Inf.Med.USC_23-24).

1.2.2 Participación do Persoal Académico en Programas de Formación e Mobilidade

A información relativa á participación do PDI en cursos de formación pon de manifesto que o equipo docente do itinerario de Santiago ten un gran interese por manterse actualizado e por seguir completando a súa formación docente e, incluso, a porcentaxe de participación aumentou respecto ao curso anterior. Concretamente para o curso 2023-2024 un 20% do profesorado do Máster realizou algún curso do plan de formación (I6-I7_23-24), producíndose un leve incremento respecto ao curso anterior (no que a porcentaxe de participación fora do 18.75%).

Respecto á satisfacción coas actividades formativas, só hai datos referidos ao corpo docente de toda a USC no seu conxunto, non podendo analizar especificamente os resultados do profesorado pertencente exclusivamente a esta titulación de Máster. Tendo isto en conta, a puntuación media na enquisa de satisfacción do PDI coas actividades formativas desenvolvidas no curso 2023-2024 foi, como xa se sinalou, de 4.59 (nunha escala do 1 ao 5) o que describe un nivel de satisfacción moi elevado (Inf.10_23-24).

En canto á mobilidade do persoal docente e investigador, os datos amosan que, no curso académico 2023-2024, os

datos relativos á participación do PDI en programas de mobilidade mostran un elevado grao de internacionalización do profesorado que imparte docencia no MXDL no itinerario de Santiago. Así, o 11.76% do total do PDI participou en programas de mobilidade, un dato que se mantén estable con respecto ao curso anterior, no que a porcentaxe fora do 12.5% (Inf.I10_23-24).

1.2.3 Actividade Investigadora do Persoal Académico

En relación á actividade investigadora do persoal académico do MXDL, o indicador 24 (In24) reflicte a porcentaxe de PDI que conta con sexenios de investigación sobre o PDI total.

In24 - % PDI con sexenios sobre PDI total	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MXDL - Sede de Santiago de Compostela	77.78	77.78	91.67	90	92.31

Como se pode observar, no itinerario de Santiago, o 92.31% dos 17 docentes que impartiron docencia no Máster no curso 2023-2024 conta con sexenios de investigación, cifra que se mantivo estable nos últimos cursos académicos. En concreto, practicamente todos os profesores que están en condicións de solicitalos teñen entre 1 e 6 sexenios, o que acredita a súa ampla experiencia investigadora, e que, sen dúbida, é un valor engadido para a docencia en posgrao. Este é un dato moi positivo a que a porcentaxe é máis alta que a media da área (85.28%) e inclusive que a da USC (91.06%; Inf.Med.USC_23-24).

1.2.4 Detección de Necesidades de Persoal Académico

A dotación docente é suficiente para cubrir a docencia do MXDL, tanto a obrigatoria e común como a da especialidade sen que isto supoña unha maior carga lectiva no profesorado. Así mesmo, os datos reflicten una alta satisfacción tanto do alumnado como do cadro docente coa titulación. Polo que estes datos poñen de manifesto a axeitada dotación e organización docente deste Máster.

Por último, no que respecta aos indicadores de satisfacción e das necesidades do persoal académico relativas ao contorno de traballo, os resultados da enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación indican unha satisfacción alta (4.14 sobre 5 puntos) nos aspectos referidos ao entorno de traballo, concretamente, á atención prestada polo persoal de administración e servizos. Tamén valoran positivamente a coordinación entre docentes na organización do título (4.00) e as vías existentes para participar nas melloras da calidade (4.14), polo que existe unha ampla satisfacción co entorno de traballo no profesorado do MXDL da sede de Santiago que se mantén estable ou, inclusive aumenta respecto ao curso anterior.

1.3 MÁSTER EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS E PSICOLOXÍA XURÍDICA-FORENSE

1.3.1 Tipoloxía, Suficiencia e Adecuación do Persoal Académico

O PDI da USC que imparte docencia no MPTOXF está formado por 15 docentes. A composición en función da categoría reflíctese na seguinte táboa desenvolvida a partir do Inf.E15_23-24. Como se pode observar, os datos mostran que a categoría máis numerosa é a de Catedráticos de Universidade (46.67%), seguida das categorías de Profesores Titulares, (20.00%), e Profesores Axudantes Doutor e Profesores Contratado Doutor (cada unha delas cun 13.33% do total do PDI da titulación).

Categorías de profesorado	Nº profesores	%
Prof. Axudante Doutor	2	13.33
Prof. Catedrático/a de Universidade	7	46.67
Prof. Contratado/a Doutor	2	13.33
Prof. Interino/a	1	6.67
Prof. Titular de Universidade	2	20
TOTAL	14	100

Este profesorado pertence a 3 departamentos e a 4 áreas de coñecemento diferentes (véxase o Inf.E15_23-24). O

departamento con maior número de docentes é o de Ciencia Política e Socioloxía e, dentro deste, a área de Psicoloxía Organizacional e Xurídico-Forense é a que ten un maior número de profesores que imparten docencia, con 13 PDI. En total, os 15 profesores que imparten docencia no MPTOXF acumulan 53 quinquenios de docencia e 44 sexenios de investigación.

Pola súa parte, os datos dos indicadores 25 e 26 (In25 e In26), sobre a composición do corpo docente do Máster, refléxase nas seguintes táboas:

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In25 – % PDI doutor sobre PDI total	100	100	100	93.33	92.86

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In26 – % PDI funcionario sobre PDI total	76.92	73.33	78.57	60.0	64.29

Aínda que os datos indican que para o curso 2023-2024 o 92.86% do PDI eran doutores (In25), en realidade o 100% do PDI que imparte docencia no Máster son doutores. Esta discrepancia nos datos reside no feito de que a USC non esixe para a categoría de profesor interino de substitución ter o título de doutor, polo mesmo non se rexistra esta condición para o profesor con esta categoría, a pesar de ser doutor do mesmo xeito que o resto de PDI. A porcentaxe de docentes doutores no Máster é un dato moi positivo e é superior a da media da área (81.84%) e a da media da USC (90.78%; Inf.Med.USC_23-24).

Finalmente, os datos destas táboas tamén mostran que 64.29% do PDI que imparte docencia no MPTOXF son funcionarios (In26). Esta porcentaxe descendeu respecto dos cursos académicos previos, posiblemente pola entrada de novos profesores axudantes doutores ao cadro de docentes deste Máster. Aínda así, esta porcentaxe tamén é máis alta que a porcentaxe media da área (32.57%) e da USC (47.29%; ver Inf.Med.USC_23-24).

1.3.2 Participación do Persoal Académico en Programas de Formación e Mobilidade

Doutra banda, o MPTOXF tamén conta con indicadores sobre formación recibida polo PDI (Inf.I6-I7_23-24). Neste sentido, para o curso 2023-2024, o 21.43% do PDI que imparte docencia no Máster realizou algún curso de formación docente. Esta porcentaxe foi lixeiramente superior á do curso 2021-2022 (20%), pero inferior á do curso académico 2020-2021 (50%) e o curso 2019-2020 (35.71%).

Aínda que referidos a datos globais, o informe 10 (Inf.10_23-24) indica que a puntuación media na enquisa de satisfacción a docentes coas actividades formativas desenvolvidas no curso 2023-2024 é de 4.59 (nunha escala do 1-5), o que suxire un alto nivel de satisfacción global coas actividades formativas e a súa organización e desenvolvemento.

En relación coa participación do PDI en programas de mobilidade, o Informe I10 non recolle datos actualizados sobre a mobilidade do PDI desta titulación para o curso 2023-2024 (véxase Inf.I10_23-24).

1.3.3 Actividade Investigadora do Persoal Académico

En relación a actividade investigadora do persoal académico do MPTOXF, o indicador 24 (In24) reflicte a porcentaxe de PDI que conta con sexenios de investigación sobre o PDI total.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
In24 – % PDI con sexenios sobre PDI total	100	100	92.31	100	100

De acordo con estes datos, en tendencia xeral, o 100% do PDI conta con sexenios de investigación (In24) e isto mesmo ocorre no curso académico 2023-2024. Ademais, esta porcentaxe atópase por encima do media da área do coñecemento en que se enmarca o título do Máster (85.28%) e da media da USC (91.06%). Polo mesmo é un dato

moi positivo que cabe resaltar (ver Inf.Med.USC_23-24).

1.3.4 Detección de Necesidades de Persoal Académico

Respecto á dotación e carga docente do profesorado de ambas especialidades da titulación, todos os datos oficiais dispoñibles mostran que non hai sobrecarga no profesorado do MPTOXF en ningunha das súas especialidades e que o número de TFMs y TFGs asignados, en promedio, é razoable para cada especialidade.

Especificamente, de acordo cos datos proporcionados no curso 2023-2024, a carga docente do profesorado da especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións foi do 58.71% da total da área de coñecemento e os seus profesores representan o 58.33% do total do profesorado. Pola súa banda, o 41.28% restante da carga docente do curso 2023-2024 corresponde ao profesorado da especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense, os cales representan o 41.67% do total do profesorado.

	Dotación (%)	Carga Docente (%)
Especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	58.33	58.72
Especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense	41.67	41.28

Por tanto, tal e como mostran os datos, a dotación docente é suficiente para cubrir a docencia do MPTOXF tanto a obrigatoria e común como a de ambas especialidades sen que isto supoña unha maior carga lectiva no profesorado nunha especialidade que no da outra. Así mesmo, os datos reflicten una alta satisfacción tanto do alumnado como do cadro docente coa titulación, coa docencia e, tamén, coa xestión e coordinación das prácticas profesionais externas. Datos, por tanto, que poñen de manifesto a axeitada dotación e organización docente deste Máster.

Finalmente, no que respecta aos indicadores de satisfacción e das necesidades do persoal académico relativas ao contorno de traballo, os resultados da enquisa de satisfacción do profesorado ca titulación indican unha satisfacción moi alta (5 sobre 5 puntos) nos aspectos referidos ao contorno de traballo, concretamente, á atención prestada polo persoal de administración e servizos. Tamén valoran moi favorablemente a coordinación entre docentes na organización do título (4.78) e as vías existentes para participar nas melloras da calidade (4.44), polo que existe unha ampla satisfacción co contorno de traballo no profesorado do MPTOXF.

2. GARANTÍA E MELLORA DA CALIDADE DO PERSOAL DE APOIO

Neste apartado analízanse os indicadores referidos ao persoal de apoio da Facultade de Relacións Laborais. Como xa se indicou noutras seccións desta memoria de calidade, este persoal e compartido polas tres titulacións que se imparten neste Centro polo tanto analizaranse de modo conxunto neste apartado.

2.1 Tipoloxía, Suficiencia e Adecuación do Persoal de Apoio

A Facultade de Relacións Laborais da USC conta con 2 traballadoras pertencentes ao colectivo de persoal PAS, unha Secretaria de Decanato e unha Responsable de Xestión Académica. Todo estes postos son imprescindibles para o bo desenvolvemento da actividade académica do centro, pero son manifestamente insuficientes para o total de alumnado matriculado en todas as titulacións que se imparten nese centro (Grao en Relacións Laborais e RR.HH., Dobre Grao en Dereito e Relacións Laborais, Máster en Xestión e Dirección Laboral e Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense).

A Facultade de Relacións Laborais tamén conta con outras 5 persoas do colectivo PAS que, aínda que non están vinculados exclusivamente a Facultade de Relacións Laborais (tamén se comparten xuntamente coa Facultade de Ciencias Políticas e Sociais), prestan servizo para o noso centro. Este PAS estaría conformado por 4 conserxes (dous en quenda de mañá e dúas en quenda de tarde) e 1 responsable de asuntos económicos.

2.2 Participación do Persoal Académico en Programas de Formación

En canto á participación nos plans de formación, o informe I6-I7 (Inf.I6-I7_23-24) indica que o 100% do persoal

PAS da Facultade participou no curso 2023-2024 nalgunha actividade formativa.

Concretamente, as actividades formativas nas que participou a responsable da unidade de xestión administrativa do centro foron:

- Curso de Protección de datos persoais para a xestión nos centros de ensino universitario (abril 2024 – USC).
- Dereitos e deberes lingüísticos na USC. O regulamento de usos lingüísticos (febreiro a marzo 2024 – USC).
- Creación de formularios e enquisas con Microsoft Teams (xuño 2024 – USC).
- Xestión de equipos e reunións en liña con Microsoft Teams (maio 2024 – USC).
- Traballo en equipo. Como crealos e reforzar a súa cohesión (abril a xuño 2024 – USC).
- Curso básico de protocolo e organización de eventos (decembro 2023 – EGAP).
- Organización e simplificación do traballo administrativo (outubro 2023 – EGAP).

No curso 2023-2024, a secretaria do decanato do centro realizou as seguintes actividades formativas:

- Creación de formularios e enquisas con Microsoft Teams (xuño 2024 – USC).
- Xestión de equipos e reunións en liña con Microsoft Teams (maio 2024 – USC).
- Curso de Protección de datos persoais para a xestión nos centros de ensino universitario (abril 2024 – USC).
- Xestión da comunicación con Microsoft Outlook (abril 2024 – USC).
- Gallego seguro: Soluciona as túas dúbidas e erros máis comúns (febreiro a marzo 2024 – USC).
- Prevención de riscos laborais en oficinas e despachos (decembro 2023 – EGAP).
- Réxime disciplinario do empregado público de Galicia (novembro 2023 – EGAP).
- Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro orzamentario de Galicia (novembro 2023 – EGAP).
- Introducción á protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (novembro 2023 – EGAP).
- Organización e simplificación do traballo administrativo (outubro 2023 – EGAP).
- Creación e edición de arquivos dixitais con Acrobat XI Prol (outubro 2023 – EGAP).
- Como empregar metodoloxías áxiles no meu posto de traballo (setembro a outubro 2023 – EGAP).

Do mesmo xeito, tamén asistiu ás seguintes xornadas:

- Xornada técnica “O radón no ámbito laboral” (xuño 2024 – Xunta).
- Webinar de intelixencia artificial para a modernización dos sistemas de selección e xestión de persoal (outubro 2023 – EGAP).

Estes datos amosan a continua formación do persoal de apoio do centro e, tamén, indican a implicación e motivación das persoas que ocupan estes cargos por ter unha formación actualizada que poidan aplicar e que mellora a súa eficiencia no posto de traballo.

2.3 Indicadores de Satisfacción, Queixas e Suxestións do Persoal de Apoio

Aínda que referidos a datos globais, o informe 11 (Inf.11_23-24) indica que a puntuación media na enquisa de satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas no curso 2023-2024 é de 7.98 (nunha escala do 1-10), o que suxire un nivel bastante alto de satisfacción global coas actividades formativas e a súa organización e desenvolvemento. Os aspectos que o PAS mellor valorou foi que o número de persoas que atenderon o curso foi o axustado, as aulas e instalacións de impartición dos cursos e os horarios establecidos para realizar as actividades formativas.

En relación a satisfacción e ás necesidades do persoal académico con entorno de traballo, o informe 21 (Inf.21_23-24) reflicte os resultados da enquisa de satisfacción do persoal PAS para o curso 2023-24. A valoración media en termos de satisfacción é de 5,00, superior á puntuación media obtida para o conxunto da universidade (4.04). Todos os aspectos recollidos na enquisa (lugar de traballo en termos de accesibilidade e de seguridade, a comunicación cos usuarios, os recursos dispoñibles para desempeñar o traballo, claridade nas tarefas e funcións a realizar, repartición de cargas, etc.) foron valorados con puntuacións de 5 ou 4.5. Ademais, é importante indicar que a taxa de participación nesta enquisa na Facultade de Relacións Laborais foi do 100%.

2.4 Detección de Necesidades de Persoal de Apoio

As enquisas de satisfacción mostran que no seu conxunto o persoal PAS está altamente satisfeito co seu traballo.

Ademais, os datos tamén evidencian a continua formación e reciclaxe destes traballadores o que axuda a garantir un adecuado servizo a todo o alumnado da Facultade.

Non obstante é importante resaltar que, a pesar do impecable traballo e implicación do persoal de apoio a docencia, este é manifestamente insuficiente para dar resposta ao elevado alumnado (con mais de 500 estudantes matriculados entre as tres titulacións) e, consecuentemente, a todas as necesidades que requiren.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. CALIDADE NOS RECURSOS MATERIAS E SERVIZOS

O centro no que se imparten as titulacións, a Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela, situado en pleno campus universitario (o Campus Vida), conta cos medios e recursos necesarios para garantir a impartición do título e a axeitada adquisición de competencias por parte do alumnado. O centro veu sendo obxecto de adaptacións e modificacións graduais que o converteron nun centro idóneo para este obxectivo. A Facultade de Relacións Laborais comparte edificio coa Facultade de Ciencias Políticas e Sociais. Así, existen espazos físicos propios ou específicos de cada facultade e espazos comúns. Á Facultade de Relacións Laborais correspóndelle unha superficie de 4500m² do edificio, distribuíndose as instalacións do modo en que aparece na táboa inferior:

INSTALACIONS DA FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS

Planta Baixa

Decanato
 Secretaría de decanato / Vicedecanato
 Despacho da Unidade de Xestión do Centro
 Despachos de profesores (2)
 Sala de Xuntas
 Sala de estudos /Local do alumnado

	Aula 1 Aula Joaquín Vidal Portabales (antes Aula 2) Aula 3 Aula 4 Aula 5 Aula 6 Seminario 3 Aseos H/M Laboratorio de Recursos Humanos
Planta Sótano	Aula Javier Marañón Aula 7 Aula 8 Aula 9 Aula 10 Aula 11 Aula informática I Aula informática II Punto de lectura y mesas de traballo para alumnado con conexións eléctricas Arquivo Aseos H/M
Primeira Planta	Despachos de profesores (18) Sala de profesores Aseos H/M

INSTALACIONES COMPARTIDAS COA FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS

Planta Baixa	Conserxería Despacho Responsable Asuntos Económicos Punto lectura e mesas de traballo para alumnado con conexións eléctricas Área del servicio de limpeza Almacén
Planta Soto	Almacén
Edificio novo (Soto)	Salón de actos Salón de graos

Na planta baixa, concretamente na entrada, o alumnado dispón dunha zona de máquinas expendedoras de bebidas e alimentos. No mesmo lugar, existe unha área de taquillas habilitada para que o alumnado poida gardar as súas pertenzas mentres se atopa nas instalacións. Hai un total de 40 taquillas dispoñibles. Tamén hai unha máquina de reprografía que proporciona autoservizo de impresión de documentos dende calquera computador ou dispositivo electrónico e en calquera momento. Esta ferramenta permite, ademais, realizar fotocopias e escaneos. Na táboa que aparece a continuación, móstrase unha relación da capacidade dos espazos e do seu equipamento:

	CAPACIDADE (nº de postos)	SUPERFICIE (m ²)	PROXECTOR + ORDENADOR	EQUIPO DE SONIDO MAIS MICRÓFONO INALÁMBRICO	CONEXIÓN A RED LAN + WIFI
Aula 1	55	85	Si	-	Si
Aula Joaquín Vidal	40	74	Si	Si	Si
Sala de Xuntas	26	37	Si	Si	Si
Aula 3	85	131	Si	Si	Si
Aula 4	25	50	Si	-	Si
Laboratorio de RRHH	20	50	Si	Si	Si
Aula 5	136	131	Si	Si	Si
Aula 6	118	119	Si	Si	Si

Seminario	16	22	Si	-	Si
Aula Marañón	54	75	Si	Si	Si
Aula 7	40	65	Si	-	Si
Aula 8	98	95	Si	Si	Si
Aula 9	25	46	Si	Si	Si
Aula 10	72	75	Si	Si	Si
Aula 11	25	48	Si	Si	Si
Aula de informática 1	24	73	Si	-	Si
Aula de informática 2	30	70	Si	-	Si
Salón de Graos	128	150	Si	Si	Si
Salón de Actos	256	265	Si	Si	Si
Sala de profesores	32	50	Si	Si	Si
Entrada e pasillos	40	60	-	-	Si

As instalacións descritas están sendo obxecto de adaptacións para garantir e dar cumprimento aos requisitos de accesibilidade universal, un concepto especialmente destacado no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (modificado pola Lei 6/2022, do 31 de marzo). Esta norma establece, precisamente, a obrigación gradual e progresiva de que o entorno de traballo e servizos sexan accesibles e practicables para todas as persoas.

Ademais, a Lei da Comunidade Autónoma de Galicia, 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, ten por obxecto garantir ás persoas con discapacidade a igualdade de oportunidades en relación coa accesibilidade universal e contempla as condicións que deben reunir os edificios públicos, incluídos os educativos. A Universidade de Santiago de Compostela realizou esforzos neste sentido e as súas actuacións seguen a liña de continuar mellorando as infraestruturas universitarias e eliminar as potenciais barreiras. Nesta liña, a Facultade facilita o acceso e a mobilidade universal e conta, por exemplo, con ascensor, accesos dotados de ramplas, portas de entrada de apertura e peche automático ou baños adaptados ao acceso de persoas con mobilidade reducida.

A Facultade de Relacións Laborais cumpre coa lexislación en prevención de riscos laborais como centro educativo e lugar de traballo (p. ex., Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais ou o Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo). Ademais, a propia universidade conta cun Servizo de Prevención de Riscos Laborais que pon ao dispor da comunidade universitaria información valiosa sobre seguridade e prevención de riscos ([Prevención de riesgos laborales | Universidade de Santiago de Compostela](#)) como a normativa aplicable, a política da universidade de prevención de riscos laborais e saúde ocupacional ou un servizo de comunicación de situacións como o embarazo ou os accidentes laborais. Xestionado a través dun Servizo de Prevención Propio, a Facultade conta cun Plan de Autoprotección/Emerxencia dotado de medios humanos que están perfectamente identificados e publicitados na primeira planta do centro. Neste documento reflíctense os compoñentes dos distintos equipos, con nome e apelidos e extensión de contacto. Os integrantes do mesmo son o xefe de emerxencia, o xefe de intervención, o equipo de primeira intervención, o equipo de alarma e evacuación, o equipo de primeiros auxilios e o equipo de alerta, todos eles formados por persoal PDI e PAS. Este persoal mantén actualizada a súa formación sobre a materia mediante programas de formación de prevención de riscos proporcionados co Servizo de Vixilancia á Saúde da USC (<https://www.usc.gal/es/servicios/unidades/servicio-vigilancia-salud>).

A biblioteca do centro é a Biblioteca Concepción Arenal, que se comparte coa Facultade de Ciencias Políticas e Sociais e a Facultade de Dereito e que se atopa localizada nun edificio propio a 200 metros da Facultade de Relacións Laborais. Forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC) e reúne os recursos bibliográficos indispensables na rama de coñecemento de Ciencias Xurídicas e Sociais. Conta con rede wifi en todas as súas instalacións e ocupa unha superficie de 7.410 m2, distribuídos en seis plantas, sendo a súa distribución a seguinte:

- **Área de estudo.** Distribuída en tres pisos (plantas -1, -2 e -3). Nela atópanse as coleccións actuais de libros e manuais de uso máis frecuente e 956 postos de lectura.
- **Planta de acceso/entrada.** Nesta zona sitúase a área de acollida ás persoas usuarias, na que se atopa o mostrador de información e préstamo, a zona de reprografía e servizos administrativos, así como unha zona de exposicións e actividades culturais. Tamén conta con 3 aulas de formación de distinta capacidade. A aula Luisa Cuesta está dotada de equipamento informático e proxector e adoita ser utilizada para a formación de persoas usuarias (p. ex., alumnado do Grao en RRLL e RRHH) no emprego dos recursos e servizos da biblioteca. Existen así mesmo 5 salas de traballo en grupo destinadas á realización de traballos grupais académicos polo alumnado.

- **Área de Investigación.** Situada nas plantas 1 e 2, está dotada de 73 postos e a súa finalidade é a realización de actividades relacionadas con investigación e coa consulta de fondo especializado (monografías e publicacións periódicas) en diversas áreas entre as que se atopa relacións laborais.

De forma específica, na planta 1 atópase a Oficina de Información e Servizos á que pode acudir calquera persoa que busque información relacionada coa procura de recursos ou co asesoramento no uso dos servizos da biblioteca (competencias en información, metodoloxía de procura en bases de datos, préstamo interbibliotecario, obtención de documentos, repositorio da USC etc.). Na planta 2 está a Oficina de Proceso Técnico que conta con 4 postos de uso prioritario para a etapa investigadora, incluída a etapa de realización de TFG.

Repartidos entre as distintas áreas da biblioteca existen terminais para o acceso ao catálogo automatizado (Capel), lectores de microformas e computadores con acceso a internet e ás bases de datos. As coleccións, en libre acceso na súa práctica totalidade, comprenden máis de 190.000 volumes de monografías e case 5000 títulos de revistas (4782 pechadas e unhas 200 en curso). As principais áreas de coñecemento representadas nestes fondos reflicten a investigación e docencia impartidas nas facultades de Relacións Laborais, Dereito e Ciencias Políticas e Sociais. Os fondos bibliográficos están diferenciados en: libros de apoio á docencia, situados nos pisos inferiores da Sala de Lectura e libros de investigación, nos pisos 1º e 2º. O único fondo bibliográfico que está en depósito é o fondo antigo ou de especial valor (fondos dende o século XVI). Na Hemeroteca poden consultarse os números do último ano dos títulos de revistas que se reciben en papel e, ademais, a través dos computadores, poden consultarse as revistas electrónicas e as principais bases de datos. Na páxina web da biblioteca (<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria>) proporciónase unha ampla cantidade de información sobre a BUSC e accédese ao catálogo automatizado, coleccións dixitais e outros servizos vía web.

A comezos de cada curso académico impártense cursos de formación sobre os servizos bibliotecarios ao alumnado de novo ingreso, así como outra información máis especializada (p. ex., manexo de bases de datos) a demanda do profesorado ou usuarios ao longo do curso.

A Biblioteca Concepción Arenal aposta ademais polo uso de distintas redes sociais para dar a coñecer os recursos dispoñibles ao dispor da comunidade universitaria, algúns deles dirixidos especificamente ao colectivo de alumnos da Facultade de Relacións Laborais:

- Web propia: <https://www.usc.gal/es/servicios/area/biblioteca-universitaria/biblioteca-concepcion-arenal>
- Blog Fonte Limpia: <https://carenal.wordpress.com/>
- Facebook: [Biblioteca Concepción Arenal - USC | Santiago de Compostela | Facebook](#)
- Pinterest (<https://www.pinterest.es/buscarenal/>), onde ademais existe un apartado dirixido a publicar as novas adquisicións da biblioteca relacionadas coas Relacións Laborais e Recursos Humanos: <https://www.pinterest.es/buscarenal/relacions-laborais/>
- Instagram: [Biblioteca Concepción Arenal - USC en Instagram • Fotos y videos](#)
- Flickr: <https://www.flickr.com/photos/concepcion-arenal/>
- Issuu (servizo que permite a visualización de material dixitalizado como libros, revistas etc.): <https://issuu.com/biblioteca.concepcion.arenal>

O horario de apertura é o seguinte:

1. **Horario habitual:** De luns a venres, de 8:30 a 21:30 horas / Fins de semana e festivos: de 10.00 a 19.30.
2. **Horario extraordinario:** Durante o período de exames, o horario habitual amplíase. Por exemplo, o horario extraordinario dos meses de decembro de 2024 e xaneiro de 2025 foi:
 - Do 21 ao 31 de decembro de 2024: 9:00 a 22:00 (fins de semana de 10.00 a 19.30 e días 24 e 31 de 8.30 a 15.00)
 - Do 2 ao 5 de xaneiro de 2025: 9:00 a 00:00
 - Do 6 ao 19 de xaneiro de 2025: 8:30 a 00:00
 - Do 20 ao 24 de xaneiro de 2025: de 8.30 a 22.00

O servizo BUSC e, especialmente a Biblioteca Concepción Arenal, ofrece todos os anos ao alumnado de Grao formación específica dende nivel básico a nivel avanzado en competencias informacionais que permiten ao alumnado coñecer aspectos relacionados co uso dos servizos da biblioteca, os servizos TIC da USC, procura de información académica na web, como realizar un traballo académico (p. ex., TFG) ou formación sobre estilos de citación, entre outros.

O alumnado da Facultade de Relacións Laborais e Recursos Humanos conta, ademais, xunto coa máquina de reprografía dispoñible na entrada da Facultade, dos servizos dun centro de reprografía, edición e impresión dixital

situado a 220 metros da Facultade (Casa Gradín, Praza do Seminario de Estudos Galegos, s/n), con horario de 8.30 a 19.30 de luns a venres. A súa páxina web é <https://servizosdixitais.fundacionusc.gal/>.

En relación coa dispoñibilidade de novas tecnoloxías, a Universidade de Santiago de Compostela conta co servizo da área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacions que ofrece apoio e promove o desenvolvemento e a aplicación das novas tecnoloxías no dominio da universidade (<https://www.usc.gal/es/servicios/unidades/area-tecnologias-informacion-comunicacion-atic>). Dende este servizo, proporciónase ao alumnado e aos profesionais da universidade credenciais persoais que permiten o acceso ordinario aos recursos e servizos electrónicos da universidade. Entre eles, destaca o acceso ao campus virtual, á secretaría virtual, ao correo electrónico institucional ou ás aplicacións dispoñibles a través da universidade. Este servizo tamén pon a disposición do estudantado, así como do PDI e PAS, un amplo catálogo de software (<https://www.usc.gal/gl/servizos/area-tecnologias-informacion-comunicacions/servizos/software>), entre o que destaca o paquete Microsoft 365, dispoñible para todos os membros da universidade. Nos equipos da universidade (p. ex., computadores dispoñibles nas aulas), tamén están dispoñibles numerosos paquetes informáticos de software libre.

En canto á conexión a internet, todos os membros da comunidade universitaria poden acceder a internet desde calquera dispositivo a través do servizo *eduroam*, un proxecto de redes de investigación europeas que proporciona conectividade a internet de maneira automática cando o individuo se atopa nas instalacións institucionais, pero tamén cando se despraza entre universidades e institucións afiliadas ao sistema. A universidade tamén proporciona acceso a unha caixa de correo electrónico de 50GB con posibilidade de acceso web ou desde calquera programa de correo electrónico.

Outros recursos tecnolóxicos dispoñibles son os seguintes:

1. O Campus Virtual de cada materia: o Campus Virtual Moodle (<https://www.usc.gal/gl/campusvirtual>) é a ferramenta que dá soporte aos procesos de ensino-aprendizaxe desenvolvidos na Universidade de Santiago de Compostela. A plataforma institucional, baseada en Moodle, proporciona un entorno educativa virtual coas ferramentas necesarias para lograr unha boa integración do alumnado na docencia e para favorecer o proceso de aprendizaxe. A norma que regula este servizo aprobouse en Consello de Goberno na súa sesión do 8 de novembro de 2005. O PDI que imparte clase no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos fai un uso activo do Campus Virtual nas súas respectivas materias, como así o evidencian os datos proporcionados polo servizo CeTA (Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe).
2. Microsoft Teams (MS Teams): esta aplicación, incluída no paquete Microsoft 365 e, por tanto, dispoñible para todos os membros da comunidade universitaria, facilita o traballo virtual colaborativo síncrono e asíncrono, entre persoal PDI, PAS e alumnado. A parte de permitir a creación de equipos virtuais, incorpora un servizo de chat e mensaxería e a posibilidade de realizar reunións virtuais.
3. Microsoft Forms (MS Forms): Microsoft Forms é outra das aplicacións que inclúe o paquete Microsoft 365 e que permite crear enquisas e formularios co obxecto de avaliar variables de interese para a xestión académica, a docencia ou mesmo para a realización de traballos académicos (p. ex., TFG).

Por último, coa finalidade de proporcionar apoio e atención a problemas e incidencias técnicas, a Universidade conta co Centro de Atención a Usuarios/as (CAU; <https://www.usc.gal/gl/servizos/area-tecnologias-informacion-comunicacions/soposte-axuda/soposte-apoyo-comunidade-universitaria>) que da resposta ás solicitudes de información por parte dos usuarios e controla o correcto funcionamento dos sistemas informáticos descritos. Así mesmo, proporciona asistencia técnica para a resolución de problemas de software, desde sistemas operativos, ata aplicacións e programas ofimáticos e corporativos.

Así mesmo, o centro cumpre coa normativa de prevención de riscos laborais correspondente e trata de mellorar o nivel de universalidade e accesibilidade ao centro e aos servizos proporcionados polo mesmo ás persoas de tódolos grupos de interese. O centro facilita o acceso e a mobilidade a aquelas persoas que así o necesiten. Por exemplo, conta con ascensor, os accesos están dotados de ramplas, as portas de acceso á facultade son de apertura e peche automático, os baños están adaptados ao acceso de persoas con mobilidade reducida e dispón de equipos de emerxencia (extintores e desfibrilador). Xestionado a través dun Servicio de Prevención Propio, a Facultade conta cun Plan de Autoprotección/Emerxencia dotado de medios humanos que están identificados e descritos nun documento visible na primeira planta do centro. Neste documento descríbense os compoñentes dos distintos equipos, con nome e apelidos e extensión telefónica de contacto. Os integrantes son o xefe de emerxencia, o xefe de intervención, o equipo de primeira intervención, o equipo de alarma e evacuación, o equipo de primeiros auxilios e o equipo de alerta. Ademais, todos os anos este persoal acude aos programas de formación sobre prevención de riscos proporcionados polo Servizo de Vixilancia á Saúde da USC.

2. ACOLLIDA, ORIENTACIÓN E XESTIÓN ACADÉMICA

O proceso de acollida do estudantado comeza antes de que se matriculen nos estudos de Grao, mediante a participación dos mesmos no Programa “A Ponte” descrito anteriormente, mediante o que non só se difunde a oferta de títulos da USC, senón que tamén orienta académicamente aos estudantes de educación secundaria de acordo ás súas preferencias.

Existen outros servizos da propia USC que contribúen de maneira activa á acollida e asesoramento académico e profesional dos mesmos. No eido académico, a Área de Xestión de Servizos Académicos localizada no mesmo campus que a Facultade e cuxa información se pode consultar tamén mediante a web <https://www.usc.gal/es/servicios/area/gesstion-servicios-academico>, pon a disposición do estudante que o necesite toda a información referida aos procesos de admisión, preinscripción e matrícula nas titulacións, ademais doutros procesos de interese para o alumnado como o recoñecemento e a certificación de estudos, a realización de prácticas en empresas, os programas existentes de acción tutorial que ofrece a USC como o programa de titores ou o programa tutorial extraordinario. Moitos destes servizos están plenamente informatizados a través da Secretaría Virtual do Alumno, o que lles permite realizar calquera trámite as 24h do día dende calquera lugar. A USC ten operativa, ademais, unha Sede electrónica, que facilita a relación administrativa dos e das estudantes coa institución por vía exclusivamente dixital, posibilitando a realización de distintos trámites e consultas de nivel xeral (taboleiro electrónico, ferramenta de e-sinatura, rexistro dixital, servizo dixital de notificacións e consulta de expedientes, entre outros. No eido profesional, a USC conta cunha Área de Orientación Laboral e Emprego situada no mesmo edificio que a Área de Xestión de Servizos Académicos, que tamén prové aos estudantes dunha enorme cantidade de información e recursos no seu sitio web <https://www.usc.gal/es/servicios/area/orientacion-laboral-emprego>. Entre os servizos prestados, destaca a información sobre prácticas profesionais, becas e emprego, a existencia dun servizo de entrevistas individuais de orientación laboral nas que se facilita información sobre o mercado laboral, bolsas de prácticas e ferramentas para a busca de emprego, a existencia dun módulo de orientación laboral para a empregabilidade ou o Proxecto Mentoring que ten como obxectivo iniciar ao estudantado universitario e a titulados e tituladas recentes nun programa de apoio individual para a toma de decisións e a planificación do seu futuro profesional.

Os servizos de atención e asesoramento descritos, complementáanse coa labor realizada na propia Facultade polos profesionais PAS e PDI que a compoñen e que foron descritos na directriz anterior. No caso do Grao, o recibimento do novo alumnado faise na Xornada de Acollida realizada ao inicio de cada curso académico como xa se describiu máis arriba, na que se introduce ao alumnado algunhas das xestións e procedementos académicos aos que terán que enfrontarse ao longo dos seus estudos. Ademais, as figuras de Alumnos Titores, os Representantes do Estudantado e o Apoio Tutorial Extraordinario, recursos tamén anteriormente descritos, contribúen ao apoio do alumnado nas distintas fases dos seus estudos.

Outra figura de interese é a de Coordinador de Grao e de Dobre Itinerario que, entre as súas funcións, desempeña unha labor de asesoramento estudantil, brindando orientación aos estudantes do Grao ou do Dobre Itinerario sobre cuestións académicas tales como a selección de materias, procedementos académicos como o cambio de grupo, oportunidades académicas, etc. A un nivel máis específico, cóntase coa figura de Coordinador de Curso, que se materializa na existencia dun docente que exerce esta labor para cada un dos cursos de Grao (1º, 2º, 3º e 4º).

Ámbolos másters contan tamén coa figura de Coordinador de Título que exerce as funcións descritas de maneira análoga co alumnado de máster. Ademais, no máster en Xestión e Dirección Laboral, a orientación prestada ao alumnado en temas específicos como as prácticas externas e a realización do TFM, procede de varias figuras de coordinación específicas, o que permite analizar de maneira máis especializada as necesidades do alumnado nestas áreas. Neste sentido, o Coordinador de Prácticas en Empresa e o Coordinador de Traballos Fin de Máster complementan a labor do coordinador de título na labor de orientación ao alumnado nas materias correspondentes. Así mesmo, debido a que se trata dun máster interuniversitario, cada unha das sedes nas que se imparte a titulación conta coa súa figura de coordinación de sede que, no caso de Santiago, coincide coa figura de Coordinador de Título.

No caso do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense, como xa se indicou na directriz 3, o sistema de Coordinación do Plan de Acción Tutorial, a parte de estar integrado por un Coordinador de Título, conta cun coordinador por cada especialidade; o Coordinador da especialidade en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e o da especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense. A interlocución destes coordinadores co coordinador do máster fai posible a detección de incidencias a nivel integral, dado que a acción tutorial, ademais de levar a cabo accións colectivas, asume a abordaxe dos aspectos académicos, profesionais e persoais de cada un dos estudantes de xeito individual. Por outro lado, cóntase coa figura do Coordinador de prácticas externas e, por último, cada especialidade do máster conta coa súa representación de estudantes que forma parte da comisión académica como

un mecanismo para axilizar a análise da coordinación intra e intermaterias.

Tanto o persoal PDI como PAS trata de proporcionar a mellor información e apoio ás dúbidas e necesidades do alumnado. Isto vese reflectido nos resultados proporcionados polo informe 22 sobre satisfacción do alumnado coa titulación (Inf.22_23-24). Entre as cuestións analizadas, reflíctese o nivel de satisfacción cos seguintes aspectos: (1) a información dispoñible sobre a titulación; (2) a atención recibida polo persoal PAS e; (3) a orientación laboral e profesional recibida no centro. En todos os casos, as puntuacións obtidas indican un nivel de satisfacción adecuado por parte dos alumnos do Grao, alcanzado uns resultados de 3.40, 3.80 e 3.17, respectivamente.

No informe 23 de satisfacción do profesorado coa titulación (Inf.23_23-24) valóranse as seguintes cuestións: (1) o nivel de adecuación da información proporcionada acerca da titulación en termos de aspectos organizativos e de xestión, sobre o plan de estudos ou sobre competencias e (2) a atención prestada polo persoal PAS. As puntuacións obtidas para estes dous ítems foron de 4.19 e 4.41, respectivamente, o que describe un elevado nivel de satisfacción.

De maneira adicional á atención presencial que se lles poida prestar, os alumnos de Grao e de ámbolos másters contan cunha serie de recursos dixitais que facilitan a labor de orientación e xestión académica. O primeiro deles é a páxina web do centro na que, a maiores de toda a información que debe incluír como páxina oficial dun centro da USC, inclúe unha Intranet de acceso restrinxido ás persoas vinculadas ás titulacións que se xestiona dende a propia facultade e na que se publican aspectos relevantes como os referidos ás prácticas profesionais, aos programas de mobilidade ou aos procedementos de elaboración e defensa dos TFG e TFM. Outras ferramentas que axudan neste eido e que son descritas de maneira máis minuciosa na directriz 6 deste informe son as páxinas web oficiais das titulacións e os Campus Virtuais.

3. PRÁCTICAS EXTERNAS

As tres titulacións que se imparten na Facultade de Relacións Laborais ofertan ao seu alumnado a posibilidade de realizar prácticas profesionais externas. A información relativa a xestión e coordinación das mesmas explícase detalladamente para cada titulación na directriz 3 desta memoria de calidade.

En termos xerais, todas as titulacións ofrecen a posibilidade de dúas alternativas para escoller a realización de prácticas: (1) que o alumando escolla unha entidade entre as ofertadas polo centro para esa titulación ou (2) que o propio alumnado propoña outras organizacións alternativas (prácticas propiciadas). En ambos casos o procedementos e os sistemas de coordinación co alumando e profesionais son os mesmos.

Dos mecanismos de asignación e coordinación das prácticas encárgase no caso do Grao e do MXDL a persoa designada como coordinador de prácticas e no caso do MPTXF o propio coordinador do máster, que asume a asignación e coordinación desta materia. En tódolos casos esta xestión conta co apoio da xestora administrativa e da secretaria do Centro. Así mesmo, toda a documentación da xestión administrativa das prácticas, así como as resolucións de prácticas, os modelos de anexos de prácticas, os modelos de convenios de prácticas e demais información relevante encontrase a disposición do alumando de todas as titulacións na Intranet do propio Centro, en cada caso, nunha carpeta dedicada exclusivamente as prácticas profesionais externa de cada titulación.

Finalmente, cabe resaltar que os indicadores de satisfacción e informes de calidade sobre as prácticas, sinalan unha elevada satisfacción coas mesmas. Así mesmo, segundo o informe 6, o alumnado puntúa favorablemente tanto as instalacións como os medios dos organismos nos que realizan as prácticas, así como a atención e trato recibido tanto polos titores académicos como polos profesionais. Concretamente, cunha puntuación promedio de 4.83 en canto á satisfacción coas instalacións e medios materiais da empresa e de 4.50 en canto ao trato recibido no caso dos alumnos de Grao, de 4.00 e 3.75, respectivamente, no caso do alumnado do MXDL e de 4.50 e 4.38 no caso do alumnado do MPTOXF.

Pola súa banda, os titores académicos (Inf.8_23-24) tamén mostran elevadas puntuacións en todos os aspectos relativos as prácticas externas e indican a adecuación das competencias adquiridas polos estudantes durante as prácticas nas distintas entidades onde se realizan. As puntuacións globais promedio foron de 4.73 para o Grao, de 4.88 para o MXDL e de 4.75 para o MPTOXF. Estes datos, en resumo, amosan a adecuada e eficiente xestión do programa de prácticas externas en todas as titulacións que se imparten no centro.

Finalmente como xa se indicou no anterior punto, o informe 6 sobre a satisfacción dos estudantes coas as prácticas profesionais proporciona para o curso 2023-2024 unha puntuación promedio de 4.83 en canto á satisfacción coas instalacións e medios materiais da empresa no caso dos alumnos de Grao, de 4.00 no caso do alumnado do Máster en Xestión e Dirección Laboral e de 4.50 no caso do alumnado do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense. Estes datos amosan o elevado nivel de satisfacción do alumando cos recursos e

instalacións nas institucións e organismos nos que realizaron as prácticas.

4. SATISFACCIÓN, QUEIXAS E SUXESTIÓNS COS RECURSOS MATERIAS E SERVIZOS

Respecto aos indicadores sobre a satisfacción coas infraestruturas e servizos, o informe 22 sobre satisfacción do alumnado coa titulación recolle información específica sobre o grao de adecuación de: (1) os recursos educativos dispoñibles e (2) as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro. As puntuacións promedio no curso académico 2023-2024 foron de 3.40 e 3.13 no caso do alumnado de Grao, de 4.00 e 4.20 no do alumnado do MXDL e de 4.14 e 4.00 no caso do alumnado do MPTOXF. Na mesa enquisa inclúese un ítem para avaliar a satisfacción do alumnado coa orientación profesional recibida no centro. A puntuación promedio proporcionada polo alumnado das tres titulacións, na mesma orde que anteriormente, foi de 3.17, 4.00 e 3.29 puntos, respectivamente. Polo tanto, os datos, en conxunto, mostra que o estudantado está satisfeito con todos os aspectos relacionados cos servizos e infraestruturas manténdose os datos na mesma liña de cursos académicos anteriores ou incluso mellorando substancialmente respecto ao curso 2022-23, como no caso do alumnado do MPTOXF.

O informe 23 de satisfacción do profesorado coa titulación na que imparten docencia recolle información sobre o grao de satisfacción do corpo docente con: (1) a adecuación dos recursos educativos dispoñibles e con (2) a adecuación das aulas e do equipamento dispoñible nas mesmas para o desenvolvemento da labor docente. A puntuación promedio para estes dous ítems foi, respectivamente, de 4.22 e 4.03 no caso dos docentes de Grao, de 4.29 e 4.14 no dos docentes do Máster en Xestión e Dirección Laboral e de 4.89 e 4.67 no caso dos docentes do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense. Como se pode observar o grao de satisfacción é elevado superando en todos os casos o 4, datos que se manteñen estables respecto do curso 2022-2023.

Pola súa parte, o informe 21 de satisfacción do PAS recolle información sobre o grao de satisfacción deste colectivo con (1) o nivel de accesibilidade e a ausencia de dificultades de acceso ao lugar de traballo, (2) o nivel de seguridade do lugar de traballo, (3) as condicións do lugar de traballo en termos de mobiliario ou mantemento das instalacións e (4) os recursos (equipamento) dispoñibles para o desempeño do traballo. As puntuacións para estes ítems foron, en orde, de 4.31, 3.99, 3.88 e 4.11. Resultados que, aínda que diminúen lixeiramente respecto do curso académico 2022-23, seguen sendo satisfactorios.

Non obstante, co obxecto de mellorar o nivel de suficiencia, adecuación e calidade das instalacións e recursos postos a disposición dos diferentes grupos de interese polo centro, unha das accións de mellora deseñadas no curso académico 2022-2023 (**GRL-AM3, Santiago e Lugo 2021-2022**) consistiu na elaboración dunha enquisa mediante a que se avalíe a satisfacción e a opinión de todos os grupos (PDI, alumnado e PAS) sobre os espazos, materiais e servizos da facultade. Neste momento, xa se dispón dos resultados obtidos da enquisa administrada no centro de Relacións Laborais, cuxos ítems se agruparon en catro grandes dimensións que se reflexan na seguinte táboa:

Facultade de Relacións Laborais			
	PAS (N = 2)	PDI (N = 25)	Estudiantado (N = 226)
Satisfacción total	4.90 (0.09)	4.32 (0.62)	3.50 (0.67)
Dimensión 1. Espazos físicos e equipamento centro	5.00 (0.00)	4.30 (0.18)	3.26 (0.40)
Dimensión 2. Biblioteca	5.00 (0.00)	4.57 (0.18)	3.90 (0.11)
Dimensión 3. Servizos externos (vending/reprografía)	4.75 (0.25)	3.75 (0.00)	2.62 (0.20)
Dimensión 4. Seguridade/adaptabilidade	5.00 (0.00)	4.52 (0.09)	3.63 (0.07)

Nota. Os datos reflexan o promedio de satisfacción nunha escala do 1 = moi insatisfeito ao 5 = moi satisfeito. Entre paréntesis indícase a desviación típica.

Como se pode observar, as puntuacións foron moi positivas no centro. O persoal PAS mostra case unha total satisfacción con todos os aspectos avaliados. A satisfacción media foi de 4.90 (nunha escala do 1 ao 5 onde 1 = moi insatisfeito/A e 5 = moi satisfeito/a). Do mesmo xeito, o persoal PDI atópase altamente satisfeito coas instalacións, recursos e servizos postos á súa disposición, cunha media de 4.32 puntos. Por último, a media obtida no caso dos estudantes foi de 3.50 puntos. Tal e como se deriva da análise das dimensións específicas da escala, a puntuación media dos estudantes, aínda que positiva en termos xerais, redúcese no caso da satisfacción cos servizos externos. Esta dimensión engloba dous ítems específicos “Servizo de reprografía e de impresión dispoñible na Facultade” e “Servizo de vending de snacks, café e outras bebidas”. Neste caso, ambos os servizos son alleos á xestión interna da Facultade, xa que dependen doutros organismos da Universidade. Con todo, coñecer esta información resulta de utilidade para o

seu traslado aos organismos competentes.

Co obxectivo de coñecer opinións e suxestións adicionais, a enquisa incluía dúas preguntas con formato de resposta aberto: (1) Que aspectos melloraría na Facultade de Relacións Laborais? e (2) Hai algún outro comentario que desexe facer sobre as instalacións ou os servizos á súa disposición? O contido dos comentarios versou, principalmente, sobre 7 temas, que se describen a continuación por orde de máis repetida a menos repetido:

- 1) Instalación dun maior número de fontes de electricidade nas aulas
- 2) Renovación de mobiliario (principalmente cadeiras)
- 3) Suxestións de mellora de servizos externos á facultade (reprografía, cafetería)
- 4) Suxestións para a creación dunha sala de lectura/estudo:
- 5) Problemas de temperatura
- 6) Problemas de filtracións (principalmente nunha aula)
- 7) Suxestións de mellora dos baños do alumnado

Co obxectivo de abordar as necesidades e recomendacións recompiladas, dende o centro deseñouse unha acción de mellora específica, a **GRL-AM5 (Santiago e Lugo 23-24)** mediante a que se tratará de dar resposta ás demandas que os usuarios expoñen nas súas respostas á enquisa realizada. Actualmente, xa se completou algunha das reformas suxeridas nas respostas á enquisa. Concretamente, habilitouse unha aula de estudo para o estudantado e instalouse o sistema de calefacción nos aseos do profesorado.

Así mesmo, a Facultade instalará un maior número de enchufes para facilitar o uso dos seus dispositivos electrónicos con fins académicos. A actual instalación derívase dos cambios urxentes realizados con motivo da pandemia. Coa información proporcionada na enquisa, o centro poderá planificar de forma máis eficiente esta reforma. O mesmo ocorre coas suxestións de renovación dos baños do alumnado. Esta é unha mellora de gran envergadura que se terá en conta na planificación orzamentaria do centro e levará a cabo tan pronto como os recursos así o permitan.

Ademais, estudarase a renovación do mobiliario das aulas. O maior número de solicitudes fai referencia á necesidade de cambiar as cadeiras. O tipo de cadeira empregado nas aulas é o que tipicamente se pode atopar nun centro educativo. Presentan en moitos casos, ademais, a particularidade de que se trata de cadeiras abatibles ancoradas ao chan e ás mesas, o que fai que a súa renovación por un modelo máis ergonómico sexa un cambio de elevada complexidade e custo. Por este motivo, este cambio realizarase de forma progresiva e empezarse por cambiar as cadeiras e mesas móbiles.

En canto ás filtracións de auga, algunhas partes da facultade teñen efectivamente problemas de illamento, especialmente en época de choiva intensa. Ao longo dos últimos anos, a Facultade realizou intervencións que, con todo, non puideron solucionar o problema pola súa orixe estrutural. No futuro seguirase abordando o problema tan pronto como se teña constancia da súa nova aparición.

Por último, menciónanse dous aspectos sobre os que o centro non ten capacidade directa de actuación pero que se poden trasladar aos organismos competentes para a súa consideración. En primeiro lugar, varios dos comentarios remarcen a necesidade de axustar as temperaturas, en especial en certas aulas e en certas épocas do ano. Un dos principais problemas que provoca esta situación é o sistema de aceso/apagado da calefacción. Trátase dun sistema centralizado que a propia universidade xestiona e ao que o persoal do centro non pode regular. Doutra banda, recoméndase crear unha cafetería de modo semellante a outras facultades. Esta suxestión é, particularmente no noso centro, algo imposible de abordar pola falta de espazo e polas características do edificio. Con todo, os usuarios da Facultade contan con dúas cafeterías/comedores universitarios a escasos metros do centro; un a 170 metros, O SEU, e outro a 200 metros, a cafetería/comedor da Facultade de Matemáticas e Bioloxía.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. INFORMACIÓN PÚBLICA

1.1 Recollida e Análise da Información

O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora. Na páxina web da Facultade de Santiago existe un apartado específico de calidade onde se centraliza a información pública asociada a este sistema: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais/calidade>

Un dos principais sistemas de recollida de información é a través das enquisas de satisfacción dirixidas aos diferentes grupos de interese (estudantes, profesores, PAS, egresados,...) pertencentes as diferentes titulacións que se imparten no Centro. De acordo con iso, todos os anos a Universidade de Santiago, dentro dos prazos académicos establecidos, distribúe as enquisas de satisfacción entre os diferentes grupos de interese e analiza os resultados que despois traslada aos coordinadores de cada título.

Analizados os datos cada titulación propón as accións de mellora que considera convenientes e adecuadas. Non obstante unha das cuestións máis críticas, de acordo cos datos dos diferentes informes é que a taxa de participación dos diferentes grupos de interese nestas enquisas é moi limitado. Por ese motivo, coa finalidade de aumentar a súa participación, desenvóléronse diversas accións de mellora dentro de cada titulación. Por exemplo, no Grao desenvolveuse a acción de mellora **GRL-AM4 (Santiago e Lugo – 2021-2022)** para aumentar as taxas de resposta do alumnado nas enquisas de satisfacción co obxectivo de acadar un 60% de resposta. Pola súa banda no MXDL deseñouse a acción de mellora **MXDL-AM10 (2023-24)** co obxectivo de incrementar a taxa de resposta as enquisas de satisfacción do estudantado coa docencia recibida e do alumnado egresado. Finalmente, na mesma liña, no MPTOXF propuxéronse as accións de mellora **MPTOXF-AM2 (2022-2023)** e a **MPTOXF-AM3 (2023-24)**, orientadas a aumentar a taxa de participación do alumnado e a obter datos de satisfacción dos egresados do título.

1.2 Publicación da Información

Como sinalamos, tódalas titulacións examinadas nesta memoria de calidade (Grao en RRLL e RRHH, Dobre Itinerario, MXDL e MPTOXF) impártense no mesmo centro, na Facultade de RRLL, polo que, de modo xeral, comparten as mesmas canles de comunicación e información para os distintos colectivos. Así, dende a Facultade faise un especial esforzo no uso das distintas canles de comunicación co obxectivo de que tódolos grupos de interese relacionados coas titulacións reciban información obxectiva, suficiente e actualizada sobre cada título e a súa xestión. Concretamente, esta información é facilmente accesible a través de:

1. **Páxina web oficial da Facultade de Relacións Laborais da USC:** <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-relaciones-laborales>.

Na páxina web da Facultade publícase toda a información referida ás titulacións, a súas características, programas formativos, plans docentes e demais información académica relativa ás titulacións. Aínda que, como se indica ao longo da memoria, o Dobre Itinerario no opera na práctica coma unha titulación independente, a páxina web conta

cun apartado específico para cada título e para cada un dos másters:

- Grao en RRL e RRHH: <https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-sociales-juridicas/grado-relaciones-laborales-recursos-humanos>
- Dobre Itinerario en Dereito e RRL e RRHH: <https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-sociales-juridicas/doble-grado-derecho-relaciones-laborales-recursos-humanos>
- MDXL: <https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-sociales-juridicas/master-universitario-gestion-direccion-laboral>
- MPTOXF: <https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-sociales-juridicas/master-universitario-psicologia-organizaciones-psicologia-juridica-forense>

A páxina web da Facultade ofrece, ademais, información de interese para os distintos colectivos como é a documentación referida á MVT, ós Informes de Seguimento ou ás Memorias de Calidade (plans de mellora incluídos).

2. Intranet da Facultade: <https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-relacions-laborais>

Na intranet da Facultade publícase información de interese para os colectivos directamente vinculados ás titulacións impartidas nesta, principalmente para o alumnado. Así, inclúe, información académica referida ao Grao e ao Dobre Itinerario, como documentación relacionada coa realización do TFG, prácticas externas en empresas, solicitudes de dispensa, cambios de grupo ou programas de mobilidade. Tamén inclúe apartados específicos para cada un dos máster que se imparten no centro, con información específica e documentación sobre a titulación, a realización do TFM e das prácticas externas en empresa, entre outros aspectos. Deste xeito, o alumnado pode consultar a través desta canle documentos como convocatorias, instrucións, resolucións, modelos de solicitude, calendarios u normativas a aplicar.

3. Campus virtual de Coordinación:

Particularmente, no caso do Grao, como xa se sinalou noutros apartados desta memoria, o Campus Virtual de Coordinación é de uso habitual e permite comunicar aos distintos grupos de interese, como persoal PDI, PAS e alumnado, información de interese académico e profesional. Por exemplo, no curso 2023-2024 informouse a través desta canle de convocatorias públicas, axudas, mobilidade, realización de talleres, xornadas, cursos e congresos relacionados coa titulación, contactos de interese como o do Coordinador do Título ou dos Coordinadores de Curso, contacto dos alumnos titores, así como outros procesos e normativa de interese para estes colectivos.

4. Redes Sociais:

A presenza da Facultade en redes sociais concrétese a través das seguintes contas:

- (1) Facebook: https://www.facebook.com/FacultadDeRelacionesLaboralesRecursosHumanos/?locale=es_ES
- (2) Instagram: https://www.instagram.com/fac_relacioneslaborales_usc/?hl=es
- (3) LinkedIn: <https://www.linkedin.com/in/facultad-relaciones-laborales-usc-430a11167/>

Nelas publicítase a realización de actos académicos e outros eventos de interese para os estudantes. Os datos de seguimento destas redes sociais indican un elevado interese público. En concreto, o perfil profesional de LinkedIn da facultade conta con 2389 seguidores, o de Facebook con 1061 seguidores e o de Instagram con 439 seguidores.

5. Pantallas visuais e tablóns de anuncios:

A facultade publica a través das pantallas visuais e dos tablóns físicos de anuncios información de interese para o alumnado das tres titulacións. Por exemplo, a apertura de prazos de convocatorias de interese, a realización de cursos, xornadas ou talleres, etc.

Como indicamos, estes canais de comunicación son usados para a difusión de información tanto polo Grao e Dobre Itinerario como polos Máster en Xestión e Dirección Laboral (MXDL) e Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Xurídica Forense (MPTOXF). Non obstante, dende a titulación de MPTOXF, e en colaboración cos servizos da USC, elaborouse material de difusión con información sobre a titulación. Este vídeo está publicado na canle de Youtube USC Internacional: <https://www.youtube.com/watch?v=eHedXhlaLTo>

1.3 Eficacia, Utilidade e Satisfacción coa Información Pública

En relación á satisfacción dos colectivos de interese coa información proporcionada sobre as titulación os resultados indican, que tanto o alumnado como o cadro docente de cada titulación está satisfeito con este aspecto. A continuación desglosanse os resultados para cada titulación.

No caso do Grao e Dobre Itinerario, o informe 22 e o informe 23 de satisfacción coa titulación dos estudantes e dos docentes indican que ambos colectivos están satisfeitos coa información proporcionada polo centro. Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, inclúese a seguinte pregunta “*Consideras que a información dispoñible sobre a titulación é adecuada?*” e a puntuación promedio obtida neste ítem para o curso 2023-2024 foi de 3.40 (sobre 5). Esta puntuación na satisfacción mellorou lixeiramente sobre a obtida no curso 2023-2022 (3.30) e é similar á dos cursos académicos previos 2021-2022 (3.40) e 2020-2021 (3.55). Así mesmo, puntúan satisfactoriamente a utilidade do campus virtual para as xestións académicas cun 3.63, valor similar ao obtido no curso 2022-2023 (3.70). No caso dos docentes (informe 23), un dos ítems incluídos na enquisa é “*Crees que a información sobre a titulación é adecuada (aspectos organizativos e de xestión plan de estudos, competencias, etc.)?*” cuxa puntuación media para o curso 2023-2024 foi de 4.19, aumentando lixeiramente sobre a do curso 2022-2023 (4.00). En conxunto, estes datos mostra a satisfacción deste colectivo coa información pública da titulación de Grao e DI.

Respecto valoración deste punto por parte do alumnado e docentes do MDXL, o alumnado asignou una valoración de 4.20 ao ítem “*Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?*” e unha puntuación de 4.80 á utilidade do campus virtual, considerando o alumnado que este facilita a súas xestións académicas. Valores que aumentan substancialmente sobre o datos do curso académico 2022-2023, con datos de 3.33 e 4.33, para os mesmos ítems. Por tanto hai unha maior satisfacción ca información dispoñible para este colectivo. No que respecta a satisfacción dos docentes, valoran con 4.43 puntos a información que teñen sobre a titulación. Dato que se mantén bastante estable respecto do curso anterior (4.50 para o curso 2022-2023).

Por último, en relación ao MPTOXF, os datos amosan un notable aumento da satisfacción do alumnado coa información que teñen a súa disposición respecto do ano anterior, obtendo este ítem 4.14 puntos sobre 5, mentres que a satisfacción utilidade do campus virtual para as xestión académicas alcanzou os 4.43 puntos. Estes datos indican un importante aumento da satisfacción neste colectivo respecto do curso 2022-2023, onde os valores apenas rozaban o promedio da escala (con valores de 2.67 e 3.00 para os mesmos ítems, respectivamente). Pola súa parte, no colectivo docente, os datos amosan una satisfacción moi alta (4.78 puntos sobre 5) coa información que teñen a súa disposición.

En resumo, a información proporcionada a través dos distintos canais por parte da Facultade é ampla, transparente, de fácil acceso, está actualizada , é coherente co disposto na MVT e, en conxunto, está valorada positivamente por tódolos colectivos de interese aos que vai dirixida.

3. PLAN DE MELLORAS DO CENTRO

3.1. ÍNDICE DO PLAN DE MELLORAS DO CENTRO

3.1.1 Accións de mellora do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e Dobre Itinerario

3.1.1.1 Accións de mellora do centro de Santiago

- Acción de Mellora 1 (Santiago – 2021-2022)
- Acción de Mellora 2 (Santiago – 2021-2022)
- Acción de Mellora 3 (Santiago – 2021-2022)
- Acción de Mellora 1 (Santiago – 2023-2024)
- Acción de Mellora 2 (Santiago – 2023-2024)

3.1.1.2 Accións de mellora conxuntas (Sede de Santiago e Sede de Lugo)

- Acción de Mellora 1 (Santiago e Lugo– 2021-2022)
- Acción de Mellora 2 (Santiago e Lugo – 2021-2022)
- Acción de Mellora 3 (Santiago e Lugo – 2021-2022)
- Acción de Mellora 4 (Santiago e Lugo – 2021-2022)
- Acción de Mellora 5 (Santiago e Lugo – 2023-2024)

3.1.2 Accións de mellora do Máster en Xestión e Dirección Laboral

- Acción de Mellora 8 (2022-2023)
- Acción de Mellora 9 (2022-2023)
- Acción de Mellora 10 (2023-2024)
- Acción de Mellora 11 (2023-2024)

3.1.3 Accións de mellora do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organización e Xurídica-Forense

- Acción de Mellora 1 (2022-2023)
- Acción de Mellora 2 (2022-2023)
- Acción de Mellora 1 (2023-2024)
- Acción de Mellora 2 (2023-2024)
- Acción de Mellora 3 (2023-2024)

3.1.1 Accións de mellora do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e Dobre Itinerario

3.1.1.1 Accións de mellora do centro de Santiago

ACCIÓN DE MELLORA 1 (SANTIAGO 2021-2022)	
Código	GRL-AM1 (Santiago - 2021-2022)
Orix	Informe de renovación da acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento (Coordinación vertical) Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Desempeño
Análise de la causa	1. Elevadas taxas de abandono (Taxa de abandono de 1º curso e taxa de abandono RD 1993/2007)
Definición/ descripción proposta	Realización de reunións e enquisa ao alumnado para coñecer os problemas e dificultades que encontran ao cursar o título.
Datas	Inicio: 01-01-2023 / Finalización: 30-04-2023
Estado/Eficacia	Finalizado / Eficacia alta: leváronse a cabo con éxito as reunións planeadas e administrouse a enquisa deseñada.
Responsable	Equipo decanal
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Reunión cos representantes e cos delegados de curso e realización dunha enquisa a todo o alumnado.
Data de finalización	Marzo de 2023
Responsable	Equipo decanal
Estado/Eficacia	Finalizada / Alta As reunións leváronse a cabo conforme ao previsto.
Tarefa 2	
Descrición tarefa	Analizar a información proporcionada polo alumnado
Data de finalización	Abril de 2023
Responsable	Equipo decanal
Estado/Eficacia	Finalizada/Eficacia alta Toda a información recopilada foi minuciosamente analizada polo equipo decanal, o que permitiu deseñar unha acción de mellora complementaria derivada das conclusións extraídas (ver seguinte acción de mellora).
Evidencias da AM	- Acta e listado de asistencia da primeira reunión do Decanato da Facultade coa Comisión de Delegados e Representantes de Estudiantes (8 de marzo de 2023) - Acta e listado de asistencia da primeira reunión do Decanato de la Facultade coa Comisión de Delegados e Representantes de Estudiantes (8 de marzo de 2023). - Informe de resume das consultas realizadas aos estudantes de Grao.

ACCIÓN DE MELLORA 2 (SANTIAGO 2021-2022)	
Código	GRL-AM2 (Santiago - 2021-2022)
Orix	Informe de renovación da acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento (Coordinación vertical)
Análise da causa	Suxerencias do alumnado reflexadas na enquisa descrita na acción de mellora previa [GRL-AM1 (Santiago - 2021-2022)]
Definición proposta	Análise de solapamento entre materias para eliminar as duplicidades.
Fechas	Inicio: 15-03-2023 / Finalización: 30-06-2023
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficacia alta: as tarefas cumpríronse conforme ó planificado e a acción de mellora foi completada con éxito.
Responsable	Comisión do Título e Coordinación de Grao
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Detección de posibles solapamentos entre materias.
Data prevista de finalización	Marzo de 2023
Responsable	Comisión do Título e Coordinación de Grao
Estado	Finalizada / Eficacia alta Detectáronse todos os potenciais solapamentos entre materias derivados da análise minuciosa das programacións docentes.
Tarefa 2	
Descrición tarefa	1. Reunión entre os coordinadores das materias con solapamentos para a súa análise e modificación. 2. Análise e aprobación por parte da comisión do título.
Data prevista de finalización	Maio de 2023
Responsable	Comisión do Título e Coordinación de Grao
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficacia alta As reunións cos coordinadores das materias foron realizadas con éxito e chegouse a un acordo das modificacións necesarias.
Tarefa 3	
Descrición tarefa	Modificación das programacións docentes das materias afectadas pola existencia de solapamentos no período establecido na Programación Académica Anual
Data prevista de finalización	Maio de 2023
Responsable	Coordinación de Grao
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficacia parcial As materias nas que se detectou a existencia de solapamentos impartíronse no curso 2023-2024 seguindo as novas programacións docentes. Para avaliar a eficacia desta acción analizáronse os seguintes datos: Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: Curso 22-23: 4.07 Curso 23-24: 4.05 Taxa de abandono de primeiro curso: Curso 22-23: 19.32% Curso 23-24: 37.36% Taxa de abandono RD 1393/2007: Curso 22-23: 11.84% Curso 23-24: 31.65%
Evidencias da AM	1. Convocatoria da reunión co profesorado docente das materias nas que se detectou un potencial solapamento de contido (abril de 2023).

	2. Convocatoria da Comisión de Título para tratar, como punto único, o problema de potencial solapamento de contido nas materias obxecto de revisión (abril de 2023). 3. Resposta do profesorado (abril de 2023).
--	---

ACCIÓN DE MELLORA 3 (SANTIAGO 2021-2022)	
Código	GRL-AM3 (Santiago - 2021-2022)
Orixe	Informe de renovación da acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 6. Resultados da Aprendizaxe Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento
Análise da causa	1. Baixa taxa de graduación 2. Elevada duración media dos estudos 3. Baixas taxas de resultados referidas ao TFG (taxa de avaliación TFG e taxa de rendemento TFG)
Definición/ descrición proposta	Realización de actividades encamiñadas a solventar as carencias formativas na elaboración do TFG.
Datas	Inicio: setembro de 2023 / Finalización: curso académico 2024-2025
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficacia completa pendente de análise No curso 2023-2024 organizouse un curso de TFG dirixido ao alumnado de cuarto curso. Con todo, esta actividade tívose que cancelar por falta de inscricións do alumnado. No curso 2024-2025 volveu convocar a realización dun curso sobre a realización do TFG á que asistiu unha elevada porcentaxe de estudantes de 4º curso de Grao. A eficacia desta acción poderase comprobar cando se dispoña da taxa de graduación, dos indicadores de resultados e da duración media dos estudos referidos ao curso académico 2024-2025. Taxa de graduación Curso 23-24: 41.77 Curso 24-25: pendente Duración media dos estudos Curso 23-24: 5.64 Curso 24-25: pendente Taxa de avaliación do TFG Curso 23-24: 58.97% (alumnado de Grao), 33.33% (alumnado de Curso Ponte) Curso 24-25: pendente Taxa de rendemento do TFG Curso 23-24: 55.56% (alumnado de Grao), 33.33% (alumnado de Curso Ponte) Curso 24-25: pendente
Responsable	Equipo decanal
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Convocar sesións informativas para todo o alumnado de terceiro e cuarto curso de Grao sobre o sistema de elección e pautas de realización do TFG: - 1 sesión ao inicio do primeiro semestre co obxectivo de que asista o 50% do alumnado matriculado en 3º e 4º curso - 1 sesión ao inicio do segundo semestre co obxectivo de que asista o 80% do alumnado matriculado no TFG
Dataa prevista de finalización	Setembro 2023
Responsable	Equipo decanal
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficacia pendente de análise
Tarefa 2	

Descrición tarefa	- 1 curso sobre a elaboración do TFG dirixido a 50 participantes (novembro de 2024). - 1 curso de habilidades comunicativas (novembro de 2023) dirixido a 25 participantes. En función da demanda de alumnado, ambos cursos poderán repetirse ao longo do curso académico.
Data prevista de finalización	Novembro de 2024
Responsable	Equipo Decanal
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficacia pendente de análise
Evidencias da AM	1. E-mail de convocatoria ao alumnado ao inicio de curso para proporcionar información, entre outros aspectos, sobre o TFG dos cursos 22-23, 23-24 e 24-25. 2. Presentacións realizadas ao alumnado ao inicio de curso para proporcionar información, entre outros aspectos, sobre o TFG dos cursos 22-23, 23-24 e 24-25. 3. Curso de competencias para a realización do TFG (novembro de 2024) - E-mail de convocatoria ao alumnado. - E-mail recordatorio ao alumnado. - Dispositivas empregadas no taller para: (1) grupo de estudantes que asistiron ás sesións dedicadas a como realizar un TFG xurídico e (2) grupo de estudantes que asistiron ás sesións dedicadas a como realizar un TFG non xurídico. - Listados de asistencia ao curso. 4. Taller de Habilidades Comunicativas (noviembre de 2023) - Cartel do taller. - E-mail de convocatoria ao alumnado. - Modelo de solicitude de inscrición creado para o taller. - Modelo de certificado de asistencia creado para o taller.

ACCIÓN DE MELLORA 1 (SANTIAGO 2023-2024)

Código	GRL-AM1 (Santiago - 2023-2024)
Orixe	Autoinforme de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3. Sistema de Garantía da Calidade
Análise da causa	Necesidade de actualizar o Manual de Procedementos do Centro
Definición/descripción da proposta	Elaborar un novo Manual de Procedementos do centro actualizado que responda ás necesidades particulares do centro e do título de Grao
Fechas	A implantar no curso académico 2026-2027
Estado/Eficacia	Pendente de inicio
Responsable	Equipo Decanal / Comisión de Calidade
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Elaboración dun Manual de Procedementos do centro actualizado e que responda ás necesidades particulares do centro e do título
Data prevista de finalización	Curso académico 2025-2026
Responsable	Equipo Decanal / Comisión de Calidade
Estado/Eficacia	Pendente de inicio
Evidencias da AM	1. Manual de Procedementos actualizado 2. Aprobación do Manual polos órganos competentes

ACCIÓN DE MELLORA 2 (SANTIAGO 2023-2024)

Código	GRL-AM2 (Santiago - 2023-2024)
Orixe	Autoinforme de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento Criterio 6. Resultados da Aprendizaxe Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento
Análise da causa	Necesidade de actualizar o Plan de Estudos do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos do ano 2011
Definición/ descrición proposta	Elaboración dun novo Plan de Estudos para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, actualizado, competitivo e relevante, que responda as demandas académicas, profesionais e de investigación da sociedade actual. Coa implantación deste novo plan, espérase que o título gaña en competitividade e atractivo, contribuíndo ao crecemento sostido dos indicadores que reflicten unha situación satisfactoria da Facultade e da xestión do Grao. Así mesmo, preténdese fortalecer aqueles aspectos susceptibles de mellora, como as taxas de abandono, de defensa do Traballo de Fin de Grao (TFG), de graduación e de duración media dos estudos.
Datas	A implantar no curso académico 2026-2027
Estado/Eficacia	Activa / Pendente
Responsable	Equipo Decanal / Comisión do Título
Evidencias da AM	1. Proposta dun Novo Plan de Estudos para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

3.1.1.2 Accións de mellora conxuntas (Sede de Santiago e Sede de Lugo)

ACCIÓN DE MELLORA 1 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)	
Código	GRL-AM1 (Santiago e Lugo 2021-2022) Diferida ao curso 2023-2024
Orixe	Informe para a renovación da acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise da causa	Escasos mecanismos de coordinación docente intercentros
Definición/descripción proposta	Fortalecer os mecanismos de coordinación a través do seguimento do desenvolvemento dos contidos e avaliación das materias de Grao mediante a figura de Coordinador/a de Curso que organizará diferentes reunións ao longo do curso académico cos docentes de ambos os centros das materias correspondentes a cada curso (1º, 2º, 3º e 4º).
Datas	Inicio: outubro de 2023 / Finalización: xullo de 2025
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficacia pendente de análise Mediante o desenvolvemento desta acción de mellora, tratáronse de diminuír as diferenzas de resultados entre a sede de Santiago e de Lugo, equiparando o nivel de esixencia a nivel de materia. Os resultados derivados desta acción poderanse comprobar na súa totalidade no curso 2025-2026 no que se analizarán os indicadores referidos ao curso 2024-2025. Ata o momento, realizáronse as comparacións nas taxas de rendemento, avaliación e éxito (descritas no Criterio 6 deste informe) entre os cursos 22-23 e 23-24. Os resultados desta análise indican que: As diferenzas entre as taxas de rendemento diminuíron entre sedes, nunha proporción maior ao 10% establecido como meta, en 3 dos 4 cursos de Grao. As diferenzas entre as taxas de éxito diminuíron entre sedes, nunha proporción maior ao 10% establecido como meta, en 2 dos 4 cursos de Grao. As diferenzas entre as taxas de avaliación diminuíron entre sedes, nunha proporción maior ao 10% establecido como meta, en 3 dos 4 cursos de Grao.
Responsable	Decano da Facultade
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Ao comezo de cada ano académico, o/a coordinador/a de cada curso convocará ao profesorado de cada curso (tanto de Lugo como de Santiago) para concretar como evoluciona o desenvolvemento das diferentes materias.
Data prevista de finalización	Realizaranse todos os cursos académicos ata xullo de 2025.
Responsable	Coordinación de Grao
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficacia pendente de análise
Indicadores de execución	Número de reunións
Metas	4 reunións por curso
Tarefa 2	
Descrición tarefas	Aproximadamente a mediados de cada curso académico, o/a coordinador/a de cada curso convocará unha segunda reunión de seguimento para analizar o desenvolvemento das cuestións acordadas na primeira reunión e tratar posibles incidencias que sucedesen.
Data prevista de finalización	Realizaranse todos os cursos académicos ata xullo de 2025.
Responsable	Coordinación de Grao
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficacia pendente de análise
Indicadores de execución	Número de reunións

Metas	4 reunións por curso
Tarefa 3	
Descrición tarefa	Unha vez finalizado o curso académico e se dispoña dos indicadores de rendemento proporcionados pola universidade, o/a coordinador/a de cada curso convocará unha terceira reunión das mesmas características que as anteriores para analizar esta información.
Data prevista de finalización	Realizaranse todos os cursos académicos ata xullo de 2025.
Responsable	Coordinación de Grao
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficacia pendente de análise
Indicadores de execución	1. Número de reunións por curso 2. Media de diferencias das porcentaxes dos indicadores de resultados de aprendizaxe en ambos centros
Metas	1. 4 reunións por curso 2. Diminuír un 10% as diferenzas promedio dos indicadores de resultados de aprendizaxe
Tarefa 4	
Descrición da tarefa	Nas reunións periódicas da Comisión Intercentros, analizaranse as actas das reunións descritas nas tarefas 1, 2 e 3, co obxectivo de adoptar medidas específicas se fose necesario. A estas reunións, poderíase convocar aos Coordinadores de Curso, se se considera pertinente.
Data de finalización	Xullo de 2025
Responsable	Decano da Facultade de Relacións Laborais de Santiago
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficacia pendente de análise
Indicadores de execución	Número de reunións
Metas	2 reunións por curso académico
Evidencias da AM	- Convocatorias das reunións realizadas para tratar o desenvolvemento das materias de primeiro semestre: - 4 convocatorias (1 por curso; 1º, 2º, 3º e 4º) aos docentes de Santiago e 4 convocatorias (1 por curso; 1º, 2º, 3º e 4º) aos docentes de Lugo. - Informes de resultados das reunións realizado pola Coordinadora de cada curso; un informe sobre as materias de 1º, outro sobre as de 2º, outro sobre as de 3º e un para as de 4º). - Convocatorias das reunións realizadas para tratar o desenvolvemento das materias de segundo semestre: - 4 convocatorias (1 por curso; 1º, 2º, 3º e 4º) aos docentes de Santiago e 4 convocatorias (1 por curso; 1º, 2º, 3º e 4º) aos docentes de Lugo. - Informes de resultados das reunións realizado pola Coordinadora de cada curso; un informe sobre as materias de 1º, outro sobre as de 2º, outro sobre as de 3º e un para as de 4º). - Acta da reunión da Comisión Intercentros (setembro, 2024) sobre a valoración das reunións realizadas.

ACCIÓN DE MELLORA 2 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)

Código	GRL-AM2 (Santiago e Lugo 2021-2022) Diferida ao curso 2025-2026
Orixen	Informe de renovación da acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise da causa	1. Elevadas taxas de abandono (Taxa de abandono de 1º curso e taxa de abandono RD1993/2007)
Definición/descrición	Crear unha canle de comunicación co alumnado que permita detectar as intencións de abandono e tratar de liquidalas na medida do posible.
Datas	Inicio e finalización: Curso académico 2025-2026
Estado/Eficacia	Pendente de inicio / Eficacia pendente de análise
Responsables	Decano da Facultade e Dirección da Escola
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Durante o acto de apertura do curso académico, informarase o estudantado (facendo fincapé no de primeiro curso) da existencia e funcións de figuras clave como a Coordinación de Curso, a Coordinación do Grao, o alumnado titor e os/as representantes estudiantís. Destacarase o seu papel como recursos de apoio e orientación aos que se pode acudir para expor dúbidas, así como dificultades académicas relacionadas coa continuidade e o éxito nos estudos.
Data prevista de finalización	Curso 2025-2026
Responsable	Decano da Facultade e Dirección da Escola
Estado	Pendente de inicio
Tarefa 2	
Descrición tarefa	Realización dunha enquisa anónima aos/as estudantes de Grao para identificar factores de risco de abandono (dúbidas vocacionais, problemas de conciliación, dificultades económicas etc.)/ etc.). A partir dos resultados, poderanse deseñar accións de seguimento específicas.
Data prevista de finalización	Curso 2024-2025
Responsable	Decano da Facultade e Dirección da Escola
Estado	Pendente de inicio
Evidencias	Correos electrónicos
Tarefa 3	
Descrición tarefa	En caso de detectarse problemas de índole académica que dende o centro se poidan abarcar, convocarase unha reunión presencial con algún/os membros do equipo directivo. A esta reunión poderá asistir o estudantado que manifestase dificultades no seguimento do grao ou expresase intención de abandono, co obxectivo de analizar a situación e buscar solucións específicas.
Data prevista de finalización	Curso 2025-2026
Responsable	Decano da Facultade e Dirección da Escola
Estado	Pendente de inicio
Evidencias	1. Diminución das taxas de abandono a, polo menos, unha cifra inferior ao 18% establecido na Memoria de Verificación do título. 2. Diapositivas utilizadas da información proporcionada alumnado das figuras clave de apoio. 3. Link á enquisa realizada. 4. Convocatoria das potenciais reunións realizadas co alumnado.

ACCIÓN DE MELLORA 3 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)

Código	GRL-AM3 (Santiago e Lugo - 2021-2022) Diferida ao curso 2023-2024
Orix	Resposta Autoinforme de seguimento 2020-2021
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos
Análise da causa	Mellora dos mecanismos de control da calidade dos recursos materiais e servizos cunha avaliación directa dos usuarios que permita extraer conclusións.
Definición/ descrición proposta	Creación dunha enquisa de satisfacción cos recursos materiais e servizos para estudantes, PAS e PDI.
Datas	Inicio: setembro 2023 - Finalización: curso 2024-2025
Estado/Eficacia	Activa / Realizada parcialmente
Responsable	Decano da Facultade e Dirección da Escola
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Creación dunha enquisa específica para cada grupo de interese e análise dos resultados obtidos.
Data prevista de finalización	Curso 2024-2025
Responsable	Decano da Facultade e Dirección da Escola
Estado	Realizada parcialmente A enquisa deseñada foi xa administrada na sede de Santiago de Compostela. Os resultados obtidos han permitido ao decanato coñecer de maneira pormenorizada a opinión dos estudantes, PDI e PAS respecto de aspectos específicos referidos ás instalacións e recursos postos á súa disposición. Os tamaños muestrais foron de N = 2 PAS, N = 25 PDI e N = 226 estudantes. A satisfacción media dos tres colectivos, nunha escala do 1 ao 5 onde 1 = moi insatisfeito e 5 = moi satisfeito, foi de 4.90 (SD = 0.09), 4.32 (SD = 0.62) e 3.50 (SD = 0.67), respectivamente. Do mesmo xeito, os resultados dos comentarios ás preguntas abertas do cuestionario puxeron de manifesto cales son os puntos críticos sobre os que o centro debe actuar no futuro, sempre en consonancia coa dispoñibilidade orzamentaria. O comentario máis repetido foi a recomendación de instalar un maior número de enchufes nas aulas.
Evidencias da AM	1. Link á enquisa: https://docs.google.com/forms/d/1qtx1vJOMMuA_ZRmZt4dBd8kXMtqWS5ToTubryHEbe58/viewform?edit_requested=true 2. E-mail difusión entre o PAS. 3. E-mail difusión entre o profesorado. 4. Planificación das visitas ás clases para a difusión da enquisa entre o alumnado. 5. Evidencia resumo resultados enquisa.

ACCIÓN DE MELLORA 4 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)

Código	GRL-AM4 (Santiago e Lugo - 2021-2022)
Orixe	Informe para la renovación de la acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento
Análise da causa	1. Baixa taxa de resposta nas enquisas do alumnado
Definición/ descrición proposta	Aumentar as taxas de resposta do alumnado nas enquisas de satisfacción a través de 2 iniciativas. Obxectivo: alcanzar un 60% de resposta.
Datas	Inicio: novembro de 2022 / Finalización: maio de 2024
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficacia Alta A eficacia desta medida foi moi elevada e séguese mantendo na actualidade (curso 2024-2025) como unha acción de mellora. Os datos de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción foron moito máis elevados que en cursos previos: Participación curso 22-23: 18.54% (Santiago) e 10.43% (Lugo) Participación 23-24: 48.67% (Santiago) e 64% (Lugo)
Responsables	Decano da Facultade e Dirección da Escola
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Solicitarase ao 100% dous docentes que, nunha das súas clases inste o alumnado a cubrir as enquisas de satisfacción coa docencia recibida na súa materia.
Data prevista de finalización	Maio de 2024
Responsable	Decano da Facultade e Dirección da Escola
Estado	Finalizada
Tarefa 2	
Descrición tarefa	A través dos delegados de cada curso, representantes e alumnos titores, informarase ao 100% do alumnado sobre a importancia que ten a realización das enquisas de satisfacción.
Data prevista de finalización	Maio 2024
Responsable	Decano da Facultade e Dirección da Escola
Estado	Finalizada
Evidencias da AM	- Mellora da taxa de participación do estudantado nas enquisas de satisfacción. - E-mails enviados nos cursos académicos 22-23, 23-24 e 24-25 solicitando ao profesorado de Grao que permitan ao alumnado cubrir a enquisa de satisfacción coa docencia correspondente ás súas respectivas materias na aula.

ACCIÓN DE MELLORA 5 (SANTIAGO E LUGO 2023-2024)

Código	GRL-AM5 (Santiago e Lugo - 2023-2024)
Orixe	Resultados da enquisa realizada como parte da Acción de Mellora GRL-AM3 (Santiago-Lugo, 2021-2022).
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento
Análise da causa	Recomendacións e suxestións proporcionados polo persoal PAS, PDI e estudantado á enquisa sobre instalacións, servizos e recursos desenvolta como parte da AM3 (Santiago-Lugo, 2021-2022)
Definición/ descrición proposta	Levar a cabo medidas correctivas nas áreas de mellora detectadas na enquisa de satisfacción coas instalacións, servizos e recursos dos centros.
Datas	Inicio: abril de 2025 / Finalización: curso académico 2027-2028
Estado/Eficacia	Activa / Eficacia pendente de análise
Responsable	Decano da Facultade e Dirección da Escola
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Instalación de calefacción nos aseos dos docentes (PDI) na Facultade de Santiago.
Data prevista de finalización	Maio de 2025
Responsable	Decano da Facultade
Estado	Finalizada
Tarefa 2	
Descrición tarefa	Habilitación dunha sala con fins de estudo para o alumnado da Facultade.
Data prevista de finalización	Maio de 2025
Responsable	Decano da Facultade
Estado	Finalizada
Tarefa 3	
Descrición tarefa	Instalación dun maior número de enchufes nas aulas e habilitación dunha sala de lectura/estudo para o alumnado.
Data prevista de finalización	Curso académico 2025-2026
Responsable	Decano da Facultade e Dirección da Escola
Estado	Activa
Tarefa 4	
Descrición tarefa	Planificación orzamentaria e realización daquelas obras de maior envergadura ou traslado da necesidade de realización das devanditas obras aos organismos competentes.
Data prevista de finalización	Curso académico 2027-2028
Responsable	Decano da Facultade e Dirección da Escola
Estado	Activa
Evidencias	1. Fotografías das melloras realizadas ata a data tras a análise dos resultados da enquisa de satisfacción coas instalacións e os recursos e servizos da Facultade (sistema de calefacción nos aseos do persoal PDI e habilitación dunha aula de estudo para o alumnado).

3.1.2 Accións de mellora do Máster en Xestión e Dirección Laboral

ACCIÓN DE MELLORA 8			
Definición	AM	Código	MXDL-AM8 (Informe de seguimento 2022-2023)
		Tipo	Acción de mellora
	Orixe	Orixe acción	Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
		Descrición orixe	A reducida taxa de rendemento derivada da falta de defensa dos Traballos de Fin de Máster durante o curso 2022-23, que descendeu ata o 76,96%.
	Definición	Análise causa	A procedencia do alumnado, egresado de titulacións tan dispares como o Grao en Relacións Laborais, o Grao en Dereito, o Grao en Administración e Dirección de Empresas ou o Grao en Xornalismo xera unha diversidade competencial susceptible de dificultar ou, cando menos, retardar o desenvolvemento do TFM
		Definición/ descripción proposta	-Elaboración dun cuestionario que se enviará ao alumnado por medios telemáticos para que respondan a unha serie de cuestións relacionadas co desenvolvemento e planificación persoal do Traballo Fin de Máster durante o segundo semestre do curso académico. -Organización dun taller encamiñado orientado á adquisición das competencias necesarias para dominar a metodoloxía requirida nas diversas disciplinas das cales se compón o Máster. No seu desenvolvemento participará, polo menos, profesorado especialista en ciencias xurídicas, ciencias económicas e psicoloxía do traballo. A fin de promover a participación do alumnado, desenvolverase en horario de tarde. -Redución dos prazos de asignación dos temas acerca dos cales desenvolver o Traballo Fin de Máster en canto resulte posible. -Entrega, a ao comezo do curso académico, de información relativa ás diversas liñas ofertadas polos Departamentos para o desenvolvemento do Traballo Fin de Máster, a fin de que o alumnado logo en certas materias poida facerse unha idea dos temas dignos de ser desenvolvidos con anterioridade ao momento no cal deba cursarse a materia coa que estean relacionados. -Intensificación do labor de Coordinación do Traballo de Fin de Máster mediante a programación de reunións individualizadas e periódicas (presenciais ou en liña) de orientación entre a Coordinación do Traballo Fin de Máster e o alumnado. -Entrega á Coordinación do Traballo Fin de Máster dun breve informe, durante o mes de febreiro, achega do grao de desenvolvemento do traballo, as dificultades achadas e as propostas nel desenvolvidas. -Tomarase como indicador de referencia a taxa de rendemento, esperando que alcance, polo menos, o 85%, sendo óptimo que volva a frisar o 90% como se constatou no curso académico 2019-2020, onde alcanzou o 89.78%.
		Data prevista de finalización	Xullo 2025
		Data inicio	Xuño 2024
		Usuario responsable da implantación	Coordinación do Máster de la USC

	Outros responsables da implantación	Coordinación de TFM da USC
Finalización	Estado	En curso
	Fecha estado	2025
	Comprobación	-Resultados do cuestionario. -Participación do alumnado no taller. -Comprobación do momento no cal se levou a cabo a asignación dos Traballos Fin de Máster. -Participación nas reunións periódicas. -Envío da información requirida por parte do profesorado. -Entrega dos informes solicitados por parte do alumnado. -Taxa de rendemento desa materia durante o curso académico 2024-2025.
	Data comprobación	Novembro de 2025
Evidencias		-Resultados dos cuestionarios realizados ao profesorado e ao alumnado - Resolucións de asignación dos TFM -Convocatoria e listas alumnado participantes no taller para a realización do TFM no curso 24-25

ACCIÓN DE MELLORA 9

Definición	AM	Código	MXDL-AM9 (Informe de seguimento 2022-2023)
		Tipo	Acción de mellora
	Orixe	Orixe acción	Criterio 7. Indicadores de satisfacción E rendemento
		Descrición orixe	A ausencia de datos procedentes da Universidade de Vigo.
	Definición	Análise causa	Os diversos criterios e subcriterios nos cales non existen datos procedentes da Universidade de Vigo cos cales contrastar os existentes nas outras dúas sedes.
		Definición/ descrición proposta	- Posta en coñecemento da ausencia de datos imprescindibles para o correcto seguimento do título por parte da Comisión Interuniversitaria ao Vicerreitorado da UVigo con competencias en materia de calidade, a fin de iniciar un proceso de diálogo encamiñado a acordar uns criterios comúns o seu a recompilación e tratamento. -Colaboración entre a Coordinación Interuniversitaria e a Comisión local da UVigo para a aproximación de criterios interpretativos da información proporcionada polas diversas áreas de calidade. -Envío de recordatorios presenciais e telemáticos ao alumnado, ao profesorado e ao PAS facendo fincapé na conveniencia de responder as enquisas de satisfacción enviadas. -Concesión dun período de tempo ao alumnado dentro de cada unha das materias para que respondan ao devandito cuestionario.
		Data prevista de finalización	Xuño 2025
		Data inicio	Maio de 2024
Responsables	Usuario responsable da implantación		Coordinación do Máster da USC
	Outros responsables da implantación		Coordinación do Máster da Uvigo
Finalización	Estado		En curso
	Data estado		23 de xullo de 2024
	Comprobación		Existencia dunha mostra representativa de datos que permitan contrastar os procedentes da UVigo cos proporcionados nas outras dúas sedes do Máster
	Data comprobación		Xullo de 2025
Evidencias			- Actas da reunión da Comisión Interuniversitaria do 6 de maio de 2024 -Correo electrónico enviado pola Coordinación do Máster da USC, o 15 de xullo de 2024, á Vicedecana de Calidade e Innovación da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo

ACCIÓN DE MELLORA 10	
Código	MXDL-AM10 (Informe para a renovación da acreditación 2023-2024)
Orixe	Informe de seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento
Análise causa	Baixas taxas de resposta nas enquisas de satisfacción do estudantado coa docencia recibida e coa titulación e nas enquisas de satisfacción dos egresados nas tres sedes
Definición/ descrición proposta	Aumentar a taxa de resposta do estudantado e dos egresados nas enquisas de satisfacción nas tres sedes
Datas	Abril de 2025 a Xullo de 2026
Estado/Eficacia	Iniciada <i>Taxa de resposta enquisa satisfacción coa docencia recibida curso 23-24:</i> - USC: 17,65% - UDC: 29,63% (1º semestre), 0% (segundo semestre) - UVIGO: - <i>Txsa de resposta enquisa satisfacción coa titulación curso 23-24:</i> - USC: 14,71% - UDC: 41,46% - UVIGO: 17% <i>Taxa de resposta enquisa satisfacción egresados curso 23-24:</i> - USC: 15,38% - UDC: 31,25% - UVIGO: 44%
Responsables	Coordinadores do Máster nas tres sedes
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Solicitar aos docentes que, nunha das súas clases, insten o estudantado para que cubran as enquisas relativas a súa materia
Data prevista de finalización	Abril de 2026
Responsable	Coordinadores do Máster nas tres sedes
Estado	Iniciada
Tarefa 2	
Descrición tarefa	Envío de recordatorios por parte do Coordinador do Máster en cada sede, a través do campus virtual de coordinación, no caso de que exista, ou a través de correo electrónico, sobre os períodos de realización das distintas enquisas e sobre a importancia que ten a realización das enquisas de satisfacción.
Data prevista de finalización	Xullo de 2026
Responsable	Coordinadores do Máster nas tres sedes

Estado	Iniciada
Tarefa 3	
Descrición tarefa	Solicitar aos representantes do estudantado nas Comisións Académicas do Máster nas tres sedes para que difundan a información sobre os períodos de realización das enquisas de satisfacción e sobre a súa importancia.
Data prevista de finalización	Abril de 2026
Responsable	Coordinadores do Máster nas tres sedes
Estado	Iniciada
Evidencias	Correos electrónicos e mensaxes enviadas aos distintos suxeitos implicados - Correo da Coordinación da USC aos Coordinadores da UDC e da UVIGO para poñer en marcha a Acción de mellora - Mensaxes enviadas pola Coordinación da USC a: 1) estudantado, a través do campus virtual; 2) correo electrónico aos representantes da mensaxe; 3) aviso oral ao profesorado con docencia no momento de apertura do prazo para responder as enquisas de satisfacción.

ACCIÓN DE MELLORA 11	
Código	MXDL-AM11 (Informe para a renovación da acreditación 2023-2024)
Orixe	Informe de seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento (Coordinación intercentros)
Análise causa	Existencia de diferenzas significativas nos contidos e no grao de detalle das guías docentes das materias do módulo común das tres sedes, identificadas pola Comisión de avaliación do informe de seguimento do curso 2022-2023
Definición/ descrición proposta	Homoxeneizar os contidos das guías docentes das materias do módulo común nas tres sedes
Datas	Abril 2025 – Xullo 2025
Estado/Eficacia	Iniciada Guías docentes das distintas materias
Responsables	Comisión interuniversitaria, Coordinadores do Máster nas tres sedes
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Revisión, por parte da Coordinadora do Máster Interuniversitario, das guías docentes das materias comúns das tres sedes, co obxectivo de identificar, no seu caso, diferenzas significativas entre elas e con respecto ao establecido na MVT.
Data prevista de finalización	Maio 2025
Responsable	Coordinación do Máster Interuniversitario
Estado	Finalizada Detectáronse diferenzas nas 7 materias que compoñen o módulo común
Tarefa 2	
Descrición tarefa	Reunión entre os coordinadores das materias comúns das tres sedes nas que se detectaron diferenzas significativas, co obxectivo de analízalas e modificar as guías docentes afectadas
Data prevista de finalización	Maio 2025
Responsable	Coordinadores das tres sedes
Estado	Iniciada
Tarefa 3	
Descrición tarefa	Análise das guías docentes modificadas pola Comisión Interuniversitaria do Máster
Data prevista de finalización	Maio – Xuño 2025
Responsable	Comisión Interuniversitaria
Estado	Pendente
Tarefa 4	
Descrición tarefa	Modificación das guías docentes das materias afectadas no periodo establecido na Programación Académica Anual en cada Universidade

Data prevista de finalización	Xullo 2025
Responsable	Coordinadores dos Máster nas tres sedes
Estado	Pendente
Evidencias	Correos electrónicos enviados aos distintos suxeitos Actas das reunións de coordinación das materias Novas guías docentes modificadas

3.1.3 Accións de mellora do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organización e Xurídica-Forense

ACCIÓN DE MELLORA 1	
Código	MPTOPXF-AM1 (2022-2023)
Orixe	Informe de seguimento e reflexión de la CAM
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de mellorar a transparencia da información respecto dos procesos de prácticas externas e do TFM do máster.
Definición/ descripción proposta	Elaboración dun protocolo de prácticas externas e dun procedemento/Regulamento de TFM comúns a ambas especialidades.
Datas	Inicio: setembro 2023 – Finalización: setembro 2025
Estado/Eficacia	Parcialmente executada
Responsables	Decanato da Facultade e Coordinación do Máster
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Elaboración dun protocolo de prácticas externas no que se describa claramente o procedemento das mesmas (datas de solicitude e resolución, listaxe de empresas/institucións ofertadas de prácticas, sistemas de elección). A evidencia de consecución é a publicación do protocolo ao comezo do curso 2024-2025.
Data prevista de finalización	Setembro 2024
Responsable	Coordinación do Máster
Estado	Executada
Evidencias	Na carpeta de evidencias de Acción de Mellora, véxase a AM02. Cartafol coa convocatoria das prácticas propiciadas e ofertadas e as súas correspondentes resolucións para ambas especialidades.
Tarefa 2	
Descrición tarefa	Elaboración formal de (1) un procedemento de TFM e (2) un regulamento de TFM. (1) Procedemento formal de TFM: Con este procedemento preténdese regular de maneira formal e máis transparente a convocatoria anual de TFM (datas e sistemas de elección de TFM). A evidencia de consecución é a publicación do procedemento ao comezo do curso académico 2025-2026. (2) Regulamento de TFM: O obxectivo do Regulamento é a elaboración dun documento que adapte o regulamento xeral da USC de TFM á casuística do máster. A evidencia de consecución é a aprobación do regulamento.
Data prevista de finalización	Setembro 2025
Responsable	Coordinación do Máster
Estado	Iniciada

ACCIÓN DE MELLORA 2	
Código	MPTOPXF-AM2 (2022-2023)
Orixe	Informe de seguimento e reflexión da CAM
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendimento
Análise causa	Baixa taxa de resposta e participación nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado
Definición/ descripción proposta	Aumentar a taxa de resposta do alumnado do Máster nas enquisas de satisfacción a través de 3 iniciativas para alcanzar un mínimo do 60% de participación.
Datas	Inicio: novembro 2024 – Finalización: xuño 2025
Estado/Eficacia	Iniciada
Responsables	Decanato da Facultade e Coordinación do Máster
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Enviar ao 100% do alumnado un correo electrónico no que se inste a cubrir as enquisas de satisfacción coa docencia recibida nas diferentes materias e no que se explique a importancia de facelo. A evidencia de consecución é o envío do correo electrónico e o aumento efectivo da taxa de participación nas enquisas.
Data prevista de finalización	Xuño 2025
Responsable	Coordinación do Máster
Estado	Iniciada
Evidencias	Na carpeta de evidencias de Accións de Mellora, véxase a AM03.T1. Correo solicitando participación en enquisas de satisfacción coa docencia.
Tarefa 2	
Descrición tarefa	A través dos representantes do alumnado do máster, lembraráselles e informará ao 100% do alumnado sobre a importancia e implicacións da realización das enquisas de satisfacción. A evidencia de consecución é o envío do aviso e o aumento efectivo da taxa de participación nas enquisas.
Data prevista de finalización	Xuño 2025
Responsable	Coordinación do Máster
Estado	Iniciada
Evidencia	Na carpeta de evidencias de Accións de Mellora, véxase a AM03.T2. Correo aos representantes de estudantes solicitando participación en enquisas de satisfacción.
Tarefa 3	
Descrición tarefa	Enviar unha solicitude para cambiar as datas de apertura e peche do período do que dispoñen os estudantes para cubrir as enquisas de satisfacción coa docencia no primeiro e segundo semestre co obxectivo de que se axusten mellor á estrutura e organización da docencia no título.
Data prevista de	Xuño 2025

finalización	
Responsable	Coordinación do Máster
Estado	Executada
Evidencia	Na carpeta de evidencias de Accións de Mellora, véxase a AM03.T3. Solicitud e aprobación cambio datas enquisas de satisfacción docencia.

ACCIÓN DE MELLORA 1	
Código	MPTOPXF-AM1 (2023-2024)
Orixe	Comentarios dos avaliadores ao Informe de seguimento 22-23
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Seguir as recomendacións dos avaliadores sobre revisar o plan de estudos para ver se se axusta ao establecido na MVT vixente en canto ás competencias, actividades formativas e sistema de avaliación.
Definición/ descripción proposta	Revisión e modificación (se procede) das guías docentes colgadas na páxina web da USC co obxectivo de que estas se axusten ao disposto na MVT en relación coas competencias, actividades formativas e sistemas de avaliación das materias.
Datas	Inicio: marzo 2025 – Finalización: xuño 2025
Estado/Eficacia	Pendente de inicio
Responsables	Decanato da Facultade e Coordinación do Máster
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Revisión das guías docentes do máster colgadas na web da USC para comprobar o seu axuste coa MVT e posterior reunión cos profesores das materias onde haxa desaxustes para proceder á modificación das guías docentes colgadas na páxina web da USC.
Data prevista de finalización	Xuño 2025
Responsable	Coordinación do Máster
Estado	Pendente de inicio

ACCIÓN DE MELLORA 2	
Código	MPTOPXF-AM2 (2023-2024)
Orixe	Comentarios dos avaliadores ao Informe de seguimento 22-23
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento
Análise causa	Criterios de acceso ao Máster amplos onde alumnado de titulacións sen formación previa en análise de datos (por exemplo, procedentes do Grao en Dereito) poden acceder á titulación con carencias para atender materias obrigatorias de análises de datos.
Definición/ descrición proposta	Preparar un seminario ou curso formativo de nivelación estatística para garantir a formación previa en análise de datos do alumnado que proceda de titulacións sen formación estatística.
Datas	Inicio: setembro 2025 – Finalización: xuño 2026
Estado/Eficacia	Pendente de iniciar
Responsables	Coordinación do Máster
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Elaboración e desenvolvemento dun seminario ou curso formativo de nivelación estatística para estudantes que procedan de titulacións sen formación de análise de datos previa (por exemplo, Grao en Dereito).
Data prevista de finalización	Xuño de 2026
Responsable	Coordinación do Máster
Estado	Pendente

ACCIÓN DE MELLORA 3	
Código	MPTOPXF-AM3 (2023-2024)
Orixe	Comentarios dos avaliadores ao Informe de seguimento 22-23
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento
Análise causa	Falta información sobre a inserción laboral dos egresados/as do Máster e o seu grao de satisfacción coa titulación
Definición/ descrición proposta	Aumentar a información sobre a inserción laboral dos egresados/as do máster co obxectivo de coñecer a súa traxectoria laboral e mellorar a súa empregabilidade. Aumentar tamén a información sobre o grao de satisfacción deste colectivo coa titulación.
Datas	Inicio: setembro 2025 – Finalización: xuño 2026
Estado/Eficacia	Pendente de iniciar
Responsables	Decanato da Facultade e Coordinación do Máster
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Solicitar á Secretaría Xeral da USC permiso para obter o contacto persoal de estudantes egresados do máster e realizar as enquisas sobre a inserción laboral e satisfacción co título
Data prevista de finalización	Xuño de 2026
Responsable	Coordinación do Máster
Estado	Pendente
Tarefa 2	
Descrición tarefa	Realización da enquisa dirixida aos egresados sobre (1) a incorporación ao mercado laboral e (2) a súa satisfacción coa titulación
Data prevista de finalización	Xuño de 2026
Responsable	Coordinación do Máster
Estado	Pendente

4. MODIFICACIÓNS NOS DIFERENTES TÍTULOS

4.1. Modificación no título de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

No curso 2023-2024 comezarase o proceso de modificación substancial do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para poder ser implantado no curso académico 2026-2027 [acción de mellora GRL-AM2 (Santiago - 2023-2024)]

Espérase que a concepción do novo título contribúa ao fortalecemento das taxas e indicadores de calidade e á mellora efectiva daqueles outros puntos susceptibles de mellora como son algunhas das taxas descritas neste documento: a taxa de graduación, a duración media dos estudos ou as taxas de abandono do alumnado.

4.2 Modificación no título de Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organización e Xurídica-Forense

Para o curso 2023-2024 iniciárase o proceso de modificación substancial do título de Máster para poder ser implantado no curso académico 2026-2027.

5. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Ver o apartado correspondente en cada un dos Informes de Seguimento dos títulos que se imparten no centro, dispoñibles en: [Documentación do SGC](#) | [Facultade de Relacións Laborais](#) | [Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#)